



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 80

Sesión plenaria
11 de setembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto preliminar. Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas D^a Patricia Otero Rodríguez e D^a Flora María Miranda Pena

Punto 1. Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017 (10/SCNP-000008)

Publicación do ditame, BOPG nº 346, do 10.08.2018

Publicación dos votos particulares, BOPG nº 346, do 10.08.2018

Punto 2. Solicitud de creación dunha dunha comisión de investigación, por proposta dos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival O Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse (doc. núm. 34704, 10/SCI-000006)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 351, do 4.09.2018

Punto 3. Comparecencia

35215 (10/PPP-000074)

Do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para dar conta dos feitos acaecidos e das actuacións levadas a cabo en relación co accidente acontecido o pasado día 12 de agosto durante a celebración do festival O Marisquiño en Vigo, de acordo todo isto coa Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

Punto 4. Mocións

4.1 33421 (10/MOC-000100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa violencia sexual. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 30285, publicada no BOPG nº 302, do 9.5.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.7.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

4.2 33422 (10/MOC-000101)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación sanitaria pediátrica. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2099, publicada no BOPG nº 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 10.7.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

4.3 33427 (10/MOC-000102)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 32461, publicada no BOPG nº 328, do 28.6.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.7.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

Punto 5. Proposicións non de lei**5.1 29845 (10/PNP-002192)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co protocolo asinado o 18 de abril de 2018 co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria sobre os terreos do porto da Coruña, a revisión dos convenios portuarios de 2004 e a proposta do Concello da Coruña ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

5.2 31452 (10/PNP-002351)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do estudo dunha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

5.3 32584 (10/PNP-002462)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do tratamento que se lles está a dar na CRTVG aos contidos informativos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

5.4 33618 (10/PNP-002543)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a aplicación pola Xunta de Galicia das propostas do informe do Defensor del Pueblo en relación coa atención ás persoas con enfermidade mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 27.07.2018

5.5 34386 (10/PNP-002582)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que hai que tomar en materia sanitaria diante do falecemento dun doente no PAC da Estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

5.6 34518 (10/PNP-002592)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado en relación coas centrais térmicas de carbón das Pontes e Meirama

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

5.7 34618 (10/PNP-002595)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para paliar o déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores e para a súa axeitada atención

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

5.8 35292 (10/PNP-002629) (C.E. 35426)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e catorce deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio do Goberno central referido á asunción da débeda financeira xerada no porto de Valencia.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 349, do 31.08.2018

Punto 6. Interpelacións**6.1 29368 (10/INT-000956)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

6.2 31746 (10/INT-001057)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e tres deputados/as máis**

Sobre a xestión da CRTVG

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

6.3 33303 (10/INT-001111)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 35803 (10/POPX-000103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a información que está a ofrecer o Goberno galego respecto da situación da sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 5.09.2018

7.2 35804 (10/POPX-000104) (C.E. 35808)

Grupo Parlamentario En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do acontecido no Punto de Atención Continuada da Estrada no mes de agosto de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 5.09.2018

7.3 35805 (10/POPX-000105)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención residencial a persoas maiores e dependentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 5.09.2018

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 34600 (10/POP-004079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que ten previsto desenvolver o Goberno galego para impulsar e apoiar de xeito efectivo instrumentos de xestión metropolitana de servizos no ámbito da área metropolitana da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

8.2 33521 (10/POP-003876)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de conservación das estradas, e as prioridades de actuación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 27.07.2018

8.3 35659 (10/PUP-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as xestións que está a realizar o Goberno galego para garantir a continuidade e a viabilidade da empresa Maderas Iglesias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 5.09.2018

8.4 35798 (10/PUP-000188)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante das dramáticas situacións para o emprego que sofren diversas empresas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 5.09.2018

8.5 35297 (10/PUP-000186)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do acordo asinado entre a Xunta de Galicia e as centrais sindicais para incrementar o salario do persoal docente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

8.6 33993 (10/POP-003961)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e once deputados/as máis**

Sobre os avances e novidades que se produciron nos últimos meses no proxecto do gran Montecelo, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

8.7 34414 (10/POP-004058)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre os criterios utilizados polo Goberno galego para determinar o volume de persoal existente o sábado 4 de agosto no PAC da Estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

8.8 34506 (10/POP-004069)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas dos traballadores do Sergas provocadas pola decisión do Goberno galego de trasladar os servizos de coordinación das urxencias sanitarias de Galicia ao edificio do Centro Integral de Atención ás Emerxencias, na Estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

8.9 33883 (10/POP-003927)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a aplicación pola Xunta das recomendacións do Consello de Contas en materia de atención residencial a persoas maiores e dependentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

8.10 34687 (10/POP-004095)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre o incumprimento do convenio de colaboración da empresa adxudicataria da xestión do Centro de Menores Monteledo, en Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente comunica a ausencia xustificada da deputada señora Burgo López (S). (Páx. 12.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas D^a Patricia Otero Rodríguez e D^a Flora María Miranda Pena. (Punto preliminar.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas D^a Patricia Otero Rodríguez e D^a Flora María Miranda Pena. (Páx. 12.)

As señoras D^a. Patricia Otero Rodríguez e D^a Flora María Miranda Pena prestan a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 12.)

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 13.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión Especial de Estudo e Análise das Reformas da Política Forestal (Arias Rodríguez). (Páx..)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 14.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 17.), Sr. Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 20.) e Sr. González Vázquez (P). (Páx. 24.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 28.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 30.), Sr. Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 32.) e Sr. González Vázquez (P). (Páx. 33.)

Votación do voto particular do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017: rexeitado por 20 votos a favor, 41 en contra e 13 abstencións. (Páx. 36.)

Votación do voto particular do G. P. de En Marea ao Ditame da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a

extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017: *rexeitado por 20 votos a favor, 41 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 36.)

Votación do Ditame da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017: *aprobado por 54 votos a favor, 20 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos GG. PP. de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival O Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente indica os tempos de intervención dos grupos parlamentarios e o procedemento neste debate de solicitude de creación dunha comisión de investigación. (Páx. 37.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) solicita a palabra e intervén por unha cuestión de orde relacionada coa distribución de tempos, á que lle responde o señor presidente. (Páx. 37.)

Intervención dos grupos propoñentes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 37.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 39.)*

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 42.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 45.)*

Rolda de réplica: *Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 48.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 50.)*

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos GG. PP. de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival O Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse: *rexeitada por 20 votos a favor, 13 en contra e 41 abstencións.* (Páx. 51.)

Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para dar conta dos feitos acaecidos e das actuacións levadas a cabo en relación co accidente acontecido o pasado día 12 de agosto durante a celebración do festival O Marisquiño en Vigo, de acordo todo isto coa Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 52.)*

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 61.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 64.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 68.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 71.)*

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para pedirlle ao señor Pazos Couñago (P) que retire unha expresión que acaba de proferir. Logo da contestación do señor deputado o señor presidente retira a expresión do Diario de Sesións e chámalo á orde. (Páx. 75.)

Réplica do Goberno: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 76.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 80.) Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 80.), o señor Losada Álvarez (S) (Páx. 82.), o señor Villares Naveira (EM) (Páx. 84.), o señor Pazos Couñago (P) (Páx. 86.) e o señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 88.)

Suspéndese a sesión ás dúas e media da tarde e retómase ás catro da tarde.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa violencia sexual. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 91.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Pierres López (S) (Páx. 96.) e Sra. Quintero Araújo (EM). (Páx. 98)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. García Míguez (P). (Páx. 100.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 102.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación sanitaria pediátrica. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 104.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 108.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 110.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 113.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 114.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente, Calvo Pouso, comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 116.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Casal Vidal (EM). (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 120.) e Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 122.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 123.)*

O señor Casal Vidal (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 126.)

Votación das mocións

O señor presidente anuncia a votación da primeira moción e a señora García Míguez (P) solicita a votación por puntos. (Páx. 127.)

Votación dos puntos 1, 4, 6, 7, 9 e 10 do texto transaccionado sobre a Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa violencia sexual: *aprobado por 69 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 128.)*

Votación dos puntos 2, 3, 5 e 8 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa violencia sexual: *rexeitado por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 128.)*

O señor Torrado Quintela (S) solicita a palabra e intervén para informar sobre a transacción da moción que seguidamente se vai someter a votación. (Páx. 129.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación sanitaria pediátrica: *rexeitado por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 129.)*

Votación do punto 2 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre: *rexeitado por 24 votos a favor, 37 en contra e 6 abstencións. (Páx. 130.)*

Votación do punto 8 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre: *rexeitado por 19 votos a favor, 37 en contra e 13 abstencións. (Páx. 130.)*

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, agás os seus puntos 2 e 8, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 130.)*

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co protocolo asinado o 18 de abril de 2018 co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria sobre os terreos do porto da Coruña, a revisión dos convenios portuarios de 2004 e a proposta do Concello da Coruña ao respecto. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 131.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 134.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 137.) e *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 138.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 141.)

O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 143.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do estudo dunha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 144.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 145.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 149.) e *señor Losada Álvarez (S).* (Páx. 150.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 153.)

O señor Casal Vidal (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 155.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do tratamento que se lles está a dar na CRTVG aos contidos informativos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 156.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 159.), *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 161.) e *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 163.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 165.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e tres minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia a este pleno a deputada dona Concepción Burgo López, a quen desexamos unha pronta recuperación.

E entramos na orde do día.

Punto preliminar.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas D^a Patricia Otero Rodríguez e D^a Flora María Miranda Pena

O señor PRESIDENTE: Isto farémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento, no que se procede a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía ás novas deputadas. Segundo o procedemento, a fórmula é de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta presidencia. A seguir farei o chamamento das señoras deputadas individualmente para que dende o propio escano contesten á pregunta que lles formula esta presidencia.

Dona Flora María Miranda Pena, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora MIRANDA PENA: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Dona Patricia Otero Rodríguez, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Unha vez prestada a promesa ou xuramento, adquiren a condición plena de deputadas. Benvidas e moita sorte neste Parlamento. (*Aplausos.*)

E agora entramos no punto primeiro da orde do día.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017

O señor PRESIDENTE: Hai votos particulares formulados ao ditame polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para presentar o ditame da Comisión ten a palabra a presidenta da Comisión, dona Raquel Arias Rodríguez.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN ESPECIAL DE ESTUDO E ANÁLISE DAS REFORMAS DA POLÍTICA FORESTAL (Arias Rodríguez): Grazas, presidente.

A Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017, foi creada, por petición do Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 51 do Regulamento do Parlamento de Galicia pola Mesa do Parlamento, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, na súa reunión do 14 de novembro de 2017.

A devandita comisión constituíuse o día 28 de novembro de 2017, integrada polas seguintes deputadas e deputados. Grupo Parlamentario Popular: dona Raquel Arias Rodríguez, don Silvestre José Balseiros Guinarte, don Moisés Blanco Paradelo, don José González Vázquez, don José Alberto Pazos Couñago, don Gonzalo Trenor López e don Daniel Vega Pérez. Polo Grupo Parlamentario de En Marea: don David Rodríguez Estévez e dona Paula Quintero Araújo. Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don José Antonio Quiroga Díaz. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: don José Luis Rivas Cruz.

Nesta sesión procedeuse á elección da Mesa, que quedou constituída polos seguintes membros: presidenta, dona Raquel Arias Rodríguez; vicepresidente, don José Alberto Pazos Couñago; secretario, don José Antonio Quiroga Díaz.

Na súa sesión do día 13 de decembro de 2017 aprobáronse as súas normas de funcionamento, en cuxo artigo 1 se establece que a Comisión se crea co obxecto de estudar e analizar as posibles reformas da política forestal, da política de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017.

Para a consecución do obxectivo fixado a Comisión aprobou un plan de traballo na súa sesión do día 27 de decembro de 2017. A Comisión celebrou dezaseis sesións de traballo, nas que tiveron lugar sesenta comparecencias; ademais, recibiu a diversa documentación prevista no plan de traballo e tamén a documentación achegada polas persoas comparecentes.

A Comisión designou, na sesión do día 27 de abril de 2018, os seguintes ponentes. Polo Grupo Popular: don José González Vázquez, como titular, e don Silvestre José Balseiros Guinarte, como suplente; polo Grupo de En Marea: titular, don David Rodríguez Estévez, e suplente, dona Paula Quinteiro Araújo; polo Grupo Socialista: don Xoaquín Fernández Leiceaga, titular, e don José Antonio Quiroga Díaz, suplente; e polo Bloque Nacionalista Galego: don José Luis Rivas Cruz, titular, e don Xosé Luís Bará Torres, suplente.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o día 27 de abril de 2018. Posteriormente, a ponencia mantivo as seguintes reunións os días 28 de maio de 2018 e 6 e 10 de xullo do mesmo ano, e procedeu á elaboración do proxecto de ditame. O proxecto de ditame foi obxecto de debate e votación xunto coas emendas presentadas por todos os grupos parlamentarios na sesión da Comisión do día 31 de xullo de 2018, resultando aprobado.

Mediante resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 7 de agosto de 2018 cualifícaronse e ordenouse a publicación dos votos particulares formulados en relación co citado ditame polo Grupo Parlamentario de En Marea, no documento número 34407, e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, no documento número 34408. O ditame, cos votos particulares, foi obxecto de publicación no *Boletín Oficial do Parlamento galego* do 10 de agosto deste ano.

Finalmente, salientar que o ditame se estrutura en catro ámbitos de análise, respondendo ao esquema así establecido polo plan de traballo aprobado. Un: análise da incidencia dos incendios en Galicia no período 2006–2017, con especial atención á vaga de lumes de outubro de 2017. Dous: avaliación da experiencia acumulada dende 2006, medidas adoptadas na prevención e extinción de incendios en 2006 e anos posteriores e a súa efectividade. Tres: análise das causas estruturais dos incendios forestais en Galicia. Catro: reformas da política forestal na prevención e extinción de incendios e para acadar un monte multifuncional, vivo e dinámico, sustentable e rendible para os propietarios forestais.

Cómpre, pois, rematar a tramitación deste ditame coa súa aprobación, se é o caso, polo Pleno do Parlamento de Galicia.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender os votos particulares formulados.

Ten a palabra, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Se algo aprendemos na Comisión especial de estudo foi que o cambio climático está instalado entre nós e que cada vez máis os ciclos acúrtanse e os períodos de seca extrema son máis contundentes e máis cercanos uns dos outros. Este caótico modelo de monte actual amósanos o seu fracaso en vagas de lume cada vez máis agresivas, cada vez máis inesperadas, cada vez máis violentas, cada vez con máis capacidade destrutiva. É preciso, pois, un xiro de 180 graos nas políticas de montes de Medio Rural. Pero o ditame elaborado polo PP, nunha comisión imposta e feita para difuminar a súa responsabilidade, e consensado co Partido Socialista, que aprobaron un e outro o pasado 31 de xullo, non aproveita a ocasión para emendar as políticas suicidas para co monte galego. Non conclúe nada concreto a respecto da política do medio rural, e a respecto da política de montes amosa unha interesada inconcreción verbo dos temas centrais.

O BNG defende no seu ditame alternativo a necesidade de impulsar políticas que nos leven cara a un novo monte multifuncional de verdade, sostible en serio e non produtivista e si produtivo. Un ben social que harmonice a rendibilidade primaria de madeiras en réxime de diversidade abastecedora da segunda transformación con pastos tradicionais en extensivo, con aproveitamentos sociais e coa necesidade cada vez máis acuciante de preservación da riqueza do solo, de soterramento de CO₂, e de lecer, na prevención e conservación deste ben, fixando poboación que o xestione adecuadamente. Un monte que xere postos de traballo e riqueza permanente repartida, que asente poboación, que se articule cun medio agrogandeiro poboado e respectuoso co medio ambiente e coa calidade alimentaria. Un monte e un medio rural do futuro, contraposto ao que vostedes plantexan no seu ditame: un monte produtivista de inframadeira para pasta e muíño enerxía nun medio rural desertizado.

A palabra e, por ende, o concepto que non se atreven a nomear no seu ditame é «mosaico». Esa é a chave; chave para combater a virulencia e a intensidade dos lumes, chave para asentar unha biodiversidade aceptable e de futuro, chave para o tan manoseado pero imprescindible concepto e realidade de multifuncionalidade. Incidimos, pois, desde o BNG na conveniencia de bosques mixtos en mosaico e na substitución total ou parcial das especies de alta combustibilidade e inflamabilidade por caducifolias. As teselas non deberán en ningún caso superar as 50 hectáreas, e nas zonas de risco, segundo a perigosidade, irían de 1 hectárea ao tope de 20. Estas masas terían que ser de distinta combustibilidade, potenciando a reforestación con caducifolias. Complementaria desta figura de ordenación é a necesidade de abordar a protección dos núcleos de poboación e as infraestruturas. Nunca quixeron entendelo, porque quen manda, manda, e os lobbies teñen un gran poder de convencemento.

As Uxfor, unidades de xestión forestal, foron deseñadas para superar a atomización da propiedade privada do monte, facilitando ademais da ordenación para o aproveitamento multifuncional do monte privado o establecemento das faixas de protección de núcleos de poboación, facendo das mesmas espazos rendibles. Vostedes insisten nas Sofor, que tiveron tanto éxito que en nove anos non chegan a dúas. En ano e medio había en funcionamento trinta e cinco Uxfor e outras tantas en xestión. ¿Comparamos?

Reparen vostedes na proposta do BNG, clave e diametralmente oposta, señorías, aos plans do PP e a favor dun rural ordenado e de faixas de protección de núcleos xestionadas por agrupacións de propietarios asociados libremente. «A Xunta de Galicia fomentará e

favorecerá o asociacionismo e a agrupación de propietarios forestais prioritariamente a través da figura das Uxfor» —di o noso ditame—. «Asemade, facilitará asesoramento, formación e apoio técnico mediante persoal adecuado ás asociacións de propietarios e ás xuntas veciñais sobre as mellores técnicas de xestión integral e sustentable dos seus montes. Realizar campañas informativas sobre a figura e as súas vantaxes para o aproveitamento do monte polos propietarios privados, en especial para os que posúen pequenas parcelas non susceptibles de aproveitamento individual». Vostedes, señores do PP, nunca se atreverían a isto, que os poderes públicos se puxesen enteiramente ao servizo da xente para superar un mal endémico e facer andar este país con paso firme e de futuro. Non, vostedes non se mollan a favor do pobo. ¿Timidez? ¡Que va!, desidia e intereses ocultos.

«Establecer» —segue dicindo o noso ditame— «unha moratoria para novos plantíos de especies do xénero *Eucalyptus* en todo o territorio galego é unha medida urxente e vital para poñer coto a esta barbarización dos usos do noso solo. Ao tempo, a Administración galega fomentará a realización de estudos para avaliar os impactos desta árbore sobre os hábitats naturais e os servizos ecosistémicos que estes espazos prestan á sociedade».

Seguimos dicindo: «Delimitación urxente de zonas aptas e zonas prohibidas para o eucalipto, debido ás súas características de especie colonizadora de alta inflamabilidade e combustibilidade, redución paulatina do eucalipto nas masas mixtas, eliminación da reforestación de terras agrícolas e recuperación de terreos indebidamente forestados con aptitude agrícola». Todos sabemos que a súa expansión está inducida e protexida polos ditados dos dous lobbies da madeira de trituración desde tempos prehistóricos na autonomía. Sumemos a certeza indiscutible e unánime nos informes presentados na Comisión do seu comportamento nos lumes como elemento acelerante e expansivo, coadxuvante no estrés hídrico dos solos e empobrecedor dos mesmos, ocupante ilegal de terras agrarias e dos mellores terreos de monte. ¿Quen dá máis?

Os montes veciñais en man común ocupan un terzo da superficie dos nosos montes, arredor das setecentas mil hectáreas e revélanse como un bocado apetitoso para a especulación produtivista de inframadeira. A brutal desagrarización e a práctica liquidación do rural en gran parte do territorio galego traen consigo que unha boa porcentaxe dos montes veciñais estean en semiabandono ou nunha deficiente xestión fronte a outros que a teñen exemplar. Cómpre dicir que as comunidades de montes son sociedades civís que xestionan as súas terras comunitarias democraticamente; non son sociedades mercantís dedicadas á produción e venda de madeira. Era esta a oportunidade de ouro para poñer remedio a unha serie de profundas inxustizas a respecto desta singular figura de natureza xermánica: a condonación das falsas débedas, investimentos obrigados, incautación/non- incautación por cincuenta anos. Nós fixemos unha proposta de impulso, protección e activación desta singular figura de propiedade xermánica —facémolo, seguímola facendo— comunitaria. Fíxosenos a última hora do debate na Comisión unha contraproposta conxunta do PP e do PSdeG, cunha clara intencionalidade de cercar os montes veciñais para os converter en sociedades mercantís produtivistas no mercado forestal, en exclusiva ao servizo da madeira triturada. Agrupacións con personalidade xurídica e con carácter mercantil.

A nosa proposta fala de multifuncionalidade, biodiversidade, sostibilidade. Poida que na próxima intervención nos paremos a explicar estes tres conceptos polo miúdo. O tempo é exíguo e está enriba miña.

Quedou patente que o servizo de prevención e extinción de incendios está necesitando dunha remodelación a fondo. Sen embargo, o Partido Popular e o Partido Socialista optan por un equipo de expertos que diga o que hai que facer con el; un novo equipo sobre outro equipo que diga e ditamine sobre o outro equipo. Esta opción denota ás claras que a Consellería non está disposta a facer nada. O grupo de expertos non ofrece garantías porque hai precedentes de que as súas opinións poden ser desmontadas por outros expertos de signo contrario e santas pascuas. Nós propoñemos reformas concretas que levarían o servizo de extinción a unha homoxeneización desexada, estabilidade laboral, axilidade, rapidez na detección e na primeira intervención nos focos, formación homoxénea e específica nos lumes de nova xeración, que, ¡aleluia!, xa existen oficialmente. Era tal a evidencia que non lles quedou outro remedio. ¡Canto tempo perdido!

O ditame alternativo que propón o BNG é unha opción de esperanza para esta *matria* que nos acolle. Unha opción moderna —non o poñan en dúbida—, moderna —e se non, ao tempo—, pensada desde aquí e para aquí, de nós para nós, en beneficio da maioría deste pobo, que se resiste a perder a referencia da terra e da natureza como raíz secular da súa existencia e da súa cultura. Se cadra, algún día toman todo isto en serio ou, se cadra, non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día.

Despois dos lumes de outubro de 2017 xerouse unha rara oportunidade pola transcendencia que tiveron, pola súa magnitude, sobre todo en áreas de Ourense e nas zonas arredor da cidade de Vigo, onde nun sitio e noutro houbo varios mortos, e tamén porque todos temos a conciencia de que a intensidade deses lumes en relación co cambio climático e co modelo de monte que se estaba impondo en Galicia prefiguraba o futuro, despois da traxedia de Portugal. E iso xerou unha oportunidade política para revisar o fracaso das políticas forestais do Partido Popular dos últimos anos. Xérase unha comisión de estudo, non unha comisión de investigación, a pesar dos miles de afectados que houbera no seu momento, que hoxe trae aquí o ditame.

E é unha oportunidade polo fondo e pola forma. Pola forma, porque recibimos a información de múltiples expertos que escoitamos con enorme interese; algúns dos cales previamente asistiran a xornadas organizadas polos distintos grupos parlamentarios con representantes do sector, con pluralidade. A nós teríanos gustado —e así o dixemos ao inicio, por iso votamos en contra da axenda da Comisión— que isto fora aínda máis amplo e que se incorporaran outras sensibilidades, incluso que viñeran os máximos responsables políticos. Pero a

pesar de todo coincidimos en que houbo unha ampla representación do coñecemento e dos intereses que xiran arredor do monte, que permite que a Comisión sexa un exemplo de participación.

Pero tamén polo fondo. O ditame da Comisión é un exemplo, primeiro, na parte descritiva, porque pódense dicir moitas cousas, pero houbo un consenso na Comisión de que iso recollía ben o que pasara na propia Comisión e que, por tanto, era unha representación adecuada do que alí sucedera. Pero tamén, sobre todo, pola parte propositiva, polas cento vinte e tantas propostas que derivan do traballo da Comisión.

A nós parécenos unha grande oportunidade para modificar de raíz unha política equivocada e para pór en marcha unha política cun apoio moito máis transversal, como debe ser a política forestal, que todos coincidimos, polo menos inicialmente, en que debe ser un asunto de país e onde deberíamos facer un esforzo. Claro que ten riscos, e riscos de carácter político, pero nós preferimos ser responsables e configurarnos como unha alternativa de goberno a partir desa responsabilidade, asumindo os riscos e asumindo que hai unha parte do ditame que nós non compartimos plenamente, pero en conxunto parécenos que dá un cambio de tal magnitude á política forestal que ben merece a pena asumir ese risco.

Hoxe non imos votar nin as políticas levadas a cabo nos últimos dez anos —que nós suspenderíamos—, nin tampouco imos exixir responsabilidades polos lumes de outubro —xa o fixemos en novembro pasado, con escaso éxito—, e nós seguiríamos pedindo a mesma asunción de responsabilidades que daquela. E tampouco imos axuizar nin a práctica nin as palabras do presidente da Xunta de Galicia arredor destes lumes. Nós seguiríamos dicindo que estaba equivocado e que non lles estaba dicindo a verdade completa aos cidadáns. Non lle estamos pondo nota á Xunta de Galicia, o que lle estamos é pondo deberes a esta Xunta de Galicia, e eu espero que ás xuntas de Galicia de cor distinta que veñan tamén no futuro.

En cambio, o que imos facer con este ditame —e por iso nós imos apoialo— é cambiar a política forestal. E vou dar sete razóns:

Primeiro, rectifícase en profundidade a política destes anos. Unha política de deixar facer, de *laissez faire*, onde había normas que despois non se aplicaban, debe dar paso a unha política diferente onde se crean instrumentos para verificar que esas normas se cumpren.

En segundo lugar, pon en valor as políticas do Goberno do ano 2005 ao 2009, presidido por Emilio Pérez Touriño, na consellería do señor Suárez Canal. Pon en valor esas políticas. E, se non, lean vostedes o que se di en relación co Banco de Terras; un Banco de Terras que —xa o discutimos aquí— foi postergado nestes anos, foi reducido a nada, e que agora non só se recupera como un instrumento moi útil, senón que ademais hai un compromiso expreso e concreto de dotalo de medios, de dotalo de recursos. Ou, por exemplo, en relación cos pastos que antes se citaban: hai un compromiso de incorporar 225.000 hectáreas de pastos en terreos forestais nos próximos dez anos. Estas son políticas concretas. Recupéranse as Uxfor —estamos escoitando que non—, pero cando vostedes lean o ditame con detalle verán que os polígonos agrarios e forestais son substancialmente similares ao que

dicía o portavoz do BNG. Por tanto, hai unha recuperación das políticas do Goberno de Emilio Pérez Touriño e da consellería de Alfredo Suárez Canal que nós tamén queremos traer a colación.

En terceiro lugar, incorpóranse máis do noventa por cento das nosas propostas iniciais a este ditame. Pero é que se incorporan máis do oitenta por cento das propostas de calquera dos grupos que estivemos presentes na Comisión. E hai algún grupo que só foi capaz de votar en contra de oito das cento vinte e tres propostas e, sen embargo, ten unha actitude completamente contraria ao ditame. Difícil de entender, polo menos para nós.

E aquí hai asuntos de fondo, asuntos moi relevantes que teñen que ver con esa transformación: desde unha política de deixar facer a unha política de intervencionismo —digamos— esclarecido, que sabe onde ten que tocar. E ten que tocar nas estruturas, ten que tocar na ordenación do territorio, ten que tocar na creación de silvicultores profesionais, ten que tocar na creación de montes ordenados, de montes produtivos, que teñen que cumprir distintas funcións: funcións ecolóxicas, funcións sociais e funcións produtivas; pero ten que cumprilas todas. E onde —por certo— lle damos unha volta bastante considerable á regulación do eucalipto, de maneira que, por exemplo, se van establecer en función da súa presenza nos distritos límites máximos que obrigarán a reducir, seguramente, a súa presenza nalgunhas áreas, entre outras cousas. Todo isto está presente no ditame, hai un cambio substancial do centro de gravidade das políticas forestais.

En cuarto lugar, introdúcense múltiples elementos de verificación e de control das políticas propostas; porque se poñen prazos, porque se poñen obxectivos cifrados, pero tamén porque se crean mecanismos de participación que antes non existían: desde o Consello de Comunidades de Montes aos consellos forestais de distrito, que son elementos que, por si mesmos —e aquí dámoslle a volta ao funcionalismo banal—, van crear a función. E cando creamos órganos de participación imos obrigar a que isto forme parte da axenda política todos os anos. E, ademais, porque se establecen compromisos de información parlamentaria que darán lugar a debates anuais ou bianuais —dependendo dos casos—, que nos van permitir saber o que vai pasar.

En quinto lugar, establécense cambios institucionais de extrema relevancia, para o noso entender. E hai algún que pode pasar desapercibido, pero que é moi importante para moitos dos que traballan no sector forestal, como, por exemplo, a separación entre o fomento e a produción forestal e a política antiincendios, que está no ditame e que debe dar lugar a un cambio de configuración das prioridades da Xunta de Galicia, garantindo que esa política de fomento se poida levar a cabo e que non sexa vampirizada polo que sucede na loita contra os incendios. Tamén co reforzamento do Banco de Terras, coa súa inclusión nunha Agader que vai ter un peso substancial na mobilización das terras. E tamén, por exemplo, coa creación do Consello das Comunidades de Montes Veciñais. E así sucesivamente. Ou coa creación dunha entidade cen por cento pública, dependente da Xunta de Galicia, na que deben participar os concellos, e que vai liberar estes dunha das cargas das que se queixan tradicionalmente: a de ter que ocuparse en solitario e con pouca axuda da limpeza das faixas de cincuenta ou cen metros que están ao redor dos núcleos de poboación e ao redor das vivendas illadas. Isto vai ser obxecto dun convenio entre a Xunta de Galicia e os concellos, do estilo da APLU, que vai permitir que estes perdan boa parte desa exixencia.

Non imos aprobar hoxe aquí o Plan forestal —o Plan forestal debe ser obxecto dun debate no futuro—, pero si imos condicionar o Plan forestal co que aprobemos hoxe. Son deberes para o Plan forestal que a Xunta de Galicia terá que cumprir xunto coas alegacións que se presenten ao longo deste mes, e que despois terá que traer aquí para un debate posterior, para que poidamos verificar entre todos se isto se fai ou non.

E, por último, tamén imos atender —desde a nosa perspectiva, que non ten por que ser a máis acertada, pero é a nosa— o que nos dixeron os técnicos, o que nos dixeron os profesionais universitarios, o que nos dixeron os representantes dos intereses sectoriais, o que nos dixeron os grupos ecoloxistas, etc. Todos eses axentes que, con visións diversas, intentamos compoñer unha proposta única imos atender todo isto desde o noso criterio, pero incorporándoo a este ditame. Por exemplo, cunha regulación do eucalipto moito máis exixente da que había ata agora, pero tamén sensata, porque non plantexa crear ningún problema a unha industria importante que está funcionando, senón levalo a un equilibrio entre as necesidades da demanda de madeira e a necesidade de ter un monte vivo, con presenza de moitas especies, priorizando —como se di no ditame— a creación de coníferas, protexendo o piñeiro —que é unha especie que ten unha regresión notable nos últimos anos— e establecendo sistemas de control da expansión do eucalipto que sexan importantes. Tamén, ¿por que non dicilo? —e como antes insistía—, creando instrumentos de mobilización de terras agrarias e de agrupación de propietarios que poidan funcionar.

Remato xa. Era unha oportunidade que nós, por responsabilidade, decidimos aproveitar. E consideramos que a nosa participación permite incorporar unha visión progresista á política forestal do futuro, que se dota de instrumentos de verificación e de control de que isto se leve a cabo. Por tanto, parécenos que debemos votar a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Comezamos hoxe con este debate e votación do ditame, e antes de nada quixera dar o agradecemento de parte do Grupo Parlamentario de En Marea a todos e a todas as comparecentes que participaron na Comisión, e que da mellor maneira posible puxeron enriba da mesa os problemas estruturais, os problemas de ordenación, os problemas do servizo público de defensa contra incendios forestais ou os problemas da titularidade e propiedade que temos hoxe no noso país entre outros. Tamén darlles as grazas aos servizos da Cámara polo traballo que fixeron durante a duración da mesma, e a todas as deputadas e deputados que participaron nela.

Despois de ver unha diagnose deste ditame que reflicte bastante ben o que os comparecentes e as comparecentes puxeron de manifesto na dita comisión, non entendemos dende o Grupo

Parlamentario de En Marea cal foi o motivo polo que o equipo redactor non foi quen de ser valente e resolto á hora de redactar unhas recomendacións acordes á altura que este país se merece.

Señorías, Galiza representa menos do seis por cento da superficie do territorio español, pero na nosa comunidade prodúcense o 70 % do total dos incendios forestais, e arde un 56 % da superficie total que se queima en España. O número de superficie queimada e a recorrencia en determinadas zonas dos incendios en Galicia non son naturais. De feito, xunto co norte de Portugal, Galicia é a única rexión atlántica europea na que os incendios forestais son un problema.

Os incendios forestais que ano tras ano asolan o noso país teñen custos inaceptables, pois custan vidas, custan vivendas, custa patrimonio forestal, custa biodiversidade; un conxunto de degradación e destrución do noso medio que precisan dunhas accións e políticas eficaces e persistentes que eviten hipotecar o noso futuro e a nosa identidade.

O lume no noso país constitúe unha problemática histórica, como histórica tamén é a falta de abordar a dita problemática. Galicia arde todos os anos, e cada poucos anos faino de xeito catastrófico e dun xeito dramático.

O Goberno actual, co único obxectivo de escorrer o vulto e saír o menos prexudicado posible, optou no seu momento por botarlles toda a culpa dos lumes aos «terroristas incendiarios», en circunstancias concretas e anómalas imposibles de controlar, como pode ser a temperatura e a falla de humidade, que había en determinadas datas de outubro do ano pasado.

Trátase dun xeito case insultante para a poboación de evitar abordar múltiples tarefas urxentes que contribúen á existencia da problemática dos incendios forestais. Podemos nomear o despoboamento do rural, a falla dunha ordenación territorial seria, a invasión de especies non autóctonas e de combustión rápida e explosiva, ou a precarización dos servizos contra incendios forestais actualmente.

O argumento do terrorismo incendiario foi un argumento empregado polo Goberno da Xunta na anterior vaga de lumes, pero nunca se conseguiu acreditar que exista algunha sorte de trama ou organización incendiaria no noso país. A realidade é que tres décadas despois non se coñece ningunha trama incendiaria, e o monte do noso país segue a arder cada verán. Somos conscientes dos múltiples factores existentes detrás dos lumes dende a prevención e extinción, a ordenación do territorio ou a política agraria actual da Galiza.

A expansión do eucalipto e das especies alóctonas para o seu uso na industria papeleira entre outros, a falla dunha política de prevención, a falla de ordenación do territorio ou a precarización do dispositivo de loita contra os incendios forestais son algunhas das claves para entender a situación que se viviu en Galicia.

Evidénciase a necesidade de mellorar a nosa capacidade organizativa, incapaz de atender hoxe situacións de risco e de crise como as vividas o ano pasado. Precisamos dun sistema de emerxencias e extinción unificado, público, homoxéneo, que impida a repetición deste

drama. Levamos anos de atraso na toma de decisións neste campo. E na redacción destas recomendacións perdemos —pensamos dende En Marea— unha oportunidade de ouro.

Estas eivas no servizo de emerxencias e a incapacidade para facerlle fronte á situación non son o único problema. O lume en Galicia é estrutural, e como tal non ten unha solución doada, nin moito menos rápida.

Unha das causas estruturais dos incendios é un modelo dun país sustentado no exterminio planificado do noso medio rural. O actual deseño de país o que fai é botar a xente dos contornos rurais, o que provoca unha xestión do monte menos eficiente e máis propicia aos incendios. Preténdese que a xente abandone o rural, e que outro tipo de actores invistan diñeiro. Esta é a política do Goberno actual, con leis como a aprobada o ano pasado, a Lei de iniciativas empresariais, apodada a Lei de depredación de Galicia, que fomenta a liberación do solo, pondo o territorio ao servizo de calquera proxecto mineiro extractivista interesado, e que ademais se arroga o dereito de expropiación con base en difusos intereses xerais.

A falta de ordenación, a pésima xestión forestal —véxanse os resultados do Plan forestal actual— converten os nosos montes galegos en pura gasolina. Fai falla autocrítica, xa que sen aportar solucións eficientes isto vai continuar pasando ano tras ano.

A Comisión Europea destinou máis de corenta millóns de euros para a adaptación ao cambio climático e prevención de riscos incluída no PDR 2014-2020. Esta comisión non chegou a estudar se a Xunta fixo unha aplicación axeitada ou non destes fondos.

Debemos analizar tamén o papel dos medios públicos. Neste caso, a CRTVG non cumpriu co seu obxectivo, incorrendo nunha perigosa deixadez de funcións. A súa obriga, como medio público, era a de estar informando tanto por televisión como por radio e redes sociais do estado dos incendios e transmitindo á poboación as indicacións das autoridades e das persoas responsables da extinción, coa finalidade de garantir a seguridade e supervivencia da veciñanza nas zonas máis afectadas.

É vital recordar o carácter estratéxico da superficie agraria útil no noso país e do seu mantemento, especialmente das terras que son de elevada aptitude agrícola, escasas e carentes dunha adecuada protección hoxe en día.

En sintonía co anterior, avanzar na ordenación forestal e do bosque, conciliando as funcións produtivas e protectoras, e conciliando os intereses individuais tamén cos intereses sociais. A integración das actividades agrogandeiras e forestais, sexa con dimensión produtiva ou conservativa, farase con visión sempre territorial, e non como se está a reflectir neste ditame.

Debemos abordar con eficacia e decisión a ordenación e xestión das interfaces urbanas-rurais, especialmente no tocante aos usos residenciais e de infraestruturas básicas. O éxito neste eido dependía dunha axeitada combinación na aplicación da lexislación, así como de medidas de fomento innovadoras que tamén fosen capaces de revitalizar estes espazos de transición, así como de potenciar as comunidades de montes veciñais en man común. A nova política forestal ten que deixar de ser só forestal e ser unha política do monte.

Negáronsenos os informes que solicitamos dende En Marea e que eran vitais para un mellor funcionamento desta comisión: datos de execución do actual Plan forestal de Galicia; datos de execución do Pladiga, do Infoga, do Platerga e do Peifoga; informes sobre a contratación de traballadores do servizo público, a contratación de medios aéreos de extinción e concursos públicos de concesión, a auditoría de axudas concedidas a concellos; informes sobre as medidas de protección, minoración de risco de incendio no Plan forestal de Galicia; informes relativos ao desenvolvemento dos incendios; e informes de Protección Civil nos medios mobilizados, evacuación, etc.

No ditame emitido pola Comisión non se reflectiron na recomendación moitas das críticas que se nomearon en múltiples comparecencias, tales como que non funcionaron os protocolos porque a Xunta non os aplicou e non os está a aplicar como debe; non se preveu suficiente persoal de terra e ataque para as extincións; fallou a información á cidadanía da situación de risco extremo. A Xunta negouse a aumentar o número de gardas para os axentes, despois de non prorrogarlles os contratos ás compañeiras e aos compañeiros de Seaga, e a sabendas da situación que se ía dar esa fin de semana este persoal non puido comezar a traballar. Os axentes de medio ambiente estiveron na adscrición obrigada a incendios ata o 30 de setembro, e a pesar desta situación de risco non se prorrogou a adscrición e non se preveu o reforzo dos sistemas de comunicación, nomeadamente o 085, que, por certo, este ano estivo corenta días de vacacións, informándoo nas súas redes sociais. E, polo tanto, dende de En Marea observamos atónitos como emendas de vital importancia para engadir a este ditame foron rexeitadas polo Partido Popular.

Conclusión: o ditame emitido pola Comisión non muda substancialmente a problemática dos incendios forestais do noso país, polo que dende o Grupo Parlamentario de En Marea emitimos os votos particulares, solicitando así a inclusión deles neste ditame. Pedimos que non se permita máis arborización con especies do xénero *Eucaliptus*, que non se faga ningunha excepción, nin en Rede Natura nin en ningunha zona cunha figura de protección, ben sexa medioambiental ou ben sexa hidrolóxica. Pedimos recuperar as Uxfor tal como estaban redactadas no seu momento, como unha figura conxunta de xestión, como unha figura por potenciar por parte da Xunta de Galicia, e aprobar paquetes de medidas fiscais que incentiven a xestión conxunta do monte, calquera que sexa a súa fórmula xurídica, —jollo!— sempre que ningún dos socios supere o 49 % de propiedade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Estas medidas pedimos tamén que foran aprobadas no Parlamento galego antes de rematar o ano pasado. Pedimos que non se contemple no dito plan a utilización de cultivos enerxéticos para a produción de biomasa, así como pedimos potenciar as comunidades de montes en man común, e realizar un plan para revitalizalas. E debe incrementarse un plan baseado na cooperación, no diálogo e no coidado e tutela, e non debe basearse a recuperación das montes veciñais en man común nun ditame que emitamos nós dende aquí.

Pola miña parte, de momento, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

A min, despois de escoitar con moita atención a intervención dos portavoces dos outros grupos parlamentarios, non me cabe ningunha dúbida de que imos ser capaces de chegar a ese acordo de país que nos demandaron todos os comparecentes e todos os grupos parlamentarios —ademais do PSdG que xa votou na Comisión—, e imos poder votar a favor deste ditame da Comisión de estudo porque todo o que vostedes dixeron está recollido nas recomendacións. Por favor, eu prégoles que lle boten unha ollada todos os parlamentarios que están hoxe aquí escoitando, e todo o que se falou aquí está recollido nas recomendacións.

Eu vou empezar a miña intervención, por suposto, cos agradecementos. En primeiro lugar, quero agradecer a todos os deputados e deputadas da Comisión polo seu traballo, dos catro grupos parlamentarios; especialmente tamén á dirección da Comisión polo traballo que tivo, nalgunhas ocasión un pouco complicado. Tamén aos servizos da Cámara; efectivamente, foi un ditame complicado na súa plasmación formal. Quero facer un agradecemento moi especial tamén aos comparecentes na Comisión. Señorías, sesenta comparecentes en dezaseis sesións de traballo; é dicir, en pouco máis de dous meses estes comparecentes foron quen de aportar un coñecemento valiosísimo para o obxecto desta comisión. E hai que facer un agradecemento especial tamén a todos os autores e científicos de enorme transcendencia, galegos, que foron recollidos neste ditame con aportacións moi importantes. Tamén, por suposto, a todos os organismos e organizacións que aportaron os seus informes e que se recolleron no ditame. Especialmente, a Xunta de Galicia, que tivo que recoller moitos informes aquí; houbo tamén un magnífico traballo de coordinación pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias; á Consellería do Medio Rural, tanto polos informes que aportou como polas achegas que se fixeron nas comparencias da conselleira, dos directores xerais e demais persoal. E finalizo facendo un agradecemento moi especial, señorías, a todos os traballadores de todos os colectivos do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia e dos servizos de Emerxencias. Moitísimas grazas polo magnífico traballo que levan feito. Temos o mellor Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, dende logo, de España, e un dos mellores do mundo. *(Aplausos.)*

Señorías, estamos ante un ditame —e vouno argumentar— plural, multidisciplinar e que afonda nas causas estruturais dos incendios e propón solucións que van máis alá da extinción.

¿Por que dicimos que é un ditame plural? Miren, tivéronse en conta as achegas dos comparecentes que foron propostos por todos os grupos parlamentarios. Como dicía antes: sesenta comparecentes, dos cales corenta e un —as dúas terceiras partes— formaban parte das propostas dos grupos parlamentarios da oposición; e dos cincuenta e tres informes, trinta e dous fixéronse por proposta dos grupos da oposición. Pero é que ademais entre os comparecentes houbo tres directores xerais co Bipartito, houbo alcaldes de todos os par-

tidos políticos que integran a Comisión, houbo representación ou informes das deputacións, interveu o presidente da Fegamp, representantes sindicais con diferentes posicións ideolóxicas —como non podía ser doutro xeito—. E é un ditame plural porque incorpora cento vinte e tres recomendacións votadas a favor polas tres cuartas partes desta cámara: Partido Popular e Partido Socialista. E ademais tanto o Bloque como En Marea votaron a favor ou abstivéronse na maioría das recomendacións. Hai un partido, o Bloque Nacionalista Galego, que só votou en contra de oito recomendacións de cento sete, ¡oito de cento sete! E aí somos capaces de sacar un discurso de que o ditame é tremendo, pois ¡votara máis en contra! Eu pídolle que apoie o que nos demanda toda a sociedade civil galega: ese acordo de país e que apoiemos este ditame porque é bo para o noso monte e para o noso rural.

En segundo lugar, é un ditame multidisciplinar. Fomos conscientes desde o primeiro momento de que tiñamos que ir moito máis alá de falar dos servizos de extinción, tiñamos que falar dos incendios como un problema estrutural que afectaba o rural galego. Os sesenta comparecentes representaban a sociedade civil galega. Había expertos en edafoloxía, silvicultura ou produción forestal; expertos en estrutura económica; expertos, señores de En Marea, en xeografía e ordenación do territorio —foron propostos por vostedes e, tiñan razón, foi bo para a Comisión—; diferentes sectores económicos relacionados co monte; representantes de actividades que ligan coa multifuncionalidade do monte —hai un apartado específico nas recomendacións, señor Rivas, á multifuncionalidade—; organizacións que representan as comunidades veciñais de montes en man común —nós defendemos e apoiamos nunha recomendación o papel protagonista das comunidades veciñais de montes en man común no monte galego, está escrito e posto e publicado polo *Diario do Parlamento*—; representantes tamén de organizacións sindicais comparecentes, por suposto, e relacionadas co Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e das Emerxencias —e eu penso que comparecentes de prestixio e de valor suficiente—; representantes da Administración autonómica local; e o Fiscal Superior de Galicia. Ademais é un ditame que afonda nas causas estruturais dos incendios e que vai máis alá da cuestión dos servizos de extinción.

Nós entendemos que este ditame ten que buscar ou ten que acadar un acordo de país para implantar reformas a medio e longo prazo que incidan nos problemas estruturais do noso monte e do noso rural. Porque eses problemas estruturais, señor Leiceaga, son os que dificultan a aplicación das políticas da Consellería do Medio Rural; eses problemas estruturais son os que temos que atacar. E fixemos unha especial referencia a dúas cuestións de fondo que están suficientemente recollidas na diagnose do ditame:

En primeiro lugar, o fenómeno da desagrarización, que coas transformacións que conleva provocou que nos últimos sesenta anos se perdera un gran número de agricultores e gandeiros. Isto non é unha cuestión de que sexa culpa do PP ou sexa culpa dun partido político, é unha cuestión común a todos os países desenrolados. Estes agricultores e gandeiros, señorías, eran os verdadeiros axentes da ordenación do territorio, e mantiñano coidado na súa práctica totalidade. O proceso de desagrarización trouxo consigo un abandono do territorio rural galego e un desordenado cambio de usos, unha perda da superficie agraria útil. Isto é unha realidade que está aí.

Pero é que ademais iso vese agravado en Galicia, sen ningunha dúbida —e todos o coñecemos, todos os que vivimos no rural o sabemos—, pola estrutura da propiedade galega, cun elevado minifundismo e unha fragmentación da propiedade, e un elevado grao de descoñecemento dos propietarios rurais, xa que en moitas ocasións non sabemos quen son os donos das parcelas.

Esas dificultades estruturais son as que tratan de atacar as recomendacións. Cento vinte e tres recomendacións que teñen —dicíao o señor Leiceaga, e eu estou de acordo tamén— unhas características comúns:

Primeiro, a súa concreción. ¡Home!, eu penso que habería que ler as recomendacións da Comisión do 2006 para ver se estas son concretas ou non; non son meras manifestacións senón que se propoñen medidas concretas e prácticas.

En segundo lugar —como tamén dicía o señor Leiceaga—, a exigencia de calendarios de aplicación das recomendacións. Están calendarizados os compromisos que se recollen.

E, en terceiro lugar, e para nós moi importante —isto foi proposto por En Marea, e foi unha das emendas que lle aceptamos, por suposto—, o establecemento de mecanismos de control parlamentario das recomendacións. As consellerías afectadas terán que vir ao Parlamento render conta da aplicación destas recomendacións.

E eu, referíndome ao contido do ditame, recollería fundamentalmente certas recomendacións. En primeiro lugar, recomendacións relacionadas coa ordenación do territorio rural e dos usos do solo. Aquí o que propón o ditame é unha planificación integral do territorio rural e dos usos do solo rural, é dicir, unha planificación conxunta e previa que reparta os usos agrícolas, gandeiros e forestais. E iso por áreas funcionais, que poderán ser comarcas ou poderán ser distritos forestais, iso teríámolo que ver. Para iso imos utilizar —recólleo unha das recomendacións— instrumentos xa regulados na Lei de organización do territorio. E ademais propoñemos —e tamén o propuxo de En Marea, e aceptámolo dentro do ditame— que se impulse a aprobación dunha nova Lei de ordenación do territorio.

O segundo grupo de recomendacións transcendentales neste ditame son as relacionadas coa estrutura da propiedade. Miren: en opinión de moitos dos comparecentes —non é que o diga o Partido Popular—, un dos maiores problemas que ten o rural galego é precisamente esta estrutura da propiedade. Galicia ten máis de once millóns de parcelas rústicas que pertencen, señorías, a máis de 1,6 millóns de titulares catastrais. É dicir, temos o 28 % das parcelas rústicas de España, e un de cada cinco propietarios rústicos en España son galegos. Ademais, a maior parte do monte está en mans privadas, co cal podemos afirmar que practicamente as dúas terceiras partes do monte galego está en pequenas parcelas dispersas e que non temos en moitas ocasións información dos seus propietarios. Houbo comparecentes que dixeron que menos dun tres por cento dos titulares catastrais de terreos forestais estaban ligados á actividade agraria.

Señorías, ademais dos titulares descoñecidos, hai un elevado número de parcelas que non sabemos a quen pertencen; algún comparecente falou de entre un vinte ou un trinta por

cento do total das parcelas. Este é o verdadeiro problema. Moitas das nosas medidas que descansan sobre os propietarios non se poden aplicar porque non damos nin sequera identificados eses propietarios. Aquí nós propoñemos no ditame que a Agader, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, se converta nunha verdadeira axencia de mobilización da terra produtiva, incorporando, por suposto, o Banco de Terras, pero buscando tamén a intermediación na compravenda. Temos que mobilizar terra e superficie agraria produtiva.

Plantexamos tamén neste ámbito unha revisión integral do Catastro de rústica, e plantexamos tamén a figura dos polígonos agrarios e forestais. Recomendación 83, señor Rivas, léaa porque —como dicía o señor Leiceaga— recolle aí a posibilidade de que se faga un traballo en común para este tipo de polígonos agrarios forestais. E dicimos aí que ten que ser a Agader a que faga o desenvolvemento desta figura.

Tamén temos recomendacións relacionadas coa planificación e ordenación forestal, e aquí comprometemos ou establecemos un compromiso temporizado para que os plans de ordenación dos distritos forestais se fagan no período 2019-2024. Pedimos tamén o impulso da certificación forestal e a creación dun inventario forestal de Galicia, que é unha reclamación do sector, non só das empresas senón do sector. Polo tanto, recomendacións importantes.

Recomendacións en relación coa prevención e extinción de incendios. Nós aquí propoñemos un grupo de expertos porque o fondo da Comisión non era falar só do servizo de extinción. Entendemos que partindo da base de que temos un magnífico Servizo de Extinción de Incendios tense que falar de se se pode mellorar a súa eficacia. E nese ámbito propónse un grupo de expertos, e gustaríame deixar claro que se propoñen seis expertos designados polos grupos parlamentarios deste parlamento. Non estamos a falar aquí de que sexan os expertos do PP ou os expertos dos grupos da oposición, expertos de recoñecido prestixio e competencia.

O resto das recomendacións —e vou rematando— refírense á profesionalización dos silvicultores, que tamén é unha petición do sector; á promoción da xestión conxunta do monte galego —logo falaremos disto no turno de réplica—; á multifuncionalidade do monte galego coa biodiversidade forestal —non lle chamamos «mosaico» pero está recollido nas recomendacións—; á mellora na xestión da franxa de seguridade ao redor dos núcleos de poboación, buscando impulsar que nas devanditas franxas haxa actividade agraria, señor Rivas —está recollido na recomendación 45—; ao reforzo dos espazos protexidos; á potenciación da formación do persoal. Recomendacións relativas á educación, concienciación, sensibilización... É dicir, un total de cento vinte e tres recomendacións moi claras e moi concretas. E sempre coa idea de realizar propostas que ataquen as causas estruturais dos incendios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: ...e actúen como mecanismo de dinamización dun medio rural vivo, dinámico e sustentable.

Señorías —e remato xa—, neste medio rural van ter que convivir montes ordenados e planificados con actividade agrogandeira que produza de forma sustentable produtos agroalimentarios de calidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

É pena do pouco tempo, do corsé que nos aperta.

Non é cuestión de palabras, é cuestión de feitos. Todos os expertos falan da necesidade dun monte ordenado e dun rural activo e dinámico como solución única. Nós traducímolo por mosaico e plan integral de reactivación do rural, do que vostedes non falan. Vostedes teñen derriba da mesa un 21 % de superficie agraria útil. Iso fala das políticas do Partido Popular durante todos estes anos a respecto do rural, fronte a un 40 %, corenta e pico por cento de superficie agraria útil de calquera país europeo, dos modernos. Para min este é un dato irrefutable.

Nós reclamámoslles a devolución das terras agrarias forestadas ilegalmente co seu consentimento e aprobación. A vostedes écheselles a boca falando de empresarios leiteiros e madeiros. Nós falámoslles do atraso económico e social da intensificación produtivista, gandeira e forestal. Porque para vostedes prima a acumulación dos rendementos económicos en poucas mans. Para nós é esencial que a reactivación económica do rural estea en mans de moitos, xerando emprego e utilidade das superficies agrarias e de monte. Isto é distinto, isto non se pode escribir nun ditame, baixo a súa firma.

Cando vostedes falan da necesidade de máis superficie en produción forestal, nós falamos de silvicultura —que está ausente—, biodiversidade, multifuncionalidade e sostibilidade. Non poden presumir de país con prácticas silvícolas axeitadas, porque aquí a silvicultura é residual. Aquí todo nace e todo arde, polo amor do solo e do clima e do abandono.

A nosa silvicultura é a unión da desorde aparentemente organizada, que dá curiosamente en negocio, non en riqueza. É a miseria do que podería ser pero non é, polo corrupto das súas políticas de desprezo do rural. Créanme que doe profundamente falar nestes termos, pero cada vez que vostedes utilizan esa cantilena da lexislatura do rural, algúns, moitos, que somos da aldea, sentímonos fondamente ofendidos pola burla e o esperpento. Aclaremos algúns conceptos.

Biodiversidade. Significa reducir o eucalipto, alternar as teselas introducindo caducifolias con alto valor madeirable ou medioambiental. Dotar dun fondo de riqueza nacional de aquí, preservando a integridade do territorio e ralentizando os lumes con teselas de baixa combustibilidade.

Multifuncionalidade. É facer do monte un territorio susceptible de usos diversos que xeran riqueza medible e non medible. Pódese medir en metros cúbicos de madeiras, quintais de

kiwis, ferrados de castañas, cestas de cogomelos, canais de vacún, ovino e cabrún en extensivo; pódese medir en botes de mel, bolsas de herbas medicinais... —jeu que sei!—, petróglifos, castros, antas, mámoas, carreiros de lecer... ¿Quen me cuantifica esta riqueza?

Sostibilidade. Son todos eses usos permanentes no tempo e no espazo para seren entregados aos que nos sucederán en óptimas condicións de aproveitamento social. Pode que aquí estea o miolo da cuestión. ¿A quen serve e a quen debe servir o monte? ¿Aos caprichos de dous ou tres que dominan e orientan os mercados ao seu antollo e comenencia ou ao conxunto do pobo galego, soberano dos medios de produción, cando menos en teoría?

Señores deputados e deputadas, neste ditame que nos propón o Partido Popular non hai mención ás responsabilidades políticas. E hainas, e grandes. Hainas tanto na imprevisión e improvisación do que podía ocorrer, vista a situación e as predicións —e que así ocorreu—, como na xestión covarde e silenciosa con ocultación da vaga de lumes de outubro pasado. O colapso das emerxencias, o silencio da Radio e Televisión Galega, a ausencia de persoal de extinción, pois con condicións de risco extremas deuse por rematada a campaña e os efectivos de tres meses foron desactivados —unha temeridade—. Non aparece nada diso no ditame, e debería aparecer, porque foi unha realidade manifesta e compulsada por todos os galegos, un a un e todos en conxunto.

O noso medio rural ben merece unha oportunidade de vida. Todos e todas nós temos aí as raíces máis fondas, as dos sentimentos, das querencias fondas. Na miña xeración todos tiñan aldea, agora xa non.

Créanme, señorías: a mellor xestión do territorio non a van facer empresas de asalariados que se desprazan a traballar todos os días ao rural despois de compraren o que se está vendendo xa a baixo prezo. A mellor xestión fana os que viven en simbiose co medio, coñecedores del e que se senten partes dese medio, útiles nese medio, satisfeitos con ese medio.

Señores deputados, señoras deputadas, todo está recollido no ditame do PP, nada está recollido no ditame do PP que sexa realmente aproveitable. Vostedes din que non votamos soamente oito medidas, oito medidas esenciais. A columna vertebral do que ten que ser un país distinto, cun monte distinto, aproveitable, sostible, etc., etc., etc., non se contempla no seu ditame. Está no noso. Léano detidamente. O noso non ten tantas páxinas. Nós non necesitamos tanta cantidade de palabras, sobre todo palabras que se deturpan constantemente, non necesitamos tantas palabras para dicir o que temos que dicir, e o que dixemos en tres anos e medio de goberno e que vostedes se dedicaron a ventilar en moi pouco tempo.

Fíxense no que están facendo coas faixas de seguridade. Fíxense que están colapsando os concellos, fíxense que ata os seus propios alcaldes, que non se atreven a dicilo,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor RIVAS CRUZ: ...están temerosos do que se lles vén encima. E vostedes, tirando balóns fóra, porque non é cousa da Xunta, non é un problema de país, é un problema das entidades, das administracións locais. Non lles é así.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: De novo, agora para pronunciarnos sobre os votos particulares.

Eu teño que dicir que nós non queremos opoñernos ao conxunto das propostas e dos votos particulares. Hai iniciativas e medidas aproveitables. Xa o dixemos na propia comisión. En fin, unha actitude construtiva de todos os grupos tería permitido encaixar moitas máis cousas. Por exemplo, a nós parécenos bastante sensato o que se propón en relación coa política informativa. Cremos que a Comisión de Radiotelevisión debe ter un protocolo de actuación para cando se producen vagas de lumes como as que ocorreron en outubro de 2017. E hai moitas outras cousas.

Pero tamén temos que dicir que a maior parte do que se recolle nos votos particulares (*Murmurios.*) —si, si— está no propio ditame. Falaban vostedes, por exemplo, da cuestión do aproveitamento da biomasa forestal e de que non debería recoller cultivos enerxéticos. Pero mire, fálase: «o desenvolvemento dun programa estratéxico para o fomento da biomasa forestal, que non incluírá os cultivos enerxéticos». Iso xa está no ditame. Falaban vostedes, por exemplo, de que non estea incluída a Rede Natura na expansión dos eucaliptos. Pero fíxese, di: «manter a prohibición de plantación de eucaliptos en zonas de Rede Natura e outros espazos protexidos e manter o plan de substitución das superficies existentes que permita que se produza nun prazo non superior aos dez anos». Quero dicir: todas estas cousas xa están no ditame. Entón, hai moitas das observacións que aparecen nos votos particulares que xa están recollidas, incluso mellor.

E despois hai algunhas cuestións que a nós nos preocupan e que merecen unha pequena discusión. Por exemplo, En Marea insiste moito —e é razoable— en que debemos mellorar o dispositivo antiincendios. É un dispositivo que funciona, segundo o Partido Popular, moi ben; outros podemos ser máis críticos; en todo caso, hai que melloralo. Xustamente, como o nivel de concreción técnica no que debía entrar a Comisión era desde o noso punto de vista excesivo, propuxemos unha comisión de expertos. Fíxense: vostedes propóñennos que a través do voto particular decidamos que tipo de helicópteros hai que comprar para o Servizo de Extinción de Incendios. Eu síntome incapaz de facer iso desde o meu coñecemento, incluso do coñecemento do Grupo Parlamentario do Partido Socialista. Por iso falamos dunha comisión de expertos, con extracción parlamentaria e onde a oposición e o grupo que apoia ao Goberno iamos estar en equilibrio, e cada grupo, incluído o BNG, podía aportar o seu experto particular.

E fíxese: algo disto debe haber cando no voto particular de En Marea falan dunha mesa de análise —por certo, indeterminada—. Hai unha mesa de análise e unha comisión de expertos. A comisión de expertos sábese como é; a mesa de análise, non. Quero dicir: que aquí debe de haber algún problema que nos obriga a botar man daqueles que profesionalmente

teñen coñecemento pois por exemplo do tipo de helicópteros que hai que utilizar, cousa que eu desde logo non teño.

E no caso do BNG, en relación cos montes veciñais, dinse unhas cousas apocalípticas que non teñen nada que ver con isto. É dicir, os montes veciñais están protexidos na lexislación. A posibilidade de uso por parte de empresas privadas con determinadas condicións está desde o ano 1989, e, por certo, estaba dando bo resultado para moitas comunidades veciñais. Por certo, a lei basicamente é unha lei que procede do Goberno de Fernando González Laxe —dígoo para que todos saibamos tamén isto—.

Pero é que o BNG, que di no seu ditame cousas como: «nunca deberían ser xestionados por persoas privadas» (os montes veciñais), a continuación dinos: «no caso de non ser posible ningún dos supostos anteriores, poderíanse ceder a unha empresa privada». Claro, ou sexa, non pero si. Pois ben, non pero si é o mesmo que di o ditame, porque o que estamos dicindo é que deben privilexiarse grupos de comuneiros, deben privilexiarse comunidades próximas, deben privilexiarse mancomunidades de comunidades de montes e só no último caso debería entrar a empresa privada. Iso é o que di xustamente o ditame. Entón, non hai unha real alternativa a isto que estamos propoñendo aquí, hai unha escenificación. Ben, cada un ten a súa escenificación —parece razoable—, pero, en todo caso, saibamos todos que é así.

Na regulación do eucalipto, volvo dicir: lean vostedes o que propón cada grupo e despois verán como o que está no ditame é cando menos tan exixente, cando menos tan exixente, como o que se propón desde a oposición.

Resumo, que estamos acabando.

Nós queremos un monte tamén que compatibilice as distintas funcións, multifuncional, que capte investimentos, a ser posible que procedan do propio rural, pero, se non é posible, tamén que veñan de fóra, porque é un monte que necesita crear riqueza e emprego, con xestión conxunta das superficies, todas elas. Se hai alguén que opta polas sofor, que opte; se opta por outro modelo, ben sexan polígonos agrarios, as antigas uxfor, calquera outro modelo tamén nos vale, xestionados con profesionalidade, no que haxa un mix de especies diferente ao actual que permita que funcione a industria forestal pero tamén garantir as funcións ecolóxicas.

E queremos comunidades de montes vivas, pero todos sabemos que, como consecuencia da evolución social, hai moitas que están nun estado que non permite xestionar o monte, e hai montes degradados e temos que darlles unha solución a eses montes. Por iso, en último extremo cremos que poden ser xestionados primeiro con control desde o ámbito público, pero, se é necesario, tamén con cesión a algunha entidade, preferentemente do mundo rural, que garanta a súa sostibilidade.

Queremos menos incendios e máis prevención, pero estamos seguros de que unha maior colaboración cos concellos, como o que propón o ditame, vai facer que isto sexa posible.

Hoxe eu estou seguro de que estamos máis cerca destes obxectivos e por iso imos apoiar este ditame.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señor González, pode vostede aforrar o seu segundo turno de palabra, que xa llo fixo o señor Leiceaga.

Díxonos na Comisión, señor Leiceaga, ao Grupo Parlamentario de En Marea, que tiñamos que ser máis modestos dende En Marea para falar de cambios relacionados co dispositivo de extinción e prevención de incendios forestais. Eu penso que foron bastante claras as intervencións dos asistentes e das asistentes a esta comisión. A vostede non lle tremeu o pulso á hora de recomendar sobre a planificación e ordenación forestal, ordenación das especies forestais, impulso da xestión conxunta do monte, silvicultura, fomento forestal, plan forestal ou faixa de protección de biomasa, mellora e coñecemento da tipoloxía dos propietarios, recomendacións relacionadas coa protección do medio ambiente natural, co cambio climático, coa educación, coa concienciación, con incentivos fiscais e financeiros. De todo iso sabía vostede. Só non se podía tocar o Servizo de Protección Forestal, porque para vostede non deberon de ser moi claras as súas intervencións.

Eu penso que durante esta comisión quedou claro que existe unha atomización e unha privatización do servizo, algo que non quedou reflectido no ditame que se redactou, xa que non se fala de entes, como pode ser Natutechnia, que é unha empresa privada que opera brigadas públicas helitransportadas da Xunta de Galicia. Non se fala de brigadas municipais, que están privatizadas. Tampouco se fala da UME. Non se fala da operación Centinela. Por iso vemos de vital importancia incluír puntos nesa recomendación 52. E vimos pedir que se acabe coa atomización do dispositivo e co estado de abandono no que se atopa o dispositivo público de prevención e extinción contra os incendios forestais.

Señor González, a min de verdade que cada vez que o escoito a vostede defender o servizo público árdeme algo aquí no peito, porque despois das que lle están facendo, ¡mi madriña! Temos agora mesmo os axentes forestais —que quero aproveitar para mandarlles azos dende o Grupo Parlamentario de En Marea— e medioambientais en folga, nunha folga con sentido, que están facendo para levar adiante as súas reivindicacións ante a pasividade da Xunta á hora de atender as súas demandas, e vostede aquí estalles dando palmadiñas na espalda mentres que por outro lado non os atenden.

Por certo, señor Leiceaga, votou en contra das recomendacións contra os axentes forestais e de alí a unha semana reuniuse con eles para apoiar as súas reivindicacións. (*O señor Fernández Leiceaga fai xestos de negación*). ¡Iso foi así!

Dende En Marea, á parte do servizo público, pedimos moitas máis cousas. Pedimos a elaboración dun mapa de usos de solos de Galicia elaborado por comarcas que inclúa un catálogo

de chan de alta produtividade agropecuaria, que sirva de base para unha planificación dos usos a medio e longo prazo. Pedimos a creación dun novo plan de ordenación do uso da terra e de orientación de cultivos que inclúa un novo plan estratéxico contra a reforestación ilegal de terras e recuperación da superficie agraria útil. Pedimos recuperar a referencia, a identificación e declaración de proxectos agrarios prioritarios, que serán obxecto de atención intensiva, en función dos seus especiais valores agrarios. Pedimos garantir a restauración do dano causado nas infraccións forestais e ambientais que afecten calquera tipo de solo, en especial na actividade agraria. Pedimos implementar unha estratexia galega de administración de terras que permita desacelerar a inmovilización de terras a través da creación dun novo servizo de apoio á xestión de terras de Galicia e frear a reforestación de terras agrarias, que están ocupando agora parte do noso territorio, establecendo como requisito que as terras que sexan concedidas polo Banco de Terras a propietarias ou a propietarios non se poidan destinar a usos non agrarios; necesidade de cambios legais que establecen a restrición nestes usos. Pedimos establecer un gravame para as parcelas poboadas por especies pirófitas ou inflamables, que sirvan para compensar o gasto en extinción. Restablecer os niveis de persoal nos centros públicos de investigación agraria e forestal, así como de oficinas agrarias comarcais; temos centros de referencia, como pode ser o CIAM, de Mabegondo, como pode ser Lourizán, que están agora mesmo no 50 % do seu persoal doente. Pedimos desenvolver a comarcalización de Galicia como base para o desenvolvemento económico. Pedimos priorizar a declaración de utilidade pública da actividade agraria e forestal sobre outros aproveitamentos. E información: En Marea pide que a Consellería de Medio Rural informe en dous partes diarios, na súa páxina web, de todos os lumes que se están producindo no noso país. Pedímoslle á CRTVG que manteña información constante para actualizar a información sobre os focos activos e controlados, vías de comunicación abertas e pechadas, centros educativos con clases suspendidas, etc. E pedimos que a CRTVG elabore protocolos específicos de comunicación para este tipo de situacións adversas ou perigosas para a poboación cando se producen lumes forestais.

A votación a favor deste ditame por parte de En Marea vai depender só exclusivamente do seu voto a favor dos votos particulares deste grupo parlamentario.

Pola nosa parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Señor Rodríguez, eu a verdade é que lle agradezo o seu ofrecemento, pero penso que este é un debate suficientemente serio como para que todos os grupos parlamentarios teñamos ocasión de expresar a nosa posición.

E si é certo que o señor Leiceaga falou das súas incongruencias e da súa escenificación, pero ¿sabe qué pasa? Que dan para dous turnos as incongruencias e a escenificación.

Miren, falamos de xestión conxunta do monte, e tivemos aí unha discusión ideolóxica, porque aquí o único que hai é ideoloxía, e vostedes saben ben do que estamos a falar, *(Murmurios.)*

desta utilización da ideoloxía para non votar un ditame que saben perfectamente que recolle as súas posicións.

Miren, cando falamos da xestión conxunta do monte, aquí plantexouse que o Partido Popular ten unha figura, que é as sofor, que cremos que se poden mellorar no seu funcionamento e recollemos unha serie de medias para melloralas. Pero é que, ademais, na recomendación 12, que votaron vostedes en contra, dise: «Incentivar novas fórmulas para a xestión conxunta do monte, ademais de potenciar as sofor, baseadas en calquera figura xurídica de natureza mercantil, administrativa ou de base asociativa.» ¡Traían as súas propostas! E, ademais, poñémolles enriba da mesa que teñen que estar reguladas antes de xuño do 2019. ¿Onde está o plantexamento de que non queremos que haxa outras figuras?

Por certo, o Bloque votou a favor de que se regulen os incentivos fiscais a estas figuras e votou en contra delas aquí; un pouco de incongruencia, señor Rivas.

Miren, en plantación en mosaico, vostedes chámanlle plantación en mosaico, e, como dixo o señor Leiceaga, aquí están, non sei se mellor ou peor escritas, pero a recomendación 28 di: «Fomentar a biodiversidade forestal, mediante a diversificación dos usos do monte, coa utilización de incentivos financeiros e paquetes de axudas públicas orientadas á repartición dos diversos usos á superficie subvencionable, favorecendo a biodiversidade de alternancia e formacións —atención—, fundamentalmente plantación de especies de madeiras nobres e/ou de froito, como a cerdeira, o castiñeiro ou a nogueira, intercalada nas outras plantacións». ¡Oia!, isto é plantación en mosaico, recollido aquí, recollido nun ditame que non queren votar por cuestións de pura ideoloxía.

Falan de actividades agrarias nas franxas de protección. Tamén, señor Leiceaga, na recomendación 41 dise: «Impulsar a ordenación progresiva das franxas de protección. Trataríase de que nesas franxas se desenvolvesen actividades agrarias, cultivos de viñedos, hortas, árbores froiteiras, pastos para a gandería, que actuasen como zonas de protección nos núcleos habitados». ¡É que está todo recollido no ditame!

Falan tamén do eucalipto. Temos unha recomendación, a 14, que, como tamén sinalou o señor Leiceaga, recolle claramente limitacións, incluso moito máis intensas que as que vos tedes plantexaban.

Eu, en relación cos votos particulares, teño que dicir: mire, señor Rodríguez, pedir ao noso grupo parlamentario —atención, señores do Grupo Parlamentario Popular— que votemos a favor dun ditame no que se di, explicitamente, que unha das causas estruturais dos incendios é un modelo de país sustentado no «exterminio planificado do medio rural» —son todos exterminadores do medio rural—, ¡home!, pedirnos o voto a favor, é cando menos arriscado.

Por certo, vostedes non teñen diagnóstico neste voto particular. Recollen 11 das 28 emendas. Polo camiño quedaron moitas, porque saben que están tamén no ditame.

¡Pedirnos o voto a favor! Non o pediu o señor Rivas, pero nun voto particular di como conclusión: «Existe unha clara responsabilidade política do Goberno do PP, tanto na negligencia

e ineptitude na xestión da crise dos días dos incendios de outubro de 2017 coma na situación caótica do monte, sen cumprimento da lei nas franxas de seguridade e cun Servizo de Extinción de Incendios heteroxéneo e desmantelado».

Señor Rivas, ¿isto é o que vostedes pensan do servizo? ¿Por que lle dá tanto medo un grupo de expertos de recoñecido prestixio e competencia, nomeados por todos os grupos parlamentarios deste Parlamento? ¿Porque igual ese grupo de expertos di que temos un magnífico Servizo de Extinción de Incendios? (*Murmurios.*) ¿Ese é o medo que teñen? ¿Esa é a súa posición?

Nós, señor Rodríguez, estamos abertos a falar de calquera cousa nese comité de expertos. De feito, se collemos a recomendación e vemos todo o que se falou na comisión, sen que se posicionaran os comparecentes, está recollido nos informes, e engadiría eu o que dixo o señor Leiceaga no informe que debe de facer o grupo de expertos e que deberá de estar aprobado antes da temporada de máximo risco do ano 2019. Polo tanto, non estamos a falar dun compromiso no aire, senón que estamos a falar dun compromiso que ten o seu posicionamento temporal.

Señorías, na votación do ditame aceptáronse, transaccionáronse ou foron retiradas polos grupos da oposición máis de dúas terceiras partes das emendas. Señorías, só votaron os grupos de En Marea e do Bloque en contra de 5 de 107 recomendacións, 5 de 107 recomendacións.

Eu remato xa, pedíndolles, por responsabilidade, aos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque que voten a favor dun ditame que apoia as tres cuartas partes deste Parlamento e que non voten unicamente atendendo cuestións ideolóxicas. Porque vostedes, os que estiveron na comisión, saben que a calidade dos comparecentes e dos informes foi altísima, que o ditame responde fielmente ao que se puxo de manifesto nas comparecencias, que a diagnose é axeitada á problemática dos incendios nos casos estruturais, que as recomendacións recollen medidas concretas, comprometidas temporalmente, con control parlamentario e, ademais, na parte substancial están apoiadas por vostedes.

Pídlles o que nos reclamaron a totalidade dos comparecentes, que non esquezamos que representaban a sociedade civil galega: que os grupos parlamentarios sexamos quen de acadar un acordo de país que poña solución ao problema estrutural dos incendios e que dunha vez o quite do debate político.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Rematado este debate, procedemos á votación. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando en primeiro lugar o documento 34408, que se corresponde co voto particular do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do voto particular do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 41; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o documento número 34407, que se corresponde co voto particular do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votamos.

Votación do voto particular do G. P. de En Marea ao Ditame da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 41; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

O señor PRESIDENTE: *E, por último, votamos o ditame da Comisión.*

Votamos.

Votación do Ditame da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: *Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.*

Continuamos agora co punto segundo da orde do día.

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos GG. PP. de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival O Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse

O señor PRESIDENTE: O esquema é similar ao que tivemos na Deputación Permanente, e comezamos polo tanto cunha primeira rolda de cinco minutos cada un dos grupos propoñentes, neste caso o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario de En Marea.

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

Si, señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

A señora PONTÓN MONDELO: Por unha cuestión de orde, que ten que ver precisamente coa ordenación do debate, e en base ao que establece o artigo 78.2, que di que a Presidencia, en función da transcendencia dos debates, pode —digamos— regular cales son os tempos que se utilizan.

Ao noso grupo a verdade é que lle parece que cinco minutos para o Grupo do BNG e cinco minutos para o Grupo de En Marea, para falar dun tema tan transcendente como é o accidente do Marisquiño, é realmente un tempo moi escaso. Sei que o Partido Popular comparte que cinco minutos é moi pouco tempo, porque montou en cólera cando ese foi o tempo que se lle deu no Concello de Vigo, e, polo tanto, o que lle solicitamos é que todos os grupos poidamos ter dez minutos para un debate tan transcendente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Na historia do Parlamento sempre foi isto así, si, sempre, sempre; outra cousa é que se sexa máis flexible dende a Presidencia no momento do debate; pero na historia do Parlamento sempre está marcado que nos debates cando é unha solicitude conxunta corresponde ese tempo.

Polo tanto, agora correspóndelle a vostede, como primeiro grupo propoñente, por un tempo de cinco minutos aproximadamente, o posicionamento para defender a súa proposta.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señores e señoras deputadas.

A noite do pasado 12 de agosto Vigo viviu un gravísimo accidente, un accidente que rematou con máis de catrocentas persoas feridas, pero que puido terse convertido nunha traxedia en termos de vidas humanas, polo derrubamento dunha pasarela do porto en plena celebración dun festival tan multitudinario como é O Marisquiño.

Entendemos que o primeiro era o urxente: atender as persoas que sufriron este accidente, pero tamén entendemos que en calquera país avanzado, despois dunha situación tan grave,

as administracións implicadas terían como responsabilidade, en primeiro lugar e como prioridade, abrir unha investigación para saber qué pasou; en segundo lugar, tomar todas as medidas que foran necesarias para evitar que un accidente así poida repetirse; e, en terceiro lugar, tamén estaría nesa lista de prioridades determinar as responsabilidades políticas porque unha infraestrutura pública no medio dun evento poida afundirse, porque iso, evidentemente, ten que ter responsables.

Pero algo que resulta tan evidente para calquera con principios éticos e políticos é obxecto de mofa por parte da Xunta, do Concello de Vigo e da Autoridade Portuaria, que desde o primeiro minuto deron paso ao vergoñento espectáculo da ocultación e a botar as culpas os uns aos outros e todos a un, tentando buscar un chibo expiatorio, unha cabeza de turco, a quen responsabilizar do accidente; e intentárono, neste caso, tirando ao branco máis fácil, que era a empresa organizadora.

Señorías, se a seguridade dunha instalación pública no principal porto de Galiza vai depender dunha empresa privada que organiza un festival, entón hai que mandar para a casa o presidente do porto, o alcalde de Vigo e o presidente da Xunta (*Aplausos.*), porque é unha falta de respecto coas persoas feridas, coa veciñanza de Vigo e co conxunto da poboación. E é intolerable que responsables políticos se permitan unha frivolidade, cando o que teñen que facer é precisamente velar polo servizo público e velar pola seguridade das persoas.

Para o BNG estamos ante uns feitos que son graves tanto polo elevado número de vítimas como polos danos físicos e psicolóxicos que se produciron, e tamén pola alarma que este feito creou, que, evidentemente, deixa tocada a imaxe e o prestixio tanto de Vigo como de Galiza.

Pero, a pesar da importante gravidade destes feitos, estamos asistindo a un espectáculo lamentable de cruzamento de acusacións por parte das administracións, unha bochornosa liorta entre López Veiga, como presidente do Porto de Vigo, Abel Caballero, como alcalde da cidade, e Feixóo, como presidente da Xunta; todos eles sen mover un dedo para evitar a deterioración dunha infraestrutura pública que se desplomou nada máis e nada menos cando había centos de persoas enriba desfrutando dun concerto.

E, desde logo, esta liorta é a continuación dos desencontros e dos enfrontamentos na xestión deste espazo portuario de uso público e que deixa claro até que punto esa confrontación permanente, lonxe de ser útil para ninguén, acaba producindo desastres como o que vemos.

Por iso, ante a gravidade desta situación, e máis alá do que fagan os tribunais, que teñen toda a lexitimidade e todo o noso apoio para que realmente determinen as causas xudiciais, nós cremos que o Parlamento galego ten unha responsabilidade. E a nosa responsabilidade é ser sensíbeis diante dun tema de gran transcendencia pública, tanto para as vítimas como para o conxunto da sociedade galega, que merecen saber qué pasou, quen son os responsables e quen vai asumir a responsabilidade por uns feitos que —insisto— son uns feitos moi graves.

Por iso desde o BNG esperamos que o Partido Popular e o Partido Socialista levanten a pinza da ocultación, que rectifiquen e que apoiem a creación desta comisión de investigación. Por-

que as vítimas e as súas familias teñen dereito a saber qué pasou, teñen dereito a unha explicación veraz e non a ese cruzamento de acusacións absolutamente vergoñento que vemos na prensa, e que o único que delata é que, efectivamente, teñen responsabilidades tanto a Xunta como a Autoridade Portuaria, como o Concello. E nós o que cremos é que o Parlamento ten que servir precisamente para dar esa resposta ante uns feitos —insisto— que cremos que son moi graves. E, sobre todo, temos que poñer toda a nosa vontade para evitar que unha situación destas características poida repetirse.

Sería unha boa noticia que hoxe houbera un acordo unánime de todas as forzas políticas para crear esta comisión. Non sei se alguén ten medo á posibilidade de que un Parlamento investigue. Cremos que é o máis san e, ademais, o que recuperaría un certo crédito da política despois de todo o que levamos visto e despois do espectáculo que levamos vivido durante estas semanas, e pensamos que é a mellor contribución que podemos facer despois dun accidente destas características. Neste país, por desgraza, hai unha xestión que se repite accidente tras accidente, e é que Partido Popular e Partido Socialista se turnan sempre en non querer asumir responsabilidades e en intentar evitar que os parlamentos poidan cumprir coa súa función.

Hoxe queremos que este Parlamento, polo menos, recupere un pouco desa dignidade e pensamos que todos e todas as feridas do Marisquiño é o que se merecen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días.

Señorías, o resumo para a cidadanía do acontecido no Marisquiño é que existiu unha actitude impecable dos profesionais, unha actitude exemplar da cidadanía, unha administración que ninguneou os profesionais e a cidadanía e unha actuación dos seus gobernantes que se resume en moita confusión e ningunha solución.

En efecto, cúmprese agora un mes do accidente do Marisquiño en Vigo e durante estas semanas ningunha das administracións involucradas tivo a iniciativa de dar explicacións do sucedido e, sobre todo, de dar facilidades para saber por que se produciu o colapso da estrutura que causou o accidente. Asistimos, pola contra, a un cruzamento de reproches entre malos gobernantes que preferiron sementar a confusión entre as competencias concorrentes para eludir a propia responsabilidade.

A cidadanía galega en xeral, e a viguesa en particular, asistiu atónita a unha actitude infantil por parte dos nosos gobernantes de acusar os demais, que só se explica en clave estritamente partidaria e de defensa de intereses particulares, pero non en defensa do ben común e en defensa da cidadanía, ignorando desta maneira que a xente quere respostas, en primeiro lugar, para saber qué sucedeu, e, en segundo lugar, e sobre todo, para evitar que se volva repetir.

Ante esta inoperancia dos responsables das administracións con competencias, dos nosos gobernantes en definitiva, En Marea, facéndonos eco das iniciativas cidadás, dedicamos os nosos esforzos a instar espazos de reflexión e análise sosegada do acontecido. Ese espazo en democracia constitúeno as comisións de investigación. Propuxémolo no ámbito que resulta propio, no Concello de Vigo, e instámolo agora tamén nesta Cámara, sede da soberanía de Galicia, porque, ao noso entender, existen catro motivos que así o xustifican relacionados co ámbito competencial galego.

O primeiro deles, a normativa de supervisión e control dos espectáculos públicos de masas, como O Marisquiño, que corresponde regular a este Parlamento e distribúe competencias en materia de autorización, supervisión, repartición de responsabilidades e réxime de sancións, entre outros.

Para empezar, debe sinalarse —como todo o mundo recorda— que ninguén inspeccionou a seguridade estrutural onde se desenvolveu o evento. A falta dunha atribución clara desta función por si soa debera de cuestionar a redacción deste flamante texto e abrir unha reflexión sobre a conveniencia do seu axuste á vista da experiencia vivida. A repartición competencial facía atribucións á Xunta de Galicia en materia de inspección, de verificación do cumprimento das circunstancias que se din concorrentes en materia de seguridade. Debe de abordarse o estudo de que actuación tivo a Xunta de Galicia conforme tamén a propia normativa aportada neste Parlamento.

Se a resposta foi que non fixo ningunha actuación ou se foi insuficiente para detectar os problemas que causaron o colapso —e á vista está que si—, pode suceder que isto sexa algo que se produza dentro da legalidade ou á marxe da legalidade. Se é á marxe da legalidade, desde logo, deben de exixirse responsabilidades políticas e talvez disciplinarias, á marxe das xudiciais. E, no caso de que fose legal, deberemos cuestionarnos que clase de normativa permite que pasen estas cousas.

O segundo apartado que fundamenta a competencia deste Parlamento é a regulación dos espazos dos usos portuarios de interese galego. É certo que o de Vigo era de interese xeral estatal, pero de interese galego hai 122 portos de interese xeral onde continuamente, sobre todo no verán, se producen espectáculos públicos e aglomeracións de xente e cuxa regulación corresponde tamén á Xunta de Galicia. ¿Pode a cidadanía estar tranquila por saber se hai unha administración que vela por eses lugares onde eles acoden á chamada de eventos multitudinarios? ¿Son seguros estes espazos? Pois deberíamos de facernos a pregunta á vista tamén da propia normativa vixente regulada por este Parlamento.

A terceira función competencial que xustifica o estudo por parte dunha comisión creada no Parlamento de Galicia é, precisamente, o nomeamento do presidente da Autoridade Portuaria como competencia da Xunta de Galicia, concretamente da Consellería do Mar. Cabe preguntarse: ¿desenvolveu as súas funcións correctamente o presidente da Autoridade Portuaria? ¿Debemos de seguir mantendo a confianza en López Veiga? ¿Debemos confiar nunha persoa que non se preocupou —parece— dunha obra recibida pola Zona Franca que tería que manter cun libro de instrucións e un mantemento técnico da obra e da que non sabemos nada? ¿Pódese prestar un ben en mal estado? Para poder responder

a calquera destas preguntas, é necesario investigar, e para iso é para o que debería de valer esta comisión.

E o cuarto piar: ¿están funcionando correctamente as previsións da Lei de emerxencias? ¿A Xunta é capaz de aseverar que os plans de emerxencias municipais se actualizan e que realmente atenden as potenciais situacións de risco para atender a poboación? ¿Era a Xunta consciente, ou debía de selo, de que o Plan municipal de emerxencias non contemplaba como risco específico o festival do Marisquiño, a pesar de que anualmente congrega miles de persoas ao seu redor? ¿É lóxico que isto suceda? ¿É necesaria unha reflexión na propia Lei de emerxencias para modificar esta situación?

Señorías, este Parlamento ten o deber de investigar para responder estas e outras preguntas. Non abonda unha investigación xudicial. E aquí discrepamos co argumento ofrecido desde a Alcaldía de Vigo. Non abonda, porque a investigación penal só se ocupa dos feitos constitutivos de delito, e unha cousa é que algo sexa delito e outra cousa é que algo estea ben. No medio existe toda unha responsabilidade administrativa e unha responsabilidade política que, se é o caso, é necesario depurar. E, segundo, pero máis importante aínda, porque a investigación penal mira o pasado e a investigación parlamentaria mira o futuro. Porque aquí non soamente examinamos qué pasou senón que tamén facemos propostas para solucionar os problemas detectados, algo que pola súa propia natureza unha investigación xudicial non pode facer.

Doutra banda —e xa vou rematando—, lamentamos profundamente a cerrazón do alcalde de Vigo na súa negativa de abrir unha comisión de investigación no Concello, porque entendemos que as viguesas e vigueses teñen dereito a coñecer a verdade para aprender do sucedido e evitar que se repita no que concirne ao ámbito competencial do Concello. Por iso reclamamos a autonomía municipal e a autonomía parlamentaria. Nós respectamos e defendemos esa autonomía, somos Mareas municipalistas e ninguén nos gaña na defensa dese poder municipal. Por iso propuxemos precisamente a creación dunha comisión no eido municipal e que ocupe o seu propio ámbito de competencia e responsabilidade. E o Concello ten a súa. Por iso o Parlamento exerce exclusivamente sobre as funcións que acabo de propoñer.

Señorías —vou rematando—, é deber desta Cámara...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...estudar o sucedido para evitar que a historia se repita. A xente da rúa tivo un comportamento exemplar durante o accidente do Marisquiño, igual que os nosos profesionais de emerxencias e sanitarios. É a hora de que esta boa xente de Vigo e de Galicia teña uns políticos á altura dos seus cidadáns e cidadás.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Repetimos o debate de hai uns días na Deputación Permanente. E eu quero empezar enmarcando cuantitativamente este debate. Quero dar os resultados electorais dos partidos que solicitan... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, si, ¡só faltaría!— (*Murmurios.*) ...esta comisión de investigación no Concello de Vigo —dígoo porque como se dixo aquí que algúns tiñan que irse para a casa—: Marea de Vigo, 16.200 votos, un 11 %, 3 concelleiros; o Bloque Nacionalista Galego, 6.800 votos, 4,8 %, 0 concelleiros. Non sei se ten algunha relación con esta solicitude, pero, en todo caso, son datos obxectivos inescusables, exactamente igual que outros datos cuantitativos que se aportan neste Parlamento.

E, por certo, señora Pontón, mentiu claramente, tamén vostede. O Concello de Vigo en ningún momento culpou a organización do Marisquiño de nada, ¡de nada! Polo tanto, conviría vostede, que é tan exquisita nos temas do rigor, que tamén neste caso o fora. Mentiu descaradamente e, se non, diga en que momento algún responsable municipal do Concello de Vigo acusou a empresa organizadora de ningunha responsabilidade neste tema. Está moi ben facer aquí o que non poden facer nin en Vigo nin en Madrid, (*Aplausos.*) pero, en todo caso, señora Pontón, convén facelo con rigor.

Esta solicitude é unha cerimonia da confusión, sen ningunha dúbida. Eu quero recordar —e non se trata de facer un percorrido polas lamentables catástrofes— accidentes deste país, dende a explosión de Paramos, en Tui, aos incendios do ano pasado, o accidente do tren do Porriño, todos eles con falecidos, e ninguén pediu comisións de investigación. A última comisión de investigación que se aprobou neste Parlamento foi no ano 2013 polo tema da fusión das caixas de aforro de Galicia.

Polo tanto, a min gustaríame que os que reivindicán o papel do Parlamento como un lugar de discusión máis alá das liortas parlamentarias expliquen esta utilización —na opinión dende logo deste voceiro— absolutamente electoralista desta petición. Porque eu quero recordar algunhas cousas.

Primeiro, señora Pontón, de novo, non se afundiou ningunha pasarela, afundiuse un muelle ou peirao. E non é o mesmo. Eu non son arquitecto, teño algunha compañeira que si o é. Pero é unha pasarela situada por enriba dun peirao de formigón armado, que é o que se afundiou.

Por certo, corruxiron parcialmente a súa solicitude de petición de comisión de investigación e falan dunha pasarela de madeira construída sobre piares de ferro e formigón. Non é certo. Iso é o que pasa por escribilo sen ser de Vigo. (*Murmurios.*) Claro, claro, si, si, vese que non o coñecen. Os piares de ferro e formigón sostían unha plataforma tamén de cemento armado encima da que existía esa pasarela de madeira. E o que se afundiou... (*Murmurios.*) Eu agradezo as aportacións arquitectónicas e funcionais en termos enxeñeiros. Está mal escrito e, dende logo, para o grupo que reivindica sistematicamente o rigor eu creo que tiñan que facer unha reflexión. Ben, o que se afundiou foi un muelle, foi un muelle. É moi diferente,

señor Bará, é moi diferente. Por certo, iso é exactamente o mesmo que dixo o domingo nunha entrevista radiofónica o señor presidente da Xunta de Galicia, exactamente o mesmo, que falou de espazo público, de que é como se se afundira unha rúa...; en fin, unha especie de ubicación metafísica da realidade. ¿É tan difícil dicilo? ¡A ver se son capaces de dicilo! Afundiuse un muelle e, polo tanto, afundiuse un porto. (*Murmurios.*) Eu creo que é bastante fácil de dicilo.

E quero tamén facer referencia á autonomía local. E quero facer referencia porque todos sabemos que os temas de Vigo pois ocupan de vez en cando algúns debates neste Parlamento.

É verdade que eu normalmente teño certa facilidade para entrar neses debates, é verdade que case nunca apelo á autonomía local, pero é verdade que outros grupos, cando se fala de Ferrol, de Santiago e da Coruña ou de Pontevedra, si que apelan sistematicamente á autonomía local. (*Aplausos.*) Entón, estaría ben que aqueles que apelan sistematicamente á autonomía local e que din que non se pode facer oposición aos concellos no Parlamento de Galicia reflexionen sobre o que están pedindo aquí.

Porque, efectivamente, o día 12, o domingo 12 de agosto, ás 23.50 horas, produciuse un grave, un accidente importante na cidade de Vigo. E, efectivamente, colapsou —insisto— unha estrutura de formigón que formaba parte dun peirao construído a principios da década dos oitenta, que foi concesionado ao Club Náutico de Vigo e que se mantivo como concesión ao Club Náutico de Vigo mesmo despois da actuación de Abrir Vigo ao Mar, e que foi recepcionado polo Porto de Vigo —creo recordar que no ano 2011— e pasou a formar parte das estruturas portuarias.

E eu quero facer exactamente o que fixen na Deputación Permanente. Quero felicitar a todos os corpos e forzas de seguridade do Estado, a Policía Local, os bombeiros, Policía Nacional e Garda Civil, Protección Civil, 061, emerxencias médicas, tanto *in situ* como nos centros hospitalarios, o propio operativo de seguridade privada dos organizadores, a colaboración cidadá, os taxistas, os autobuses urbanos —que tamén se mobilizaron para evacuar a po-boación, a pesar de ser horas fóra do servizo— e, dende logo, a actitude cívica de todas as vítimas, de todos os xoves, por certo, unha actitude cívica non recoñecida por este deputado, senón recoñecida mesmo polos profesionais sanitarios do Hospital Álvaro Cunqueiro, que dicían (*Aplausos.*) que, efectivamente, esa chegada simultánea de 140 feridos, que foi o número inicial dos que chegaron ao Hospital Álvaro Cunqueiro, se resolveu de forma moi satisfactoria, por suposto polo traballo dos profesionais, pero tamén pola tranquilidade e polo civismo dos afectados no accidente do Marisquiño.

E volvo á solicitude da comisión de investigación. O Grupo de En Marea e o Grupo do Bloque Nacionalista Galego sinalan, de maneira sistemática, que coñecían o mal estado dese peirao —insisto—, dese peirao de cemento armado, unha estrutura portuaria. Non sei moi ben por que a coñecían, cales eran os informes. Eu pedinos xa na Deputación Permanente e a verdade é que se ve que manexan información que non manexaban outras administracións. E —insisto— é conveniente separar o peirao das estruturas de madeira que se situaron enriba.

Efectivamente, houbo 467 persoas atendidas tanto en PAC, en centros hospitalarios, ou no lugar do accidente, 8 hospitalizados, dos que o caso de maior estancia foi de sete días. Con

isto non estou nin trivializando nin minimizando a importancia do accidente, só o estou situando na súa xusta medida, porque creo francamente que as adxectivacións que existen nesta solicitude de comisión de investigación son en boa medida exaxeradas.

E quero falar moi brevemente do papel que xogaron unhas administracións e outras. E, efectivamente, no caso do Concello de Vigo, validou e inspeccionou o plan de autoprotección plantexado pola empresa organizadora, que tamén estaba depositado no Porto de Vigo, e no que existe unha avaliación de riscos e medidas preventivas das instalacións portuarias, que foi aceptada por todos nunha reunión de seguridade que se celebrou a finais de xullo, na que estiveron as forzas e corpos de seguridade do Estado e as administracións, tanto a Administración local como a Administración portuaria, e na que non houbo aparentemente ningunha cuestión ou ningún reparo a esa utilización.

Hai un tema tamén que apareceu nos medios de comunicación e que dende logo eu, que non son xurista, en fin, non entendo moi ben e, dende logo, lendo a Lei de espectáculos de Galicia non atopo, que é a chamada autorización global —digamos— do Marisquiño. Ao mellor está, eu non a atopo, eu entendo —e dende logo isto é o que se traslada dende o Concello de Vigo— que se autorizou aquilo para o que se solicitaron permisos, que foi a baixada de bicis BTT dende O Castro ata o porto e o propio concerto.

No caso do Porto de Vigo, é un feito obxectivo —e están aí os medios de comunicación— que mudou a súa versión. Empezou falando dun fallo estrutural, ese mesmo día ás 2 da tarde mudou a posición e xa falou dunha falta de mantemento por parte do Concello e despois falou, efectivamente, nalgún momento, da responsabilidade dos organizadores do evento.

O presidente Feijóo tamén se sentiu abochornado. Eu xa na Deputación Permanente falei dalgúns motivos de bochorno que temos os deputados. Non os vou repetir aquí, pero eu creo que todos os temos na cabeza cando pensamos en política e bochorno nos últimos anos nesta Comunidade Autónoma.

E logo tamén se falou, por parte de voceiros do Partido Popular, dese político galego máis charlatán, que estivo alí dende as 12 da noite ata as 4 e media da mañá; da Administración autonómica estivo o subdelegado da Xunta —é certo—. E, polo tanto, eu creo que non foi facer unha foto, ou ben o tempo de exposición fotográfica foi moi longo, foi de catro horas e media, que tamén pode ser unha técnica fotográfica respectable.

Falouse tamén de cuestións aínda máis graves, que é a fabricación de informes exprés. Eu non sei se o Partido Popular está habituado a fabricar de maneira exprés outras cousas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente—, pero o certo é que me parece que vostedes, que sempre falan tanto do papel e do respecto debido aos funcionarios, deberían de ter o mesmo respecto aos funcionarios do Concello de Vigo. E, ademais, unha administración tan automatizada e informatizada como a actual saben perfectamente que imposibilita eses informes exprés.

E tamén Marea de Vigo, no Concello de Vigo, falou dun pacto entre Concello e Porto, falou dun pacto entre o Partido Popular e o Partido Socialista. Eu non sei se se referían a algo parecido ao de Anguita e Aznar ou ao de Fraga Iribarne e Beiras, que tamén é posible.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Nós imos votar en contra desta solicitude de comisión. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

A verdade é que quero facer dúas apreciacións que son moi importantes. Xa nos trinta minutos que levamos de debate, máis na Deputación Permanente, levamos xa o triplo falado do Marisquiño que o que se falou en Vigo, porque en Vigo temos unha mordaza, unha mordaza para falar do Marisquiño. *(Aplausos.)*

E outra puntualización importante é que xusto despois deste debate o vicepresidente da Xunta vai comparecer, a petición propia, para falar deste sinistro, co cal non metan vostedes todas as administracións no mesmo saco, porque hai unha gran diferenza entre a transparencia, o exercicio de transparencia da Xunta de Galicia e as ferramentas que teñen vostedes para preguntar, para facer interpelacións, para escoitar as comparencias, coa mordaza —insisto— que temos no Concello de Vigo, no que se lle deu un carpetazo absoluto ao tema do Marisquiño. *(Aplausos.)*

Se todos os responsables públicos de todas as administracións falaran como falou a Xunta deste tema, non estaríamos hoxe neste debate. Porque hai que lembrar que esta comisión de investigación a piden os socios de goberno do Partido Socialista, na Deputación de Pontevedra, no Goberno. Por certo, aquí ningún fala tamén da presidenta da Deputación, que tanto se meneou para proclamar e para anunciar O Marisquiño pero que agora nada sabe —agora é unha figurante— dese evento e nin sequera nomea ese evento tan importante para Vigo e que pon Vigo no mapa.

A resposta, ademais, desta comisión —creo— e de que vostedes presenten esta petición de comisión de investigación é que non se fían do señor Abel Caballero. Iso é normal. Non se fía ninguén do señor Abel Caballero, das súas formas e do seu estilo, sobre todo neste momento, agora que ten enriba unha responsabilidade, porque a Lei de espectáculos públicos —temos leis, as leis son as que garanten a seguridade e a protección dos cidadáns e das persoas que organizan os eventos— outórgalle toda a responsabilidade neste caso ao señor alcalde de Vigo, Abel Caballero.

E a nós, dende o Partido Popular, saben vostedes no Grupo Parlamentario Popular que non nos gusta facer comisións de investigación cando o tema está *sub judice*, porque é verdade

que hai unha investigación xudicial paralela e, polo tanto, habería que esperar e dirimir o que di neste caso o tribunal e o xuíz. Pero, claro, é que cando estás nunha administración competente, cando xa falamos na Deputación Permanente deste tema, cando na Deputación Permanente o propio voceiro do Partido Socialista falaba de ámbito municipal, de competencia municipal, agardamos a ter o pleno extraordinario sobre O Marisquiño en Vigo e a poder facer unha comisión de investigación en Vigo, que é onde se teñen que dirimir as responsabilidades, os técnicos municipais, as persoas que participaron na licenza outorgando ese evento, saber se había un plan de autoprotección, saber se estaba limitado e controlado o aforo. Realmente esa era a nosa intención cando votamos en contra na Deputación Permanente, porque realmente criamos e tiñamos a esperanza de que podíamos facer unha comisión de investigación en Vigo. Carpetazo e mordaza, esa foi a resposta do señor Caballero, ademais da limitación absoluta de tempos para falar a oposición.

Os que desconfían dos seus socios teñen que vir ao Parlamento e utilizar esas ferramentas que teñen ao seu dispor, que non teñen en Vigo, que non teñen no Concello de Vigo, para solicitar unha comisión de investigación.

Señor Losada, espero que vostede non saia tan queimado e inmolado como está o concelleiro de Seguridade, o señor Font, en Vigo, porque a verdade para tapar aquí, lavarlle a cara ao señor Caballero vostede fixo un papelón, fixo un papelón. Porque ¿que agocha, que agocha o señor Caballero? Non quere falar, non quere falar deste tema e contesta con insultos, contesta con desprezos e contesta con monólogos. Porque digo unha cousa: no pleno extraordinario el non falou, el non falou absolutamente nada, e ese mesmo día pola noite foi a unha televisión e diante dunha cámara, sen preguntas e sen oposición diante e sen ninguén que puidese dicirlle nada, fixo un monólogo absoluto insultando, desprezando e facendo el a súa propia interpretación do que pasou no Marisquiño e do que pasou en Vigo, coa negligencia e coas desidias previas. Porque aquí pode haber unha negligencia e unha desidia absoluta á hora de anunciar, á hora de ser elocuente, á hora de ser charlatán —creo que dixo o señor Losada—, pero, cando hai un sinistro, cando realmente un político ten que dar a cara, cando ten que responder diante das vítimas, agocha a cabeza e achanta.

Polo tanto, eu quería lembrarme das vítimas, quería mandarles un agarimoso abrazo ás vítimas de parte do Grupo Parlamentario Popular, porque, ademais —insisto, xa o dixemos na Deputación Permanente e falará despois o vicepresidente—, se algo funcionou ese día, esa tráxica noite, foi o dispositivo de emerxencias e o dispositivo sanitario.

Grazas a esa coordinación, grazas a que a Xunta puxo en marcha as súas competencias como é debido e cumpriu as leis que lle outorga a súa propia administración, non temos que lamentar mortes, e queremos mandar un agarimoso abrazo a todas as vítimas. *(Aplausos.)*

Nós temos que lamentar que sexa un sinistro destas dimensións e destas características o que teña que desvelar a verdadeira cara de Abel Caballero, a verdade do Goberno municipal: todo pantalla e pantomima. Xa o temos dito en moitas ocasións: un goberno absolutamente podre por debaixo, como está a cidade, absolutamente podre por debaixo; todo pantalla e todo pantomima. E a verdade é que despois veñen todas as consecuencias, e, cando hai que dar explicacións, carpetazo e mordaza.

Insisto: un alcalde que aínda non deu a cara, que non pediu desculpas, que non falou en serio deste tema, que non explicou como, cando, por que se organizou ese evento, como se fixo ese concerto, como se deu a licenza. Un alcalde ao que a lei lle outorga toda a responsabilidade, a el, para facelo. E, ademais, un alcalde o que ten que facer é garantir a seguridade das persoas que van a un concerto nun espazo público. Iso é o primeiro que ten que facer, non facer de telonero; é que el está máis por facer de telonero e por estar nas fotos previas que de garantir a seguridade. Esta é unha demostración absoluta do que é Abel Caballero, unha demostración absoluta (*Aplausos.*) É triste que esa vaidade non lle permita estar á altura das circunstancias, porque a verdade é que o derrubamento do paseo é unha metáfora, é unha triste metáfora do Goberno municipal de Vigo. Así como en cuestión de minutos o peirao quedou reducido a cascallos, en cuestión de minutos Abel Caballero quedou reducido a un busto parlante, a un auténtico charlatán, que ata o seu propio partido o recoñece, a un absoluto charlatán; de xestión, cero; de responsabilidade, cero; de intención e interese por garantir a seguridade dos vigueses, ningunha. Losetas, sacar brillo por enriba, tocar a gaita, tocar o bombo e poñerse a bailar. Iso é o único que fai un alcalde que hoxe ten 467 vítimas diante (*Aplausos.*)

Mire, nós cremos que hai que investigar. Aquí os socios do Goberno do Partido Socialista son os que non se fían do propio Partido Socialista. Ben, iso pode darnos incluso algún tipo de esperanza.

Nós —insisto— cremos que hai investigar, e, se hoxe estamos falando disto e hoxe nós temos este debate enriba da mesa, insisto, porque non se pode falar disto en Vigo: cremos que iso non se pode permitir. Non se pode permitir e non se pode ser cómplice dun alcalde, porque a verdade é que é a súa persoa, é a súa forma de gobernar e a súa forma de ser, e cremos ademais que detrás desas formas del están todas as causas previas, todas as desidias, todas as negligencias para que pasara este tráxico sinistro.

Insisto en que a función é a de garantir a seguridade, que non o fixo. Eu creo que, ademais, por ese motivo, os vigueses que lle deron a confianza hai tres anos —vostede fala de resultados electorais de hai tres anos, xa pasaron tres anos, señor Losada— están absolutamente decepcionados co señor Caballero, absolutamente decepcionados, porque é un covarde político. Nunha cidade leal e valorosa temos un alcalde absolutamente desleal e absolutamente covarde. É que non merecemos en Vigo ter un alcalde como Abel Caballero, porque se nega a dar información, non responde ás preguntas de por que autorizou un concerto nese paseo que non estaba nas condicións apropiadas —porque el sabía que non estaba nas condicións apropiadas—, se deu a licenza, se asinou a licenza, quen fixo o plan de autoprotección, se se cumpriu ou non cumpriu.

Hai moitas preguntas que ten que responder o alcalde de Vigo, e hai moitas diferenzas entre como actuou a Administración municipal e a Xunta de Galicia, que non ten absolutamente nada que ocultar. E xa o dixen tamén na Deputación Permanente: este Parlamento de Galicia, este Grupo Parlamentario Popular non quere eludir o debate, non quere eludir o debate e quere investigar, e quere a verdade; o Partido Popular quere a verdade, porque iso podería ter sido unha auténtica traxedia.

Polo tanto, alí en Vigo non hai sesións de control cada quince días ao presidente, non hai comparecencias, non hai posibilidade de preguntarlle ao monologuista Abel Caballero. É un monologuista absoluto, ao máis puro estilo Maduro; diante da televisión fai de todo; agora, diante da oposición e diante das propias vítimas e das persoas que estaban implicadas e que incluso puideron formar parte dese espectáculo, non fala, non fala; é un covarde político.

Polo tanto, nós cremos que hoxe ese egocentrismo, esa soberbia, esa vaidade se poñen aquí en contrapunto cunha cidade que é humilde, cunha cidade que é valente, cunha cidade que é xenerosa, cunha cidade que é reivindicativa, pero que quere explicacións, e nós neste Parlamento non seremos quen de impedir que se investigue e que se saiba a verdade do que pasou en Vigo.

Polo tanto, nós non imos quedar calados, e temos que dicirlle que esa opacidade e ese réxime que practica Abel Caballero non o queremos, e polo tanto hai tres anos podía ter un apoio que hoxe, absolutamente claro, non o ten. E nós queremos e dicimos, ademais, que Abel Caballero pode seguir preocupado; nótaselle preocupado, reacciona insultando, reacciona ameazando, reacciona sempre falando doutras administracións, cunha confrontación que non é a máis axeitada cando tes diante unha responsabilidade tan importante. E, polo tanto, nós non imos dar razóns, non imos darlle motivos para que estea tranquilo. Polo tanto, queremos transparencia, queremos que se coñeza a verdade, pero non queremos circos, tampouco queremos circos. E que os socios do Partido Socialista estean pedindo a comisión de investigación é cando menos bastante curioso. Queremos toda a verdade, pero non queremos circos, e niso estará sempre o Grupo Parlamentario Popular e o Partido Popular en Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Réplica.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Vou empezar polo turno de intervencións.

En relación co señor Losada, que o vin certamente alterado e nervioso, pois non sei que clases nos veu dar hoxe vostede. Falou moito de rigor e xa vin cal é a súa aportación hoxe neste debate, que é abrazar os argumentos do Partido Popular: como teñen maioría, teñen razón. (*Aplausos.*) Señor Losada, desde logo vaia papelón e vaia grande aportación que fixo vostede á democracia parlamentaria.

A aportación hoxe do PSOE neste Parlamento pois é lavarlle a cara a Abel Caballero. A preocupación que ten o BNG é que as 467 persoas feridas, toda a veciñanza de Vigo e toda Galiza teñen dereito a saber a verdade. Esa é a diferenza entre nós e entre vostedes.

E eu o que penso é que se o Goberno de Vigo cre que está libre de todo pecado, que fixo absolutamente todo ben, que non hai nada que ocultar en relación co que pasou no accidente

do Marisquiño, pois non teñen que ter ningún tipo de temor a que se poida facer unha investigación nunha institución como é o Parlamento de Galiza, porque realmente, efectivamente, hai responsabilidades que non son únicas, e aquí hai moito que investigar, non só do que fixo o Concello, senón da responsabilidade que ten a Autoridade Portuaria, que é curioso que o Partido Popular borrou do mapa a Autoridade Portuaria; seguramente é porque a responsabilidade de quen está á fronte é dun señor como López Veiga, claro, un destacado militante do Partido Popular, nomeado por proposta do señor Feijóo, e que quere pasar como se este tema non tivera que ver nada con el, cando insisto: claro, a autorización para que se poida celebrar alí O Marisquiño depende dunha autorización que ten que dar a propia Autoridade Portuaria, e que non é, como dixo o señor López Veiga, para que vexa quen organiza como se ten que responsabilizar, porque, cando un vai á lei que regula os portos do Estado, a responsabilidade desa autoridade portuaria tamén aparece aquí, e imaxino que vostedes tamén queren transparencia para a Autoridade Portuaria.

Nós non cremos que este sexa un debate para seguir no pim pam pum. Eu creo que hoxe a portavoz do Partido Popular veu aquí repetirnos a intervención que faría no Concello de Vigo. En fin, creo que isto é o Parlamento... (*Murmurios.*) e que estamos para facer unha análise rigorosa de que pasou, cales son todas as administracións que están implicadas. E, efectivamente, a Xunta como logo veremos, tamén ten a súa parte de responsabilidade en todo este asunto.

Non nos queda moi claro —a verdade— cal vai ser a súa posición de voto. Nós seguimos insistindo en que hoxe hai que votar pensando en que as persoas que estaban alí teñen dereito a saber qué pasou, quen son os responsables, e que iso é o que lle dá sentido ao funcionamento democrático. Non pensamos que o feito de que haxa unha investigación xudicial interfira para nada nun debate parlamentario. Está habendo unha investigación sobre o accidente de Angrois, e no Parlamento do Estado hai unha comisión de investigación. Por certo, creo que o PSOE ao final tivo que cambiar a súa posición de voto e votou a favor de que esa comisión se constituíra.

En todo caso, a min paréceme que estamos ante un debate no que todos e todas sabemos que cando alguén di que nun Parlamento non se pode investigar porque hai unha investigación xudicial sabe que é unha escusa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...de mal pagador para non asumir as súas responsabilidades.

Nós queremos que se investigue, agardamos que hoxe se investigue, e que se esta comisión de investigación sae adiante, vaia —como moi ben dicía a señora do Partido Popular— sen mordazas, sen vetos, e que ninguén se atreva a delimitar quen pode e quen non pode vir comparecer, e que as propostas de todos os grupos se vexan reflectidas, porque non vaia ser que o que quere o Partido Popular é aplicar os vetos e as mordazas que denuncia no Concello de Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señorías, a investigación da verdade, señor Losada, pero sobre todo o coñecemento da verdade, é un dereito democrático, que non debería de estar vetado ás minorías, senón que debería de someterse polo tanto á regra das maiorías. Normalmente, ademais, sucede que son as minorías políticas as que, facéndose eco das maiorías sociais, buscan a investigación da verdade fronte a unhas maiorías políticas que pensan que teñen secuestrada a vontade da totalidade, simplemente por non querer escoitar aquilo que lles pode resultar incómodo.

Pensamos, dito con toda a cordialidade, que é cutre que veña vostede dicir aquí que soamente as maiorías teñen dereito a pedir que se investigue a verdade. Non. Iso empequenece a súa función, a súa propia e a do seu grupo parlamentario, que son aquí a terceira forza política. E ninguén lle está discutindo a lexitimidade para pedir a investigación da verdade, e cando o fan, moitas veces —por non dicir sempre— puxémonos do seu lado, do lado da investigación da verdade —refírome—, cando a pide o Partido Socialista nesta cámara ou en calquera outro lugar.

Mire, sobre as comisións de investigación, nós pedimos no que vai de lexislatura ata en tres ocasións a creación dunha comisión de investigación sobre o accidente de Angrois; pedímla aquí. Polo tanto, non é verdade que non se pediran máis comisións de investigación que esta que temos agora no debate.

Pedímla, ademais, nada máis e nada menos que co aval da Unión Europea, co aval da Comisión independente do ámbito ferroviario, que sinalou a vergoña de ter dito que no Estado español non se fixera unha comisión verdadeiramente independente que investigase as causas do accidente. E nós cremos que, con bo criterio, intentamos en numerosas ocasións, e sen éxito, como se viu, que iso puidese ter lugar aquí, xa que non podía ter lugar naquela altura noutros parlamentos, situación que agora afortunadamente cambiou.

Tamén pedimos —e tamén falamos diso esta mañá— unha comisión de carácter e de natureza diferente para a investigación duns lumes, que nos parecía que non era un tema exclusivamente forestal, senón que era un tema territorial, e a composición e unha forma de facer unha investigación de forma independente, con consecuencias que tivesen outro matiz neste Parlamento, algo ao que vostedes tamén se negaron, xunto co Partido Popular, excluíndonos incluso da propia Mesa da Comisión.

Falaba a señora Egerique de dar explicacións, que fará aquí o vicepresidente da Xunta de Galicia. Nós pedimos xa no mes de agosto que comparecese Rueda, por unha razón; Rueda non, o presidente da Xunta de Galicia, porque nos parecía insuficiente a comparecencia de Rueda, porque había máis departamentos implicados neste accidente. Falamos concretamente da Consellería do Mar, e pensamos que quen mellor podía reunir todas as explicacións fronte a ese bochorno explicitado pois era o propio presidente da Xunta de Galicia.

En todo caso, parece que imos a un escenario no que todo o que non se pode coñecer en Vigo, ou polo menos unha parte do que non se pode coñecer en Vigo, poderémolo coñecer aquí para coñecemento e para bo facer non soamente do conxunto da cidadanía de Vigo, senón de toda Galicia.

Volvemos á pregunta do principio: ¿para que serve unha comisión de investigación? Pois para coñecer a verdade. ¿E quen pode estar en contra de coñecer a verdade e de aprender do sucedido?

Tras o anuncio de posición dos distintos grupos, parece que soamente queda pendente —e por iso volvemos desde aquí a reclamar desde esta tribuna— unha comisión de investigación en Vigo sobre o seu propio ámbito de competencia municipal. Aínda está a tempo o alcalde de Vigo de rectificar, porque, se non, el vai ser o único que quede en solitario nunha posición de cerrazón, nunha posición de inmovilismo, nunha posición de non ceder ante o que é a lóxica de coñecer a verdade para que isto non volva suceder.

Podíamos facer o chiste de que, claro, ten a cara máis dura que o cemento armado. Pero o cemento armado xa vemos que cede, e o Concello de Vigo parece que a estas alturas aínda non cede.

Non queremos tampouco que sexa esa administración a única que quede sen a comisión de investigación. Brindarémolles a oportunidade de volver pronunciarse. E, ademais, respectaremos o ámbito da propia competencia municipal na competencia deste Parlamento de Galicia. Así o faremos valer sempre que, evidentemente, haxa un espazo de investigación no propio concello.

Señorías, remato xa. É deber desta Cámara estudar o sucedido para evitar que a historia se repita, tomar nota e aprender. Quen ama a cidade de Vigo e quen ama a cidadanía de Vigo debería estar encantado de coñecer a verdade. E quen representa a cidadanía de Galicia debería aprender do sucedido. Así o faremos nós.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Rematado o debate desta solicitude, procedemos a votar a solicitude de creación desta comisión de investigación.

Pechen as portas, por favor.

Votamos.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos GG. PP de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival O Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 13; abstencións, 41.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a creación desta comisión.

O señor PRESIDENTE: Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, que se corresponde co de comparecencias.

Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para dar conta dos feitos acaecidos e das actuacións levadas a cabo en relación co accidente acontecido o pasado día 12 de agosto durante a celebración do festival O Marisquiño en Vigo, de acordo todo isto coa Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, comparezo efectivamente no día de hoxe por petición propia e, loxicamente, en representación do Goberno galego para dar conta das competencias, das actuacións e, se queren, tamén das responsabilidades, á hora de exercelas, do Goberno galego en relación co accidente do Marisquiño do pasado 12 de agosto.

Comparezo, xa digo, para falar das competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia —o que facemos, sen ningunha dúbida, con todo o convencemento—, sobre responsabilidades en materia de emerxencias —máis ben en materia de emerxencias sanitarias, que esa foi a intervención da Xunta de Galicia— e tamén como goberno promotor da Lei de espectáculos públicos, que, como proxecto de lei, entrou nesta Cámara e foi aprobada —teño que recordalo— sen ningún voto en contra de ningún dos deputados e deputadas desta Cámara.

Xa o fixeron todos os intervinientes anteriores e, dende logo, quero eu tamén —insisto, en nome do Goberno galego— manifestar a solidariedade coas vítimas do accidente e coas súas familias. Díxose xa tamén —é unha cifra, por repetida, xa case coñecida— que foron 467 persoas feridas, varias delas graves. Afortunadamente xa abandonaron os diferentes hospitais, pero, por desgraza, algunhas delas estiveron moitos días hospitalizadas. Son, señorías, case cincocentas persoas. E a iso hai que engadirlle todas as súas familias, que se viron directamente afectadas por este accidente. Só os feridos —por facer unha comparativa gráfica— darían para encher seis veces este hemiciclo onde estamos os representantes da soberanía galega. Como aquí se dixo, os seus representantes debemos exercer as nosas competencias —dende logo, o Goberno galego faino, por iso estou comparecendo—, poñernos

no seu lugar, pensar que eran persoas, moitas delas, moi xoves; e moitas delas acudían seguramente a un concerto por primeira vez coa intención de pasalo ben. Dende logo, con ningunha intención de sufrir o que tiveron que sufrir eles e as súas familias.

Sabemos o resultado. Agardemos, sobre todo nos feridos máis graves, que as secuelas, mesmo psicolóxicas, se vaian superando co tempo. Pero creo que a nosa obriga é analizar o que pasou, intentar saber por que pasou, con independencia da actuación xudicial, por suposto. A actuación xudicial está aí, por suposto, e todos imos colaborar. A Xunta de Galicia acaba de comunicarlle ao xulgado, por requirimento do propio xulgado, o reforzo dos medios persoais que o xulgado solicitou para afrontar esta evidente carga de traballo a maiores que vai ter pola instrución do accidente do Marisquiño. A xuíz pediuno e a Xunta de Galicia, por suposto, concedeuno. E o mesmo faremos cando determinen os peritos, as persoas que deban facer as peritaxes, para axudar á súa instrución. Iso tamén lle corresponde á Xunta de Galicia, igual que o fixemos no caso máis recente, no caso de Paramos. Farémolo tamén, por suposto, en canto a xuíza o requira. E nese sentido estamos en contacto co xulgado. A todos nos interesa que se diluciden as responsabilidades que se teñen que dilucidar no xulgado. A todos nos interesa darlle todos os medios —é a nosa obriga como Xunta de Galicia— ao xulgado para que poida facelo, e, polo tanto, iso é traballo do xulgado. E o xulgado —como aquí se dixo e dicimos tantas veces— o que ten que facer é traballar e exercer o seu labor da forma máis áxil posible, e para iso precisa a axuda que lle estamos dando. Insisto en que acabamos de comunicar, por requirimento do xulgado, o reforzo dos medios persoais.

Pero eu creo que aquí temos que facer outro tipo de debate —díxose aquí tamén—, un debate político para intentar saber o que pasou, intentar saber as responsabilidades políticas e, sobre todo, intentar que isto non volva suceder. Acábase de aprobar aquí unha comisión de investigación. Decía o señor Font o outro día que parecía que en Vigo, cada vez que pasa algo, hai que facer unha comisión de investigación. Oia, iso é como ese dito que hai: «Non teñas desexos, non vaia ser que se fagan realidade.» Pois os socios de goberno do señor Font na Deputación de Pontevedra acaban de dicir que se faga esa comisión de investigación. Non se quixo facer ningunha comisión de investigación en Vigo. O señor Caballero, efectivamente, permitiu 18 minutos. Levamos moitos máis entre o punto anterior e este falando do Marisquiño. E, dende logo, nin o Goberno galego nin, como se viu, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia van ser ningún obstáculo —senón todo o contrario— para que se faga esa investigación en sede parlamentaria. E para iso, loxicamente, necesitanse os datos da actuación do Goberno e é o que veño facer aquí cumprindo esa petición de comparecencia; e con independencia de cal fora o resultado desa votación, xa que a petición de comparecencia está rexistrada —como saben vostedes— hai xa bastantes días.

Señorías, como comentaba ao principio, se hai que falar das responsabilidades do Goberno da Xunta de Galicia, hai que falar das actuacións exercidas, é dicir, das competencias e de todo o cumprimento das súas obrigas, en materia de emerxencias sanitarias, que foi quen as asumiu. E creo que xa se dixo aquí e se recoñeceu, a pesar dalgunhas cousas que se dixeron ao principio por parte dalgún grupo político, que foi cunha nota sobresaliente, que os propios profesionais sanitarios se autooutorgaban con toda a razón do mundo. E creo que moitísimas das vítimas así o quixeron recoñecer expresamente e mesmo se recolle nos medios de comunicación. E tamén, como dicía, no que atinxe ás obrigas que establece a Lei de espectá-

culos de Galicia. E aquí creo que pouca discusión pode haber porque creo que a lei aí está especialmente clara. E é o que veño dicir aquí, porque creo que é parte da miña obriga e a miña responsabilidade como responsable, ademais, do departamento que a impulsou no seo do Goberno galego e a converteu en proxecto de lei; que logo —como dicía antes— chegou a este Parlamento e foi aprobada sen ningún voto en contra, o cal quere dicir que ninguén se opuxo ao que aí se establecía claramente.

Entrando na parte de emerxencias, teño que dicir que en torno á media noite, concretamente ás 23:55 horas do domingo 12, o Centro de Atención ás Emerxencias de Galicia, o 112, recibiu a chamada dun particular, recibiu a primeira comunicación do suceso. É certo que houbo outra chamada a outros organismos, pero o que lle corresponde á Xunta de Galicia foi esa chamada ao 112 de Galicia dicindo que caera a barandilla do Club Náutico e que había xente na auga. Están as transcrisións aí, iso foi o que se dixo exactamente. A partir de aí, o 112 o que fai é activar as comunicacións; en primeiro lugar, dada a información que se acaba de recibir, con Sasemar Vigo. E á continuación —e todo en menos de dous minutos— avísase tamén a Urxencias Médicas, á Garda Civil, Bombeiros de Vigo, á Autoridade Portuaria e á Policía Nacional. E algúns deles xa nos din que tiñan coñecemento e que tamén recibiran chamadas nese sentido. A partir de aí, nas seguintes horas continúa, é certo, como unha emerxencia médica, na parte que nos toca á Xunta de Galicia... A parte que de acordo co plan municipal de Vigo lle correspondía activar, por certo, non se activou, ou polo menos non houbo ningunha coordinación. Non se fixo. Emerxencias atendeu ben —todos estamos de acordo— pero ao Concello de Vigo correspondíalle activar o plan de emerxencia municipal para que se deran os pasos a través do 112. Non se fixo. E, polo tanto, non hai outra información que as chamadas que se recibían no 112. Isto respecto do 112, non respecto do 061, porque —e vou dar os datos— creo que as actuacións foron dunha calidade como fan os profesionais da sanidade pública galega, e están perfectamente detalladas. O 112 continuou —como dicía— co seu labor de coordinación, unha vez non activado ese plan de emerxencia municipal. Chegamos a contactar con case vinte organismos —ademais dos xa citados—: psicólogos, policía local, Gardacostas, Protección Civil, grupos de emerxencia supramunicipal da contorna; e mesmo os centros de atención ás emerxencias doutras comunidades autónomas que chamaban, loxicamente, en demanda de información por se houbera algunha persoa desas comunidades autónomas que estivera de vacacións, que estivera no concerto, e que, polo tanto, demandaban información —tanto eles coma os gobernos autonómicos—.

Quero agradecer, polo tanto —xa o fixen ao principio, fixérono todos vostedes e é de xustiza— o labor desenvolvido por todos os profesionais: Sasemar, 061, persoal sanitario dos hospitais, bombeiros e persoal de emerxencias do Concello de Vigo, Policía Nacional, Policía Local, Garda Civil, Gardacostas, asociacións de voluntarios de protección civil, outras proteccións civís desprazadas de concellos cercanos, os propios efectivos de seguridade que contrataron os organizadores, transportistas —xa se dixo aquí—, condutores de servizos públicos de transporte en xeral e moita xente nunha numeración sempre inxusta. Se queda alguén fóra, creo que eles saben perfectamente o labor excepcional que fixeron durante ese día, un traballo exemplar e do que todos nos felicitamos, porque a atención ás emerxencias creo que funcionou axeitadamente. Outra cousa é o que tería que terse feito para que esa atención non fora necesaria.

Foi, polo que respecta á Xunta de Galicia, unha actuación de emerxencia de carácter eminentemente sanitario nas nosas competencias. Despois dese aviso ao 112, e inmediatamente do coñecemento do 061, empezaban a chegar as primeiras ambulancias en moi pouco tempo. E ás 2:59 da madrugada, ao día seguinte, exactamente tivo lugar o último traslado. Aínda que é certo que quedaron outras ambulancias alí ata as 5:00 da madrugada.

Concretamente, os medios que se mobilizaron de emerxencias foron 5 UVI móbiles, 2 equipos do PAC de Vigo, 12 ambulancias asistenciais de soporte vital básico, 24 ambulancias de apoio, 3 vehículos de apoio loxístico e 3 ambulancias da Cruz Vermella. Instalouse no lugar do accidente un 061, 1 posto de mando médico, 1 punto de triaxe inicial. Fíxose triaxe das vítimas que acudían alí. É certo que outras moitas acudiron directamente aos centros sanitarios. Pero nos casos máis graves e para aqueles que acudían alí mesmo en demanda de asistencia médica instalouse ese posto de triaxe e fíxose unha cualificación inicial das persoas feridas segundo a gravidade. Concretamente foron 2 vermellos, 7 amarelos, 64 verdes e 24 altas alí mesmo, no centro de triaxe —97 atendidas alí—. E a iso hai que engadir todas aquelas que, xa digo, foron directamente aos centros sanitarios para ser atendidas. En total, ese número de 467 persoas feridas.

Durante o dispositivo hai que dicir que as urxencias sanitarias de Vigo foron ao final case mil profesionais da sanidade pública e tamén dos centros aos que acudiron os diferentes feridos e feridas da sanidade e hospitais privados, profesionais da sanidade que se mobilizaron. E mesmo se chegaron a engadir máis de vinte profesionais adicionais aos que xa estaban. Falo non só dese día senón dos días seguintes.

O gasto sanitario é coñecido xa, supera os douscentos mil euros. E anuncio xa que a Xunta de Galicia, por suposto, solicitará a súa personación no caso co fin de que se aclaren as responsabilidades —sobre todo as responsabilidades que dean lugar a que quen fora responsable de que isto se producira faga efectivas as correspondentes indemnizacións—, e tamén a Xunta de Galicia, que manexa diñeiro público, reclamará o resarcimento destes gastos sanitarios, como é normal, como é entendible, e no que, estou seguro, todos vostedes estarán de acordo.

Á cabeza da coordinación deste dispositivo de emerxencia sanitaria, durante toda a madrugada dese día, do día 12, do día 13 e do día seguinte, estiveron no Servizo de Urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro —onde se centralizaba a maioría das atencións— o conselleiro de Sanidade xunto co xerente da EOXI de Vigo. E aquela noite tamén estivo o delegado da Xunta de Galicia sobre o terreo durante a prestación da atención á emerxencia alí onde se produciu o derrubamento.

Estes, señorías, son os feitos referidos á atención sanitaria, á prestación ante a emerxencia sanitaria que deu a Xunta de Galicia. Insisto, creo que a atención impecable probablemente foi a que produciu, fóra do pequeno milagre que fora, que pese aos feridos graves —creo que todos temos ese convencemento— afortunadamente aquilo non tivese aínda máis gravidade. Creo que a atención sanitaria, a atención das emerxencias en xeral de todas as administracións que alí estiveron, contribuíron nunha gran medida a que isto fora así.

Respecto da outra parte á que eu quería dedicar a miña intervención, no que é a miña obriga, é a referida á Lei de espectáculos públicos e, polo tanto, a todo o procedemento que deu lugar á autorización, ou non —agora escoitamos o señor Losada nunha declaración para min sorprendente, é cuestión de comentala tamén—, pero, en principio, ás autorizacións que se deron e aos controis tamén, porque quen autoriza suponse que antes controla para que ese espectáculo teña lugar con todas as garantías.

A Lei de espectáculos —insisto en que se aprobou aquí sen ningún voto en contra— establece claramente as competencias, o que hai que facer, o que debe facerse, e o que non se pode facer se non se autoriza. Esta Cámara, como veño dicindo, aprobou o 19 de decembro de 2017 a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Entrou en vigor o pasado día 2 de xullo. Eramos conscientes de que introducía novidades nalgunhas cousas —noutras non, noutras viña a establecer con claridade cousas que xa viñan sendo de observación obrigatoria—. Pero, como eramos conscientes de que era necesario facer unha campaña de divulgación nunha lei de tanta transcendencia social, fixémosla. Fixémola especialmente no mes de xuño —xa antes, pero intensificámola no mes de xuño pensando en que estaba a piques de entrar en vigor a lei e ademais estaba a piques de empezar a temporada forte de celebración de espectáculos públicos por toda Galicia—. Fixemos moitas charlas en diferentes puntos do territorio galego, organizadas pola propia Xunta, pedidas por colectivos profesionais; en definitiva, tiveron lugar por petición de todos aqueles que estaban interesados en que se fixera este labor divulgativo e en ter un coñecemento claro.

Puxemos información á disposición na *web* da Dirección Xeral de Emerxencias, información completa, relativa á nova regulación, un *power point* explicativo que podemos dicir que foi consultado e tivo un grande interese, lóxicamente, sobre todo por aqueles responsables e tamén moitos técnicos municipais, en último caso responsables ou, polo menos, intervinientes no proceso de autorización de espectáculos públicos.

Tamén en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias fixemos un modelo de declaración responsable, que nolo demandaban para aclarar o que había que facer para que non houbera ningún problema. Foi utilizado por diferentes concellos na tramitación das festas e verbenas populares e serviu tamén para que se asesorara a moitos organizadores privados de eventos públicos, comisións de festas, etc.

E, por último, abrimos un servizo de consulta con resposta inmediata a través do correo electrónico, un correo electrónico da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para resolver todas as dúbidas. Houbo moitas consultas, case cen. As que criamos que tiñan máis interese, por repetitivas, por presentar casos que era bo que se coñeceran, publicámolas. É dicir, houbo un momento de moitas consultas. Segue aberto na actualidade. É certo que o número de consultas diminuíu notablemente. Queremos pensar que é, primeiro, porque había casos moi repetitivos que quedaron clarificados e, segundo, porque lóxicamente baixou tamén o número de eventos que celebrar conforme avanza os meses do verán. Pero o certo e verdade é que este foi o primeiro verán con vixencia da lei e temos que dicir que, salvo o suceso desgraciado do Marisquiño, especialmente, transcorreu todo con normalidade na inmensa maioría do territorio, o cal quere dicir que estamos seguros de que na inmensa maioría dos casos os responsables públicos e tamén os promotores das festas fixeron o que tiñan que

facer para garantir —que ao final se trataba diso— a seguridade das persoas que acudían aos espectáculos públicos.

¿Foi así no caso do Marisquiño? Pois, evidentemente, á vista da documentación que se foi aportando, da pouca documentación que se foi aportando, e á vista do que se vai sabendo, á vista, por exemplo, do que acaba de dicir o señor Losada, está claro que as cousas non se fixeron como se tiñan que facer. E non será, señor Losada, señorías, porque a Lei de espectáculos públicos non establece clarisimamente o que hai que facer para que as cousas se fagan ben e para que se garanta a seguridade.

Estamos seguros, señorías, de que só o cumprimento da Lei de espectáculos, só o cumprimento das garantías que se establecen para intentar que haxa a máxima seguridade, por si só non impide en todos os casos que se poidan producir accidentes. Agora, do que estamos absolutamente seguros dende o Goberno galego, e do que están —estou seguro— absolutamente seguros e seguras as súas señorías, é que iso contribúe moitísimo a evitar este tipo de situacións, e de que, normalmente, cando as cousas se fan mal os resultados acaban sendo malos.

Por establecer, xa digo, o que está clarísimo, por vir clarificar aquí —por se fixera falta, o que é a miña obriga— o que di a Lei de espectáculos públicos respecto da autorización deste tipo de espectáculos, e centrándome no Marisquiño, hai que dicir que a Lei de espectáculos o que fai é exixir licenza para a celebración de eventos que requiran plan de autoprotección. A pregunta é: ¿cando é necesario un plan de autoprotección? Pois, de acordo coa normativa vixente, cando se vai celebrar un evento, un espectáculo público, que se celebre ao aire libre, que teña unha a asistencia superior a 20.000 persoas ou que supoña unha especial situación de risco. Imos entrar aquí e resulta que non, que O Marisquiño foi só unha baixada de trial —por dicilo especificamente— e despois un concerto. Iso dixo vostede, señor Losada. Foi moito máis ca iso. En todo caso, os propios organizadores do Marisquiño eran conscientes cando presentaron o seu plan de autoprotección. Non o rexistraron na Xunta de Galicia, pero parece ser que si, coa súa solicitude tanto diante da Autoridade Portuaria como diante do Concello. Polo tanto, eran conscientes. Ata aquí, todo perfecto. Era necesario e fíxose. Por tanto, tivo que ser algo máis que o que vostede dicía nese intento de... Non sei moi ben de que era intento; intento, dende logo, de evidenciar aquí que vostede non ten toda a información, que non lla dan ou, se a ten, non a quere dicir aquí polas razóns que sexa. Pero non foi así nin moitísimo menos. Eu rógolle un pouco de rigor, porque, claro, se estamos falando dunha baixada en bicicleta e dun só concerto, entón non estamos falando do mesmo e o accidente do Marisquiño non tivo lugar no evento do que vostede fala, señor Losada. E refírome a vostede porque foi o que defendeu aquí a actuación do Concello de Vigo, que na miña opinión —e neste caso vou intentar evidenciarlo— é bastante indefendible; simplemente coa lei na man, coa lei na man, nada máis ca iso.

Estamos de acordo en que foi un espectáculo público, están de acordo os organizadores en que ía reunir máis de 20.000 persoas e, polo tanto, requiría plan de autoprotección. E, se require plan de autoprotección, a lei é clarísima, a Lei de espectáculos require tamén licenza, inescusablemente, sen ningún tipo de discusión.

¿Quen debía emitir a licenza tras a presentación por parte da organización do plan de autoprotección? Pois está no artigo 5 da Lei de espectáculos, non hai que buscar moito máis. Competencias municipais: «Correspóndelles aos concellos outorgar as licenzas que correspondan en relación cos espectáculos públicos e coas actividades recreativas que se desenvolvan dentro do termo municipal, incluídas as de carácter extraordinario»; é dicir —para que non haxa ningunha dúbida—, calquera, as ordinarias, as que son periódicas, ou as de carácter extraordinario.

¿Estamos de acordo en que o festival O Marisquiño era un espectáculo público? Si. ¿Estamos de acordo en que se consideraba como unha unidade dado que o plan de autoprotección se refería a todo o que se ía facer no festival? Tamén. Están de acordo os organizadores, nada que dicir nese sentido. E, polo tanto, unha única solicitude —polos menos eles así a plantexaron— que engloba múltiples actividades —niso consiste O Marisquiño— de todo tipo: lúdico, deportivo e cultural-musical.

Tendo en conta todo isto resulta evidente que é necesario un plan de autoprotección, que se superan con creces as 20.000 persoas e que había varias actividades. Por tanto, visto que é necesaria licenza porque había un plan de autoprotección, o artigo 5 di claramente que quen ten que dar a licenza é o concello onde se desenvolve o espectáculo público. ¿Como ten que dala? Pois «unha vez emitidos» —e sigo lendo a lei— «os informes necesarios que determinen e garantan que se está cumprindo a normativa aplicable». Polo tanto, facendo un pequeno resumo de cousas que creo que se entenden perfectamente, un plan de autoprotección, polo tanto licenza, licenza do concello, que o concello outorga unha vez que, examinados os informes e feitas as comprobacións oportunas, comproba que o espectáculo se pode celebrar. Volvendo a oración por pasiva, se o Concello constatara —se fixo as comprobacións necesarias— que había algún tipo de circunstancia que determinaba a imposibilidade —porque non se garantía a seguridade— de que se celebrara O Marisquiño, neste caso, pois sería o Concello o que puido telo impedido. Isto está clarísimo coa lei na man.

¿Cales son eses informes? Volvo á Lei de espectáculos —insisto en que non hai que ir a ningún sitio máis, intentamos que fora unha lei clarificadora nese sentido—. O artigo 7 —condicións técnicas e de seguridade nos espectáculos públicos— di que todos os espectáculos públicos deberán cumprir a normativa reguladora nos seguintes aspectos: seguridade para artistas, público, persoal técnico e terceiros, solidez das estruturas e funcionamento das instalacións, garantía das instalacións eléctricas, prevención e protección de incendios, salubridade e hixiene acústica, protección do contorno urbano, do medio ambiente e do patrimonio cultural e natural, e, se fora necesario, accesibilidade e supresión de barreiras e plan de autoprotección.

Quedo con «plan de autoprotección» e con «solidez das estruturas e funcionamento das instalacións». Todo é importante, pero, dende logo, para o que estamos falando isto é absolutamente fundamental. ¿Está clara a lei neste sentido? Creo que clarísima. ¿Está clara a distribución de competencias? Está clara tamén. ¿Está claro que, se non se cumpre todo isto, a licenza non se pode dar e, polo tanto, o espectáculo non se celebra? Tamén. ¿Fixéronse estas comprobacións? Esa é a gran pregunta, esa é a gran pregunta.

Por se non quedara claro, un artigo máis da Lei de espectáculos públicos di que as facultades de inspección e control corresponden aos concellos. Dígoos por se con vostede despois, ou con calquera dos que interveñan, hai algún tipo de discusión. Hai varios artigos que o remarcan, porque ademais isto era nalgún sentido —non nisto, nalgún sentido— unha novidade importante.

Todo isto con independencia dos permisos, e creo que hai que falalo aquí tamén. Decía o señor Villares que non queríamos falar. Eu veño aquí a falar exactamente do que di a Lei de espectáculos públicos, que é a que di como se ten que autorizar, e con que comprobacións, un espectáculo. E di que é o concello despois de comprobar cos informes técnicos necesarios, e sobre o terreo se é necesario, que se dan as condicións de seguridade.

É certo que antes había unha solicitude de autorización á Autoridade Portuaria. Ben, como titular do terreo, a Autoridade Portuaria —iso tamén o comprobamos, e hai que vir falar aquí documentado; polo menos eu inténtoo— viu se estaba integrado o plan de autoprotección no plan de autoprotección xeral e outorgou unha autorización que dicía exactamente: «...sen prexuízo da obtención das licenzas necesarias para que se poida realizar, efectivamente, a actividade». Iso é o que di a Autoridade Portuaria. Polo tanto, o procedemento está cumprindo exactamente non só a normativa estatal —que estou seguro que o facía a Autoridade Portuaria—, senón tamén o que di a Lei de espectáculos, que di que quen ten que autorizar é o concello, é competencia municipal. E, polo tanto, a autorización que se dá da Autoridade Portuaria... E non veño aquí dicir outra cousa. Insisto en que creo que non é obxecto desta comparecencia outra cousa máis que clarificar o que di a Lei de espectáculos públicos, e quen pode autorizar se se fai ou non se fai o espectáculo. E quen podía autorizar se se facía ou non se facía O Marisquiño era quen tiña a competencia, que era o Concello.

Polo tanto, isto é o que di a lei. E agora imos ver o que, efectivamente, pasou. Eu creo que, para completar a perspectiva da Xunta de Galicia —non é opinión, é exercicio das competencias como promotores da lei—, hai que ver a documentación que se presentou e ver se, efectivamente, procedía ou non procedía celebrar o espectáculo.

Saben vostedes que o grupo municipal do Partido Popular pediu —coa maior brevidade se podía ser, e non debería haber demasiado problema, dado o accidente que se produciu— toda a documentación, pedía toda a documentación, todo o expediente, en definitiva, que deu lugar á autorización e como se deu da celebración do Marisquiño. Houbo un silencio de dez días. Tras ese silencio, o que aportou o Concello foi a autorización previa da Autoridade Portuaria para que se lle trasladara todo ao Concello e o Concello fixera as comprobacións. Agora, as comprobacións do Concello, nin a primeira. Iso foi o que pasou.

Claro, loxicamente, aquilo era cando menos estraño. Houbo ameazas de querelas se non se presentaba a documentación, e, polo que fora, ao final o Concello aportou algunha documentación máis; digo algunha, e nada máis. E, efectivamente —ten razón o señor Losada—, para gran sorpresa parece ser que non houbo Marisquiño, houbo algunha actividade illada e, polo tanto, como eran actividades illadas parecía que non era necesario facer ningún tipo de comprobación.

O único que consta no expediente, polo menos o que nós coñecemos, é unha autorización temporal para a ocupación da vía pública —por parte do Concello, digo—. Iso en ningún caso pode substituír unha licenza municipal; en ningún caso, en opinión da Xunta de Galicia.

Por suposto non hai ningún informe dos que debían emitir os técnicos municipais. É certo que hai un informe do enxeñeiro que vai a tarde que están montando —o enxeñeiro de seguridade— e o que vén dicir é que, feita a comprobación visual da zona, non se observan anomalías —parece que é a palabra no proceso de montaxe das instalacións que se están montando—. Todo iso é o que se fixo. Por suposto nin seguridade das estruturas nin informes para garantir a seguridade de artistas, público, persoal e técnicos —e leo o que pide a lei— nin das estruturas e funcionamento das instalacións nin das instalacións eléctricas. Non se atopa unha soa referencia, unha referencia mínima, á solidez da infraestrutura onde vai ter lugar o espectáculo nin ao cumprimento do resto da normativa, que o que buscaba era a seguridade das persoas que pouco tempo despois ían estar desfrutando, ou, polo menos, intentando desfrutar dese espectáculo.

A autorización tramítase coma se fose a autorización dunha comisión de festas dunha asociación de veciños. Iso é o que hai, iso hai que dicilo, porque dende logo... Se hai outra documentación, non a coñecemos. Ogallá que haxa outra documentación, porque só de pensar que a autorización se deu nesas condicións... Bueno, creo que as consecuencias e o que a todos se nos pode estar pasando pola cabeza é bastante evidente. Indícase nesa documentación que nós coñecemos que hai unha obriga de presentar outra documentación, que non se achega en ningún momento. Dende logo, o día do concerto non estaba. Fálase dunha autorización anterior que se concedeu para a celebración do evento, supoñemos que noutro ano. Tampouco se aporta. É dicir, non hai ningún informe sobre a seguridade, non hai ningunha comprobación que dixera «isto é o que se quere facer e neste lugar pódese facer». Os organizadores presentan o seu plan de autoprotección. E quen debe autorizar, ir e comprobar se efectivamente esa autorización se pode facer está clarísimo. Non derivemos responsabilidades. Dende logo, non o veño facer aquí porque a lei non o fai. A lei o que di exactamente é o que hai que facer. E, polo tanto, haberá que comprobar se se fixo o que se tiña que facer. E a conclusión, dende logo, polo que estou dicindo, é que, sinceramente, non. E, dende logo, as competencias e as obrigas están claras, na miña opinión, coa lei na man. Insisto en que se acaba de aprobar, impulsada polos seus socios de goberno en moitos concellos, tamén na Deputación, unha comisión de investigación parlamentaria. Supoño que todo isto se verá, pero a miña obriga, en representación do Goberno da Xunta de Galicia, é dicir o que dicía a lei que impulsamos; é dicir, o que hai en virtude e á luz dos documentos que se aportaron.

Xa sabemos o que pasou despois, xa sabemos que en 18 minutos se ventilou todo, xa se viu que, a pesar de non aportar nin un só informe, nin unha soa comprobación, a pesar de non dar ningunha explicación sobre se foron ou non foron mirar as estruturas, sobre se se comprobou sobre o terreo se aquilo se podía facer ou no se podía facer, sobre se se controlou o aforo ou non se controlou —por certo, sobre todas esas cousas non sabemos absolutamente nada—, o Concello de Vigo en 18 minutos intentou que todo isto se ventilase. E agora este Parlamento decidiu o que acaba de decidir.

Eu, simplemente, como membro do Goberno, como impulsor da Lei de espectáculos, o que teño que dicir é que durante este verán se celebraron en Galicia moitísimas festas. Somos un país de moitas festas. Moitísima xente —e especialmente os profesionais que nos dicían que era necesario regular todo isto para que quedase clarificado— mesmo dicía nalgúns casos que se estaba sendo especialmente estrito. Creo que despois, por desgraza, os feitos nos deron a razón en que esta especial rigorosidade era necesaria, outra cousa é que se cumprira como se tiña que cumprir e outra cousa son as responsabilidades que se derivan de todo isto.

Eu creo que, primeiro, por todas as 467 persoas, homes e mulleres, moitos deles moi xóvenes, que foron feridos, polas súas familias, por tantos alcaldes e alcaldesas e responsables políticos que ao mellor —señor Losada, xa sei que non lle vai gustar nada, pero vólvo dicir, xa que foi vostede o que o defendeu aquí— non soben aos escenarios ao principio de cada concerto, non collen o micrófono, non fan de teloneiros, pero que antes fixeron todo o traballo que había que facer e saben que ese espectáculo respecto do cal non soben ao escenario para facerlles de teloneiros aos que van cantar se pode celebrar porque se fixeron as comprobacións —aquí todo indica que non—, creo que todos eses que fan as cousas ben merecen, primeiro, que o Goberno galego estea hoxe aquí dicindo como se tiveron que facer as cousas e, segundo, que se saiba en sede xudicial, que ten, por suposto, as súas competencias, ten a última palabra, sen ningunha dúbida. E en sede parlamentaria, despois deste acordo parlamentario que promoveron os seus socios, tamén que se saiba politicamente o que sucedeu; sobre todo, para intentar que non volva suceder.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Comezamos a rolda dos grupos parlamentarios. Ten a palabra, en primeiro lugar por parte do Grupo Parlamentario do BNG, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Señor vicepresidente, señor Rueda, esta comparecencia súa chega tarde, chega tarde porque estamos a falar dun accidente que se produciu o pasado 12 de agosto e nós entendemos que unha situación extraordinaria como a vivida no porto de Vigo merecía unha resposta extraordinaria do Goberno, e ademais ao máis alto nivel. E por iso o BNG e a Marea pedimos a celebración dun pleno extraordinario e a comparecencia do presidente da Xunta. Tiveron vostedes ocasión de aprobar ese pleno extraordinario e dar as oportunas explicacións, e non agardar a este pleno. Chega tarde e ademais é unha explicación absolutamente parcial e partidista. Fai vostede aquí de *hooligan* do Partido Popular, complementariamente coa intervención da señora Egerique, que a verdade é que, se chega falar un pouco antes igual a elixían candidata do Partido Popular en Vigo. Porque a verdade é que puxo aquí todo o seu entusiasmo falando coma se estivese no Pleno do Concello de Vigo. Pero, bueno, xa onte escolleron candidata, así que non ten moitas oportunidades.

Claro, nós pensamos que vostede non veu aquí a dar contas porque estaba moi ocupado, estaba ocupado facendo de presidente provincial do Partido Popular, facendo o seu traballo

político para o seu grande obxectivo para o ano que vén, que xa sabemos cal é, que é recuperar esa institución que parece que só pode gobernar o Partido Popular.

En fin, despois entraremos máis en materia. Eu quería deixar claro unha vez máis —xa o fixemos en declaracións públicas pouco despois do sinistro— o desexo de total recuperación de todas as persoas afectadas, sobre todo das secuelas psicolóxicas, que son as máis difíciles de curar. E nese sentido está a importancia de poñer todos os medios, de estar ao seu lado por parte de todas as administracións, e de dar exemplo. Tamén é moi importante dar exemplo. Tamén queremos facer un recoñecemento público —xa o fixemos pero reiterámolo aquí— do excelente labor realizado polos profesionais de seguridade, de emerxencias e sanitarios, e, dende logo, das numerosas persoas que de maneira altruísta e solidaria colaboraron no rescate das vítimas e que axudaron a evitar consecuencias máis tráxicas. Pensamos —e reiteramos— que as administracións, a local, a galega e a estatal, deben estar á altura de todas esas persoas, deben dar exemplo de cooperación, de lealdade e de traballo conxunto para aclarar o que sucedeu. É o mínimo que merecen esas 467 persoas feridas. E todas as demais que estaban alí e toda a sociedade galega merecen respecto, merecen saber a verdade, merecen acabar con ese espectáculo lamentábel que levan dando o Partido Popular e o Partido Socialista, que teñen, dunha vez por todas, que saír desa lameira na que están metidos en Vigo, que é parte desa permanente liorta partidista por multitude de temas. Calquera tema vale para tirarse os trastos á cabeza, para o enfrontamento, para intentar sacar vantaxe partidista e política.

Este enfrontamento, dende logo, prexudica a Vigo. E neste sentido quixera tamén deixar claro que imos falar aquí de Vigo todas as veces que faga falta e moleste a quen moleste. (*Aplausos.*) Porque somos deputadas e deputados representantes de Vigo, con máis miles ou menos miles de votos pero coa mesma lexitimidade, coa mesma autoridade, co mesmo dereito e coa mesma obriga de falar e defender os asuntos que teñen que ver con Vigo; polo tanto, ninguén nos vai calar a ese respecto.

E ese enfrontamento prexudica a Vigo porque paraliza proxectos, castiga as persoas. E agora resulta que tamén esa confrontación, esa incapacidade para o diálogo —que tamén puxo de manifesto aquí o señor vicepresidente da Xunta—, está poñendo en risco tamén a vida das persoas, como vimos no caso do festival O Marisquiño. Por iso dende o BNG impulsamos e promovemos esa investigación, ese estudo, esa comisión que hoxe se aprobou aquí —aínda que temos que recoñecer que con moi pouco entusiasmo por parte do Partido Popular—. Pero está aí e faremos todo o posible para que chegue a coñecer todo o que pasou e a exixir todas as responsabilidades e chegar ata as últimas consecuencias.

Dixo vostede, señor Rueda, que este é un debate político. E nós queremos centrar ese debate político no que pasou e tamén en aprender do que pasou para evitar que poida volver acontecer no futuro. Pero hai que mirar a todos os lados e nós vímoslle aquí —e por iso dixen que era unha intervención parcial e partidista— unha obsesión e unha fixación por atacar o Concello de Vigo, que nós entendemos que ten responsabilidade nesta materia. Pero mirou para outro lado no caso das responsabilidades da Autoridade Portuaria e tamén da propia Xunta de Galiza. Mirou para outro lado. Vostede dedicouse aquí exclusivamente a falar do Concello de Vigo. E xa non lle vou dicir a responsabilidade que teñen vostedes no nomea-

mento do presidente da Autoridade Portuaria, que foi proposto polo Goberno da Xunta. E xa non vou falar tampouco do papel que sistematicamente ocupa a presidencia da Autoridade Portuaria como plataforma política, como premio a altos dirixentes do Partido Popular e do Partido Socialista. Porque por aí pasaron Abel Caballero, pasou Corina Porro, pasou López Chaves, e agora está López Veiga. Polo tanto, algo teñen que ver tamén con iso.

E, claro, hai que falar non só do espectáculo, da Lei de espectáculos. Hai que falar tamén do lugar e de por que ese lugar estaba nesas condicións. E eu non vou entrar no debate —que me parece absolutamente inútil— de se era un paseo ou se era un peirao. É un espazo público, un espazo de uso público, que as administracións, todas as administracións, teñen a responsabilidade de ter en perfectas condicións de uso, da estrutura e da superestrutura, do que está por debaixo e do que está por arriba. Todo é responsabilidade das administracións, neste caso da Autoridade Portuaria e do Porto de Vigo. Vostede non falou nada da causa absolutamente central dese sinistro, que foi o estado desa estrutura, o estado desa pasarela, dese paseo, dese peirao, chámenlle como lle chamen. Esa é unha cuestión central, e aí ten responsabilidades directas a Autoridade Portuaria. Vostede pasou de puntiñas sobre esta cuestión.

Queremos que fale disto, e de se na súa busca de documentación tamén buscaron a documentación a este respecto. Porque está claro que houbo un convenio, está claro que ese convenio obriga o Concello de Vigo á conservación e ao mantemento dese espazo; que, por certo, está a dez ou vinte metros da sede da Xunta de Galicia en Vigo, non está no extrarradio, está nunha zona absolutamente central e é un escaparate da cidade por onde chegan tamén os transatlánticos, por onde pasa diariamente moitísima xente, e todo o mundo debe de velar pola súa conservación. O mantemento neste caso é do Concello de Vigo, pero a estrutura que se afundiou e que colapsou é propiedade da Autoridade Portuaria. Entón tamén deben velar polas responsabilidades da Autoridade Portuaria nesta materia.

Desde logo, tamén temos que falar do evento que se organizou aí, loxicamente, e das responsabilidades que hai tamén por ambas partes, ou polas tres partes, pola Autoridade Portuaria, polo Concello e pola Xunta. Porque a Autoridade Portuaria non se limita só a ceder un terreo, senón que tamén é responsable do estado dese terreo que cede. E a Autoridade Portuaria, o Concello e a organización son os responsables de utilizar ese paseo, peirao ou pasarela, ou como lle queiran chamar, para meter centos de persoas nun concerto. Porque, cando cede un espazo, cede tamén a responsabilidade sobre o uso dese espazo e a garantía de que ese espazo está en boas condicións.

Desde logo, na organización do evento, nós temos claro que a máxima responsabilidade é da organización do evento e do Concello de Vigo. Porque, vamos ver, falemos claro. Este é un festival de proxección internacional que está financiado con 800.000 euros da Deputación de Pontevedra e do Concello de Vigo. E, na práctica, todos os que coñecemos a organización de eventos e de espectáculos sabemos que ata o máis mínimo detalle se decide conxuntamente entre a organización do festival e o concello. Faise así, os espazos que se van utilizar, cando vai ser, como vai ser, quen o vai presentar, onde se van poñer os escenarios, onde se vai poñer... Todo iso tense que decidir, e é un gran evento internacional polo que, segundo a organización, pasaron máis de 160.000 persoas. Polo tanto, aí hai responsabilidades.

E hai responsabilidades da Xunta no rexistro do Plan de autoprotección, na Lei de espectáculos. Mire, señor Rueda, vostede presume aquí de que a Lei de espectáculos se aprobou sen ningún voto en contra, pero nós non votamos a favor porque botamos de menos moitas cuestións que agora se están vendo na práctica. E non é moi bo comezo para a Lei de espectáculos que no seu primeiro mes teña unha catástrofe coma esta que aconteceu. Algo está fallando tamén na aplicación da Lei de espectáculos.

Botamos de menos no seu momento —e xa o denunciámos aquí— a comparecencia de ata 23 colectivos. Pediamos que comparecesen diante da ponencia para mellorar esta lei e vostedes votaron en contra argumentando que ía retrasar o trámite da lei, cando se estableceu un prazo de seis meses para a súa entrada en vigor. Esta lei ten moitísimas ambigüidades, ten moitísimas carencias, ten moitísimos baleiros que se están poñendo de manifesto precisamente agora con este debate sobre O Marisquiño. Está pendente o catálogo. Está pendente de entrar en funcionamento a Comisión de Espectáculos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...que ten moito traballo por diante a propósito deste sinistro, como se acaba de comprobar.

Polo tanto, eu xa remato dicíndolles que teñen moito traballo diante, que teñen que establecer protocolos de actuación en materia de organización e seguridade. Teñen, desde logo, que mellorar a cooperación institucional desde a lealdade e o respecto entre administracións e teñen que dar outro exemplo distinto ao que estiveron dando ata o de agora, tanto a Xunta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...como o Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria, polo ben de todo o mundo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Bará, eu en ningún momento falei de lexitimidade. Lexitimidade toda, só faltaba. Dígoo por se me malinterpretou, eu falei de votos soamente.

A verdade é que o sentido do voto do Partido Popular na anterior Deputación Permanente, en contra da proposta de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, e o voto de hoxe no Pleno ordinario, mostra cal era a cuestión fundamental: que o presidente da Xunta non com-

parecera. Non sei por que se estrañan tanto entón de que non compareza o alcalde de Vigo. (*Aplausos.*) ¡Claro! É que non entendo eu ese rasgarse as vestiduras porque non compareza o alcalde de Vigo, cando todos sabemos que o presidente da Xunta non se caracteriza especialmente por comparecer en demasiadas ocasións, especialmente por petición da oposición. Agora non son portavoz do grupo parlamentario, pero recordo cando o era, e na Xunta de Portavoces, en fin, todos o vivimos. Polo tanto, ese era o obxectivo, está ben sabelo; eu creo que está ben sabelo.

Señor Rueda, eu en ningún momento dixen que O Marisquiño fose só un descenso en BTT —algo de bicicleta todoterreo entendo, aínda que non son un experto— e unha serie de concertos. (*O señor Rueda Valenzuela pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, o que dixen era que eses dous eventos que se celebraron no conxunto do Marisquiño eran aqueles que ocupaban por distintas razóns espazos municipais e que, polo tanto, foron os que se revisaron dende o concello. E esa é a información. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, a ver... En fin, eu estou seguro de que o señor Pazos —que logo terá un turno— nos precisará perfectamente o desenvolvemento do Marisquiño.

E como o señor Feijóo non compareceu pero, iso si, deu unha extensa entrevista nunha emisora de radio o domingo, eu quero primeiro nomear cinco cuestións relevantes en relación con esta entrevista e con esta non comparecencia do señor Feijóo. Non estou en absoluto menosprezando a súa, señor Rueda, non o entenda así.

Primeira cuestión. Eu creo que estaría ben que se lle recordase ao presidente da Xunta que este desgraciado accidente se está investigando no ámbito xudicial. Dígoo porque en toda a entrevista o presidente da Xunta foi incapaz, en ningún momento, de facer referencia a esa investigación xudicial, na que, por certo, imaxino que todas as administracións involucradas —a local, o Concello de Vigo, a Autoridade Portuaria de Vigo e a Xunta de Galicia, en fin, todas— responderán axeitadamente aos requirimentos da xuíza instrutora. Polo tanto, esta é a primeira cuestión que eu creo que é relevante dicir.

A segunda. Xa o dixen na anterior intervención, as palabras son importantes porque o que se nomea existe e o que non se nomea preténdese que non exista. Afundiuse un peirao, non se afundiú só un espazo público. Ou sexa, a verdade é que a entrevista eu creo que sería un bo exemplo para unha boa clase práctica de periodismo. Non se afundiú un espazo público como se se afundira unha rúa. Sería como se se afundira unha rúa, pero non se afundiú unha rúa, afundiuse un peirao que se construíu a principios dos anos oitenta.

Por certo —terceira cuestión—, un peirao que aparece publicado no Boletín Oficial do Estado no ano 2015, no que se publica o Plan de usos do porto, como de uso náutico-deportivo, absolutamente fóra do que é a zona de conexión porto-cidade e, polo tanto, absolutamente fóra da vixilancia —por dicilo dalgunha maneira— do Concello.

A cuarta cuestión. Este peirao non formaba parte do proxecto Abrir Vigo ao mar. Por moito que vostedes repitan unha mentira mil veces, non formaba parte. A verdade é que despois xa deixaron de dicilo. Empezaron dicíndoo con moita vehemencia e deixaron de dicilo. O propio arquitecto —por certo, moi crítico coa evolución posterior do proxecto Abrir Vigo ao mar—

manifestou que el o que fixera fora adecentar esteticamente ese peirao e poñer unha pasarela de madeira.

E a última cuestión, por certo, é a máis sorprendente. Eu non sei exactamente por que se abstiveron hoxe e non votaron en contra, porque o resultado da Comisión de investigación neste Parlamento xa o manifestou o presidente da Xunta de Galicia o domingo pasado. Na última pregunta dixo que o responsable último do accidente do Marisquiño era —textualmente— «o alcalde de Vigo». Pois entón evitábase, en fin, toda esta *mise-en-scène*, que está moi ben, pero, en fin, eu creo que o señor presidente da Xunta debería de ser un pouco máis prudente —por dicilo dalgunha maneira—. Cuestións —deixando á parte esta entrevista tipo— que teñen que ver —aquí xa si— co feito obxectivo e co papel que xogaron as distintas administracións.

A primeira cuestión, volvo repetir, despois foi atenuada, pero nunha fase inicial foi machaconamente manifestada dende o entorno da Xunta de Galicia sobre que fora exactamente o que acontecera. Pois o que aconteceu foi o colapso dunha estrutura de formigón pilotada —isto vale para o Partido Popular, ou para algúns responsables do Partido Popular, e tamén para algúns responsables doutros grupos deste Parlamento—. Non caeu ningunha estrutura de madeira. Evidentemente, a estrutura da madeira caeu porque estaba posta enriba do que en realidade colapsou ou caeu. Volvo repetir, é unha obra do ano 1981-1982 que foi ademais concesionada ao Club Náutico, e a xente que a principios dos noventa vivía en Vigo sabe que se utilizaba como aparcamento dos socios do Club Náutico.

A segunda cuestión —e nesta coincido absolutamente con vostede, díxeno xa na Deputación Permanente e na anterior intervención—, o Grupo Socialista, o Grupo Municipal Socialista seguro que tamén, e o conxunto do partido, estamos enormemente satisfeitos de como funcionou todo o que ten que ver coas emerxencias, tanto as que dependen do Concello como as que dependen da Xunta de Galicia, e así o manifestamos, ademais, creo que de maneira clara, por activa e por pasiva. A verdade é que non entendo moito cando, por un lado, se di que o alcalde está calado; por outro lado dise que responsabiliza a empresa organizadora do Marisquiño; por outro lado..., en fin, ¿está calado ou non está calado?, ¿comparece, non comparece?, ¿dá explicacións ou non dá explicacións? Eu —volvo repetir—, escoitando as explicacións do presidente Feijóo en moitos temas relevantes... non quero falar de falecementos, probablemente deberíamos de ser todos máis prudentes.

A cuarta cuestión, a dimensión xudicial. Eu non son xurista, pero, en todo caso, entendo que a aplicación correcta ou non da Lei de espectáculos públicos terá que dirimila un xulgado, que ese é o seu papel fundamental.

Quinta cuestión. Efectivamente, o Concello valida e inspecciona o plan de autoprotección, que tamén o ten, á súa vez, o Porto. Nun primeiro momento, chegou a dicir tamén o Partido Popular a nivel local que o porto non tiña plan de autoprotección. Despois, claro, unha vez que saíu a empresa dicindo que si que o teñen, que o rexistramos..., efectivamente, tíñano. E nese plan recóllese un documento de avaliación de riscos e medidas preventivas das instalacións portuarias. ¿De verdade que o porto non ten nada que dicir sobre avaliación de riscos e medidas preventivas das instalacións portuarias?

A min sorpréndenme moito algunhas das afirmacións que vostede fai, porque, máis alá das cuestións de mantemento puntuais, eu entendo que o Porto ten que garantir esas instalacións. E logo hai un concepto de confianza debida entre as administracións. É dicir, se o Porto di que nunha instalación súa unha administración pode desenvolver neste caso un evento, pois o razoable é que iso estea vixiado.

Por certo, aquí hai unha nova contradición, porque logo outros grupos manifestan ter información sobre a mala situación de mantemento desas instalacións. A verdade é que parece que todo o mundo o sabía, pero, ao final, o evento avanzou.

Na reunión de seguridade, a finais do mes de xuño, sabe vostede que non se manifestou por parte de ninguén ningún reparo para a celebración do Marisquiño exactamente nos lugares nos que se celebraran non as 18 edicións, porque empezou no monte do Castro, pero si, desde logo, as últimas edicións.

Recordará vostede tamén que nun momento utilizaron o argumento de que ese plan de autoprotección non fora rexistrado na Dirección Xeral de Emerxencias. Efectivamente, non fora rexistrado, pero a propia asociación empresarial de Festivais de Galicia contestou dicindo que non era necesario o seu rexistro no Rexistro de Emerxencias.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: En todo caso, terán que poñerse de acordo vostedes e a asociación empresarial.

E por último, desde logo, o cambio nas posicións do Porto e do seu presidente en canto a responsabilidades é, cando menos, sorprendente. E aquí si, aquí o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo si que responsabilizou á empresa organizadora do desgraciado accidente. Ao alcalde de Vigo nunca, quero insistir niso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...porque —remato, señor presidente— se non dá a sensación de que se pon o foco onde non debería de estar.

E en canto á información subministrada polo Concello de Vigo, no segundo turno vou ler literalmente o que se subministrou...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada. Ten vostede despois un segundo turno...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que entendo que é o expediente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ...no que poderá complementar a información.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...e, se non, dirao o xuíz.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señorías.

Señor vicepresidente, non nolo tome a mal, pero a súa comparecencia decepciona. Decepciona non por vostede, decepciona porque hai unhas semanas a Feijóo faltoulle tempo para dicir que se sentía abochornado polo acontecido e que agardaba explicacións verosímiles de todo o sucedido. Certo, nós tamén queremos explicacións, pero a actuación da Administración pública galega con competencias neste asunto, tanto a priori como a posteriori, non se restrinxen única e exclusivamente ao seu departamento, ten varias fronteiras, e vostede só viu dar conta dunha delas, como é lóxico, dentro do seu negociado. Iso si, nós entendemos que de forma incompleta, como agora demostraremos.

O certo é que a competencia da Xunta de Galicia se estende tamén sobre o nomeamento e cesamento do presidente da Autoridade Portuaria, cuestión que vostede, evidentemente, omite porque non forma parte das súas competencias. Pois nós entendemos que neste caso ese silencio cómplice da Xunta non pode continuar, e, polo tanto, pedimos a comparecencia da conselleira sobre esta situación.

Nós pedimos —e xa o fixemos en agosto— que comparecese Núñez Feijóo, porque o normal era que Feijóo —o abochornado— explicase todas as actuacións dos seus diferentes departamentos, e iso soamente pode facelo a cabeza que dirixe todos eses departamentos, como é o propio presidente da Xunta de Galicia, e que o faga na Cámara parlamentaria, non nun medio de comunicación, onde non hai un dereito de réplica ou un dereito a que os demais poidamos interactuar co señor presidente, nada máis que escoitalo falar a el. Supoño que é o que ás veces lles pasa, que prefiren falar e non escoitar o que outros lles teñan que dicir.

Nós entendemos —á parte de que o papel de López Veiga é especialmente controvertido e merecía tamén unha explicación por parte do presidente da Xunta de Galicia sobre o mantemento ou non da súa confianza nel— que é un papel inexplicable de comportamento e que —na nosa opinión— é dos máis extravagantes que se levan producido durante esta temporada.

Entrando no fondo da súa comparecencia, queremos comezar por salientar o comportamento exemplar da cidadanía e dos servizos de emerxencias. Eles parécenos que dan exemplo completo e están por riba dunhas administracións e duns gobernantes que durante estas semanas levan instalados nun incomprendible infantilismo, con reproches mutuos, en vez de buscar solucións aos problemas que temos enriba da mesa neste momento. Deberan aprender, todos os que tiveron responsabilidades na xestión do accidente, a buscar solucións, e non buscar obstáculos que impidan acceder a elas. Polo tanto, a nosa felicitación aos servizos de emerxencias —como o fixemos desde o primeiro momento—, algo que facemos extensivo á relación que fixo vostede.

Agora ben, a intervención da Xunta de Galicia e do seu departamento non se restrinxiu a esta única opción, e queremos dar conta de elementos que nos parecen importantes. En primeiro lugar —entendemos que existe algún silencio sobre estas explicacións—, comezando pola obrigación de inspección da propia estrutura. Se algo queda claro ata agora é que ninguén se encargou de revisar o estado dunha estrutura destinada a soportar un peso específico, unha estrutura que tiña unha capacidade concreta. O tema en teoría é doado, porque se a capacidade é unha e o peso é outro, é unha cuestión de simple matemática saber se se pode ou non se pode autorizar, e en que condicións se pode facer. É case matemáticas, pero para que saian as contas das matemáticas é necesario que alguén faga os deberes. ¿Quen tiña que facelos? Esa é a pregunta que cómpre responder coa Lei de espectáculos na man.

Se foi vostede promotor da Lei de espectáculos, a resposta debería de estar clara. Alude vostede ao artigo 6, aínda que na nosa opinión existen dúbidas, e vostede terá a oportunidade de aclaralas na quenda de réplica. Se nese artigo 6 está encomendado todo, en canto á súa inspección, á autoridade municipal ou hai outras autoridades que están tamén implicadas na verificación do cumprimento desas condicións. E explicarei deseguido por que.

Nós entendemos que as simples dúbidas sobre este precepto poñen en cuestión toda a sistemática á redacción de contidos e á atribución de responsabilidades en materia de réxime autorizador de espectáculos públicos, tal e como nós puxemos de manifesto ante a tramitación da propia lei. Pensamos que estas dúbidas e esta controversia causada poñen en cuestión xa a propia norma e, polo tanto, suxiren a necesidade dunha reflexión á que nós nos referiremos tamén no seu momento na Comisión de investigación.

Vostede explicou —entendemos que certamente— que a actividade requiría unha licenza municipal ao ser necesario un plan de autoprotección. Todo isto en función do público estimado e do aforo previsto; segundo o propio documento entregado por parte dos organizadores, entre 40.000 e 50.000 persoas. O plan era obrigatorio porque o era para o conxunto do Marisquiño, aínda que o aforo concreto dalgunhas actividades por separado non tivese esa cantidade.

A pregunta que cómpre facerse neste sentido é: ¿É lóxico que ante a necesidade dun plan de autoprotección a Lei de espectáculos permaneza á marxe? Pero, sobre todo —e forma parte da dinámica de funcionamento da propia norma auspiciada polo seu departamento—, ¿é admisible que un plan de autoprotección por un evento desta magnitude non teña que ser supervisado ou do que teña que ter coñecemento, polo menos formal, a Dirección Xeral de Emerxencias, cuxos servizos son os que logo terán que actuar, en coherencia co propio plan, chegado o caso?

¿Fixo algo neste sentido a propia Dirección Xeral de Emerxencias? ¿Constáballes a vostedes ese plan de autoprotección antes do accidente? ¿Non sería lóxico, no caso de que a resposta sexa negativa, que se produza unha modificación neste sentido para que no futuro poidamos resolver doutra maneira, tendo en conta que se temos uns plans é necesario poder aplicarlos?

Nós entendemos que hai máis silencios nesa comparecencia que o relativo —e para nós é o punto fundamental desta intervención— ao exercicio das competencias de inspección e control

por parte da Xunta de Galicia que a propia Xunta lle atribúe á Lei de espectáculos no artigo 4, no apartado d). En relación ao artigo 24 di: Exercer as funcións de inspección e de control nos termos previstos do título IV. Pídlle encarecidamente que na quenda de réplica explique, na súa opinión, cales eran esas funcións e se foron exercidas ou non foron exercidas.

Examinemos o artigo 24. Di o artigo 24: a Administración xeral da Comunidade Autónoma, igual que a dos concellos no ámbito das súas respectivas competencias, velarán polo cumprimento da lexislación reguladora dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Ben, ¿en que lle afecta a lei galega á Xunta de Galicia neste caso? ¿En algo ou en nada? Porque se non lle afecta en nada, ¿por que a lei fala da Xunta de Galicia en vez de atribuírla en exclusiva aos concellos? Se fala dunha competencia concorrente ou complementaria, o lóxico é que vostede aquí estivera dando explicacións do exercicio concreto da súa competencia derivada da Lei de espectáculos, algo que ata agora non sucedeu.

O artigo 24 apodéao ademais para facelo en dous ámbitos concretos: a inspección de establecementos abertos ao público e o control da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas, que é xusto o que constitúe O Marisquiño.

Ademais disto, a lei apodéao para reaccionar en caso de detección de irregularidades nos apartados c) e d): a prohibición, suspensión, clausura e adopción de medidas provisionais, e a adopción das oportunas medidas cautelares.

A pregunta é clara: ¿Fixo algo a Xunta de Galicia neste sentido como consecuencia das competencias atribuídas no artigo 24? Empece por contestarnos a iso na súa quenda de réplica. ¿Exerceron vostedes algunha competencia derivada da Lei de espectáculos neste caso? Se é así, díganos cal e a que apartado corresponde. E, se é así, pedirémolle tamén oportunamente que nos entregue o expediente, previa salvagarda da Lei de datos, evidentemente.

Pero non, xa sabemos que non, ou polo menos a estas alturas da súa comparecencia xa vimos que non houbo ningún tipo de intervención administrativa por parte da Xunta de Galicia. Polo tanto, temos unha situación de absoluta incompetencia no exercicio das propias funcións derivada da Lei de espectáculos públicos. Desengámenos disto e díganos, se é o caso, que tipo de funcións exerceron derivadas dos artigos 4 e 24 neste caso concreto. E no caso de que fixeran actuacións, dígnanos se constan nalgún expediente, como é o normal segundo a Lei de procedemento administrativo.

Temos neste artigo 24 dous apartados: a inspección de establecementos abertos ao público. Vostedes poderán dicir que o recinto no que se produciu o accidente non é como tal un establecemento aberto ao público. Nese caso, no apartado b) tiñan o control da celebración do espectáculo público e das actividades recreativas. Aquí entendemos nós que non hai excusa para exercer as funcións por parte da Xunta de Galicia, e estamos chamando a atención porque estamos falando dun espectáculo que, segundo os propios organizadores, podía congrega ata 50.000 persoas. Se non exerceron as súas competencias, tampouco exercerían as competencias derivadas da función de inspección, que son as que veñen nos apartados c) e d); supoñemos que non porque a nada diso se referiu. Se algo diso fixera, ten oportunidade na quenda de réplica de referirse a isto.

Se non exercitaron a súa propia competencia, entendemos que tampouco cooperarían coas demais administracións para actuar con máis eficacia. Isto é o que di o artigo 9 da Lei de espectáculos públicos de Galicia. Nós entendemos aquí, e vímolos nas últimas semanas, que a inquina coa que a Xunta se enfrenta —dun xeito que ás veces nos parece sectario— a outras administracións onde non gobernan, impídelle cooperar para que, en aras da seguridade e da integridade das persoas, os espectáculos e as cousas saian mellor.

Di o artigo 9, falando de cooperación e colaboración administrativa, que no exercicio das súas propias competencias a Administración da Comunidade Autónoma e os concellos facilitaríanse reciprocamente a información que precisen en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, e prestaríanse reciprocamente a cooperación e a asistencia activa para o eficaz exercicio daquelas. Por este título, ou ben polo apartado segundo, os órganos competentes da Xunta e da Administración local, no marco das súas competencias, velarán pola observancia da normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas, exercendo as oportunas funcións de inspección, control e sanción, de conformidade co previsto na lei e no resto da normativa vixente.

Moi ben. ¿En que se materializou para a Xunta de Galicia este propio artigo no caso concreto do Marisquiño? Vostedes poderán dicir que non tiñan por que ter acceso ao plan de auto-protección porque a lei non obrigaba; que non tiñan por que ter acceso ao Plan de emerxencias municipal porque o plan non obrigaba. Pero o artigo 9 facultáboas para que ben por iniciativa do concello, ben por iniciativa de vostedes mesmos, tivesen acceso a uns materiais que despois puideron ser determinantes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—si, vou acabando— para o propio exercicio das funcións derivadas das emerxencias.

Sigo entón na proposición seguinte. Simplemente recordar que nos diga, xa para empezar na quenda de réplica, en que se materializou o exercicio das competencias que lle atribúe a propia Lei de espectáculos públicos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique Mosquera. Perdón, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, permítanme que antes de entrar en materia reitere os desexos do meu grupo parlamentario para un pronto restablecemento dos 467 feridos, das 467 vítimas, deste accidente.

E agora si, eu quixera facer algunhas consideracións, se mo permiten. Quero empezar polo señor Losada, porque, de verdade, escoitándoo a vostede hoxe viñeron á miña memoria os versos do Mío Cid. Aquilo de ¡que bo vasallo se tivera bo señor! Teño que recoñecerlle hoxe que vostede amosou unha gran lealdade ao Rei, pero creo que foi moi pouco leal co pobo, alomenos co pobo de Vigo. Realmente o lamento, láméntoo moitísimo, (*Aplausos.*) porque hai algunhas cousas que xa sabemos, señorías, hai algunhas cousas que xa sabemos.

Sabemos que o 12 de agosto se afundi un recinto, no que se celebraba un concerto, causando 467 feridos de distinta consideración, ademais dunha absoluta sensación de pánico no conxunto das 4.500 persoas que estimaban que estaban alí.

Sabemos, ademais, que ese espazo se atopaba nun evidente estado de abandono. Estado de abandono, por certo, ignorado polo Concello a pesar das advertencias da voceira do Partido Popular en Vigo, de distintos concelleiros do Partido Popular en Vigo e da propia Autoridade Portuaria. Pero é evidente que a soberbia en Vigo impide facer ningún tipo de reflexión.

Sabemos que se activou un plan de autoprotección e sabemos que era obrigatorio ese plan de autoprotección porque era un evento ao aire libre de máis de 20.000 persoas. Sabemos que os servizos de emerxencias desaloxaron —porque ese plan funcionou fantásticamente— a zona de feridos. Sabemos que os trasladaron aos PAC e ao Hospital Álvaro Cunqueiro e sabemos que foron atendidos magnificamente polos sanitarios da sanidade pública galega. E convén recordar isto: da sanidade pública galega. Vai haber unha comisión de investigación, e eu espero que o señor Losada traia aquí as facturas que pagaron eses feridos por atendelos nese hospital privado que dicía vostede. (*Aplausos.*) Eu espero que as traia aquí.

Sabemos tamén que se reforzou o número de facultativos no hospital. Eu creo que cando se di unha primeira vez que non houbo reforzo pode ser un erro, pero cando se segue insistindo unha vez que se teñen os datos, probablemente xa falemos dunha mentira.

E sabemos que houbo moita solidariedade por parte dos propios cidadáns e tamén dos concellos veciños, que se achegaron alí con recursos, con persoal, con profesionais. E tamén quero que reflexione sobre isto porque dentro dalgúns meses o señor alcalde de Vigo tiña intención de que eses profesionais, eses concellos que deron os recursos, cando vaian a Vigo sexan discriminados no transporte público ou no aparcamento para recibir atención na sanidade pública galega, reitero.

Pero, ¿por que aconteceu ese accidente, que é o que se pregunta todo o mundo? ¿Por que? Pois mire, parece ser que foi unha cousa da Providencia, porque o Concello de Vigo afirmou que este goberno, o municipal de Vigo, cumpriu a lei do primeiro punto ao último. Hoxe mesmo o señor Losada dixo aquí que o Concello autorizou aquilo para o que se lle pediu autorización. Eu creo que se escoitaron a intervención do vicepresidente é evidente que isto foi falso. Non o cumpriron, non é certo, non emitiron autorización. Mire, ¿quen tiña que autorizar este evento? O Concello de Vigo. E dá igual que o terreo sexa portuario, dá igual que sexa público, dá igual que sexa privado, dá igual que sexa da Zona Franca, dá igual que sexa do aeroporto de Vigo, se está no termo municipal de Vigo, teno que autorizar inexorablemente, exclusivamente e de maneira inescusable o Concello de Vigo. Eu entendo que vostede non participou na Lei de es-

pectáculos públicos, pero, ¡home!, se vamos facer unha intervención, leámola antes polo menos. ¿E que tiña que autorizar? Tiña que autorizar O Marisquiño, cun aforo de máis de 50.000 persoas, no que era obrigatorio un plan de autoprotección. ¿E como se autoriza ese evento? A través dunha licenza municipal. Isto é o que di a lei, é sinxelo.

Pero ese concello, que aínda ten pendente algún tema de contratación e de fraccionamento de contratos no xulgado, inventou un novo concepto xurídico: «o fraccionamento da seguridade», que consiste na partición dun gran evento en pequenos eventinhos, que están exentos de calquera responsabilidade e de calquera necesidade de comprobación.

Onte o diario *El Mundo* publicaba que, en vez dunha licenza, se tratara isto como se fose unha verbena. ¡Ogallá, ogallá! Mire, agora que recibiremos —espero— en breve toda a documentación, non a teño aínda polo deber de reserva, pero si teño aquí o inventario do expediente —creo que o vai ler o señor Losada, díxomo antes, déixolle a lectura—, e onte, casualmente, na páxina do Concello atopei isto: Requisitos para a tramitación de eventos e festas populares, guía informativa. Voulle ler o apartado 2 desa guía informativa.

Documentación a presentar no Departamento de Seguridade e Mobilidade, unha vez concedida a autorización, para proceder á ocupación do dominio público e antes do inicio do evento. Documento do Concello de Vigo, está publicado na súa páxina web.

Primeiro, declaración xurada do promotor. A ver se a hai nese expediente que nos vai ler. Plan de autoprotección. Ese si que sabemos que o hai. Declaración responsable de cada unha das estruturas non permanentes desmontables. Descrición de cada unha das instalacións. Documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos da normativa vixente para o exercicio de cada unha desas instalacións e actividades. Seguro de responsabilidade civil, de cada unha desas instalacións, de 150.000 euros. Declaración de conformidade do fabricante CE ou proxecto técnico asinado polo técnico competente de cada unha desas instalacións. Certificado de revisión anual que inclúa a revisión e o mantemento dos elementos mecánicos, así como dos elementos da estrutura en movemento, asinados polo técnico competente de cada unha desas instalacións. Designación da persoa física ou xurídica que asume a responsabilidade técnica da instalación de cada unha delas. Solicitudes de auga, de saneamento, de subministración eléctrica, dos grupos electrógenos... E vostedes din que autorizaron un descenso e un concerto. Pregunto, ¿onde está esta documentación das gradas que aloxaban o público; o público de Vigo e de toda a comarca?, ¿onde está a certificación dos andamios? ¡Home, se non lle preocupa isto, digo eu..., o certificado CE do escenario! Porque, ¡home!, ao alcalde, que lle colla un derrumbe onde está o público é complicado, pero que lle colla enriba do escenario é o máis normal en Vigo. ¿Nin sequera isto comprobaron? ¿Non comprobaron a certificación das carpas? ¿As das instalacións deportivas? ¿As ramplas, os elementos dos distintos circuítos, os elementos de restauración? ¿Comprobaron sequera que houbera un seguro? ¡É que non está o seguro no expediente, señor Losada, non está, (*Murmurios.*) un seguro de responsabilidade civil! Eu estou seguro de que esa empresa, que si que me parece responsable, ten o seguro de RP, pero vostedes nin llo pediron. ¿Onde está esa documentación?

E despois temos que escoitalle á outra parte da oposición que a culpa pode ser da lei. Porque, claro, a culpa de que haxa roubos en España é do Código penal. (*Risos.*) A culpa de que haxa

asasinos non é dos que acometen os asasinatos, non, non, é do Código penal. ¡Home!, será culpa de quen incumpre a lei, ¿verdade?, parece bastante razoable. E, por certo —e quero dicilo aquí—, isto non é unha excepción en Vigo. Eu quero saber, concerto de Maná, 100.000 asistentes. ¿Ten Plan de autoprotección específico? Festas de San Roque. Pediron vostedes o Plan de autoprotección de todos os elementos que estaban fóra do recinto de San Roque. ¿E dos de dentro? ¿Pode morrer alí a xente tranquilamente? Nin unha soa comprobación. Dixeron que como é privado non é cousa súa. Pero ¿quen dá as licenzas de todos os locais privados que funcionan en Vigo? ¿Non as dan vostedes? Pero ¡como se pode dicir tamaña desfachatez aquí nesta sala, onde tivemos que aprobar a Lei de emerxencias! ¡É increíble! ¡É unha cousa, de verdade, absolutamente asombrosa!

A pregunta é, ¿que tería que pasar despois de semellante escándalo? O que tería que pasar é que se tomaran as medidas para garantir unha nova edición, porque eu creo que todos estamos de acordo en que nos gustaría que houbera unha nova edición do Marisquiño en Vigo, pero, claro, ¡en condicións de seguridade! E para iso habería que determinar cales son os erros e identificar quen son os responsables. Pero temos un concello que se nega a investigar, a recoñecer os erros e a asumir e depurar responsabilidades.

Se hai unha canción que defina perfectamente o alcalde de Vigo é aquela de Cecilia, cando dicía que, se non fora por medo, sería a noiva na voda, o neno no bautizo, e o morto no enterro. Dende que pasou o do Marisquiño, só é o morto, non di unha palabra. Non dixo absolutamente nada.

E non confunda, señor Villares, porque unha cousa é falar —e iso si que o fai o seu alcalde—, e outra cousa é dicir algo, e, ata agora, deste sinistro non dixo absolutamente nada. O que fixo foi espallar fume, iso déuselle fantásticamente. Primeiro, que se a presenza ou non do presidente Feijóo esa noite en Vigo, despois da titularidade do paseo. O tema da autorización portuaria. Non, pero se o problema non é o mantemento da autorización.

Mire, *La Voz de Galicia*, entrevista ao señor Vázquez Consuegra. Eu creo que ao señor Vázquez Consuegra o coñece vostede, é o arquitecto de Abrir Vigo ao mar: «*Es unha temeridad autorizar un evento de esa naturaleza sin una inspección previa.*» Na mesma entrevista: «*La estructura seguramente podría haber durado 50 años más con un uso normal.*» Se non é un problema do mantemento, é un problema de autorizar un evento nun sitio que non se ten claro que estea ben mantido. Iso teno que facer o concello. Se non está ben, dá igual de quen sexa a titularidade, simplemente ten que impedir que se celebre o evento. É así de sinxelo. Pero non, antes que recoñecer isto, vostedes preferiron espallar fume.

Eu pregunto, ¿é importante que o señor Feijóo estivera esa noite alí?, parécelle moi importante. ¡É unha titularidade de carácter estatal! ¿Estivo a subdelegada do Goberno? ¿Estivo o delegado do Goberno? Bueno, é Vigo, perdón, o delegado do Goberno non. ¿Estivo o ministro? E xa, ¡home!, postos a ser demagóxicos, fágome unha pregunta: ¿canto se tarda en Falcon en chegar de Madrid a Vigo? (*Risos.*) ¿Ou é que só imos para asistir aos concertos e non para os accidentes? (*Aplausos.*) ¿Canto se tarda, señor Losada?

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PAZOS COUÑAGO: É que inventaron de todo. Faltoulles falar do máster, pero bueno, de máster agora non poden falar porque iso molesta un montón. Molesta un montón falar de máster agora, se non, tamén o terían sacado.

Mire, lamentable, ¡lamentable! O último neste despropósito foi a súa favorita, a estratexia Puigdemont: inventan unha cortina de fume, hai que crear lío. ¿A culpa?: «*Coruña nos roba, Santiago nos roba.*» E xa está, con isto está arreglado.

E a última onte, ¡lamentable!, ameazando aos distintos grupos desta Cámara se se atrevían a abrir unha comisión de investigación. Está aberta, e niso coincidiu con outro presidente, hai que dicilo, algún que tamén hoxe mesmo coñecemos que ameazou, neste caso ao Tribunal da Haia, se a el o investigaban. Xa está case equiparado o señor Caballero e o señor Trump. É o que teñen os [...] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións*), que reaccionan igual ante as mesmas circunstancias. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, Por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Eu espero que teñamos unha comisión que nos permita investigar a fondo isto e que se acredite o que está pasando en Vigo, que é moi grave, porque se converteu a cidade nun *atrezzo* para un alcalde que prefere as fotos a preocuparse do que hai debaixo delas.

Máis nada e moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas. Rematou o seu tempo.

(*A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.*)

Si, señora Vilán, ¿para que quere a palabra?

A señora VILÁN LORENZO: Para pedirlle ao deputado señor Pazos Couñago que retire esa expresión que acaba de proferir aquí. Non sei se tivo problemas de insolación este verán, pero creo que esta Cámara non se merece unha falta de respecto dese tamaño, e tampouco a persoa da que estamos a falar, o alcalde da cidade de Galicia máis grande.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Creo que vostede estase a referir á palabra [...]. Señor Pazos, ¿ten vostede inconveniente en retirar esa palabra? (*Varios deputados pronuncian palabras que non se perciben.*) Silencio, por favor. Perdón, perdón, por favor. Estoulle preguntando ao señor Pazos, que foi o que falou.

¿Ten vostede inconveniente?

O señor PAZOS COUÑAGO: Retiro a palabra, para o señor Caballero e para o señor Trump, no momento exacto en que calquera dos dous retiren as ameazas.

O señor PRESIDENTE: Retiramos esa expresión. Queda retirada esa expresión. En todo caso, é unha expresión que non se debe... Queda retirada a expresión e unha chamada á orde.

Sabe que cando a teño que retirar eu corresponde unha chamada á orde.

Tranquilidade, por favor. Imos ao debate, que é o que máis interesa.

Turno do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, señor Rueda.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, por seguir a orde de intervencións, a verdade é que perdeu vostede, na miña opinión, bastante tempo nesa discusión que está tendo sobre se están lexitimados ou non para falar aquí en función de se en Vigo poden entrar ou non poden entrar. A nós parécenos que están perfectamente lexitimados, iso non llo discuto, por tanto, non vou perder tempo niso. Pero si que llo discuten os seus socios de goberno na deputación. Na deputación si, e no Concello de Vigo non.

Con nós poden estar en todas partes. Aí perdeu o tempo. Pero tamén creo que perdeu un pouco o tempo porque o que lle gustaría é vir aquí e dicir —que xa o dixo— que chegamos tarde para explicar o que quedou explicado aquí perfectamente. Chegamos tarde pero aquí estamos, e levamos xa moito tempo debatendo, moito máis deses dezoito minutos no Concello de Vigo, para deixar claro que cada un ten as súas competencias. Polo tanto, por moito que vostede queira retorcer ou intentar facer algún tipo de... a ver se é capaz de enganchar a Xunta de Galicia, e se non é á Xunta de Galicia, pois indirectamente á Autoridade Portuaria, porque a relaciona coa Xunta de Galicia e co PP.

Eu diríalle, ¿que lle parecería —eu non o quereda, e estou seguro de que o Pontevedra fai as cousas moi ben— que en algo organizado polo Concello de Pontevedra pasara algo e despois se vira que o Concello de Pontevedra non fixera ningunha comprobación antes de que se celebrara iso que autorizou e que se dixera que a culpa é de vostede porque o estadio municipal de Pasarón é do Concello?

É o que acaba de dicir vostede aquí exactamente. Fai esa regra de tres, salta todo e aterriza onde lle convén. Eu pediríalle un pouco de seriedade, porque en calquera momento —estou seguro de que iso non vai pasar— esa construción ao mellor se lle podía volver en contra. Polo tanto, eu diríalle que pense un pouco máis as cousas.

Claro, vir falar aquí como deputado, pero despois non darse conta de que forma parte dunha administración que ten as súas regras, pois leva a estes absurdos, incluso para min un pouco perigosos. Falou aquí de que a Xunta de Galicia tiña que exercer controis. ¡Oia, aquí houbo varias emendas que o que pedían era máis control, aínda máis capacidade de control para os concellos nos espectáculos públicos que se celebraran no seu territorio. Máis capacidade de control. Pedían máis medios, e pediuno a Federación Galega de Municipios e Provincias para os concellos máis pequenos. Non creo que sexa nin o caso de Vigo nin sequera o caso de Pontevedra, pero canto máis control haxa, para asegurar que todo se facía ben, moitísimo mellor.

Esas son as emendas que presentaban nunha lei, e agora di que non. Non a votamos en contra pero non a queríamos. ¡Oia!, as leis sométense a votación no Parlamento, e esta lei aprobouse —e non é sinxelo dicilo— sen ningún voto en contra.

Señor Losada, permítame que lle diga con todo respecto, ¡vaia papelón! ¡Vaia papelón! E falando de papeis, estou desexando ver —xa llo dixo o meu compañeiro Alberto Pazos— eses expedientes de autorización. Eu recomendaríalle que..., en fin, supoño que haberá tempo de analizalos. Expedientes de autorización das dúas cousas en que consistía O Marisquiño. Volvo dicilo, vostede dixo o que dixo, un descenso en bicicleta todo terreo, BTT, chámelle como queira, e un concerto. Para o resto debe ser que nin se pediu autorización. Creo que si se pediu. A organización fixo o que tiña que facer pedindo a autorización, outra cousa é que aquilo non se mirou. Xa veremos, xa veremos, pero, xa lle digo, se cre que con eses papeis —polo menos os que se coñecen, ou dos que eu teño coñecemento— todo o mundo vai concluír que as comprobacións que había que facer se fixeron, non lle arrendo a ganancia. E permítame que lle dea un consello, non lle recomendo que se meta nese berenxenal, polo menos non neste momento, e non en nome de quen tiña que facelo realmente.

Pregúntame e fai unha comparación, de por que ten o alcalde de Vigo que dar ningunha explicación se non a dá o presidente da Xunta. ¡Oia, por varias cousas! Ao mellor vostede non sabe que o alcalde de Vigo é o máximo responsable de protección civil en Vigo. Ao mellor vostede descoñece —bueno eu creo que non descoñece nada, pero, en fin, por facer un pouco de retórica— que o alcalde de Vigo é o responsable dunha administración que lle deu 400.000 euros ao Marisquiño. Xa sei que a Xunta tamén colaborou para a celebración, pero, dende logo, o alcalde de Vigo colaborou con 400.000 euros nun evento do cal dicía coñecer todo e do cal presumía, probablemente porque é un evento con moitísimo impacto, e facía ben en presumir, outra cousa é que, á parte de presumir, hai que controlar as cousas que lle corresponden a un como responsable administrativo.

O alcalde de Vigo é o que tiña que haber activado o Plan de emerxencia municipal a noite do accidente, e non activou nada. O alcalde de Vigo é o presidente da corporación que asinou un convenio no que o concello se responsabilizaba do mantemento e, polo tanto, do bo estado da infraestrutura sobre a que se fixo o concerto e que colapsou. O alcalde de Vigo —xa por remontarnos, vostedes se remontan moitas veces cando lles convén, e aquí non é que nos conveña, é pura obxectividade— era ministro do Goberno que autorizou todo ese convenio no que se lle asignaba ao Concello de Vigo que tiña que garantir ese mantemento. O alcalde de Vigo é o presidente da corporación, e, sendo alcalde, condenado máis dunha vez por non facer un bo mantemento, por denuncias dos usuarios que tiveron pequenos altercados, afortunadamente, nesa estrutura que non se estaba mantendo. O alcalde de Vigo é o responsable da Administración que tiña que haber feito esas visitas de inspección previas, e que coa licenza ou autorización, ou iso que nos vai ensinar vostede, permitiu que se celebrara o concerto alí e podía telo impedido. Iso é o que é o alcalde de Vigo, o máximo responsable, por iso tiña que dar esas explicacións.

Eu creo que todas esas competencias non lle corresponden á Xunta de Galicia, por moito que cando lles interese intenten facer eses paralelismos, neste caso absolutamente imposible. Todas esas competencias de quen tiña que dar explicacións, ventiladas en dezaoito minutos, e, por suposto, cun chivo expiatorio que era o señor Font, e agora lla devolve o señor Font,

deputado provincial. Os partidos que gobernan con el na deputación decidiron que había que investigar. Iso tamén é para facelo pensar.

Isto é o que hai, e agora imos ver que pasou. Insisto en que vostedes, nas emendas do Partido Socialista, pedían máis control, como dicía o señor Bará, máis capacidade de control para os concellos sobre os espectáculos que celebraban. Xa vimos para que, para non exercelas, porque neste caso, na miña opinión, non se exerceron en absoluto. Dende logo, non se exerceron como se tiñan que exercer. E se vostede vai seguir con esa documentación dicindo que si se fixeron, ¡válgame Deus, eh! ¡Válgame Deus, se se lle pode dicir á xente que todo estaba controlado e que isto pasou non se sabe por que, porque foran mirar todo aquilo e foran miralo como había que miralo. ¡Válgame Deus, señor Losada!

Non creo que sexa capaz, eu creo que non mirou os papeis. Fixo algunha chamada rápida, dixéronlle que había iso, pero con iso, sinceramente, na miña opinión... Por suposto, teñen que ser as instancias xudiciais as que teñen que determinar as responsabilidades nesa esfera. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Entonces aquí xa non se pode falar diso! Non, non, aquí imos falar dunha aplicación da lei que se aprobou no Parlamento.

Agora vou co señor Villares, enlazando con isto das responsabilidades. Vostedes —parece que foi o seu grupo— fixeron un informe onde dicía o que veu dicir aquí. Intentando por todos os medios que a responsabilidade veña á Xunta de Galicia. Vostede coñece moi ben a lei, como mínimo igual ca min, estou seguro. Vostede noutra vida anterior foi xuíz, e agora entón quere facer unha especie de aplicación subxectiva á parte que máis conveña, agora polo menos. Entón, obvia completamente... E unha soa referencia ao control que tiña que ter feito o concello. Estábao esperando e algunha cousa dirá. Non dixo absolutamente nada.

¿E que fixo a Xunta de Galicia? ¿Onde están as facultades de control? Espero que me diga na súa intervención que fixeron... Mire, señor Villares, vamos coa lei. Por certo, dese informe onde dicía que as responsabilidades eran de outros, xa sabe o que dixó o señor Caballero, ¿non? Hai un informe de En Marea que non os deixa quedar en moi bo lugar. E a contestación do señor Caballero: «¿E a quen lle importa o que digan os de En Marea? ¡A min non me importa absolutamente nada!»». Foi o que dixó. A min si me importa porque vostede é un representante, vén aquí e eu teño que debater con vostede; e téñolle máis respecto, dende logo. Vostede debería ter en conta o que din eses aos que vostede non quere nin rozar. É que non falou, non dedicou un segundo a ver se se fixeran as comprobacións, se se podía autorizar ou non. Non, di: «¿E a Xunta de Galicia, ¿que fixo?»».

Mire, é fácil falar a touro pasado, pero pódolle advertir e pódolle dicir que a partir de agora a Xunta de Galicia terá moi en conta —porque ten que telo— na esfera das súas competencias —que son as que son—, na lei que aprobou este Parlamento, que no concello de Vigo, ao parecer, espectáculos multitudinarios de máis de 20.000 persoas se autorizan sen nin sequera mirar as condicións nas que se van desenvolver e sen nin sequera dedicarlle un só minuto a ver se se poden facer ou non.

Claro que, sabendo todo iso, hai que intensificar as facultades de inspección, ¡claro que si! Agora, ¿quen ía supoñelo? ¿Quen ía saber o que vostede me está dicindo ou me está dando a

entender? Tiñan que ter mirado iso. Xa sei que a lei di que quen tiña que miralo era o concello, o concello máis importante e máis grande de Galicia, e con máis medios, que é o que tiña que miralo cos seus técnicos, e resulta que o alcalde o autorizou sen mirar absolutamente nada. É que o tiñan que ter inspeccionado. ¡Claro! Entón estamos de acordo os dous. Non se fixo absolutamente nada e a Xunta tiña que suplir esa falta absoluta de control por parte do Concello de Vigo. Claro, a touro pasado, vendo o que pasou e vendo o que podía ter pasado, e afortunadamente non foi aínda máis grave, pois si, había que facer algún tipo non de comprobación, senón de substitución, do que non fixo o Concello de Vigo. Pero estas cousas sábense cando pasan e non están previstas na lei. Non hai ningún artigo que diga que, en caso de que un concello non faga absolutamente nada, en caso de que un concello dea autorizacións —ou nin sequera as dea— e permita que se fagan cousas sen facer ningunha comprobación, alguén terá que ocuparse. Si, si, pero é que a lei está pensando que os concellos e os gobernantes son responsables. Agora xa vimos que non, e veremos moito máis coa Comisión de investigación que vostedes apoiaron. Pero xa estamos recoñecendo que, efectivamente, algo tería que estar feito. Claro, cando despois vemos que non se activa o Plan de emerxencia municipal, que cando se aprobou non se someteu á Comisión Galega de Protección Civil o Plan de emerxencia municipal de Vigo. Que non se pediron —como piden moitos concellos— os medios que ten a SEGA para grandes eventos e grandes concentracións. Non, non, en Vigo nada diso se fai. Pero vostede di que a culpa é da Xunta de Galicia por non imponse alí e dicirlle ao Concello de Vigo: como sei que non vas facer nada e como sei que pode haber un accidente, imos entrar aquí e facer as operacións que non estás facendo. ¿Iso parécelle lóxico, señor Villares?

Despois de dicilo, estou de acordo con vostede en que que pena que non se nos iluminase algunha luz que nos fixera ver que non se comprobaban as cousas que se autorizan no Concello de Vigo. Que non se manda a ver se os espectáculos se poden facer ou non se poden facer. Que hai unha enorme irresponsabilidade á hora de atender as emerxencias. ¡Claro, todo iso sabémolo agora! Por iso eu dicía na miña intervención inicial que temos que constatar o que non se fixo para intentar que non volva pasar. Para recoñecer que todos aqueles alcaldes e alcaldesas, responsables municipais e técnicos, probablemente moito máis humildes e con moitos menos medios pero que son conscientes da responsabilidade que teñen entre mans, fan as cousas ben. E, polo tanto, quen as faga mal, aínda que sexa un concello con moitos medios e con moitas obrigacións, haberá que intentar que non as faga.

Di vostede que o poña en contacto co título IV —paréceme que me dicía iso—. Podémosnos poñer todos en plan técnico. Vostede probablemente con moita máis capacidade. Xa sabemos que, cando se pon neste plan, non hai quen o supere. Pero, mire, neste caso é moi fácil contestarlle. Título IV, sancionadores: Correspóndelle á consellería competente en materia de espectáculos a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores pola comisión das infraccións previstas nesta lei relacionados cos espectáculos públicos e coas actividades recreativas para cuxa autorización sexa competente a dita consellería. Señor Villares, estamos de acordo —polo menos niso estará de acordo, non lle gusta nada recoñecerlo, non falou nada diso—, pero quen tiña a competencia para autorizar —como así fixo— ou non autorizar —que podía telo feito, pero autorizou sen facer comprobacións— era o Concello de Vigo. Polo tanto, quen tiña a capacidade sancionadora era o Concello de Vigo respecto do promotor, neste caso O Marisquiño ou quen fora, se non fixo as cousas ben. Pero

eu creo que estamos falando máis ben de falta de control non por parte dos organizadores, senón por parte do concello.

Claro, do Concello podemos falar doutro tipo de responsabilidades. Si, pero para iso está o xulgado, e volvemos á xustiza outra vez. Iso é o que se está vendo agora. A lei que vostede non votou en contra di que nós podemos sancionar os espectáculos que autorizamos. ¡Que pena que neste caso o Concello non nos dera algo máis de participación e nos dixera o que era verdade! Non estamos controlando nada, autorizámolo todo alegremente. Isto non é O Marisquiño, é un descenso en bicicleta, é un concertíño que imos facer e, polo tanto, aquí non hai que facer absolutamente nada. ¡Que pena non sabelo antes! Agora non estaríamos aquí e non habería 467 feridos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Rolda de aclaracións. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Rueda, fálanos vostede da deputación e da presenza do BNG na deputación, e non creo que teñamos que vir aquí explicarlle certos fundamentos da democracia. Desde logo, o BNG ten un pacto de goberno na deputación —por certo, que funciona moi ben moi ao seu pesar—, abriuse unha etapa de transparencia e de democracia que nunca se vivira na Deputación de Pontevedra, pero que teñamos un pacto alí non nos ata para tomar as nosas decisións lexítimas noutros foros, noutros parlamentos, noutros debates. Agora queremos que se depuren as responsabilidades e que caia quen caia na Autoridade Portuaria, no Concello, na Xunta ou onde sexa. Non poñemos ningún límite a esta investigación e a esta exixencia de responsabilidades. Non temos ningunha atadura, como parece que teñen outros.

Aquí vostedes viñeron a unha especie de xogo floral, a un xogo de florete, o PSOE e o PP, un xustificando que non compareza o presidente da Xunta e o outro xustificando que non compareza o alcalde de Vigo. Pois non, nós queremos que comparezan os dous. Non xustificamos que porque non comparece un tampouco compareza o outro; iso non é, desde logo, así.

O portavoz do Partido Popular fixo de novo aquí un exercicio xa clásico, disparatado, de demagogia e populismo —xa nos ten acostumados a iso co seu argumentario—, pero, curiosamente, atacando a outras administracións, concretamente, con esa fixación que teñen co Concello de Vigo, que lle veñen aquí facer oposición. Pero non dixo palabra sobre a Autoridade Portuaria, non dixo palabra sobre as responsabilidades da Autoridade Portuaria. E se lle aplicamos o que dixo vostede do Concello de Vigo á Autoridade Portuaria, estamos agardando a ver en que momento lle van abrir un expediente á Autoridade Portuaria desde a Xunta, por exemplo, por grave incumprimento das obrigas establecidas na Lei de portos do Estado. Porque a Lei de portos do Estado establece claramente en que termos se teñen que facer as cesións e as autorizacións. É dicir, que aquí había unha autorización por parte da

Autoridade Portuaria e outras autorizacións que tiña que facer o Concello, pero hai que falar de todo o proceso, non só da parte municipal.

Preguntaba o señor Losada: se todo o mundo sabía que iso estaba en mal estado... ¡É que había reiteradas denuncias na prensa, ao longo dos anos, sobre o mal estado dese espazo público portuario, paseo ou o que sexa, un espazo público! Polo tanto, a Autoridade Portuaria, tendo coñecemento desas deficiencias que tamén lle transmitiu ao Concello, debería actuar con responsabilidade e non ceder esas instalacións, ou polo menos limitar o uso das instalacións a certos espazos. Ou, como di a lei, requirir toda a documentación que sexa precisa ao respecto, e non o fixo. Polo tanto, hai unha responsabilidade da Autoridade Portuaria. E pedímoslle ao señor Rueda e ao Partido Popular que asuman que hai esa responsabilidade e que a investigación ten que abarcar todo ese proceso, e non só a responsabilidade do Concello. Porque —insisto— hai dúas partes aquí, o estado dese espazo e, outra, a tramitación das autorizacións para un espectáculo, para un evento, multitudinario, na que participaron a Autoridade Portuaria e o Concello de Vigo.

Despois están tamén responsabilidades da Xunta de Galiza en canto ao rexistro do Plan de autoprotección e tamén o cumprimento e a aplicación da Lei de espectáculos. Despois do que dixo vostede aquí, señor Rueda, sobre o gravísimo incumprimento por parte do Concello da Lei de espectáculos, non sei a que esperan. Deberían ir ao xulgado denunciar o Concello de Vigo, deberían abrir un expediente, deberían sancionar o Concello de Vigo por incumprir tan gravemente a lei, como dixo vostede aquí e como dixo tamén o representante do Partido Popular. Porque a lei está para cumprirse. Nós fixemos a crítica da lei —xa llo dixemos aquí—, entre outras cuestións, porque lle atribúe demasiadas competencias aos concellos. E o problema principal non vai ser o das grandes cidades, que teñen certos medios e capacidade técnica e económica para facerlle fronte a esta responsabilidade, senón a dos pequenos concellos cando teñan que mirarse no espello de aplicar a lei.

E, por último, creo que despois deste debate, despois desta comparecencia, a conclusión debería ser que hai que actuar con máis humildade e con máis responsabilidade; a humildade de aprender do que se fixo mal. Aquí está claro que houbo unha cadea de erros e de negligencias que afecta a distintas administracións, e hai que asumir iso, hai que recoñecelo e hai que corrixilo. E, desde logo, hai un problema de fondo que hai que resolver, que é o de mellorar a coordinación e a cooperación institucional, que aquí fracasou estrepitosamente. A lealdade institucional está fracasando estrepitosamente, día tras día, no caso da relación entre a Xunta e o Concello de Vigo.

E detrás deste tráxico sinistro vimos que se manifestou o mellor dunha sociedade na capacidade de resposta da xente, e tamén o peor, nesa cadea de erros, pero sobre todo nese lamentable espectáculo que viñeron dando ao longo destas semanas e que deron tamén aquí a Xunta, o Concello e o Porto. Pensamos que as vítimas e a sociedade galega, de verdade, non merecen isto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Bueno, non se preocupe polas facturas do Álvaro Cunqueiro, nin polas de Fátima nin polas de Povisa, como seguro que vostede sabe, o seguro de responsabilidade civil asume —porque está nas cláusulas— eses custos. Por certo, está no expediente o seguro e foille entregado á señora Muñoz. Está no expediente a póliza de seguro de Mapfre dos organizadores, do seguro de responsabilidade civil, e foille entregado á señora Muñoz; outra cousa é que o trasparelaria. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale.

As cuestións técnicas das instalacións temporais, como escenarios e demais cuestións, están no Plan de autoprotección. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* En fin, señor Pazos, a min resúltame complicado a veces, entre falcon, masters e outras cuestións, e os matóns, debater con vostede. Están no Plan de autoprotección, que está aquí e que tamén lle foi entregado á señora Muñoz. Claro, en fin, eu podo darllo ao presidente, pero agora que hai unha comisión de investigación, supoño, efectivamente, que esta documentación aparecerá aí.

Efectivamente, ía ler a tramitación administrativa, que a teño aquí, pero vouna deixar para o final porque quero contestar algunha cuestión.

Revisáronse, efectivamente, as áreas de dominio municipal que afectaban á carreira de bici de todo terreo. Revisáronse. Solicitóuselle a Aqualia que rematase en tempo unhas obras que se producían nunha rúa concreta, a subida ao castelo. Estánno expediente tamén. Da mesma maneira, revisáronse as instalacións temporais dos concertos de música, que xunto con isto é para o que se lle pediu autorización ao Concello de Vigo. O Concello de Vigo non pode autorizar aquilo para o que non se lle pide autorización. Eu non vou entrar en cuestións xurídicas, digo exactamente o que entrou no Rexistro do Concello de Vigo solicitando autorización para o seu desenvolvemento, e foron os concertos de música e a baixada en bicicletas todoterreo dende o monte do Castro ata o porto. Iso é exactamente o que está no expediente.

A verdade é que o señor Rueda, efectivamente, fala pouco da xustiza. Hai un xulgado de instrución. A propia fiscal xefe dixo: Non hai ideas preconcebidas. Hai que esperar todos os informes. Parece que tanto o señor Rueda como o señor Pazos, ademais do Cantar do Mío Cid, tamén teñen xa os informes sobre que é o que aconteceu.

Eu o que sei que aconteceu —e falo de ver prensa e medios de comunicación— é unha continua modificación, por parte das administracións do Partido Popular, en relación con este tema. Porque, señores do Partido Popular, vostedes —gústelles ou non— están facendo campaña electoral co Marisquiño. *(Aplausos.)* Están facendo campaña electoral co Marisquiño. Porque, por certo, señor Pazos, señor Rueda e señora Egerique, se de verdade a cidade é esa catástrofe xeneralizada, máis próxima a Lagos en Nixeria que a Estocolmo... ¿Que están

dicindo? (*Murmurios.*) ¿Que os 300.000 cidadáns de Vigo son imbéciles? Non son, ¡eh!, e votan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E volvo repetilo, volverán votar, verémolo. A pesar dos seus denodados esforzos con todos os medios, por terra, mar e aire, volverán votar. Xa verán. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Miren, a manipulación chega a tal punto que na primeira noticia sobre o tema na Televisión de Galicia, recollendo, efectivamente, a letra do convenio, dicía textualmente: «Corresponde ao Concello, durante 50 anos, manter o bo estado de conservación e mantemento de xardíns, mobiliario, asfaltado, conservación dos túneles e a vixilancia», que é exactamente o que aparece. Isto, despois, mesmo chegou a desaparecer das páxinas web oficiais porque, efectivamente, demostraba que o que tiña que facer o Concello de Vigo non era exactamente revisar un porto. Volvo repetir: un porto, un muelle. Sei que a vostedes lles custa algún traballo, antes alguén dicía que estaba condenado o alcalde por un accidente... Primeiro, o alcalde non estaba condenado. Está condenado o Concello a pagar unha responsabilidade civil por un tropezo, efectivamente, dun cidadán, dunha cidadá, nunha obra, como, por certo, acontece en todos os concellos do mundo.

Señor Rueda, estes son os informes das emerxencias do concello de Vigo nese día. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, son... Eu é que non podo... non teño capacidade mitolóxica, dígolle que son. A min gustaríame que vostede, ademais de traer aquí un informe xurídico, trouxera que é exactamente o que fixeron. Eu voulle contar algo que fixeron.

Cando o alcalde de Vigo quixo falar co presidente da Xunta ás doce e media, o presidente da Xunta, lexitimamente, tardou un tempo en poñerse. Logo, cando se puxo, efectivamente, trasladoulle a información. O alcalde de Vigo estivo ata as catro e media no lugar do accidente. Ás tres da mañá intentou poñerse de novo en contacto co presidente da Xunta, unha vez que os bombeiros de Vigo garantiron que non había vítimas mortais e que non quedaba ninguén sen rescatar, e textualmente se lle dixo dende a Secretaría do presidente da Xunta que non facía falta, que o presidente da Xunta xa tiña falado con outras autoridades. Esa era a importancia do mesmo presidente da Xunta que ao día seguinte, iso si, foi absolutamente abochornado ao Hospital Álvaro Cunqueiro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non vou repetir aquí, insisto, bochornos, señor Pazos; pero de verdade que coas fotografías que van acompañar toda a súa vida política ao señor Núñez Feijóo, que veña vostede aquí falarnos de non sei que do alcalde de Vigo, hai que ter moito *cuajo* político tamén, se quere, para evitar chamadas á orde.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, por certo, vou ler moi brevemente catro titulares para que vexan exactamente...

O señor PRESIDENTE: Remate xa. Moi breve.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...quen era charlatán, e quen está sendo charlatán e está facendo campaña política dunha maneira indigna cun grave accidente.

El Puerto achaca al Marisquiño que no revisase si el paseo desplomado era adecuado para el festival. El Puerto arremete contra O Marisquiño y le achaca no haber revisado el muelle. Loxicamente, O Marisquiño recomendou ao Porto cotejar que actividades puñan en risco as súas instalacións. O Marisquiño asegura que a distribución das actividades se consensuou co Porto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿De verdade teñen algo que dicir sobre o alcalde de Vigo?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, que teñen sete concelleiros...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...e que van ter cinco.

O señor PRESIDENTE: Garzas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, presidente.

Señor vicepresidente, quero comezar agradecéndolle o cumprido polo nivel técnico da intervención. Desde logo, iso é o que viñemos tamén facer a esta Cámara. Se vimos aquí falar de competencias, en vez de andar enredando para intentar poñer dificultades á xente que nos escoita sobre en que baseamos as nosas afirmacións, talvez sexa máis útil explicarlles aos cidadáns en que baseamos as nosas propias afirmacións. Iso é o que intentamos facer desde En Marea desde o primeiro momento: intentar solucionar uns problemas que os gobernantes dun lado e doutro non daban amañado. Por iso nós aquí, no ámbito propio do Parlamento, vimos falar do exercicio das competencias, tamén neste caso da Xunta de Galicia. Isto require falar tamén da propia Lei de espectáculos, aínda que vostede lle reste importancia ou non lle dea ningunha, como fai o señor Losada.

Estamos de acordo en parte da súa intervención, cando di ademais que o Concello ten un ámbito de responsabilidade que non cumpriu, ou o que sexa. Nós non negamos iso, pero estamos na Cámara galega; é dicir, non vimos aquí facerlle reproches ao Concello de Vigo, senón a ver cal foi a actuación do departamento que vostede dirixe, porque para iso comparece vostede. Para que explique o Concello de Vigo e os seus responsables o seu propio ámbito de responsabilidade foi polo que nós pedimos en Vigo tamén unha comisión de investigación, porque queremos saber a verdade e delimitala en cada ámbito. Por iso aquí lle pedimos contas a vostede, ao César o que é do César e a Rueda o que é de Rueda. Con isto non estou equiparando César a ninguén.

Alégrame tamén que vostede diga que a posteriori, se vostedes soubesen que o Concello de Vigo non ía cumprir coas súas funcións, exercerían vostedes as competencias que lles atribúe a lei. Un paso é un paso, recoñecer que había competencias atribuídas pola Lei de espectáculos de Galicia que vostedes non exerceron e estaban ben claras, porque o propio ámbito de competencia que establecen o artigo 4, o 24 e o propio artigo 9 é algo que se debe activar con carácter preventivo. Preventivo, non a posteriori. O carácter sancionador ao que se refire vostede despois tamén, coa atribución de competencias ao propio Concello, ten carácter posterior, ante a detección de determinadas infraccións. Pero hai un ámbito propio de responsabilidade da Xunta de Galicia que deriva do carácter de inspección e control no seu propio ámbito.

A iso todo era ao que nos referíamos. E dicímolo con ánimo construtivo tamén, para que no futuro non volva suceder. Algo do que vostede tomou nota —do cal tamén nos alegramos— e díxoo aquí —de verdade, dicímolo sinceramente—, que no futuro, espectáculos que teñen unha carga cidadá tan grande, unha aglomeración tan avultada de xente, a Xunta de Galicia terá especial coidado con eles, sen menoscabo de ningún outro festival, con independencia do número de persoas. Evidentemente, é o exercicio das competencias nunha materia tan sensible como é a protección civil, e polo que nós reclamabamos plena responsabilidade e plena corresponsabilidade entre as administracións aquí concorrentes.

Si, o feito foi complexo, por iso a resposta ten que ser complexa, e por iso cadaquén ten que asumir a súa propia responsabilidade e non eludila a favor doutros porque iso nos condenará a repetilo no sucesivo. Por iso reclamamos que para o futuro inspeccionen os establecementos abertos ao público e controlen a celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas, que é a isto, e non a outra cousa, ao que lles obriga a lei.

Tamén dixemos que o artigo 9 lles permitía cooperar cos concellos, incluso naqueles que non son da súa cor política, para que o desenvolvemento dos espectáculos se produza en condicións de seguridade e integridade das persoas.

A última reflexión que nós quixemos introducir na intervención anterior era se estaban funcionando correctamente as previsións da Lei de emerxencias. Deu vostede conta dun feito do que xa nos fixemos eco nas pasadas semanas, sobre a non activación do Plan municipal de emerxencias, e como saltou para os servizos do 112 precisamente todo o dispositivo de emerxencias, que non foi pola activación do plan —xa ve que estou falando tamén de cuestións do concello—, senón pola actuación dunha fonte diferente.

A nós parécenos que é de gran utilidade que para o futuro teñamos en conta que os plans de emerxencias municipais deben estar en posesión da propia Xunta de Galicia, igual que no caso do propio Plan de autoprotección. ¿Que isto non é obrigatorio?, ¿que isto non se fai así?, ¿que soamente é unha cuestión de oportunidade, pero que non é obrigatorio? Pois talvez teñamos que plantexarnos se incluso non teremos que ir a unha modificación da norma tamén nese sentido.

¿É normal que a Dirección Xeral de Emerxencias non posúa copia do Plan de autoprotección se é unha peza clave para a seguridade do evento? O artigo 9 facultáboas para poder acudir

a ela, pero, insisto, se non o viron conveniente ou se ven que é insuficiente a atribución normativa, vaíamos a unha reforma. Iso podemos estudalo aquí ou podemos estudalo na propia Comisión de investigación como unha conclusión, estamos abertos a falar diso.

Ademais desa corresponsabilidade na cooperación administrativa, e á marxe de ningún tipo de sanción, nós tamén preguntabamos se verificaron dalgunha maneira que os organizadores do mesmo e a Autoridade Portuaria cumprían tamén con aquelas obrigas que emanaban do artigo 23, que eran de carácter solidario, e das que vimos que nin uns nin outros se fixeron eco. Non digo que isto sexa a última e a única das súas competencias.

Remato xa cunha idea, e é que nesta comparecencia debería de quedar claro que o exercicio das responsabilidades derivadas da Lei de espectáculos de Galicia nos obriga, de cara ao futuro, a poñer unha maior énfase na prevención, na inspección e no control, con independencia de que haxa outras administracións que teñan responsabilidades concorrentes, porque iso non pode eximilos a vostedes da propia responsabilidade, sobre todo cando está a seguridade de tanta xente en xogo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Se me permiten, señorías, e por ir respostando a algunhas cuestións que se dixeron hoxe aquí, empezo —vou por orde— polo señor Bará, que segue insistindo coa responsabilidade da Autoridade Portuaria.

Mire, señor Bará, a Autoridade Portuaria ten a obriga de ceder os terreos. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Perdón, ten a obriga de acreditar que cede os terreos. Exprésome mellor: ten a obriga de acreditarlo; pode decidir cedelos ou non cedelos. E é certo que pode haber incluso opinións ao respecto de se deben facelo ou non facelo. A cuestión é que na Comisión 8ª deste Parlamento xa debatemos ese tema, e a posición dos tres grupos da oposición era que a mínima comprobación por parte, por exemplo, de Portos de Galicia de calquera circunstancia que puidese impedir nunha celebración deste tipo as normais actividades nun porto galego, as actividades portuarias, tiña que ser considerado unha inxerencia na autonomía local. Solo o feito de comprobar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si. O bo que ten este Parlamento é que as cousas se gravan e, polo tanto, poden comprobarse. A que pronunciou concretamente o termo «inxerencia» foi unha deputada, neste caso concreto, de En Marea. Os tres estaban de acordo, os tres. E, de feito, pedíase que se facilitasen —iso si o facía o representante do Partido Socialista— de inmediato porque era normal, porque as cidades tiñan que ocupar iso, porque era fundamental para os concellos, e había que facilitarllo. Agora resulta que cambiaron de opinión. Na comisión calquera control era inxerencia, e agora a responsabilidade do control xa é equiparable.

Mire, pide vostede que se abra, señor Bará, un expediente conforme á lei do Estado. Eu xa entendo que é a falla de costume, pero é que no Estado hai outro goberno agora. (*A señora*

Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) Non, non, a Autoridade Portuaria non, pediu que se abrixa dende o ministerio. Señora Pontón, escoite vostede ao seu propio voceiro. Claro, é que xa non goberna o Partido Popular... Eu entendo que teñen que reubicarse, pero ¡home!, xa pasou o verán, xa pasaron os cen días, xa vai correspondendo que se asenten e lle pidan responsabilidades a quen as ten.

E tamén dicía que son demasiadas responsabilidades para os concellos. ¡Home!, eu entendo que iso pode ser discutible, as responsabilidades que cada lei lles dá aos concellos pequenos, pero para iso están previstos os mecanismos de colaboración, que os ten que solicitar o concello, señor Villares. Ten que pedir se quere colaboración, tanto da Deputación como da Xunta de Galicia; está contemplado na lei. Pero, ¡home!, o Concello de Vigo, o concello máis poboado de Galicia, o concello mellor xestionado de Galicia, o concello con máis remanente de Galicia, o concello con máis medios de Galicia, o concello co alcalde mellor do mundo mundial, que o envidian os alcaldes de Nova York e de non sei cantas cidades máis..., ¡home!, ¡non creo que precise da axuda da Xunta de Galicia!

Señor Losada, eu xa llo dixen antes, lamento moito o papelón que hoxe fixo vostede aquí. Laméntoo porque sabe que no persoal lle teño bastante estima, pero non se pode mentir en sede parlamentaria —aclaro—, e eu quero pensar que vostede non o fixo. Se vostede non o fixo, o Concello de Vigo mentiu.

Esta é a relación de documentos que recibiu a voceira do PP en Vigo. Cito: Solicitude de celebración de concertos. Plan de autoprotección. Escrito da Autoridade Portuaria no que se cede o terreo. Fianza depositada Abanca, 1.000 euros por posibles desperfectos. Informe descenso BTT (ocular). Informe inspección visual recinto O Marisquiño (ocular). Proposta de resolución. Que non resolución, ¡eh! Proposta de resolución. Novo informe do descenso do Casco vello porque, efectivamente, corrixiron una cuestión. Informe (tamén ocular) de celebración de concertos. Última frase que se lle fixo asinar á voceira do PP: Non constan máis documentos. ¿Onde está o seguro?

Señor presidente, vai haber que mellorar a cobertura na sala para que non teñamos que andar a saír cos teléfonos para recibir certas chamadas de asesoramento. Eu enténdoo, pero asegúrese de que non lle menten a vostede.

Non está o seguro. Non está na documentación facilitada. Ou mente vostede, ou mente o Concello de Vigo, ou se lles ocultou información aos concelleiros de Vigo, e iso é moi grave. Moi grave, señoría. Son 476 feridos, señoría. ¿Onde está o seguro?

Non é a única trampa que vimos hoxe aquí, fixo vostede outra, e esta si que a fixo vostede. Vostede acusou á TVG de retirar un documento, o convenio de Vigo, e leu o parágrafo que lle pareceu do convenio.

Apartado cuarto, o que vostede medio leu. É que ten dous parágrafos, ten dous. Léolle o primeiro: «*El Ayuntamiento se compromete, durante los cincuenta años de este convenio, al mantenimiento de toda la actuación en perfecto estado de conservación, bien por sus propios medios, o bien por la oportuna contratación de obras y servicios*». Toda a actuación. Parágrafo segundo: «*El*

Ayuntamiento de Vigo se compromete al pago del alumbrado público y del agua consumida en las fuentes e instalaciones de esta zona, así como al mantenimiento de los jardines, mobiliario urbano, limpieza, asfaltado, conservación de túneles, vigilancia etcétera.» Non, non, no primeiro parágrafo adquire ese concello a obriga de asumir o mantemento completo da actuación, e no segundo especificáanse cales son os labores de mantemento e conservación que ten que facer. Non minta. Porque mal empezamos aquí una comisión de investigación se comezamos enganando os cidadáns.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos. Terminou o seu tempo.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato. Creo que o señor Villares fixo algunha aportación que merece a pena ser tida en consideración. Terémola no seu momento. Pero, sinceramente, a desesperación que amosou vostede por incluír a Xunta nas responsabilidades deste accidente, resulta máis ben frustrante.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Peche desta comparecencia, señor vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, eu da deputación simplemente dixen que é un pouco sorprendente que os seus socios da deputación —vostede ten unha opinión da súa xestión e eu outra, pero non vimos aquí falar diso—, eses mesmos que os necesitaban para gobernar e por iso están gobernando, digan que non teñen dereito a falar de Vigo porque en Vigo non os vota ninguén. Poida que teñan razón niso, pero nós cremos que si que teñen dereito a falar aínda que non os vote ninguén. Despois na deputación é outra cousa, porque alí están repartindo o poder, pero en Vigo non poden nin falar, segundo a teoría do Partido Socialista. ¿Dáse conta a moi pouca distancia como son as cousas, e que tipo de aliados son? Dígoo para que reflexionen sobre iso, máis alá do que pasou hoxe aquí.

Hoxe veu aquí o señor Losada defender... Eu, desde logo, polo menos intentei falar do que fixera a Xunta de Galicia o día do accidente. Antes non puider facer nada e agora intentarei falar un pouco máis diso, señor Villares, cando lle conteste brevemente ao que dixou, segundo esa teoría súa.

Xa llo dixou o señor Pazos. É verdade, xa non me acordaba diso, efectivamente, cando se falou de que había que exercer un maior control por parte de Portos de Galicia, vostedes protestaron e dixeron que menuda inxerencia, ¡que de ningunha maneira! Agora está dicindo que ante o risco comprobado, como se constatou —eu creo que vostede mesmo o recoñeceu implicitamente, polo menos esa foi a miña impresión e seguro que a doutros moitos deputados e deputadas—, de que o Concello de Vigo non fixo o que tiña que facer, hai que actuar pre-

ventivamente e non hai que fiarse, polo tanto, hai que meterse. Pero me gustaría saber o que pensa a Federación Galega de Municipios e Provincias desa teoría. Porque a podemos aplicar a moitas cousas. ¿E por que non o facemos tamén no urbanismo, na contratación e na xestión de persoal?, porque as leis din o que din. Pero como probablemente haxa moitos alcaldes e alcaldesas na visión e na opinión que teñen vostedes, que están dispostos a incumplir a lei, o que hai que facer é controlalos antes, facerlles de policía, que é o que me estaba vostede dicindo que había que facer aquí.

Eu comprendo que este é un tema serio, pero en menudo lugar deixa vostede os responsables municipais. Aquí as leis fanse pensando que a xente que se pon voluntariamente á fronte de responsabilidades, porque primeiro se someten a unhas eleccións, van cumprir a lei. E vostede está dicindo todo o contrario: como van incumplir, interveñamos antes.

Ao final quen fallou, é a súa orientación desta comparecencia, porque non se atreveu, perdoe que lle diga... Xa o dixi, ademais: a comisión de investigación que votei é para controlar a Xunta. O que fixo o Concello é cousa de concelleiros de Vigo, ¿a min que me conta? Eu vou a pola Xunta, ao alcalde de Vigo non lle toco un pelo. Xa sei que incumpriu, pero a culpa é de vostedes por fiarse del, por non controlalo, por non intervir antes de que interveña o Concello. ¡Menuda teoría! Eu de verdade creo... Neste caso está visto, xa llo dixen, foi o que dixen. Falaba irónicamente cando falaba da habilidade de técnica xurídica para retorcer os argumentos para chegar a un fin que xa tiña predeterminado. Iso, en fin, está mal cando un é xuíz, e non me vou meter niso, e tamén, desde logo, e niso si que me vou meter, cando un é parlamentario. Eu non dixen iso. Eu non dixen que tiñamos que haber actuado e non actuamos, dixen que, se chegamos a sabelo, por suposto que houbéramos actuado. Se chegamos a saber, como dixi o señor Losada aquí: ¿A min que me contan? Nós só autorizamos dúas cousas. O Marisquiño era moito máis grande, pero a teoría lanzada aos catro ventos, señor Losada, e entendida por todo o mundo, é que en Vigo se pode facer o que se queira. Se se quere, pídese licenza, e entón fanse dous papeliños, e se non se pide licenza, non pasa nada. E, dende logo, só se poden pedir responsabilidades ao Concello para aquelas cousas para as que lle pediron licenza. Se é público e notorio que se están facendo outras cousas e non se pide permiso, alí non hai nada que dicir.

Isto non funciona así, señor Losada. Ensinou os papeis así, como poñéndoos no aire, pero non hai aí absolutamente ningún informe sobre a solidez das estruturas, ningunha comprobación máis alá de falar de que había un plan de autoprotección. Si, si, os organizadores presentaron un plan de autoprotección, os que tiñan que seguir despois facendo as comprobacións foron os que non as fixeron, e desde logo non son os organizadores. Era o Concello e non o fixo, pero con esa teoría, claro, en fin. Total, ¿para que pediron permiso para nada? Se non o pediran, non pasaba absolutamente nada. E se o pediran, non ían controlar, ou farían unas comprobacións polo aire.

Todo iso é o que imos saber agora. Todo iso é o que se vai ver, por suposto, no xulgado, en primeiro lugar. Señor Bará, eu supoño que non me escoitaría cando dixen que nos imos personar, primeiro, para pedir que se devolvan eses cartos públicos, que non son da Xunta, son de todo o mundo, de asistencia sanitaria. Estamos preocupados, efectivamente, señor Losada, estamos preocupados porque eses son cartos que se pagan cos impostos de todos os

galegos e galegas e queremos recuperalos, pero, estando personados, veremos un montón de cousas máis. Veremos se, efectivamente, hai responsabilidade. Non como di o señor Villares: había que pedila antes. Non o sabiamos, insisto, se o chegamos a saber, claro que houbéramos actuado, pero non sabiamos que era un irresponsable o Concello de Vigo á hora de autorizar estas cousas. E pediremos responsabilidades. A lei o que di é que o procedemento sancionador... Xa llo dixen antes e sábeo de sobra, xa non fixo alusión na súa segunda intervención a iso. Supoño que lería o título catro cando lle dicía eu e lle lía en voz alta que podemos sancionar aquilo que autorizamos. Cando non podemos é cando están os xuíces e cando estarán as responsabilidades. E veremos se se autorizou ou non se autorizou. Responsabilidade de calquera tipo. Queda en mans da xustiza se é responsabilidade penal, administrativa, contenciosa. Nós non nos imos meter niso. Imos dar os medios para que se poida facer cando antes porque cremos que é bo. Primeiro, en recoñecemento de todos aqueles responsables municipais de todos os partidos políticos, de todas as cores, que cando reciben unha autorización a toman en serio, mírana, fan as comprobacións e, se non a poden autorizar, non a autorizan. Hai moitas denegacións. Claro, iso ten un custo. Hai xente que non o quere asumir e outra que si. Se non se pode facer una cousa, non se fai, pero a responsabilidade está aí. Pero para vostede a receita máxica é dicir: é que a Xunta de Galicia tiña que estar fiscalizando todo. É que os concellos tiñan que estar atados de pés e mans, diga o que diga a lei, porque a Xunta de Galicia é a que ten que extralimitarse sempre nas súas competencias, facer o que non lle autoriza a lei, para despois poderlle botar a culpa como fixo vostede hoxe neste pleno.

As cousas non funcionan así. As cousas funcionan pedindo responsabilidade a quen ten que exercela, vendo se se exerceu e, sobre todo, intentando saber que pasou para que non se volva repetir.

O accidente do Marisquiño foi un accidente moi grave, afortunadamente non foi moito máis alá. Dicía vostede, señor Losada —e remato xa, señor presidente—, que o alcalde de Vigo un tempo despois volveu chamar ao presidente da Xunta e o presidente da Xunta dixo que xa estaba informado. Efectivamente, que pena que durante tres anos, desde que se aprobou o Plan de protección civil, non houbera tempo para mandalo á Xunta de Galicia para que tivésemos coñecemento de como estaban organizadas as cousas e poder actuar. En tres anos non houbo tempo, e agora estamos falando de hora e media. ¡Que vergonza, señor Losada! (*Aplausos.*) ¡Que forma de defender o indefendible!

Non é que o dixera vostede. Durante días o único argumento de defensa do señor alcalde de Vigo, do señor Caballero, foi ese que vostede está dicindo, que é o responsable de protección civil, o responsable de emerxencias, o que non mandou o plan á Xunta, o que non actuou. Que onde estaba o señor Feijóo, que tiña que estar aí ao seu lado, e como non estaba, era o responsable de todo.

Estamos moi acostumados a ese tipo de políticas, a ese tipo de botar balóns fóra. A esta mostra, unha vez máis, en dezaoito minutos, no sitio onde foi o accidente, no sitio onde estaban as competencias, no sitio onde non se fixeron as comprobacións antes de autorizar, dezaoito minutos para falar de todo. Aquí levamos tres horas e falaremos moito máis, porque llelo debemos aos responsables municipais, ás vítimas, e ao final á decencia da Administración.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata ás dezaseis horas, catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e media da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión co punto 4 da orde do día, que se corresponde con mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa violencia sexual

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araújo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débense engadir, despois da parte resolutiva da moción, dous novos puntos:

«9. Estender a materia de igualdade de xénero a todos os cursos educativos, adaptando os contidos a cada etapa educativa e incluíndo bloques específicos de educación afectivo-sexual.

10. Elaborar unha macroenquisa galega, en termos cuantitativos e cualitativos, sobre a incidencia das violencias machistas ao longo do ciclo da vida das mulleres, onde se inclúan apartados específicos sobre as violencias sexuais.»).

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva da moción, un novo punto:

«8 bis. Reflectir dentro do informe anual de seguimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, da Secretaría Xeral de Igualdade, no apartado de análise e magnitude da violencia de xénero, os datos relativos as violencias sexuais denunciadas durante o período de estudio, desagregándoos por sexo, idade, e tipoloxía da agresión ou abuso.»).

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Marián García Míguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

<<O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1. Seguir a desenvolver a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en canto á sensibilización, prevención e tratamento integral da violencia sexual como violencia machista, incrementando no vindeiro exercicio orzamentario o orzamento consignado para a igualdade de xénero, así como a prevención e intervención no ámbito da loita contra a violencia de xénero.*
- 2. Incluír, no informe anual de seguimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, un capítulo específico relativo ás agresións sexuais.*
- 3. Continuar a desenvolver campañas informativas para fomentar na sociedade o coñecemento de que as ferramentas e recursos contra a violencia machista, como poden ser os CIMs, o teléfono 016, a app ‘Escapp’ e a app ‘Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual’, están a disposición para o atendimento e asesoramento tamén diante de agresións sexuais, tanto para as vítimas como para terceiras persoas.*
- 4. Incluír nos obxectivos da comisión de traballo creada no seo do Observatorio galego da Violencia de Xénero, o seguimento da implantación e grao de cumprimento do Protocolo de coordinación e cooperación institucional que se aprobou no 2017, ao respecto das distintas formas de violencia en tódalas súas áreas de actuación.*
- 5. Incluír na páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade un apartado específico visible na pantalla de inicio con información sobre as violencias sexuais e os seus recursos de atención e intervención.*
- 6. Continuar a traballar nos centros educativos as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica nas relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer unhas relacións positivas e pacíficas para todos os membros da comunidade, facilitando orientacións para a adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan previr e detectar condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero e realizando actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa>>).*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Ben, de entre os moitos debates que ten aberto recentemente o feminismo nos últimos tempos, desde o Bloque Nacionalista Galego estamos convencidas e convencidos de que hai un que está chamado a supoñer un salto cualitativo no empoderamento das mulleres e no combate da violencia, e ese é o referente á conceptualización e ao recoñecemento da violencia sexual en todas as súas dimensións. Isto constitúe un reto para toda a sociedade, tamén para a resposta institucional. E desde o Bloque Nacionalista Galego gustaríanos que a Xunta de Galiza deixara de mirarse o embigo e estivera á altura das exixencias deste momento histórico.

A ninguén se lle escapa que acontecementos recentes da nosa sociedade impactaron dunha forma importante na mesma. Quizais o vivido no caso da Manada sexa o feito que dunha forma máis contundente pode marcar un antes e un despois no que supón de toma de conciencia social. Cuestións como o consentimento, como avaliar como o patriarcado condiciona a nosa sexualidade e a insuficiencia tamén dun marco xurídico institucional que deixa atrás moitas veces as vítimas cuestionándoas e revitimizándoas están hoxe en día no centro do debate.

En Galiza temos puntos de partida fortes para construír máis e mellor traballo. Dunha banda, temos unha sociedade que reflicte o patriarcado en moitos aspectos, pero que, ao mesmo tempo, tamén dá exemplos continuos da súa conciencia e do seu compromiso para erradicalo. Temos exemplos cercanos como o histórico 8 de marzo, que tivo no noso país unhas mobilizacións moi superiores en termos relativos ás do resto do Estado. Unha mobilización que ademais non quedou atrás cando saímos todas ás rúas para condenar esa vergoñenta sentenza da Manada. Mesmo hai escasas semanas diante dunha agresión sexual que se produciu no festival Armadiña Rock houbo unha resposta excelente tanto por parte da organización como por parte da sociedade, que non dubidou en saír á rúa para apoiar a vítima e para non restarlles a máis mínima importancia a eses acontecementos. Evidencias deste tipo demostránnos que temos unha sociedade cunha alta sensibilidade para acoller máis e mellores propostas contra a violencia sexual.

E, doutra banda, temos tamén outra fortaleza, que é unha lexislación pioneira; pioneira pero infrautilizada e infradesenvolvida polo Goberno do Partido Popular. Hai que recordar que mentres no Estado aínda están chegando agora a ese debate por causa do pacto de Estado, no noso país hai dez anos que xa a lexislación recoñece a violencia sexual como unha forma máis de violencia machista. Pero temos un Goberno apático e carente de iniciativa propia. A comprensión tamén das violencias sexuais como unha expresión da dominación patriarcal sobre as mulleres é algo moi recente. E iso aínda non se ten trasladado de todo nin á sociedade nin ás institucións; aínda dista de ser asumida como tal.

Pero temos que ter presente que as consecuencias das agresións sexuais, se ben son algo dramático e duro no plano individual, e debemos darlles todo o apoio e recursos ás vítimas ou, máis ben, superviventes, tamén temos que recordar que é algo que ten un impacto colectivo máis alá do individual en todas nós. Porque como forma de dominación social condiciona a nosa sexualidade, o noso lecer, o noso dereito a vivir en liberdade e sen medo. E cada vez que hai unha agresión sexual e cada vez que non se atende como se debera estamos máis lonxe da liberdade e da igualdade.

Tamén cando esa resposta —insisto— non é adecuada, cando se xulga a vítima ou se responsabiliza as propias mulleres de ser elas, de ser nós mesmas quen temos que evitar as agresións. Temos exemplos recentes, como aquel dun policía de Lugo que nos recomendaba que non tiñamos que saír da casa se non tiñamos medo a ser agredidas. Exemplos coma ese demostran que a elección do medo é sempre para nós, e urxe un cambio de perspectiva. E por iso non podemos conformarnos con ter só no papel unha lei moi avanzada. Ese é un dos problemas que temos en Galiza cunha Xunta paralizada e que non presta demasiada atención a como desenvolver ese marco.

Por iso nesta moción propoñemos varias propostas. E como primeira urxencia, para un maior compromiso nesa erradicación da violencia sexual, como unha forma máis de violencia machista, pero con moitas especificidades, propoñemos hoxe aumentar o orzamento para o 2019, e tamén que se renda contas neste parlamento de a que actuacións específicas relacionadas coa violencia sexual se dedican, porque, se non, seguiremos outra vez con esas boas palabras e esas apelacións á transversalidade, pero con pouca rendición de contas. Porque, miren, o balance de criminalidade do Ministerio do Interior rexistra para Galiza no primeiro semestre do ano vinte e nove denuncias por violación con penetración e duascenas trece por outros delitos sexuais. Iso dános un saldo dunha violación á semana e de máis dunha agresión sexual ao día. E iso ten unha dimensión, unhas repercusións colectivas para toda a sociedade que non pode permitirse non ampliar os recursos, porque temos poucos e témolos infrautilizados.

E por iso abordamos varias cuestións na nosa proposta. Por exemplo, preocúpanos —e temos insistido varias veces tamén na interpelación co señor Rueda— que ferramentas como os CIM, como os teléfonos de atención do 016 e demais pois que moitas persoas vítimas, pero tamén persoas terceiros e terceiras, poidan non considerar que esas ferramentas que están aí tamén para a violencia sexual. Hai que mellorar o acceso á información en todos os aspectos. É inaudito que no día de hoxe a web de igualdade da Xunta de Galicia nin sequera teña un apartado específico para as violencias sexuais, que tamén propoñemos crear.

Porque pensamos que hai que facer máis, si, pero tamén hai que avaliar o que se fai para ver se a resposta se adecúa tamén a este tipo de violencia. Por iso poñemos tamén o foco na cuestión dos protocolos, en que se avalíe se funcionan tamén para a violencia sexual, e non só para situacións de maltrato, que en moitos casos son maltratos continuados e pertencen a outro tipo de atendimento. Por iso propoñemos que isto se avalíe nos ámbitos adecuados, implicando o Observatorio Galego de Violencia Machista e demais. Hai pouco tivemos coñecemento polos medios de comunicación dunha violación en Xinzo que non foi atendida como corresponde cos protocolos estatais, galegos e tamén internacionais de atendimento ás vítimas de violación. Temos que avaliar estes aspectos.

Tamén mellorar as campañas e a súa planificación. Este ano vimos como, por exemplo, a Xunta de Galiza decidía seguir a iniciativa de moitos festivais do noso país e facer unha campaña específica nese ámbito de lecer. É algo que temos insistido en que como idea non nos parecía mal, pero a súa aplicación práctica temos que recoñecer entre todos e todas que foi moi insuficiente. Uns carteis case imperceptibles en festivais de milleiros de persoas non é non facer nada pero case. Por iso propoñemos que se avalíe esa iniciativa, que se faga un informe sobre iso e co sector implicado que se poidan facer propostas de mellora.

Hai outra cuestión que tampouco deixa de preocuparnos, que é todo o referente ao baixo nivel de denuncias que existe, que é un nivel practicamente estancado. Se comprobamos os datos que levamos do 2018 e os que houbo do ano anterior, vemos que hai un estancamento. ¿Será iso que non hai agresións sexuais? Pois desde logo que non, o que demostra é que algo falla. Se avaliamos que o aumento de denuncias por violencia de xénero é positivo, temos que avaliar que que non aumenten este tipo de denuncias denota que algo falla. Algo falla na xustiza, por suposto, pero falla tamén unha rede de apoio que sexa eficaz, que sexa coñecida e que poidamos mellorar entre todas e todos. Isto entendemos que non se ten avaliado de forma suficiente no noso país, nin no plano cuantitativo nin tampouco no plano cualitativo. E temos que sentarnos con calma a avaliar que ferramentas temos e como podemos melloralas.

O Partido Popular accedeu a dúas cuestións, e recentemente aprobouse nesta cámara facer unha macroenquisa. Nós vémolos ben, agardamos que iso se faga canto antes. O feito de non ter noticias disto preocúpanos un pouco. Tamén aceptaron incluír a violencia sexual como un apartado específico neses informes de violencia machista anuais, ao fío do que obriga ese punto da lei, e nós entendemos que iso sería positivo. Tamén seguir mellorando ese informe que temos criticado en moitas ocasións porque non deixa de ser algo practicamente mecánico e repetitivo e que non introduce esa avaliación cualitativa que é tan necesaria.

Pero pensamos que tamén hai propostas novas que facer, e facemos unha en concreto. Nós entendemos que esa información estatística é importante, e será importante cando chegue, pero non é suficiente. É que, por exemplo, algunhas cuestións que temos que avaliar é que acontece con esas denuncias, que acontece con ese proceso desde que comeza até que remata. E nese sentido propoñemos facer algo que xa se fai coa violencia machista: cando no noso país o sistema falla, cando hai un asasinato, cando hai un erro na cadea de protección, cando hai, por exemplo, un erro porque a protección do presunto ou xa confirmado asasino non foi a adecuada, hai un estudo en colaboración co poder xudicial, en colaboración con outros elos da cadea de que fallou e como se pode mellorar. E nós preguntámonos que por que non facer o propio coa violencia sexual e por que non sentar todos os elementos nunha mesa para avaliar esta cuestión.

Pero non é o único que propoñemos, hai outra cuestión que nos parece fundamental, que é dar un cambio radical ao enfoque que estamos a aplicar, porque non estamos a combater a cultura da violación. Urxen outro tipo de campañas que abandonen o paternalismo, que abandonen o proteccionismo, e contribuír a manter vivo ese debate aberto sobre o consentimento, sobre romper tópicos, porque o oitenta por cento das violacións son cometidas por un coñecido, non por un asaltante no medio da nocturnidade.

E neses enclaves está a mocidade e o ensino. Aquí temos que intervir, temos que abandonar esas políticas que responden unicamente á vontade do voluntariado do profesorado. Non é suficiente que a sexualidade se aborde en Bioloxía en terceiro da ESO, non é suficiente que só haxa obradoiros para poucos centros neste curso. Hai que superar a preeminencia da pornografía como educación sexual dos nosos nenos e nenas. E para iso habería que transformar moito no ensino e introducir contidos coeducativos en todas as etapas. Pero como medida transitoria propoñemos estender a todos e cada un dos centros educativos do noso país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...obradoiros específicos. Iso é posible e é necesario.

En síntese —e remato xa, señor presidente—, desde esta iniciativa convidamos a Xunta de Galiza a que abandone dunha vez esa apatía e esa falta de iniciativa en canto ás violencias sexuais, e a que aposte por desenvolver a nosa lei específica de violencia machista, que leva moitos anos dándonos ferramentas, pero que podería dar aínda moitísimo máis. Precisamos desenvolvela, precisamos máis recursos e precisamos tamén mellorar colectivamente o enfoque do discurso que emitimos tamén desde os poderes públicos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Porque combater a cultura da violación non vai ser fácil, pero facendo o mesmo que até o de agora imos ir moitísimo máis lentas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e é algo que non podemos permitirmos como sociedade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Antes de nada, gustaríame deixar clara a posición do Grupo Socialista, que é de apoio —como non podía ser doutro modo— ás medidas que se presentan nesta moción. É un apoio que entendemos necesario, que tamén debería selo por parte de todos os grupos, porque esta manifestación da violencia ten que ser afrontada desde moitas fronteiras, e especialmente desde o convencemento da necesaria implantación das políticas feministas.

Pero as medidas que hoxe se presentan, e incluso as engádegas que presentamos os diferentes grupos, non son suficientes, porque este problema está ligado a cuestións como son as relacións de poder, os estereotipos de xénero, as desigualdades no eido laboral, onde as mulleres se atopan sempre nunha situación de inferioridade, tamén de vulnerabilidade, e onde as violencias sexuais atopan o caldo de cultivo idóneo para manifestarse.

O certo é que desde que esta moción foi presentada o pasado 10 de xullo moitas foron as tristes novas que ao redor da violencia sexual aconteceron no noso país, como os recentes casos de intento de violación en Lugo. Pero hai unha novidade que hoxe desde este Grupo Socialista queremos destacar positivamente, e ademais con moito orgullo de partido, porque

fala dos compromisos reais dun Goberno estatal que é socialista e que é maiusculamente feminista. (*Aplausos.*) Un Goberno que en apenas cen días non só se converteu nun referente: o do Executivo con máis mulleres de Europa e —¿por que non dicilo?— de todo o mundo, senón que é un Goberno que ten amosado o seu compromiso firme co Pacto de Estado contra a violencia de xénero, poñendo en marcha moitas das medidas contidas no mesmo, desbloqueando a posta á disposición dos fondos destinados ás institucións locais e comunidades autónomas, que a finais deste mes ou principios do seguinte irán chegando, así como anunciando a duplicación dos fondos para o vindeiro ano.

Pero non só iso, senón que todas as medidas que se puxeron en marcha nas políticas estatais, todas foron tomadas con perspectiva de xénero. Facer política maiusculamente feminista, traballar por unha Lei de igualdade laboral e sentar as bases dunha futura lei contra a trata, iso é facer política maiusculamente feminista. (*Aplausos.*) E esa é a diferenza entre un Goberno socialista, que pon o feminismo e, polo tanto, a igualdade no lugar que lle corresponde, e un Goberno como o do Partido Popular, acostumado a políticas minuscualmente feministas e a impedir incluso que o minúsculo se torne en maiúsculo. Un Partido Popular que equivoca a loita contra as violencias sexuais con mensaxes como as do preámbulo da aplicación móbil Agresión Off, nas que focaliza a violencia sexual nas vítimas, recomendándolles que se saiban protexer. Unha medida que obvia o obxectivo que debe ser prioritario na política preventiva, que é traballar por educar os potenciais agresores.

As mulleres, como vítimas máis habituais das agresións sexuais, temos dereito a ser tan libres como os homes. E por isto mesmo desde o Grupo Socialista temos claro que as políticas teñen que incidir no control dos violentos, e especialmente traballando en medidas no eido da educación para erradicar de raíz os estereotipos de xénero. E para conseguir todo isto é preciso superar a invisibilidade das violencias sexuais, que a seguen a manter nun ámbito máis privado, case íntimo.

Eu tamén fago referencia a eses datos do Ministerio do Interior, que de xaneiro a xuño durante o ano 2018 cifra en vinte e nove as violacións con penetración en Galicia, así como douscentos trece os delitos sexuais rexistrados. Iso significa que cada dous días tres mulleres, maiormente nenas e tamén nenos, son agredidos sexualmente, perdendo a súa liberdade, a súa dignidade e morrendo emocionalmente.

E esa é a nosa petición e a aportación fundamental á proposición que hoxe se presenta: solicitar que nos sucesivos informes anuais, da Secretaría Xeral de Igualdade, de seguimento da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, se reflectan os datos relativos ás violencias sexuais, sexan agresións, violacións ou abusos, con datos desagregados por tipoloxías, por idades, por sexo. Traballar desde a verdadeira dimensión do problema, ocuparnos e preocuparnos do que acontece ao noso carón, porque apuntar cun dedo o traficante de mulleres en países lonxanos non vai mudar a realidade dos abusos e agresións que acontecen ao noso carón.

Hai un dedo que está a apuntar directamente a nós, ao noso contorno, ás nosas familias, ás nosas cidades e, ¿por que non?, tamén ás nosas responsabilidades políticas. E é por esa responsabilidade política, a que ten o Partido Popular á fronte deste goberno, polo que me permito

solicitarlles que abandonen a política de igualdade en minúsculas e que preman como os socialistas a tecla que posiciona o feminismo como eixo fundamental de todas as políticas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Nós imos tamén votar a favor desta moción.

Parécenos —como xa temos manifestado noutras ocasións— que queda moito por avanzar na loita contra as violencias machistas, pero especialmente no que se refire ás violencias sexuais. Non debe ser unha prioridade absoluta porque, por desgraza, en demasiadas das súas formas está moi normalizada —como dicía a voceira do Bloque Nacionalista Galego.

E eu creo que tamén cando falamos de violencias sexuais é importante clarificar que entendemos por violencias sexuais. E pode parecer moi de abecé, pero eu creo que é moi importante que fagamos unha reflexión sobre os estereotipos e as imaxes que se venden sobre violencias sexuais, que moitas veces están alonxados das verdadeiras violencias que vivimos as mulleres. Pouco se fala das violencias que sofren as mulleres no contorno máis cercano, a pesar de que en termos cuantitativos son unha das máis fundamentais, ou pouco se fala do acoso que viven as mulleres no seu posto de traballo, coas dificultades obvias que ten sinalar este tipo de prácticas, porque moitas veces veñen por unha superioridade, neste caso polo xefe. Por iso nós entendemos que é importante que falemos e clarifiquemos de que falamos cando falamos de violencias sexuais, e tamén alonxar un pouco todas as campañas e todas as medidas un pouco afastadas dos estereotipos máis clásicos e saír un pouco do paternalismo e da visión vitimista un pouco das mulleres.

E, por facer unha aclaración, eu teño unha diferenza de opinión con algunha voceira, coa voceira do Partido Socialista. Eu creo que é moi importante sinalar todos os avances que se dan nesta materia, pero creo xustamente que os avances son grazas ao movemento feminista, e aí tamén o sinalou a voceira do BNG. Eu creo que foron históricas as mobilizacións que vivimos, tanto cando foi o caso da Manada, a sentenza, como cando foi o caso dese festival galego. E eu creo que aí é onde temos que pór o acento e parabenizar todas as mulleres que saen ás rúas, e que, por desgraza, normalmente os gobernos van detrás e moitas veces acaban sumándose ao carro demasiado tarde.

Falando xa propiamente da moción, nós concordamos con todos os puntos que se propón. Ademais, a proposta de transacción parécenos que debería ser aprobada, porque incorpora a maior parte dos puntos que propomos o resto dos grupos.

Por explicar un pouco o sentido da nosa emenda, nós quixemos incorporar dous puntos, que nos parecen moi relevantes e nos que cremos que hai que insistir:

Por unha parte, como levamos dicindo moito tempo, cremos que os centros educativos son axentes fundamentais na loita contra as desigualdades, que temos que aproveitar este espazo, que é un espazo fundamental para ir rachando cos roles de xénero. Entón, nós non concordamos coa visión que se fai normalmente dende a Xunta de Galicia, da que somos bastantes autocríticos, pois sempre se di que se está facendo moito en igualdade nos centros educativos, e cremos que fai falta moito máis. Por iso, nese sentido, nós propuñamos entender a materia de Igualdade de Xénero a todos os centros educativos, entendendo que non é suficiente a materia tal e como está entendida nestes momentos, pero entendendo que debe haber un espazo, a pesar de que a igualdade, obviamente, ten que ser transversal e atravesar todas as materias educativas. Cremos que unha materia específica debería formar parte do currículo, incluíndo tamén bloques específicos de educación afectivo-sexual.

E nós cremos que non se pode avanzar nada mentres se manteña, por exemplo, a segregación por sexos. E sempre que falamos de violencia e xénero e falamos de ensino —creo que hai que recordar—, a Xunta de Galicia debe parar dunha vez por todas de subvencionar centros que segregan por sexos, porque non ten ningún sentido que se fale de defender a igualdade e que, por outro lado, se estea subvencionando este tipo de colexios, que perpetúan dunha maneira evidente os roles de xénero.

E, por outra parte, como tamén temos manifestado e como xa mencionou tamén a voceira, é unha proposta que debería estar en marcha, pero como non temos novidades tamén querríamos recalcar a necesidade de facer xa dunha vez por todas esta macroenquisa galega de violencia de xénero en termos cuantitativos e cualitativos. Paréceme importante isto porque —como dicía— creo que tamén nos vai axudar a rachar cos estereotipos que temos todas, por suposto, e que creo que tamén debería incluír apartados específicos de violencias sexuais. Eu creo que esta é unha das medidas fundamentais. E nós recalcamos bastante nesta medida porque cremos que se non coñecemos a realidade é moi difícil que poidamos levar adiante medidas axeitadas.

E como dicía tamén —para rematar— eu creo que é importante acabar con todas estas campañas onde se centran no medo todas as cuestións. Eu creo que hai que acabar coa perspectiva paternalista e colocar a muller como mulleres libres, queremos ser libres. Obviamente, hai moitas desigualdades pero non queremos estar sempre encasilladas nesa figura de vítima.

Eu — como dixen e vou rematando— espero que se aprobe esta moción. E só por facer un recordatorio, non vou recordalos porque xa os mencionaron, pero os datos deste tipo de agresións en Galicia son alarmantes. Levan sendo alarmantes ademais non na última enquisa, tamén na anterior; só soben. Ademais, son uns datos escalofriantes, e cremos que deixan moi claro que non podemos seguir agardando e que necesitamos tomar medidas inmediatas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Moi boas tardes.

A min, señora Presas, sorpréndeme o seu ton á hora de falar disto, porque eu creo que intentamos chegar a un consenso, e creo que ese é o espírito de traballo contra a violencia sexual e contra todo tipo de violencia machista. Vostede quere facer disto un enfrontamento político, pois xa lle anuncio que nós non imos entrar nesta forma de facer política, concretamente neste tema. *(Aplausos.)*

Estamos a falar de violencia sexual, que na nosa comunidade autónoma —como ben dicía— está recoñecida por lei como delito, e este como violencia de xénero. O que implica que as vítimas —deixemos de lado estas posturas catastrofistas— desta violencia sexual poden acceder a todas as prestacións: axudas económicas, acceso á casa de acollida, a centros de emerxencias, participar dos itinerarios de inserción laboral, ter amparo para os seus menores, atención psicolóxica, social e xurídica gratuíta, porque moitas veces son os propios menores os que sofren esta violencia.

Ademais, somos a primeira comunidade autónoma que temos unha aplicación no móbil, pensada xeralmente para a xente xove, específica contra a violencia sexual. Trabállase nas universidades, nos institutos, no eido sanitario, no político, no social e no xudicial, e tamén a través da Fegamp.

Por suposto que existen protocolos de coordinación e cooperación interinstitucional que dependen do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero, cunha comisión de seguimento para avaliar todo o traballo que se ten que facer, para poñer propostas enriba da mesa, facer recomendacións e cambiar as cousas cando hai que cambialas.

Non vou facer un relatorio de todo o feito, que é moito, pero non esquezamos que coa implicación de todos e que todos sumamos. E iso débemosllo amosar á sociedade: estamos todos a unha contra a violencia de xénero. Así se fixo co empurre do pacto de Estado do Goberno do señor Mariano Rajoy, onde estivemos todas as forzas políticas contra a violencia machista. Señores do Bloque Nacionalista Galego, non queremos un informe nos dous primeiros meses con respecto ao pacto de Estado no ano 2019, queremos saber cal é a situación do pacto de Estado agora. Pediremos dende o Grupo Parlamentario Popular a comparecencia da secretaria xeral de Igualdade para saber que está a acontecer con este pacto de Estado. Houbo anuncios o mes de agosto, non sabemos nada no día de hoxe. Queremos saber cal é o orzamento que lle consignan para a nosa comunidade autónoma, que corresponde no ámbito local, cales son os contidos onde se vai facer un maior investimento. En fin, queremos saber que está a pasar co Pacto contra a violencia de xénero. E aquí estamos e imos poñer todo o que estea na nosa man para que todo isto deixe de acontecer.

Como dicía o vicepresidente da Xunta de Galicia no último pleno do mes de xullo, o Goberno, sexa do signo político que sexa, toma ese tema moi en serio e fai todo o posible para que isto deixe de suceder. Ese é o espírito.

E a súa moción ten moito do Partido Popular, sorprendentemente. Podería dicirlle que a metade dela é nosa, porque recolleu as medidas que se aprobaron na nosa proposición non de lei debatida na Comisión 5ª o 12 de abril deste mesmo ano. Por favor, faga un relatorio e mire un pouquiño. Por certo, que non apoiaron. Pero agora parece que si que lles gustou e aquí traen a maior parte das medidas. *(Aplausos.)*

Ben, por suposto, vaise continuar a desenvolver a lei integral, e hai un incremento dos orzamentos, medida que aprobamos dende o Partido Popular, e vaise incluír no informe anual de seguimento tamén algo que estaba nesa proposición non de lei, un capítulo específico sobre as agresións sexuais, relativo ás agresións sexuais; continuar a desenvolver campañas de sensibilización; e prevención, como non podería ser doutro xeito.

¿Incluimos obxectivos da Comisión de traballo do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero, todas as formas da violencia de xénero, en todas as áreas de actuación? Por suposto que si. Vostedes pedían soamente na área sanitaria facer esa avaliación, ese seguimento, e nós imos máis alá, queremos que se estude en todos os ámbitos de actuación: no eido laboral, no eido sanitario, no eido educativo, no eido cultural. Eu quero agradecerlle que tivera a ben adherir esa proposición nosa e facer que sexa tamén súa.

¿Que na páxina web da Xunta de Galicia, na súa pantalla inicial, haxa especificamente un *link* sobre as violencias sexuais? Por suposto que si, nós sumámonos a que isto sexa. Pero que saiban que hai un mapa de recursos que está nesa páxina inicial, que saben as persoas onde poden acudir para denunciar, que hai un asesoramento xurídico gratuíto online e que ademais hai un teléfono gratuíto. Non están desamparadas, teñen recursos, e a Xunta de Galicia, o Goberno da Xunta de Galicia pon todo enriba da mesa para aclarar esta situación.

Con respecto ao ámbito educativo, nos centros educativos, eu sei que están moi de moda os obradoiros de consentimento, o traballo en educación sexual nos Estados Unidos, en diferentes universidades. Pero a realidade é que os expertos nas universidades, os investigadores aquí en Galicia e no resto de Europa o que nos indican é que a educación sexual abrangue moitísimo máis, que os obradoiros de consentimento son unha parte dun todo, pero non é o todo. Nós queremos, e de aí a nosa proposta, que se traballe nos centros educativos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...—vou rematando— coa violencia sistémica, traballalo dun xeito transversal e sistémico.

E xa para rematar, exactamente igual que a emenda de En Marea, que é facer unha macroenquisa. Tamén é unha proposta do Partido Popular, era o punto 3 concreto da proposta debatida o 12 de abril na Comisión 5ª. E o PSOE exactamente igual, solicita facer un informe anual de seguimento das violencias sexuais, e nós tiñámolo no punto 5 da nosa proposición non de lei.

Parece ser que é o Partido Popular o que marca o camiño a seguir, pero non importa que marque o camiño, señoras e señores, o importante é estar xuntos neste traxecto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Grupo autor da moción, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señora García Míguez, vostede confunde que veñamos aquí facer propostas con que veñamos aquí aplaudir coas orellas. Efectivamente, iso non é o que vimos facer nós aquí.

A min sorpréndeme precisamente o seu ton: que ¿que forma de facer política? Pois non sei, dar datos, abrir debates, tomar referencias internacionais. Non sei que é o que lle molesta da forma de facer política do BNG.

Igual que algunhas aquí si temos iniciativas, e que vostedes nunha década de goberno o único cambio lexislativo, o único que fixeron, o único en materia de igualdade, foi unha proposta que tivo que traer o BNG a esta cámara dúas veces. (*Aplausos.*) Dúas veces para que se dignaran estender a doce meses ao ano as axudas de violencia machista.

Eu non vou ser tan prepotente coma vostede de vir aquí e dicir que o BNG marca nada, porque desde logo a sociedade aí fóra está sempre moito máis avanzada que as nosas propostas. Pero creo que deberían tomar isto cun pouco de modestia ou cun pouco de honestidade, porque veu vostede aquí mentir descaradamente. Eu mesma expliquei que vostedes fixeran dous acordos nesta cámara, que ademais recollían —e explicárono as voceiras de En Marea e do Partido Socialista— a cuestión da macroenquisa e a cuestión de incorporar o informe de violencia machista e violencia sexual. Dez anos despois, tampouco... Ben, eran horas de que o fixeran.

Pero xa sen entrar niso, efectivamente, é un compromiso —e recórdollo eu xa que vostede non o recorda— do 11 de abril, e nada fixeron desde entón. E desde o 11 de abril nós nese momento abstivémonos porque xa nos viamos vir cal era a súa actitude. ¡É que con vostedes non hai maneira! (*Murmurios.*) Traemos propostas que recollen tarefas para os organismos que vostedes din que crean. Porque, claro, a forma de funcionar do Partido Popular é: cada tres meses o señor Rueda dá unha rolda de prensa coa señora López Abella, e din que van crear un organismo non sei que, para avaliar o protocolo interinstitucional, despois traemos aquí a esta cámara —e repito hoxe— que temos un caso de Xinzo, onde unha vítima de violación non foi atendida por non ser deste país e por non ter cobertura de médico —algo que é gravísimo—, e vostedes din que xa está todo feito, que non hai nada que facer. Pois haberá que avaliar de forma específica se eses protocolos funcionan para a violencia sexual.

Nós vimos aquí e exiximos que, se é certo que existe ese organismo de fiscalización do pacto de Estado, pois entregue un informe e debatamos que se avanza ou que non, porque insistimos —e ao fío doutros debates que xa había aquí— en que o Estado español foi para Galiza un hándicap no camiño da igualdade; un hándicap porque hai dez anos a violencia sexual xa era violencia machista en Galiza. E dez anos despois o Estado está nese punto de debate.

O mesmo en canto a sacar a concepción da violencia machista do fogar. É que o Estado español está nese debate dez anos despois. Teñan máis ambición, miren menos para Madrid e máis para Galiza e para ver que podemos facer.

Polo tanto, como hai cuestións que si dependen do Estado desafortunadamente, como a atención que hai no aparato xudicial, que é unha das cuestións máis problemáticas e é unha causa fundamental de que esas denuncias estean estancadas, pois póñanse as pilas. E se queren entregar o informe mañá, entrégueno, se é que esa comisión funciona e traballa. Non temos problema de ningún tipo.

Pero eu quero explicar antes de que se me esgote o tempo o que non quere votar da nosa moción o Partido Popular, aínda que xenerosamente nós dixemos que estaríamos dispostos a facer unha votación por puntos. Pero que saiba quen nos escoita que nesa votación por puntos pois votarán poñer un apartado específico na páxina web, que non lle restamos importancia e que por iso o incluimos, pero que deixan outras moitas cuestións que delatan a súa forma de facer política.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Por exemplo, non queren traballar coa ESO, con obradoiros específicos en todos os centros; só selectivamente en tres ou catro para dicir que cumpren a Lei LGTBI ou que cumpren a Lei de violencia machista. Non queren unha mesa onde se analice co poder xudicial, policial, etc., que falla na cadea de atendimento ás denuncias.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non queren tampouco fiscalizar outro tipo de cuestións...

O señor PRESIDENTE: Mire o reloxo, por favor. Mire o reloxo. Mire o reloxo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...nin render contas desta campaña sobre a que tanto se autoaplauden das agresións.

O señor PRESIDENTE: As emendas, sobre as emendas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, aquí unha vez máis queda demostrado.

E con isto remato dicindo que incorporamos as emendas do Partido Socialista e de En Marea —despois fágolle chegar a transacción—, e facémolo con vontade de ánimo construtivo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Pero aquí vaise evidenciar quen vota todas as propostas, que somos a oposición, traballando en positivo, e quen deixa os compromisos reais máis alá dunha información dunha páxina web, que son vostedes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematou o seu tempo.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación sanitaria pediátrica

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Monserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emendas de modificación.

Débase substituír o texto do punto 4 da moción polo seguinte:

«Constituír un grupo de traballo na Mesa Sectorial de Sanidade co obxectivo de que no prazo máximo de seis meses analice o do estado da atención pediátrica en Galiza e extraia conclusións para posteriormente tomar decisións en base ás mesmas.»

Débase substituír no punto 5 da moción desde: “...como resposta á situación do Servizo...” polo seguinte texto: “...ratios de pediatra por neno/a, distancias ás que se atopa o centro onde pasa consulta o/a especialista en pediatría dos domicilios, número de centros de saúde de referencia aos que atende, centros de saúde dos que foi eliminado pediatra nos últimos cinco anos...”»

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Aurelio Núñez Centeno, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social que rectifique a súa postura en torno á axilización do proceso de acreditación de prazas de novo ingreso a formación especializada en Pediatría, permitindo así á Xunta de Galicia incrementar os recursos coa contratación de máis pediatras e garantir a maior cobertura posible do servizo para toda a Comunidade.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Traemos hoxe a este debate a moción resultante da interpelación do último pleno —a verdade é que cunha certa desesperanza polo resultado daquela interpelación; das interpelacións ás veces con determinadas consellerías é difícil de extraer algunhas conclusións—, pero tratando de ser propositivos para ver se somos quen de conformar algunhas ideas que poidan contribuír a resolver un problema que —como dixemos naquel momento— é un problema complexo e un problema que ten ás veces difíciles solucións, ás veces algunhas un pouco máis sinxelas. E é posible incluso —estou case convencido— de que avanzaremos un pouco agora. Non tiñamos moito avanzado nos últimos tempos, pero estou seguro de que este debate nos vai servir para dar algún paso máis, e iso xa é algún avance.

Diciamos naquel momento que este problema da Pediatría que existe aquí non é só un problema en Galicia, non é só un problema de agora, pero que existe e que está acrecentado pola incapacidade ou pola pasividade deste goberno de ter algún tipo de actuación nos últimos anos. Estou seguro de que algunhas das actuacións que se puideran levar a cabo agora teñen máis interese por parte deste goberno, e, bueno, dalgunha maneira sempre cabe celebrar.

Hai dous motivos fundamentais polos que a situación da ausencia de pediatras ou da falta de pediatras ocorre en Galicia e noutros lugares tamén —como dicimos—, e hai dúas maneiras de afrontalo. E nisto é no que centramos a nosa interpelación, aínda que non obtivemos moita resposta en ningún caso contundente, dende logo, e ningunha moi satisfactoria. Diciamos que hai dous motivos fundamentais: o primeiro é a estabilidade do persoal sanitario, porque hai un problema grave de estabilidade, e o segundo é a nivel formativo, varios dos procesos a nivel formativo, e concretamente o problema das prazas MIR á disposición.

En canto á situación laboral, hai un problema de estabilidade laboral, hai un problema en número, non temos profesionais suficientes no sistema sanitario galego, e hai un problema de que os que si temos teñen unhas condicións bastante negativas de España. España é un dos peores países da Unión Europea en condicións laborais para os seus profesionais no eido sanitario, e Galicia é un dos peores lugares de España nas súas condicións para os profesionais sanitarios. Xa que logo, temos un dos peores dentro dun dos peores. Polo tanto, creo que hai que ser conscientes de que temos un problema de estabilidade e de calidade dos nosos traballadores, no trato que se lles dá dende a Consellería, porque despois temos —e exemplos sobran, e ás veces os propios profesionais non quixeran ter nin sequera eses exemplos— maravillosos profesionais no sistema, ¡maravillosos!; persoas que deixan todo o seu esforzo. E como dicimos sempre, e lamentablemente vaise demostrando: o sistema funciona grazas aos profesionais, e aínda moi ao pesar dos seus dirixentes.

Pero, cando temos problemas coma este, chegan anuncios gloriosos. Eu voume deter nun que escoitamos hai uns días, unha semana apenas: Feijóo anunciou vinte pediatras máis para o ano que vén. Probablemente o señor Feijóo non saiba moito dos números que teñen que ver coa sanidade pública. Isto é como anunciar que o ano que vén teremos un ano máis. Claro, calquera pode dicir: ¡home!, que tontería, cando pase un ano temos un ano máis. Pois cada ano temos vinte pediatras máis, temos vinte MIR máis de Pediatría. Anunciar algo que tes todos os anos supón recoñecer que non tes nada novo que anunciar ningún ano. *(Aplausos.)*

Claro, sempre e cando se saiba realmente os datos sobre o sistema sanitario, porque o señor presidente anuncia cunha lixeireza fascinante que temos mil quiñentos profesionais máis cada ano, e igual non sabe que eses mil quiñentos profesionais que temos moitas veces son o mesmo repetido durante días e días, e días e días. Igual está anunciando que temos corenta profesionais novos nun ano nunha praza concreta, e non se dá conta de que son corenta contratos da mesma persoa. O cal dende certo punto de vista pode estar fascinante dende certo modelo laboral, pero dende outro punto de vista considerámolo un insulto para os profesionais. Pero, en fin, cada un defende o modelo laboral que quere.

Sobre as prazas MIR, a verdade é que hai cousas que celebrar. Fíxese que ata ao Partido Popular lle gustou moito o cambio de goberno en España, gustoulle enormemente, porque agora polo menos fan cousas. Levaban vostedes calados dende que Rajoy chegou ao goberno, submisa e caladamente. Eu lembro aquí defender a necesidade de implementar e de aumentar as prazas MIR, e a resposta sempre era: pero se iso é do Ministerio. Cen días, e en cen días xa lles deu tempo a dicir que ían solicitar máis —a dicilo, jeh!, o de solicitalo igual non foi tan así—, a dicir que ían solicitar, a queixarse de que non llas deran, a dicir que van facer todo o posible e ata a presentar unha emenda a unha proposta nosa. En cen días de goberno de Pedro Sánchez máis que en nove anos anteriores de goberno Feijóo ou, polo menos, nos anos que coincidiron con Rajoy na Moncloa. Alegrámonos das súas urxencias. Cremos que as cousas hai que facelas con planificación e non por urxencia, pero alegrámonos das súas urxencias.

Por certo, as prazas MIR. Ás veces falan da herdanza recibida, e eu hai algunhas cousas da herdanza que creo que está ben destapar e saber, porque vostedes igual —e eu son consciente— teñen a vontade de dicir que fan moitas cousas. Hai seis prazas máis pedidas de Pediatría para o ano que vén. ¿Sabe cantos expedientes ten o Ministerio por resolver —e que non se resolveron ata agora— do Goberno Rajoy? Máis de quiñentas acreditacións. E eu preguntome que estivo facendo o Ministerio de Sanidade para deixar quiñentas solicitudes esperando para ser resoltas. (*Aplausos.*) ¡Ah!, agora si, agora chegan as présas e agora hai que pedirlle ao Goberno de Pedro Sánchez que resolva quiñentas acreditacións, e especialmente as que cada un pide.

Por certo, as que cada un di que pide, porque no acordo que se tomou entre o Goberno do Estado e as comunidades autónomas, na reunión, no pleno que existiu —e que eu lin que houbo unha queixa sobre por que non ningunha outra petición—, ¿sabe cantas veces se queixou o conselleiro de Sanidade de Galicia e cantas veces pediu a urxencia desa tramitación? Cero, cero. Constancia clara de que non houbo ningunha petición de trámite de urxencia. Díxose, pero non se fixo. ¿Por que? Porque eu creo que a Consellería ten xuristas suficientes para saber que ese trámite de urxencia —que houbo que dicir nos medios que se pediu—, se se pide, paralizaría a convocatoria practicamente case un ano, salvo que exista un interese, primeiro, de ter paralizadas as prazas, agora dicir que se piden pero non pedilas, e agora pedir procedementos que as paralicen.

A ver se nos quedamos claros: ¿a vostedes gústalles que teñamos pediatras no sistema ou non? Porque teño a sensación, de verdade, que vostedes fan todo o posible para que non existan. Dá a sensación de que a pediatría lles sobra. Porque escoito moitísimas veces aquí

isto de que «temos un sistema privilexiado, porque noutros lugares non existen pediatras», «é que temos que ter en conta que nós temos un luxo no sistema». Oia: si, que temos un gran sistema —non grazas ao Partido Popular, pero temos un gran sistema—, non o desbaraten, fagan as cousas ben e non teñan tantas urxencias. Fagan as cousas ben e, polo tanto, teñen o compromiso —e sábeno— do Ministerio de ter máis prazas MIR o ano que ben.

Por sorte, temos un Ministerio que vai resolver iso en moitos menos tempo do que o resolveu o Goberno Rajoy. Así que a ver se son capaces de facer tamén os seus deberes. E a iso referímonos tamén na nosa proposta: facer os deberes, acompañar as avaliacións de acreditación e ser quen de negociar o aumento de subida. Non dicilo para quedar ben, pero logo calar onde hai que pedilas. Por favor, un pouco de seriedade.

E diciamos que hai dúas maneiras de afrontar a cuestión: primeira, dende a xestión e, segunda, dende a política. Xa sei, isto da política é unha cousa horrible. E vostedes veñen aquí dicir: é que veñen vostedes facer política. Eu sigo esperando que alguén do Partido Popular suba aquí algún día dicir que é o que fai cando sobe aquí, porque se non fai política... Eu estou esperando, ¡eh! Voulles contar un segredo: vostedes tamén o fan; o que me entristece é saber que non se dan conta. Pero é sorprende, ¡eh!, pero fan política. E paréceme tremendamente honesto, honorable e un compromiso que eu valoro. Pero igual aínda non se deron de conta, xa se enterarán un pouco despois.

Cando se fai política lóitase por transformar, no sentido que cada un cre, ou no compromiso ideolóxico que cada un ten, ou no compromiso de sociedade pola que cada un aposta. O outro é facer xestión. A xestión —pasar papeliños dun lado para o outro, que é o que fan moito nesta consellería— sen transformar permanece, queda aí, o único que fai é persistir nos problemas; vostedes perpetúan un problema. E vostedes están facendo esa xestión. ¿Por que? Pois novamente eu chego a unha conclusión: vostedes utilizan este déficit de pediatras como escusa. ¡Que ben que temos un déficit de pediatras, e así podemos escusarnos niso para non traballar e mellorar o sistema! Porque dá a sensación de que vostedes están tan contentos co problema que o utilizan como unha escusa.

E entón iso lévame a plantexar novamente a mesma cuestión. Xa que temos un plan de pediatría, ¿que fixo este goberno en nove anos para resolvelo? Segunda cuestión, a concentración de pediatras que o conselleiro aquí na última interpelación dixo que era un modelo vacacional, pero despois hai que esperar a ver onde temos máis de seiscentas cartillas, ou se a distancia non é máis de quince quilómetros, ou polo menos imos garantir que haxa dous pediatras en cada centro de referencia. Por certo, permítanme unha paréntese: era o mes de xullo, estaban vostedes moi preocupados en dicir que garantían dous pediatras en cada centro de saúde. Igual nos teríamos aforrado un drama gravísimo se polo menos tiveran dous médicos en cada PAC durante este verán. (*Aplausos.*) ¡Polo menos! (*Aplausos.*) Cerramos a paréntese porque teremos oportunidade de falar diso. (*Aplausos.*) Así que xa que vostedes cren que hai un problema —porque o din sempre—, ¿que fixeron para resolvelo?, ¿que plantexamento teñen para resolver o problema do déficit de pediatras? Xa sei un: a culpa é de Pedro Sánchez. Pero, ademais diso, ¿serán capaces de facer algo propositivo?

Nós o que traemos é unha asociación de propostas, varias: unha, de estabilidade laboral; outra, de contratación. Lembren aquilo que viñemos proponendo dende hai moito tempo e que vostedes votaron en contra, que era contratar de maneira estable —¡que cousa máis ouzada!— os pediatras que van acabando o MIR. Porque nos anos do Goberno Feijóo contrátase como moito o quince por cento dos MIR que terminan en Galicia, e así non se pode axustar un sistema. Polo tanto, se esa é a connotación de estable, nós dicimos que hai que aumentala. ¿De que vale que teñamos vinte MIR se cando acaban quedan cinco como moito?, ¿de que vale? ¡De nada, porque perdemos quince! Polo tanto, aínda así é un investimento económico absolutamente desprezable porque estamos investindo en formar xente que se vai fóra.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Aínda que sexa mirando pola cuestión dos cartos, que é o único que saben mirar.

Ademais diso, que abramos unha mesa con expertos, cos sindicatos, coa xente que coñece o tema, para saber e ter unha capacidade de acordar unha solución a longo prazo, que non nos traia este problema cada dous por tres.

E ademais, por certo, xa que o conselleiro sempre di —e eu creo que nesa parte ten razón— que temos moi poucos datos —olvídase de que a culpa é del, que non os facilita—, que fagamos un informe de como está a situación, con todos os datos posibles. Eses informes que ten habitualmente o Partido Popular, pero que os teñamos entre todos. E poidamos debater as cousas con datos. Porque, se non, imos seguir tendo o mesmo problema: que vostedes triunfan —cren vostedes— cando ocultan a información e cando saen dos debates parlamentarios sen facer nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: E nós cremos que a política non é triunfar nun debate para ser capaz de facer nada...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...senón que ser capaz de acordar para facer algo entre todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Dende o BNG temos que amosar a nosa preocupación porque consideramos que estamos en risco de que a sanidade pública, que custou tanto construír, quede reducida a testemuñal.

Están destruindo a sanidade pública, e esta destrución, desde logo, estamos máis convencidos de que non é casual senón que máis ben todo o contrario, que é intencionada. E tamén no caso concreto do debate que estamos a manter, esta cuestión sobre a pediatría, pois non hai pediatras.

Evidentemente, non é unha novidade, non acaba de suceder, non foi unha cuestión de última hora, porque é algo que se vén producindo dende hai anos, e sabían que isto ía acontecer, pois estaban máis que advertidos por profesionais, por organizacións políticas como o BNG —que vimos advertindo da situación e poñendo alternativas encima da mesa— e organizacións sindicais. E non fixeron nada por evitalo porque o obxectivo era precisamente non evitar esta situación. Respondía e responde a unha estratexia premeditada: se non hai pediatras, e os que hai son escasos, o camiño pois é evidente: está a privada para dar resposta a esa atención.

Se á xente se lle dá a escoller entre que vexan os seus nenos e nenas os profesionais, os médicos de medicina xeral, os médicos de familia no centro de saúde, ou os especialistas da privada, quen teña recursos, quen poida levará os seus nenos e nenas á atención privada. E entre tanto as portas das facultades pechadas para os nosos mozos e mozas que non poden cursar estudos de Medicina ou as prazas de formación MIR suxeitas tamén a unhas prazas moi reducidas.

E non é nova esta situación. A Asociación de Pediatría de Atención Primaria vén alertando desta situación dende hai máis de quince anos, co cal as responsabilidades, evidentemente, son do Goberno da Xunta dunha forma moi clara e do Goberno central, con diversos gobernos tamén dun xeito moi evidente. Por exemplo, neste ano 2018 levan recollido sinaturas onde alertan de que fan falta pediatras nos centros de saúde. E o modelo actual de asistencia infantil español está en grave perigo de extinción pola falta de previsión, planificación e deficiente uso dos recursos por parte da administración. Non se dan solucións eficaces e ponse en risco a saúde dos nosos nenos e nenas.

É evidente que poñemos en risco a saúde dos nenos e nenas, dado que hai informes máis que suficientes que determinan que os nenos e nenas que non son atendidos por especialistas na materia, que non son atendidos por pediatras teñen unha peor calidade sanitaria, que a súa morbilidade e incluso mortalidade é superior, diso hai estudos máis que suficientes. E, dende logo, estamos falando da saúde dos nosos nenos e nenas, e incluso aí o Partido Popular non ten ningún problema en recortar, incluso na saúde dos nosos nenos e nenas. Hai un déficit en Galiza ao redor xa do quince por cento de pediatras. E esta é a situación.

Nós imos votar a favor da iniciativa que hoxe trae o Partido Socialista. E presentamos unhas emendas que cremos que inciden nunhas cuestións que a nós nos parecen importantes.

Na primeira pedimos a substitución do punto 4 porque cremos que si que hai que instituír un grupo de traballo, o cal levan demandando as organizacións sindicais. Pero cremos que hai que facelo na mesa sectorial, que para iso temos os representantes dos traballadores e traballadoras que están representados pola mesa sectorial. É aí onde debe constituírse. E

poñémoslle un prazo de seis meses para acoutalo no tempo. E desas conclusións que logo se tomen decisións, tal e como pide o Partido Socialista.

E logo tamén facemos unha emenda ao apartado 5, que é no sentido de que se demanda ao Partido Socialista que se faga un informe que se traslade aos grupos parlamentarios, onde se valore este formato do Partido Popular de concentrar a atención pediátrica...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

A señora PRADO CORES: Pero o que demandamos na nosa emenda é que se concrete, que se dea resposta ás ratios de pediatra por nenos e nenas, á distancia dos centros a ese novo centro onde se concentra, a cantos números de centros de saúde de referencia atende ese novo centro onde se concentra, aos centros de saúde nos que foi eliminada a Pediatría nos últimos anos... É dicir, cuestións concretas. E pedimos eliminar esa última parte onde se di que se informe da vontade de manter ese formato de maneira permanente, non porque non consideremos que se diga —que sabemos cal é a intención do Partido Popular—, senón que consideramos que o informe debe ser descritivo da situación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Para logo, en función dese informe, que valla para tomar decisións, non darlle xa como feito ao Partido Popular que esa ten que ser a conclusión á que hai que chegar de concentración. É simplemente unha cuestión de posición política.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Eu pensei, señor Torrado, que despois das novas da última semana vostede ía retirar esta moción. No terceiro punto da mesma pide vostede «Negociar co Goberno de España o aumento de prazas formativas en Pediatría». Mais a publicación da convocatoria MIR do ano 2019, na que non aparecen reflectidas as seis prazas novas solicitadas pola Consellería de Sanidade dá a entender un desinterese do actual Ministerio de Sanidade cos problemas da Pediatría en Galicia.

O anterior Goberno estudaba no Interterritorial, nun grupo de traballo, a posibilidade de acurtar de xeito excepcional os prazos de acreditación de especialidades deficitarias. Nese contexto incluíanse as seis prazas novas de Pediatría para Galicia. E esta solicitude acaba de

ser rexeitada polo Ministerio de Sanidade, pola ministra do Partido Socialista, a señora Montón, alegando insuficiencia de prazas —por certo, ultimamente xa non fala vostede de másteres, non sei por que será—. O Ministerio nin sequera contestou a un escrito que lle remitiu a Consellería de Sanidade, non contestou.

A min gustaríame instalos, señorías, deputados e deputadas do Grupo Socialista de Galicia, e insistir diante do seu goberno para que estas seis prazas sexan unha realidade. Prazas, por certo, que foron solicitadas pola Consellería en novembro do ano 2017, aínda non había goberno Sánchez. Por iso presentamos esta emenda instando a rectificar a postura do Ministerio.

Se o seu compromiso cos problemas da Pediatría en Galicia, señor Torrado, é tan real como quere facer ver en todas as súas intervencións, ten agora unha oportunidade de demostralo apoiando a emenda do Partido Popular. Nós queremos que vostedes se poñan de parte dos galegos e das galegas e insten o señor Pedro Sánchez a rectificar. Por certo, ten moita práctica, en cen días a práctica de rectificar tena.

Pero miren, señorías: o corenta por cento das novas prazas acreditadas nesta convocatoria corresponden á Comunidade Autónoma de Andalucía. ¿Será iso diferenza de trato? ¿Terá algo que ver ou será similar aos portos ou ás peaxes das autopistas, ou estas cousas? E a negativa de acreditar seis novas prazas para Galicia, ¿será un castigo para os galegos e galegas por confiar e votar o Partido Popular?, ¿será un castigo? (*Murmurios.*)

Eu creo que non é necesario repetir que Galicia ten unha cobertura do oitenta e oito por cento de pediatras para os seus nenos e nenas, moi por riba da gran maioría das comunidades autónomas —algunha anda no cincuenta por cento—. Reiterar tamén que España é un dos seis países en Europa que ten Pediatría en atención primaria. E dicía o señor Torrado que a nós nos sobran os pediatras. Un consejero dunha comunidade autónoma dixo: «*De aquí al año 2025 probablemente la especialidad de atención primaria pediátrica desaparezca. Se camina hacia el modelo del norte de Europa, donde la pediatría es sumida por médicos de familia*», consejero de Asturias, Partido Socialista Obrero Español.

Fala vostede de xeito repetido sempre das acreditacións para traballar no estranxeiro. Mire: hai moita xente que se acreditou e non saíu ao estranxeiro —eu, por exemplo, como moitos milleiros máis—, e moita xente que se acredita o que fai é saír completar estudos e ampliar a especialidade. E os tempos da emigración masiva de facultativos a Gran Bretaña e Portugal acabáronse; en Gran Bretaña o *Brexit* non axuda e en Portugal a mingua das condicións laborais e económicas dos profesionais tamén dá pé a que a xente non marche. Vostede falou de que os pediatras emigraban a Gran Bretaña. En Gran Bretaña non hai atención primaria de Pediatría, co cal é bastante difícil que estes pediatras vaian para alá. Vostede díxoo no pleno cando interpelaba o conselleiro.

E si é certo —e así o reclama a Sociedade de Pediatría en Atención Primaria— que se pode modificar o currículo, e pódense incluír na época MIR máis rotacións por centros de saúde. Iso a nós parécenos ben. E a modificación deses currículos, por suposto, correspóndelle ao Goberno central, e entendemos que si se debería facer.

A min gustaría saber tamén de onde saca vostede, señor Torrado, que Galicia é unha das autonomías con peores condicións laborais para os profesionais. Repase vostede as táboas retributivas e os contratos dos distintos servizos de saúde e mais as queixas e as protestas, e poderá comprobar que eu dubido moito de que esa afirmación sexa certa.

Señor Torrado, o verdadeiro problema da Pediatría en Galicia é o déficit de profesionais necesarios para cubrir o amplo dispositivo do que nos dotamos, porque temos un dispositivo moi amplo. E vostede nunca explicou de onde obtería os pediatras para cubrir esas substitucións do verán. Non é un problema de condicións laborais, que poden ser mellorables —e diso estase a falar nas mesas sectoriais—, por suposto que poden ser mellorables, nin de plans especiais de contratación, nin de mesas de traballo, nin de informes parlamentarios, a solución ten que ser o incremento de profesionais formando todos aqueles que o sistema permita. ¡Ah!, pero ata un punto, o punto que permita ter as garantías de calidade que ten o sistema MIR en España. Nós non queremos que se faga como en Andalucía, que este verán estiveron traballando médicos recentemente licenciados en especialidade, en atención primaria, ou nalgunha outra comunidade, na que se contrataron supostos xinecólogos habilitados que exercían nos hospitais con título de Médico de Familia. Cremos que se deben habilitar con todas as garantías os profesionais que poidan vir do estranxeiro ou colaborar en cubrir neste momento as eivas da sanidade, do número de profesionais en España.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Remato.

Eu non creo que isto se arranxe roubando pediatras a outras comunidades autónomas como pasou nos anos 2006 ao 2007, e así pasou o que pasou.

A reorganización deste verán foi unha solución urxente para un problema puntual, foi consensuada con colexios e sociedades científicas, e a Consellería reiterou en distintas ocasións que se limitaba ao período estival. Efectivamente, o presidente Feijóo anunciaba a intención de contratar os vinte pediatras da promoción MIR.

Miren, amosen, señorías do Partido Socialista, a súa defensa de galegas e galegos e póñana por diante da submisión ao Goberno do señor Pedro Sánchez apoiando a emenda do Partido Popular para incrementar de inmediato...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...o número de titulados en formación pediátrica que propón este grupo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Coruxo en Vigo, Saiáns tamén en Vigo, Labañou na Coruña, Arcade, Soutomaior, Trives, Co-ristanco, Moaña... foron múltiples, son múltiples os concellos, no noso país un regueiro de centros que quedan sen profesionais porque non se fixeron durante moitos anos os deberes para planificar a necesidade de profesionais no noso Sistema público de saúde. Unha irresponsabilidade maiúscula sobre o dereito de atención á saúde e unha irresponsabilidade maiúscula na planificación dos servizos sanitarios que levamos discutindo anos neste parlamento. As dúas lexislaturas que eu levo aquí levamos falando xa da carencia de profesionais. E agora culmina precisamente este desastre derivado de non ter feito o traballo durante máis dunha década coa ausencia de profesionais en múltiples centros da nosa xeografía.

Foron varias as ocasións tamén nesta lexislatura na que se propuxeron polos distintos grupos da oposición, tamén o noso, medidas que nós considerabamos necesarias a curto, a medio e a longo prazo. Nalgunha ocasión xa lle trasladamos cales eran esas medidas. Algunha delas vén hoxe outra vez a debate aquí e trátase de que se trasladase precisamente ao Goberno central a necesidade do número de profesionais de novas e novos pediatras *ad futurum*, solicitando axustar esas necesidades na programación dos MIR por parte do Ministerio, polo que se reclamaría que fora debatido canto antes na Comisión Interterritorial de Sanidade. Estamos falando do ano 2017, cando debatíamos este punto, un punto que foi votado en contra. Pediamos que se fomentase a estabilización das e dos profesionais e a contratación de calidade para que permanecesen no país e non tivesen que marchar rematada a súa residencia.

E pedimos tamén por aquel entón en varias ocasións que no caso de que non fose suficiente se intentasen buscar fóra da comunidade, algo que provocou a burla e as risas no Grupo do Partido Popular. E, sen embargo, non foi tal cando modificaron a Lei de saúde precisamente para introducir a posibilidade de que os extracomunitarios puidesen vir traballar a Galicia. Agora vos tede protesta polas formacións, pero vostedes modificaron precisamente a lei nese elemento.

Relativo ao número dos médicos internos residentes, evidentemente, teríanos gustado que na planificación deste ano xa figurase por parte do Ministerio que se ían incrementar esas prazas de pediatría. Pero tamén é certo que é pouco serio por parte do Goberno autonómico votar en contra — neste caso, non o Goberno, senón o Grupo Parlamentario do Partido Popular que o sostén— todas as iniciativas que se trouxeron ata o de agora para incrementar o número dos residentes e das residentes no noso país, e que agora trasladan a responsabilidade unicamente ao Goberno central. Evidentemente, é o Goberno central o que ten que planificar, pero a responsabilidade do Goberno autonómico está aí, e a responsabilidade do grupo parlamentario que votou durante todos estes anos en contra é evidente que tamén.

As realidades e as necesidades non mudan dependendo da cor do goberno que estea. Polo tanto, trasladar aquí un debate do «ti máis» é profundamente irresponsable e xoga coa saúde das nenas e dos nenos galegos.

En canto ao segundo punto, que é para nós o máis importante, e falábase agora de que hai estabilidade. É evidente que non, denúnciano os sindicatos, denúnciano os colexios profe-

sionais e denúncian os propios médicos e médicas residentes. Solicitouse en múltiples ocasións estabilizar os profesionais, contratos de calidade. Nunca se cumpriu iso e votouse todas as veces en contra.

Dos MIR, polo menos dos datos que temos relativos aos que ofrecen os colexios profesionais, só dos que saibamos que saen cada ano, arredor dun once por cento marchan, que nós saibamos, que nós consideramos que seguramente sexan moitos máis. Se se suma a cantidade de residentes que rematan cada ano máis os que saen fóra dos datos que se proporcionan, a realidade é que, cando se están formando menos dos que necesitamos para substituír as xubilacións que temos no sistema, a xente marcha porque os contratos son de tres semanas, e así non se pode vivir, non se pode traballar e non se pode ofrecer unha asistencia sanitaria de calidade. Obviamente por iso vanse. E solicitaban precisamente os colexios médicos que se fixesen contratacións de alomenos seis meses. Nós entendemos que incluso iso non é nin sequera o desexable, deberían ser máis longas, porque non se fan.

O que nos espanta é que durante todos estes anos se vote en contra das propostas, que a resolución sexa facer absolutamente nada, que teñamos que esperar a xullo para que a idea estrela sexa redistribuír os médicos e as médicas existentes, e que despois o día 2 de agosto o señor presidente da Xunta saia dicindo que veñan pediatras, que os van contratar. É unha irresponsabilidade tal que, dende logo, non ofrece máis non só que o rexeitamento, senón que se solicita á Consellería que se poña xa dunha vez a traballar na planificación a medio e a longo prazo.

E remato xa porque non me queda tempo. Nós imos apoiar esta iniciativa, que, en xeral, máis ou menos coincide.

E falaba o señor Torrado do modelo vacacional, desa proposta que fixo o Partido Popular. Eu creo que o modelo vacacional foi o da Consellería de Sanidade porque practicamente unha década sen facer absolutamente nada para planificar a necesidade de pediatras. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra por parte do grupo autor da moción o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

A ver se somos capaces de explicalo ben. Seis prazas de Pediatría...

Por certo, vou empezar máis polo principio. ¿Como se pode falar de agravio? ¿Non aumentaron entón as prazas MIR de médico de familia? Si, ¿por que? Porque xa se fixo con tempo, fíxose ben e fíxose hai tempo, non se lle inventou a ninguén á última hora. ¿Que vostedes inventaron as prazas de Pediatría á última hora e por iso non entran a tempo. ¿Por que? Porque había un goberno incapaz e inútil, e ten máis de quíntos expedientes esperando a resolverse. *(Aplausos.)* E, claro, vostedes pídenlle en cen días ao Goberno de Pedro Sánchez que resolva os quíntos expedientes MIR de acreditación que estaban pendentes do Goberno de Rajoy. Oia, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* a ver: que eu entendo que a señora

Dolors Monserrat estaba ocupada noutras cousas, foille ben, estaba ocupada noutras cousas. Pero deixaron un petate de papeis. ¡Por favor!

E vostedes chegaron agora alí e calaron, que vostedes aquí poden dicir o que queiran, pero o conselleiro calou na reunión. ¿Por que? Porque vostedes poden alongar esta historia dicindo que había unha solución extraordinaria. Por certo, saben que se a solución é extraordinaria é porque non fixeron as cousas polo proceso ordinario, se é extraordinaria é porque é estraña. Se queren ese proceso extraordinario imposibilitan case durante un ano a concesión de prazas, porque hai que parar para facer ese proceso. Vostedes poden mentir o que queiran.

Por certo, voulles dar un dato máis: se vostedes pediron en novembro esas seis e tíñanas tan claras, ¿por que en setembro o señor Feijóo anunciou vinte pediatras e non vinte e seis? Porque anunciou vinte pediatras e non vinte e seis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, é certo, estanme dando a razón: o señor Feijóo non ten nin idea de como funciona o sistema. (*Aplausos.*) Pero, polo menos, díganlle que non meta a pata, que logo vai anunciando laboratorios de bivalvos por aí cando non hai nin sequera candidatura.

Por certo, ¿como me pode dicir que a solución non está nos de fóra? Pero se o señor Feijóo dixo que veñan os de fóra que lles pagamos para traballar no sistema. Debe ser que a posición do Partido Popular está en contra do señor Feijóo e di que a solución non é que veñan os de fóra. ¡Póñanse de acordo! Nós podemos debater sobre as cousas, pero debaterlles unha posición e a contraria... A min gústame moito debater, pero polo menos póñanse de acordo, teñan un criterio só, a ver se somos capaces. Porque é imposible soste a súa posición de hoxe de dicir unha cousa e o señor Feijóo que diga outra. Pero, bueno, vostede sostén cada cousa que é así.

En realidade... (*Murmurios.*) Tranquilidade, ¡home!, se pode dicir as cousas, ¡eh!, tampouco pasa nada. En realidade hai máis cousas moi interesantes. Se o problema non é que se vaian, ¿onde están os vinte MIR que entran cada ano en Pediatría? Cando acaban, ¿contrátanse todos? Non. Entón, ¿que pasa?, ¿evapóranse?, ¿difumínanse no aire? Non, marchan. Dende o ano 2012 máis de vinte mil solicitudes de habilitación para traballar no estranxeiro neste país, máis de vinte mil. Nunca houbo tantas. Pero ¿quérenme dicir que non se van profesionais? Por certo, non dixeran que se foran pediatras a Gran Bretaña, pero si dixeran que se van moitísimos profesionais, e vanse. E se vostedes non o saben será porque algúns que coñecen vostedes quedan, algúns. (*Aplausos.*) Pero deberían escoitar os que se teñen que ir, ¡eh!

Nós facemos unha proposta, e con isto termino e respondo ás emendas. Non ten que lanzar ningún reto, señor Núñez, sobre a nosa posición. Vostede quere recriminarlle algo a alguén para saír do paso, pero vaiamos ao esencial. ¿Vostedes queren plantexar que solicitemos que se axilicen as acreditacións? De acordo, ningún problema. Voulle propoñer esa transacción: pedímoslle ao Goberno de España que axilice as acreditacións. Agora ben, non me fagan un truco: non me cambien cinco propostas por unha que acuse a Pedro Sánchez. Eu dígolles que estamos de acordo, pero poñamos ao lado que ten que facer os deberes a Xunta de Galicia, que algún ten que facer...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

O señor TORRADO QUINTELA: ...Por exemplo, que teñan os medios suficientes, a facultade e os hospitais. Por exemplo, que exista un plan de emprego e un plan de estabilización...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...E entón estamos de acordo. Vostede dime a min que non sexamos submisos. Eu devólvolle a cuestión: estou de acordo, e o noso grupo está disposto a votar a favor de dicirlle ao Goberno que axilicen as acreditacións. ¿Están vostedes de acordo con votar algo que exixa ao Goberno da Xunta de Galicia que estableza os profesionais?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Porque entón imos ver quen é submisos, quen cala e quen ten que facer a pelota —como di vostede— e a ver quen está na defensa dos pediatras e do sistema.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Nós si. Quero saber o que van facer vostedes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado José Luis Rivas Cruz, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto do punto 2 da moción polo seguinte:

«Esixir un novo Plan de Restauración da Mina Touro-O Pino que substitúa ó do ano 2002, garantindo a financiación do mesmo do 100% pola empresa concesionaria e que inclúa todo o afectado pola anterior actividade mineira. Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018.»).

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto do punto 8 da moción polo seguinte:

<<8) Unha vez recibidos polo Goberno todos os informes preceptivos, dar cumprimento estrita e escrupulosamente á normativa mineira e ós criterios medioambientais legais, para finalizar a tramitación do procedemento do proxecto da concesión mineira San Rafael e Atalaya Minning, nos concellos de Touro e O Pino.>>).

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Despois de dous meses estamos de novo aquí para falar da mina de Touro. Eu espero que esta sexa xa a última e a derradeira vez que falamos deste tema.

O propio conselleiro, na resposta á nosa interpelación, deixou claro que, tal e como está —dixo textualmente— presentado, este proxecto non é viable. Despois tamén quixo facer un pequeno requiebro dicindo que todos os requirimentos solicitados á empresa en todos os informes, negativos a inmensa maioría, tanto os informes administrativos como os informes de todas as entidades alegantes —entidades veciñais, entidades medioambientais, concellos, creo que son máis de corenta concellos, dúas deputacións provinciais—, íaselle dar tempo á empresa para que dera resposta a estas alegacións.

A verdade é que para nós os informes son tan contundentes e a verdade é que a situación que reflicten é tal que non parece posible que poidan ser modificados.

Pasaron dous meses, por iso esperamos que despois de dous meses, despois de todos os informes, hoxe poidamos plantexar que aquí o Parlamento de Galicia vai referendar o que vai ser a acta de defunción deste proxecto, totalmente inasumible para unha parte moi importante do territorio de Galicia, e fundamentalmente para as concas do Ulla e da ría de Arousa.

Despois o conselleiro acusounos de demagogia, de manipulación por facer valoracións. El dicía que non podíamos vir aquí facer valoracións, que iso o teñen que facer os técnicos, que os políticos non podemos facer as valoracións, en todo caso, aportar máis información e dar datos concretos. Nós aportamos datos concretos de todos os informes. E, ademais, se non podemos facer valoracións, ¡non sei que facemos aquí!

Tamén alegou que o Goberno da Xunta sempre está na defensa dos intereses dos galegos actuando con responsabilidade. Non encontramos maior responsabilidade que dicir non definitivamente a este proxecto.

Despois tamén falou de que non se aprobará se non é compatible coa normativa. Dado que é evidente analizando todos os informes e alegacións que non o é, nos preguntamos cando se vai dar carpetazo final a este proxecto.

Pero imos máis alá, e faremos propostas concretas de modificacións da Lei de ordenación da minaría de Galicia, que o conselleiro plantexou varias veces que era unha lei feita por nós. Ben, nós non estabamos aquí naquel momento, pero imaxino que se refería a feita polo Partido Socialista e o BNG. Pero tamén el dicía que eu eludía datos. El eludiu que nas sucesivas leis de acompañamento deturparon totalmente esa lei; e non só nas leis de acompañamento; na lei de depredación de Galicia xa a destrozan total e absolutamente. Iso tamén se lle escapou.

Por todo iso, e tendo en conta que, como xa comentamos, este proxecto hipotecaría un futuro desenvolvemento sustentable de Galicia, baseado nun medio ambiente de alta calidade, e ademais na liña do que fan os países e rexións con máis futuro da Unión Europea e no resto do mundo, imos propoñer ao Parlamento de Galicia medidas que van en varias liñas.

Por unha parte, evitar o proxecto que vai destruír, con moitas probabilidades, cun risco absolutamente inasumible, zonas importantísimas do territorio galego, e, por outra parte, aproveitar a experiencia que hai xa na actual mina de Touro, para que, aproveitando o que todos coñecemos como economía circular, non só non se perdan traballos dos actuais que hai nese momento, senón que eses traballos se multipliquen, pero que se multipliquen restaurando, non poñendo as bases para unha maior destrución do territorio e unha maior posta en dúbida das posibilidades futuras de todas esas zonas.

Por iso plantexamos nesta moción rectificar e optimizar as súas funcións de investigación, control e sanción sobre as consecuencias contaminantes do insuficiente control e intensidade de restauración da mina de Touro-O Pino pola actual tedora dos dereitos mineiros.

Impulsar e dotar orzamentariamente, de maneira complementaria á aportación fundamental da tedora dos dereitos mineiros, dende Augas de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente, un novo plan de actuacións de restauración da mina de Touro-O Pino que substitúa o do ano 2002, que se demostrou claramente insuficiente.

Incluír como partes interesadas na redacción do plan mencionado no apartado 2 as plataformas veciñais dos concellos afectados, dende Touro e O Pino ata todos os ribeirenses do río Ulla e da ría de Arousa; da mesma maneira, as asociacións naturalistas e ecoloxistas, como Adegas, Sociedade Galega de Historia Natural, etc.

Incluír, así mesmo, na redacción do plan mencionado no apartado 2 as institucións académicas das universidades galegas concernidas en asuntos medioambientais, garantindo que as expertas e expertos que participen non teñan ningún tipo de relación persoal, familiar ou empresarial coa compañía tedora dos dereitos mineiros nin coas súas empresas participadas.

Garantir que nas contratacións derivadas das actuacións determinadas polo novo plan de restauración se lles dea prioridade de contratación laboral ás traballadoras e traballadores das compañías que actualmente actúan na zona da explotación mineira, por seren os mellores coñecedores da situación. Isto non só garantiría os seus postos de traballo, senón que podería incrementalos de maneira importante.

Actuar con transparencia nas demandas de información neste e no resto de proxectos mineiros e desterrar as prácticas de obstrución denunciadas polos colectivos ambientalistas e reflectidas incluso en sentenzas xudiciais.

Incluír a Consellería do Mar entre as institucións con obriga de elaborar informes preceptivos en todos os procedementos de autorización de explotacións mineiras e, en concreto, no da mina de Touro-O Pino.

Finalmente, unha vez recibidos pola Xunta de Galicia todos os informes preceptivos, a maioría deles moi críticos co proxecto, dar por pechado o procedemento de autorización e determinar unha avaliación medioambiental negativa, e non subsanable, e polo tanto rexeitar de maneira definitiva o proxecto mineiro de extracción de cobre da empresa Cobre San Rafael e Atalaya Mining, en Touro e O Pino, por ser perigoso ambientalmente e para a saúde das persoas e por ser insostible social, ambiental e economicamente.

Non hai moito máis que falar —xa o comentamos no momento da interpelación— da situación actual de todos os acuíferos da zona.

Comentamos tamén —non o imos repetir, porque ademais non hai tempo— todas as alegacións de todas as administracións, da propia Xunta de Galicia, da Sociedade Galega de Historia Natural, de Adegas, dos veciños de Touro, dos concellos limítrofes da conca do Ulla e dos concellos da ría de Arousa e das deputacións.

Por iso, exiximos que xa dunha vez remate o proceso. O conselleiro dicía que nós queriamos saltar a lei. Non. Nós o que queremos é que se cumpra a lei e que se cumpra xa, non que se fagan regates para ver se a empresa pode eludir a lei. Iso é o que non pode ser.

E tamén queremos deixar claro, porque tamén o cuestionou o conselleiro, o noso posicionamento sobre a política mineira. Non estamos en contra da minería, estamos en contra da megaminería masiva especulativa, aquela que tenta explotar un xacemento de maneira súper intensiva, no menor tempo posible —co dito, como se fala sempre no ámbito mineiro, de «colle os cartos e corre, antes de que haxa problemas»—, a que non desenvolve o ciclo produtivo completo, senón que é meramente extractiva e depredadora. E todo isto pode aplicarse tamén a outros sectores como o da explotación forestal ou o da enerxía, curiosamente os tres sectores nos que se centran as modificacións lexislativas da lei de depredación de Galicia que aprobaron vostedes o ano pasado.

Tamén se pode desenvolver unha minería sostible, e tamén se pode desenvolver a partir dos lugares onde houbo explotacións de minería non sostible, traballos de economía circular, traballos de restauración, nos que cremos que debe de colaborar a Xunta de Galicia.

Evidentemente, poderíase pedir á actual tedora dos dereitos mineiros que asumira ela por si soa todo o traballo que hai que facer, pero iso é claramente imposible. Vendo os resultados económicos destas compañías, pensamos que non se lles pode pedir iso. O que levou todo o enorme beneficio foi Río Tinto, deixoulle aí o morto co plácet do Goberno da Xunta de Galicia. Pois por iso pensamos que agora o Goberno da Xunta de Galicia tamén ten que participar e

ten que colaborar coas compañías establecidas actualmente nos lugares onde estaba a anterior mina de cobre para conseguir realmente transformar unha zona degradada nunha zona que podería ser un exemplo de restauración, de ecoloxía e de medio ambiente, como se está a facer en todas as rexións, por exemplo, de Francia que foron antigas explotacións de carbón.

Estuden os procesos, sobre todo na zona do norte de Francia, que é emblemática de como se transformaron zonas totalmente degradadas de minería de carbón e cobre en zonas emblemáticas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...en medio ambiente, en desenvolvemento empresarial, en desenvolvemento de emprego, compatible totalmente co resto de actividades tradicionais desas zonas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal Vidal.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Faise necesario, para falar da mina de Touro e a súa problemática medioambiental, facerlle unha visita con tempo e serenidade. Non é fácil. Un chega a plantexarse moitas cousas, porque alí un pode ver a grande ferida feita na codia terrestre en profundidade e en altura. En profundidade, porque foi unha mina a ceo aberto e as cortas son de enormes dimensións; en altura, porque as escombreciras son verdadeiras montañas de estériles ácidos que deixan escoar augas ácidas e contaminantes. Pero isto non chegaba, e a estas alturas é un almacén de lodos urbanos e industriais de todo tipo de residuos sen catalogar e sen control. É case — permítanmo — un vertedoiro incontrolado, e máis adiante entenderán por que o digo.

Un pode atopar cuncha de mexillón, cinzas de sabe Deus onde, cascallos de obras..., de todo. A actual concesionaria converteu o espazo da antiga mina nun macrovertedoiro baixo a escusa de restauración. Porque, se excluímos o uso diso que algúns chaman tecnosolos — e que moitos poñemos en dúbida —, como elementos que reparen algo — e máis ben afirmamos que axudan a contaminar algo máis e completar os vertidos —, non é restauración. Pois iso.

Á parte dos tecnosolos, a actuación que alí se levou a cabo foi para agravar o impacto que deixaba a mina. A actual empresa concesionaria eliminou a balsa perimetral e as bombas que recirculaban a auga contaminada da antiga balsa de estériles, e provocou

así a contaminación do río Portapego, que durante a actividade mineira se tiña librado da contaminación. Hoxe é un río marrón, con total ausencia de vida, e cruza a vila de Touro.

Hai, por tanto, dúas responsabilidades: unha, a que deriva da actividade mineira, finalizada en 1986; e outra, das actividades da actual concesionaria. A todo isto o Goberno galego estivo —e mais está— desaparecido.

¿Houbo algunha inspección, algunha proposta de sanción, ou, no canto, houbo unha co-nivencia interesada —digamos—, un interese electoral? As xentes de Touro saben disto, e dos arredores tamén. Sabémolo ben cando levas diante uns quilómetros un camión ba-ñeira que verte determinados líquidos e espalla concentrados perfumes que fan bendicir os catarros.

Xa sabemos que a política medioambiental do PP consiste en espallar a contaminación o máis posible, para que se note menos. Nisto —hai que recoñecérllelo— tentan ser o máis igualitarios posible.

Pero conculcan a lexislación e o sentido común, ampáranse en que, como a porcallada non se ve, aínda que cheire, aínda que feda, por veces un remata por se afacer.

Por certo, o conselleiro —como xa dixo o portavoz de En Marea— afirmou nese hemiciclo, antes das vacacións, que o proxecto de reapertura nos termos en que foi presentado non iría para adiante. Pero hai poucos días, no concello de Vila de Cruces, foron sorprendidos individuos, con coches rotulados, facendo catas, de xeito ilegal e sen permiso, fóra do territorio de concesión da mina.

A loita é desigual, pero existe. Moita debe ser a riqueza en mineral que aí hai. O certo —mal que lles pese, señores do PP— é que hai moita cidadanía alerta que non está disposta a consentir a macrominería espoliadora. Esa é unha boa nova.

Do que se trata agora neste impás, neste respiro, é moverse, toca andar. É obriga de administradores e administrados facer cumprir e cumprir as leis. A restauración é unha exigencia legal. Isto é o que se pide nesta moción de En Marea, pero gustaríanos que aceptasen a emenda que desde o BNG propoñemos para o punto 2, que ten dous aspectos.

Por un lado, non nos parece acaído que quen se lucra dunha actividade e obra a capricho reciba como premio unha restauración con participación pública dun goberno cómplice nos incumprimentos da legalidade. Non é xusto que a priori paguemos entre todos, con cartos de todos, dos prexudicados, as barbaridades cometidas por Río Tinto e pola actual empresa, que, como expuxen, ten responsabilidade. Un segundo aspecto é a balsa de Algumil e o río Portapego, que deberían entrar dentro de calquera proxecto de restauración pero que agora están fóra dos terreos da concesión.

Creemos que non aceptará a nosa emenda. Mala negociación cando se cede toda a iniciativa a quen nos prexudicou en beneficio propio.

Poñamos as pilas. É unha débeda pendente para con Touro, coa cunca do Ulla, coa ría e coa sociedade galega en xeral. Que así sexa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas Cruz.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos os deputados e deputadas.

Nós coincidimos coa moción que presenta En Marea, pero temos feita unha emenda ao punto oitavo. Pero, antes de falar da nosa emenda de modificación deste punto oitavo, eu creo que entendemos que é necesario deixar claras unha serie de cuestións.

A primeira é que dende hai pouco máis de cen días temos en España un goberno que é, claramente, vocacionalmente ecoloxista. Hai un Ministerio para a Transición Ecolóxica, e a ministra, que ten claro que é imprescindible esta transición ecolóxica, dá a cara, non como a conselleira de Medio Ambiente, que leva agochada todo o verán; non sabemos onde estaba cando os lumes do parque natural do Invernadoiro, non apareceu, e tampouco sabemos onde está hoxe, porque este é un problema que medioambientalmente, ademais, dende o punto de vista da industria, preocupa, é preocupante, e quizais está preparando ese desembarco triunfal na Coruña, que semella que resulta máis complicado do que ela prevía nun determinado momento. Parece que non lle importa a afectación aos recursos hídricos de Galicia que están afectados, porque nunha resposta da Consellería (*A señora Vilán Lorenzo mostra un documento.*) respecto da mina de Touro así se nos reconece. Pois non está. Non sabemos onde está, pero non está, e onde estivo e tampouco está.

A segunda cuestión é que neste terreo —como dicía— están afectados os recursos hídricos, porque hai unha explotación de cobre antiga e, polo tanto, téñense provocado danos ao medio ambiente. Esta afectación das augas é o expoñente máximo deses danos. E nós cremos que o Goberno debería poñerse xa na obriga de eliminar a contaminación que existe nas augas das canles que discorren pola contorna da mina na antiga canteira. Non estaría de máis que aplicase o Real decreto do ano 2009 sobre xestión dos residuos de industrias extractivas e de protección e rehabilitación dos espazos que están afectados por actividades mineiras, por exemplo; con iso de que vostedes sempre veñen aquí sacar peito de que cumpren a legalidade, pois esa é unha das normas que poderían vostedes aplicar.

Están afectados os cursos de auga pola antiga explotación e polo que se está facer na nova. E tanto é así que, segundo esta resposta, en decembro desbordaba unha das balsas e Augas de Galicia enterouse a través de varias denuncias. O que se afectou foi o río Brandelos, río Brandelos que desemboca no río Ulla, río Ulla que desemboca na ría de Arousa. Pois, segundo nos di a Consellería, disto enteráronse de casualidade, en concreto, literalmente: «o inci-

dente tivo reflexo na prensa e no Parlamento, pero non foi comunicado a esta consellería». E entón iniciaron o procedemento de inspección o 23 de febreiro, dous meses despois. Pois está moi ben que vostedes tarden dous meses en enterarse pola prensa ou a través das denuncias de particulares. Para iso é mellor non ter consellería. *(Aplausos.)*

Afectados os cursos de auga, non existe para este novo proxecto da nova mina de Touro un estudo detallado da incidencia, en concreto sobre o río Ulla; como dicía antes, o afectado é o río Brandelos, que desemboca no río Ulla. Non se detalla tampouco o proceso de depuración das augas de vertedura nin como baixar o sistema de drenaxe. Non hai un plan de control das augas subterráneas, e iso significa que si debería estar tamén a Consellería do Mar metida neste sarao. A terceira cuestión é que o Goberno debería exixir un plan de vixilancia ambiental detallado, que tampouco está. E a cuarta cuestión é que debería exixir unha garantía financeira suficiente. Pedímolo sempre porque a lei así o di, porque hai dúas directivas comunitarias que nos obrigan e porque sabemos que as empresas explotadoras soen ter uns seguros de responsabilidade civil a longo prazo moi curtos, que non soen cubrir os custos nos casos de danos e de accidentes. E os exemplos son multitudinarios; non vou falar da mina de Aznalcóllar, por exemplo. E a última cuestión é que o Goberno ten que cumprir a Lei do ano 2008.

Considerando todo iso, a nosa emenda vai precisamente porque nós cremos que, despois dos informes preceptivos, é imprescindible cumprir, de maneira estrita e escrupulosa, a normativa mineira e os criterios medioambientais dos que antes falei e finalizar así por parte do Goberno a tramitación do procedemento do proxecto de concesión mineira San Rafael e Atalaya Mining. Non podemos pedirlle a ninguén que prevarique, temos que pedir dende aquí que se cumpra a lei, exclusivamente; cando cheguen todos os informes, que se cumpra a lei e que, polo tanto, vostedes apliquen todas estas normas, das que antes falei, que vostedes non están a utilizar.

Agardamos que sexa aceptada a nosa emenda e, se non fose así, pedimos ao grupo autor da moción que nos deixe votar por puntos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Boas tardes, señorías.

Grazas, presidente.

Do mesmo xeito que nas canles de televisión os principais programas e as series volven á grella televisiva tras o parón vacacional, hoxe tamén regresa a esta Cámara a serie «Non á mina en Touro», que volve co seu capítulo número 32, cos mesmos actores principais e algún que outro novo argumento, pero, no substancial, o mesmo: a negativa ao sector da minería en Galicia.

En temporadas anteriores os actores protagonistas estiveron a pelexar entre eles para ver quen se opoñía máis a este proxecto, pensando que así poderían acadar réditos políticos —lexítimos—, aínda que para iso tiveran que contradicirse unha e outra vez, faltar á verdade, alarmar a sociedade, pedir que se incumpra a lei ou pretender recortar dereitos democráticos.

Señor Casal, non renegue do BNG. A maior parte dos compañeiros do seu grupo veñen do nacionalismo. Polo tanto, vostedes tamén poden sentirse coautores, xunto co Goberno bipartito, xunto co Partido Socialista, da Lei de minaría de Galicia, da que se sentían moi orgullosos concedendo máis de cen permisos de investigación e corenta e tres concesións de explotación.

Pero ¿que mudou? Unha vez que os galegos os botaron do Goberno, comezaron a súa transición cara á trincheira ideolóxica e opóñense a todos os proxectos. Certo é que o PSOE mantén unha certa equidistancia cun continuo «si, pero non emenda», pero o BNG, xunto ás Mareas, a todo que non. Ben —teño que ser sincero—, vou rectificar —algo de moda na política de hoxe— e aclarar que a todos os proxectos mineiros non. Vou poñer un exemplo, aínda que é outro tipo de proxecto, pero, señorías, ¿saben vostedes onde está a única mina de coltán de Europa?; repito: ¿a única mina de coltán de Europa? (*Murmurios.*) ¡En Viana do Bolo! ¿E quen goberna alí? O BNG, aínda que non ganou as eleccións. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Rivas, se nós foramos coma vostedes, ¿cantas cousas lles poderíamos dicir...? (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Home!, señor Rivas, ¡home!, se non podo eu... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BLANCO PARADELO: Se nós foramos coma vostedes, ¿cantas cousas lles poderíamos dicir? Por exemplo, acusalos de cómplices coa guerra no Congo, (*Murmurios.*) ou, por exemplo, de querer facer negocio co chamado «mineral da morte». Pois non, nós non somos iguais, e, se a empresa presentou o proxecto e cumpriu todas as normas legais e medioambientais, parécenos ben que veña a Galicia, que veña a Ourense crear emprego e riqueza no rural, como así tamén o celebra o alcalde nacionalista, coa creación de cincuenta empregos.

Señor Casal, eu non saio do meu asombro. Con esta moción En Marea quere recortar dereitos democráticos e insisten en que a Xunta prevarique e que non permita que o proxecto mineiro de Touro, como outro calquera, se tramite conforme a lei que vostedes mesmos fixeron no ano 2008.

Señor Rivas, seguen negando o traballo constante que se está a facer de vixilancia activa nas canles fluviais —agora tamén se sumou a deputada do Partido Socialista— que rodean a antiga mina de Touro. Augas de Galicia atende todas as denuncias e abriu dous expedientes sancionadores por vertidos. Pero, ao mesmo tempo, teño que volver deixar totalmente claro que non se apreciou contaminación no río Ulla, cinguese estritamente aos regatos do contorno da explotación, e as analíticas descartaron que esa afección teña chegado ao río Ulla.

Como novidade, señor Casal, pide agora a elaboración dun novo plan de restauración; pero non só iso, senón que, ademais, o pague a Xunta. Ou sexa, neste momento que se está a avaliar un proxecto que conta cun plan de restauración concreto, que, de levarse a cabo, o pagaría a empresa, vostedes non queren nin que se estude nin que se ditamine e piden que pague outro a Xunta de Galicia. ¡Que despropósito! ¿E que sucede coa actividade da empresa actual que conta coa autorización para a extracción dos áridos? Tamén piden que ese novo plan o fagan os expertos, pero supoño que eses expertos teñen que ser elixidos por vostedes e que digan o que vostedes queren, porque, se non, tampouco lles valería.

Por certo, tamén din que non teña ningunha relación persoal ou familiar coa empresa. Eu non sei a que se refire con iso, pero foi pena que esta proposta non a dixera vostede no Concello de Santiago para ese taller de poesía ou nos pisos da Coruña para os firmantes da Marea. Aí si que podía ter encaixe a súa proposta.

O máis chamativo da referencia que fan é a dos traballadores. Primeiro, vostedes queren botalos, deixalos sen traballo e que non se creen novos empregos, pero, iso si, que a Xunta os contrate para a execución do plan de restauración. ¡Oia! ¿Como? ¿Contratándoos a dedo? Pero ¿vostedes pensan de verdade a cacicada que están propoñendo? (*Murmurios.*)

Respecto da obriga da conselleira do Mar, que informe en todos os proxectos mineiros — outra cousa moi sensata—. Eu penso: ¡oia!, pois se ten que informar en todos eses proxectos, non sei que tería que dicir en proxectos mineiros en Valdeorras ou no sur de Lugo. Pero, ben, que ten que informar, iso si, e que diga o que vostedes queren, porque, se non, tampouco lles vai valer.

O punto 8 é o máis democrático e respectuoso coa lei e a independencia de poderes, ¡oia!: que se a Xunta de Galicia recibe os informes —que nós xa non queriamos que se fixeran, pero ben—, peche o procedemento, non permita que se poidan presentar alegacións, ser respondidas e, se é o caso, ser subsanadas, e directamente rexeiten o proxecto. Pero ¿vostedes danse conta da gravidade do que están propoñendo? ¿Pero é que estamos loucos, señor Casal?

Non imos derrogar a Lei de implantación empresarial. E diga a verdade: este proxecto non se está a tramitar coa Lei de implantación empresarial.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: Onde gobernan vostedes teñen aprobadas leis similares e esta lei está a facilitar a chegada de novas empresas e a incorporación de novos sectores, o que significa a creación de riqueza de postos de traballo.

Señor Casal, xa puxo varias veces en comisión o exemplo ese de «colle os cartos e corre». Eu non creo que sexa vostede — mire un pouco para si— o que deba de verdade poñer este exemplo de «colle os cartos e corre».

Remato. Señor Casal e señores da esquerda, o que queremos é seguir cumprindo a lei e continuar coa tramitación administrativa deste proxecto mineiro coma calquera outro e volver

transmitir unha mensaxe de tranquilidade, porque nunca se autorizará este proxecto se non cumpre con todos os requisitos legais, técnicos e medioambientais. E, como dixo o conselleiro de Industria en sede parlamentaria, tal e como foi presentado o proxecto, non é viable.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo.

Grupo autor da moción, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: O primeiro, señor presidente, un tema de orde. O señor Blanco Paradelo fixo unha insinuación persoal que non concretou, deixouna aí. ¡Concrétea, señor Blanco Paradelo! ¿Por que eu persoalmente non podo falar de «coller o diñeiro e corre»? Dígao e xa veremos onde debatemos esa alegación súa. Porque isto é intolerable, que se fagan acusacións así tirándoas ao aire. ¡Concrete, señor Blanco Paradelo, concrete!, e, se non, cale a boca. *(O señor Blanco Paradelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non estou ameazando, estou explicitando unha indecencia política, é o que estou explicitando. E, cando queira que falemos disto, ¡falamos!, *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡Esa é a maneira de rebater! *(Aplausos.)*

Efectivamente, hai que cumprir a lei; por suposto, hai que cumprir a lei, pero para algo estamos aquí tamén. Estamos para ter posicionamentos políticos, estamos para ter posicionamentos e mecanismos de control efectivo do que fai o Goberno. E tamén estamos para ter proxectos de país, proxectos de país que, evidentemente, con todo o que escoitamos, señor Paradelo, son totalmente contraditorios e contrarios ao que o Grupo Popular pensa.

E como temos un proxecto de país, por iso podemos falar de que, á vista de todos os informes, á vista de todas as alegacións, este proxecto é inviable. E por iso solicitamos á Xunta de Galicia, de maneira totalmente solvente, que temos capacidade, o peche definitivo deste proxecto. Porque os obxectivos da lei dino ben claro, porque vostedes falan da lei pero despois non citan a lei. Defínese o contido da vixencia dos dereitos mineiros, a súa compatibilidade con outros usos ou aproveitamentos, podendo limitar ou condicionar a Administración mineira o exercicio dos dereitos por razóns ambientais, urbanísticas ou outras que sexan da súa competencia. ¿É que non hai incompatibilidade aquí con outros usos ambientais, urbanísticos e actividades económicas en todas as zonas afectadas? Pero ben...

A lei prevé a constitución de garantías financeiras, e vostedes queren suprimir esas garantías financeiras, como está moi ben reflectido na lei de depredación. Criterios orientadores para a concesión, o establecemento das bases do desenvolvemento dunha minaría sustentable. A harmonización da actividade extractiva co resto dos usos do chan dentro do marco da ordenación territorial, agraria e ambiental. Aproveitamento ordenado e sustentable dos recursos mineiros de maneira compatible coa protección do medio natural e do patrimonio cultural, etc., etc. Podo ler catorce puntos deste tipo e o actual proxecto non cumpre ningún dos principios da lei. Por iso si que podemos pedir, estamos no noso dereito de pedir que se peche este proxecto o antes posible.

E, despois, por iso non aceptaremos a emenda do Partido Socialista, porque a nosa proposición non é que se deixe o tema indefinidamente en mans de que o Goberno no seu criterio cumpra a lei. Porque xa temos moitos exemplos actualmente con moitos parques eólicos que se están establecendo en zonas de especial protección paisaxística, etc. Por iso pedimos claramente que se peche o proceso.

E, despois, comentando a emenda do BNG, nós pensamos que hai que ser prácticos e que hai que ser pragmáticos. As posibilidades das actuais empresas tedoras dos dereitos de restaurar totalmente o mal feito por Riotinto Minera, segundo o noso criterio, é imposible. Poderíamos quedar satisfeitos dicindo que o reparen eles cando sabemos que iso é inviable. Por iso queremos que participe a Xunta, pero non que o pague a Xunta —como dixo o señor Blanco Paradelo, deturpando o que eu dixen—, senón que participe a Xunta, que o controle a Xunta... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, digo que con participación da Xunta, con participación da Xunta, pero con participación fundamental da empresa tedora dos dereitos. Lea ben a proposición. *(Murmurios.)*

Perdín tempo no primeiro tema de orde, déixeme polo menos... Xa remato.

O señor PRESIDENTE: Mire o tempo, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: E fundamentalmente por iso o que queremos é que se restaure. E non plantexamos ningunha ilegalidade con que se dea prioridade aos traballadores da..., senón que é evidente que a xente que está a traballar alí ten máis experiencia que calquera outra persoa. E todas esas cláusulas pódense incorporar no plan de recuperación, como se fai en moitos casos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Pasamos ás votacións das mocións.

(A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señora Vilán, para que quere a palabra? *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, agora o diremos cando cheguemos a esa moción.

De momento comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa violencia sexual.

Hai unha proposta de transacción que me fan chegar, que é moi longa. Como a coñecen os grupos, todos os grupos coñecen esta proposta de transacción, entón sometemos á votación esta proposta de transacción. *(A señora García Míguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Si, señora García Míguez? ¿Solicita a votación por puntos?

¿Acepta vostede, señora Presas, a votación por puntos? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón, é que non escoito. ¿Acepta a votación por puntos desta transacción? *(A señora Presas Bergantiños: Si)*

Entón, ¿pode separar cales son os puntos que pide vostede que se separen? Déanlle voz ao escano da señora Míguez; se non, non entendo nada.

Déanlle voz ao escano da señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Os puntos 1, 4, 6, 7, 9 e 10...

O señor PRESIDENTE: Perdón, ¿os puntos...?

A señora GARCÍA MÍGUEZ: 1, 4, 6, 7, 9 e 10 por un lado, e, por outra banda, 2, 3, 5 e 8.

O señor PRESIDENTE: Entón votamos, en primeiro lugar, os puntos 1, 4, 7, 9 e 10...

¿Perdón...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu non escoito nada. A ver se alguén me pode dicir...

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Repito: 1, 4, 6, 7, 9 e 10.

O señor PRESIDENTE: Vale. Os puntos 1, 4, 6, 7, 9 e 10.

Votamos estes puntos.

Votación dos puntos 1, 4, 6, 7, 9 e 10 do texto transaccionado sobre a Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa violencia sexual.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os puntos 1, 4, 6, 7, 9 e 10 do texto transaccionado desta moción.

O señor PRESIDENTE: ¿Podemos votar o resto dos puntos todos xuntos ou hai que separar algún máis? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Votamos o resto dos puntos.

Votación dos puntos 2, 3, 5 e 8 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa violencia sexual.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 2, 3, 5 e 8 deste texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación sanitaria pediátrica.

Hai unha proposta de transacción que tamén me fixeron chegar. *(O señor Torrado Quintela solicita a palabra.)*

Si, señor Torrado, ¿para que quere a palabra?

O señor TORRADO QUINTELA: Si, a proposta de transacción foi feita chegar aos grupos, dos que de todos temos contestación salvo do Partido Popular. Non sei se non había cobertura na sala, pero non puido darnos unha resposta.

O señor PRESIDENTE: Ímolo saber agora coa votación.

Entón, propoñemos a votación desta transacción, que a coñecen todos os grupos. Votamos a transacción. Hai unha proposta de transacción co BNG. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa se tiña falado. Hai unha proposta de transacción.

Vótase esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación sanitaria pediátrica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Francisco Casal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre.

(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Acepta a votación por puntos? ¿E pódeme dicir cales son os puntos que se pide que se separen? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O 2 e despois o resto dos puntos. Vale. *(Murmurios.)*

¿O 2 e o 8 poden ir xuntos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por iso, hai que preguntar todo, é como na escola, hai que preguntar todo; se non, pode haber un erro.

Entón, empezamos co número 2, votamos o punto número 2.

Votación do punto 2 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 37; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 2 desta moción.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o punto 8.

Votamos.

Votación do punto 8 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 37; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 8 desta moción.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos o resto dos puntos.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, agás os seus puntos 2 e 8, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E agora, rematadas as votacións, abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 5º, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co protocolo asinado o 18 de abril de 2018 co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria sobre os terreos do porto da Coruña, a revisión dos convenios portuarios de 2004 e a proposta do Concello da Coruña ao respecto

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: unha autoemenda do propio grupo de En Marea, unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Esixir do Goberno de España a igualdade de trato e consideración entre as diferentes autoridades portuarias galegas en relación ao acordado para o Consorcio Valencia 2007 nos termos relativos á adopción das medidas orzamentarias e normativas que procedan ao efecto do financiamento estatal e asunción polo Estado das débedas xa contraídas ou que se xeren polas autoridades portuarias pola execución de infraestruturas de interese xeral en terreos portuarios ou necesarias para a súa operatividade, conectividade e competitividade. 2. En relación coa situación da Autoridade Portuaria de A Coruña, e dada a súa especial relevancia, tanto en termos de débeda como das previsións para a súa amortización en relación coa venda de terreos da súa fachada marítima-portuaria :

1º Instar ao Goberno do Estado a condonar o préstamo concedido por Puertos del Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do Porto Exterior de Punta Langosteira, ou, no seu caso, conceder as axudas económicas equivalentes ou as medidas procedentes que se acorden, conducentes, en calquera caso, á amortización efectiva e global de dito préstamo, acordando para isto a aprobación dos actos e disposicións normativas e orzamentarias que correspondan para o exercicio 2019.

2º Instar ao Ministerio de Fomento a convocar, no menor prazo, a Comisión de Seguimento do Convenio de febreiro de 2004 co fin de negociar un protocolo de colaboración que, deixando sen efecto o de abril de 2018, teña por obxecto a revisión dos convenios de 2004 e, con ela, a do PXOM do 2013, sobre o fundamento e a definición dun novo horizonte litoral e portuario para a cidade, baseado nos seguintes principios básicos: titularidade e xestión pública dos terreos, equipamentos dotacionais e espazos libres públicos e usos produtivos portuarios complementarios.

3º Instar ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado, Autoridade Portuaria, ADIF a que, xunto ao Concello da Coruña e a propia Xunta de Galicia, constitúa un consorcio público como forma de participación e xestión dese novo horizonte litoral.

4º Instar ao Ministerio de Fomento e Portos do Estado a impulsar e financiar a execución da conexión ferroviaria do Porto Exterior de Punta Langosteira e, a tal efecto, demandar a correspondente inclusión de orzamento axeitado e suficiente, tanto no Plan de Investimentos de Portos do Estado como na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2019, de xeito que poida ser licitada no primeiro semestre de dito exercicio. Do mesmo xeito, instar ao conxunto de administracións e entidades competentes a incrementar os esforzos na plena operatividade, conectividade e promoción internacional do Porto Exterior.

3. Que solicite, a través dos seus representantes no Consello de Administración das autoridades portuarias galegas, a celebración de cadanseu Consello de Administración extraordinarios para que formalmente se dirixan ao Ministerio de Fomento-Portos do Estado co obxectivo de demandar o sinalado nos apartados 1 e 2 do presente acordo.

4. Trasladar o presente acordo ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado, Autoridades Portuarias dos portos de interese xeral do Estado en Galiza, ADIF, así como ás Cortes Xerais e aos grupos parlamentarios de Congreso e Senado.”)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luis Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“1. O Parlamento insta a Xunta de Galiza a exixir do Goberno do Estado:

a) Igualdade de trato ás autoridades portuarias galegas en relación coas inversións que o estado ten impulsado noutros portos de interese xeral —como nos casos de Gijón, Valencia, Barcelona ou Bilbao— ou a condonación de débedas —como a recentemente acordada co Consorcio Valencia 2007-.

b) En base a este principio de igualdade de trato o goberno impulsará a sinatura dun novo convenio entre Concello da Coruña, Xunta de Galiza, Ministerio de Fomento e Autoridade Portuaria da Coruña para que o estado asuma o compromiso de asumir o custe íntegro da débedas da Autoridade Portuaria da Coruña pola construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións ferroviarias.

c) Impulsar, no caso da Coruña, unha Mesa do Porto na que participen Xunta de Galiza, Autoridade Portuaria, Ministerio de Fomento, Concello da Coruña e entidades representativas da veciñanza coruñesa para definir o futuro do peirao interior da cidade.

d) Reclamar un plan de inversións nos portos galegos de titularidade estatal, que no caso de Vigo inclúa a conexión coa Plisan, a conexión ferroviaria con Porto e un proxecto que permitan a exportación de peixe fresco a través do aeroporto de Vigo.

e) Solicitar a transferencia á Xunta de Galiza dos portos de interese xeral radicados no territorio galego.

2. O Parlamento de Galiza acorda como resolución reclamar aos deputados e deputadas do Congreso, electas polas circunscricións galegas, que negocien nos orzamentos xerais do estado de 2019 a inclusión da vontade expresada no punto 1, e condicionar o seu voto a introdución deste principio de non discriminación.

3. O Parlamento de Galiza acorda como resolución reclamar que os peiraos de peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego, así como os terreos da Solaina e Hotel Finisterre, sexan devoltos á cidade da Coruña por parte do Estado, paralizano as poxas e venda destes bens públicos, e garantindo que estes espazos serán destinados a fins sociais, paralizano o uso especulativo e a construción masiva de máis vivendas e centros comerciais.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Propónse unha nova redacción a partir do punto 2 da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

“2) Promover a convocatoria inmediata da Comisión de seguimento prevista nos convenios asinados en 2004 para abrir con carácter urxente un proceso de negociación entre o Concello da Coruña, o Concello de Arteixo, a Autoridade Portuaria da Coruña, a Xunta de Galicia, ADIF, Portos do Estado e o Ministerio de Fomento. Este proceso de negociación terá por obxecto a revisión dos convenios portuarios asinados en 2004, así como dos criterios de ordenación, forma xurídica de xestión dos terreos, financiamento e demais apartados contidos na proposta de Protocolo trasladado desde o Goberno municipal da Coruña, que debe servir de base, suxeita a negociación aberta, para o obxectivo de acadar os acordos conveniados e de colaboración, diálogo e cooperación institucional que concreten e definan detalladamente os obxectivos básicos contidos en tal protocolo.

Esta negociación interinstitucional polo futuro da Coruña e da súa área, será a base para iniciar a transformación urbanística dos solos portuarios liberados para a cidade e, ao mesmo tempo, garantir os fondos e financiamento sostible e necesario para a viabilidade e competitividade, presente e futura, das dúas dársenas (A Coruña e Punta Langosteira) xestionadas pola Autoridade Portuaria da Coruña.

3) *Instar ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado, Autoridade Portuaria da Coruña, ADIF a que xunto co Concello da Coruña e a Xunta de Galicia se constitúa un consorcio público como forma de participación e xestión do proceso de reordenación da fachada portuaria interior da Coruña. Partido dos Socialistas de Galicia*

4) *Dirixirse o Goberno central para que impulse os plans de investimentos de Portos do Estado en Galicia, así como as necesarias medidas normativas e orzamentarias que garantan á Autoridade Portuaria da Coruña, así como ás demais autoridades portuarias galegas, os necesarios mecanismos de financiamento dos programas de investimento previstos en cada unha delas e a asunción de cargas financeiras contraídas pola execución das infraestruturas necesarias para a operatividade e competitividade de Punta Langosteira e das demais instalacións portuarias galegas de interese xeral. Grupo Parlamentario*

4) *Dirixirse o Goberno central para que impulse os plans de investimentos de Portos do Estado en Galicia, así como as necesarias medidas normativas e orzamentarias que garantan á Autoridade Portuaria da Coruña, así como ás demais autoridades portuarias galegas, os necesarios mecanismos de financiamento dos programas de investimento previstos en cada unha delas e a asunción de cargas financeiras contraídas pola execución das infraestruturas necesarias para a operatividade e competitividade de Punta Langosteira e das demais instalacións portuarias galegas de interese xeral.*

5) *Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado, ADIF, Autoridade Portuaria da Coruña, Xunta de Galicia, Concello da Coruña e Concello de Arteixo.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde a todos e a todas.

Que o Partido Popular facilitase a creación dunha comisión de investigación para coñecer o que pasou no Marisquiño e tomar medidas para o futuro é algo positivo neste accidente onde houbo 467 afectados. Pero eu quero dicir que contrasta moito co bloqueo, dende xullo de 2013, da creación dunha comisión de investigación do accidente do Alvia, no que houbo 81 mortes. O Partido Popular sistematicamente, tanto aquí como en Madrid, bloqueou e tentou bloquear a comisión de investigación sobre este accidente, moito máis grave desgraciadamente. Ese contraste, para min, é o exemplo do que non debe ser a acción política, esa acción política que se guía por criterios partidistas e polo oportunismo que caracteriza o Partido Popular, como estamos vendo tamén no tema que imos tratar.

O acordo que pretendemos aprobar coa autoemenda rexistrada é o seguinte —queremos comezar por el—:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Exixir do Goberno de España a igualdade de trato e consideración entre as diferentes autoridades portuarias galegas en relación co acordado para o Consorcio Valencia 2007 nos termos relativos á adopción das medidas orzamentarias e normativas que procedan para o efecto do financiamento estatal e a asunción polo Estado das débedas xa contraídas ou que se xeren polas autoridades portuarias pola execución de infraestruturas de interese xeral en terreos portuarios ou necesarias para a súa operatividade, conectividade e competitividade.

2. En relación coa situación da Autoridade Portuaria da Coruña, e dada a súa especial relevancia en termos de débeda como das previsións para a súa amortización en relación coa venda de terreos da súa fachada marítimo-portuaria: primeiro, instar o Goberno do Estado a condonar o préstamo concedido por Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do porto exterior de Punta Langosteira ou, se é o caso, conceder as axudas económicas equivalentes ou as medidas procedentes que se acorden conducentes, en calquera caso, á amortización efectiva e global do dito préstamo, acordando para isto a aprobación dos actos e disposicións normativas e orzamentarias que correspondan para o exercicio 2019; segundo, instar o Ministerio de Fomento a convocar no menor prazo a comisión de seguimento do convenio de febreiro do 2004 co fin de negociar un protocolo de colaboración que, deixando

sen efecto o de abril de 2018, teña por obxecto a revisión dos convenios de 2004 e, con ela, a do PXOM do 2013 sobre o fundamento e a definición dun novo horizonte litoral e portuario para a cidade baseado nos seguintes principios básicos: titularidade e xestión pública dos terreos, equipamentos dotacionais e espazos libres públicos e usos produtivos portuarios complementarios; terceiro, instar o Ministerio de Fomento, Portos do Estado, Autoridade Portuaria e Adif a que, xunto co Concello da Coruña e a propia Xunta de Galicia, constitúa un consorcio público como forma de participación e xestión dese novo horizonte litoral; cuarto, instar o Ministerio de Fomento e Portos do Estado a impulsar e financiar a execución da conexión ferroviaria do porto exterior de Punta Langosteira e, para tal efecto, demandar a correspondente inclusión do orzamento axeitado e suficiente tanto no plan de investimentos de Portos do Estado como na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2019, de xeito que poida ser licitada no primeiro semestre do dito exercicio. Do mesmo xeito, instar o conxunto das administracións e entidades competentes a incrementar os esforzos na plena operatividade, conectividade e promoción internacional do porto exterior.

3. Que solicite, a través dos seus representantes nos consellos de administracións das autoridades portuarias galegas, a celebración de cadanseus consellos de administración extraordinarios para que formalmente se dirixan ao Ministerio de Fomento e Portos do Estado co obxectivo de demandar o sinalado nos apartados 1 e 2 do presente acordo.

4. E, por último, trasladar o presente acordo ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado, autoridades portuarias dos portos de interese xeral do Estado en Galicia, Adif, así como ás Cortes Xerais do Estado e aos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado».

E ¿por que traemos esta proposición e por que facemos esta autoemenda? Porque recentemente o Goberno do Estado, no marco das negociacións do Consello de Política Fiscal e Financeira, vén de asumir a demanda do Goberno Autonómico de Valencia para condonar a débeda de 350 millóns de euros do Consorcio Valencia 2007, derivada da organización da Copa América, da Fórmula 1 e de instalacións para deportes náuticos e formalizada nun préstamo do ICO. Esta condonación ao Consorcio Valencia 2007 sen vir acompañada dunha actuación análoga en Galicia suporía un agravio comparativo que non se pode tolerar. Moito máis cando, neste exemplo da Coruña, a débeda con Portos do Estado —ese préstamo de 200 millóns de euros que se outorgou en xullo de 2011— tivo por obxecto a execución dunha obra de infraestrutura portuaria dun porto declarado de interese xeral do Estado e non en «copas América», en «fórmulas 1» ou noutros fastos que facía o Partido Popular durante anos en Valencia.

E unha actuación análoga en Galicia implica atender as diferentes demandas dos portos galegos, e tamén, concretamente, onde a débeda é un problema para o futuro da cidade, como é o caso da Coruña. Sería bo preguntarse, antes de seguir con este tema, o que fixo a Xunta de Galicia, o Goberno galego, durante estes anos de goberno do Partido Popular en Madrid, en relación cos portos galegos. Basicamente desatender as necesidades de infraestruturas, non cumprir coas súas necesidades de financiamento e, no caso da Coruña, puxar pola privatización do bordo litoral. ¿Que fixo en relación coa situación da Autoridade Portuaria da Coruña? Pois basicamente defender a privatización do litoral coruñés aínda por riba de non solucionar o grave problema da débeda da Autoridade Portuaria.

Pero o Partido Popular, que se opuxera con uñas e dentes a unha solución para esta débeda, parece que cambiou de opinión e apoia agora a condonación —seguramente para erosionar o Goberno do Estado—, cando antes, con Mariano Rajoy como presidente, nunca demostrou ningún interese, non tivo ningunha iniciativa, para buscar unha solución que non fose a privatización e a especulación cos terreos do porto para saldar parte da débeda. Como dicía antes, parece un exemplo de oportunismo político ou, polo menos, de incoherencia política. Pero, benvido, benvido sexa, aínda que sexa por oportunismo. Porque, sexa como sexa, o Partido Popular neste asunto só acerta cando rectifica. Na Coruña só acertou cando foi rectificando, porque —téñeno que asumir dunha vez por todas— é tal o clamor na cidade da Coruña por manter a titularidade pública deses terreos, por que eses terreos sirvan á cidadanía e por que a cidadanía decida sobre o que se ten que facer nesos terreos para o futuro, que ninguén que queira pintar algo na política local da cidade pode seguir defendendo a especulación cos terreos do litoral coruñés.

E o Partido Socialista, agora no Goberno central, ten ocasión para definir a súa posición do lado do interese xeral. Veremos. Polo de agora non hai un compromiso claro neste senso. Non entendemos que ningunha forza galega poida aceptar, despois do acordo de Valencia, que en Galicia non haxa un trato análogo, coa flexibilidade ou as fórmulas que poidan ser —porque as situacións poden non ser exactamente iguais—, pero un trato análogo. E o Partido Socialista de Galicia ten que definirse nun asunto de país. Hai demandas que se deben de atender, demandas históricas que se deben de atender, como as conexións ferroviarias, o seu financiamento, tanto en Vigo como en Ferrol ou A Coruña, diversas infraestruturas ou a situación da débeda moi importante na cidade da Coruña —na Autoridade Portuaria da Coruña, perdón—.

Neste caso as decisións tomadas nas instancias estatais, e en tal caso alleas á cidadanía da Coruña, poñen en risco a oportunidade que pode ser a liberación dos espazos portuarios unha vez trasladados ao porto exterior. Ponse en perigo o futuro da cidade e a liberdade de decisión da cidadanía nesos terreos con protocolos como o asinado polo señor Feijóo en abril de costas á cidade, de costas ao goberno local da Coruña, cando asina —ademais dun xeito desleal institucionalmente— un protocolo que se mantén fiel aos convenios do pelotazo de 2004 e que, polo tanto, segue a permitir que se poida especular e privatizar o terreo portuario. E iso é o que nos xogamos cando falamos da débeda do porto da Coruña: o futuro da cidade.

Por iso queremos dicir neste caso que os señores do Partido Popular rectifiquen a súa posición ata o de agora, rectifiquen e asuman o clamor popular que hai na cidade da Coruña, asuman a defensa dos dereitos de todos os galegos e galegas diante do Goberno do Estado. E, señores do Partido Socialista de Galicia, no caso da Coruña ratifiquen. Sería unha desgraza que neste debate os señores do Partido Popular ratifiquen a súa posición histórica e en cambio os do Partido Socialista rectifiquen.

É dicir, nós queremos un trato xusto para Galicia, para todos os portos galegos, análogo ao trato con Valencia. Queremos un tratamento das demandas das autoridades portuarias xusto e, no caso da débeda da Coruña, queremos a condonación da débeda ou unha solución equivalente, a revisión dos convenios de 2004 baixo os piares dos que xa falei —titularidade e

xestión pública, usos produtivos e para dotacións públicas, e non especulación—. Queremos un consorcio público, diálogo institucional e participación cidadá. Queremos compromisos firmes co financiamento e prazos da conexión ferroviaria en Punta Langosteira, co cal o Partido Popular non fixo o suficiente, non deixou seguro ese financiamento da conexión ferroviaria. E quen se opoña a estas medidas terá que explicalo tanto á cidadanía galega como, particularmente, á da Coruña.

E, señores e señoras do Partido Socialista, creo que non se deben enterrar nunha lóxica de bipartidismo que parece que os obriga a intercambiar papeis co Partido Popular segundo estean no Goberno do Estado ou na oposición. Vostedes tamén teñen un pasado e teñen unhas posicións, tanto no Concello da Coruña como aquí, na defensa, recentemente, da titularidade e xestión pública dos terreos. Polo tanto, fagan defensa dos intereses de Galicia por riba dos intereses de partido, porque a discrecionalidade política non pode ser fundamento de ningunha política igualitaria e solidaria. Para nós suporía unha aldraxe para Galicia. Agardamos que saia de aquí un acordo unánime do Parlamento galego. Cremos que é posible.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Cando naquela tarde de hai máis de quince anos un petroleiro caduco partía en dous e se afundía xerando unha catástrofe que aínda está aí mancando os nosos ecosistemas mariños, todos soubemos que tiñamos un presidente da Xunta cazando, un goberno autonómico desaparecido e un goberno do Estado incapaz de avaliar na súa xusta medida a catástrofe que a improvisación e a incompetencia estaban a xerar. Soubemos que, diante da desgraza e dos agravios, estabamos sos, co de aquí. Logo, claro, sobre a gravidade provocada pola mala, pésima, nefasta xestión da catástrofe, desembarcaron con cartos, promesas mil e aquel Plan Galicia que deu beneficios ás imprentas polos cartaces e que repartiu millóns de pesetas en propaganda. O señor Cascos, o señor Aznar, aquel consello de ministros..., e nace o porto exterior. E case recén nado ten un burato. Non é un burato estrutural da obra, non é defecto do formigón. É un burato de trescentos e moitos millóns de euros, e vai en aumento. ¡Aí, os cartos! ¡Como se escapulen! ¡Cantas fidelidades e cantos silencios pagan!

Esta obra faraónica, con ineptitude e corruptelas incluídas, dá lugar a unha representación teatral, na que os actores mudan de rol, de papel, segundo os vaivéns do Goberno do Estado. O decorado de fondo e o texto da obra son os mesmos: Galicia debe vender bens públicos para pagar o que lle corresponde ao Estado; A Coruña debe pagar con terreos o que a especulación cobiza.

Pois non, o porto exterior da Coruña é unha obra do Estado, e, como tal, deberá ser financiada ao cento por cento polo Estado, depurando responsabilidades polo burato incluído. Pero o decorado e o texto da obra teñen que mudar, e estamos fartos de que Galicia pague,

de que sexamos agraviados unha e outra vez: a AP-9, o ferrocarril, eléctricas, porto exterior...

O señor Feixóo e o daquela presidente Raxoi asinaron o convenio da vergoña, e agora pasa que *donde dije digo digo Diego*. Agora o presidente do Goberno do Estado é outro, e na obra de teatro os actores intercambiaron os papeis. O texto é o mesmo e o decorado tamén. Porque o convenio da vergoña poñía e pon de manifesto o servilismo do presidente da Xunta e mais do PP de Galicia diante das comenencias do PP estatal, aínda que estas comenencias lesionen gravemente os intereses da cidade da Coruña: vender bens públicos vitais para esta cidade para pagar unha obra competencia exclusiva do Estado. ¡Manda chover na Habana!

Ao BNG non lle vale o acordo do 2004 nin o do 2018. O Estado debe cumprir coa súa obriga para con este país. Desde o BNG preguntamos onde están os parlamentarios elixidos en Galicia no Congreso, sexa cal sexa a súa cor política, que non se lles oe nin neste tema.

Porque, señorías, este tema é cousa de dignidade política. E non nos valen desculpas de mal pagador cando se trata de defender o que nos corresponde como cidadáns en igualdade. O Concello da Coruña debe liderar a exixencia de preservar o patrimonio da cidade defendendo con uñas e dentes o porto interior. Non vimos ningunha marea viva, con cinco deputados, condicionando a política estatal nun acto de exixencia de país. Os orzamentos do Estado están aí, e ese é o momento de poñer sobre da mesa todo o menú. Dende o BNG reclamamos a presenza do desaparecido grupo parlamentar galego.

As circunstancias cambian, pero o silencio case sempre é cómplice, e nada xustifica o silencio do PSdeG cando o Estado asume a condonación da débeda de 350 millóns de euros a Valencia pero se nega a asumir as súas obrigas co porto exterior da Coruña. Trátase de algo tan sinxelo como de exixir que se nos trate igualitariamente nos investimentos e nas condonacións de débeda. Claro que agora o PP racha as vestiduras, escandalizado do que Valencia exige, e agora senten o agravio porque Valencia pide. Pois saiban que vostedes forman parte do agravio, vostedes son o agravio. O convenio da vergoña é o agravio. E, póñanse como se poñan, nada os vai xustificar diante da cidadanía da Coruña nin diante do pobo dos galegos. Toca andar —dise neste meu, noso, país—. Andemos pois, e anden. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señor Sánchez, como autor da iniciativa, alegrábase da decisión desta mañá de constituír esa comisión de investigación, por activa ou por pasiva, do Partido Popular. Eu supoño que tamén se alegrará do acordo que tomaron onte, no Pleno municipal, de alianza; alianza que poderíamos cualificar á italiana, alianza entre En Marea e o Partido Popular (*Aplausos.*), que realmente nos ten absolutamente sorprendidos porque é unha comedia de Shakespeare.

Pero isto non se trata dunha comedia senón que é unha traxedia. Ou si é unha comedia talvez, non o sabemos aínda, porque estaríamos ante o que parecería *O soño dunha noite de verán* entre En Marea e o PP, xa que vimos da época de verán. É difícil de entender, porque os socialistas estamos onde estivemos sempre, e onde estivemos en 2004. Tanto En Marea como o Partido Popular son as formacións políticas que no pleno municipal de onte —e aquí, polo que parece ser, e espero que non sexa así— si que variaron dabondo a súa posición política. (*Aplausos.*)

Falábame, señor Sánchez —e supoño que o fará tamén o señor Fernández Prado—, de coherencia política. E eu creo que iso é o que fallou tanto en En Marea como no Partido Popular onte no pleno municipal da Coruña, que é onde se está debatendo este asunto, que ten transcendencia na Coruña e en toda a área metropolitana, pero tamén, evidentemente, en toda Galicia.

Ontes fíxose unha oda eu diría que á incapacidade política, unha oda á incapacidade e ao cinismo talvez camaleónico do Partido Popular para dar solucións ao porto da Coruña e a toda a reordenación da fachada urbana portuaria, incapacidade absoluta do señor Negreira, do señor Enrique Losada, da señora Beatriz Mato, do señor Feijóo, que non conseguiron nada para o porto da Coruña en sete meses de goberno en Madrid. E agora en cen días hai que resolver todo. Non sei se é funambulismo, camaleonismo ou cinismo, non o sei. Explíqueno, explíqueno.

É unha oda tamén á incapacidade política, señor Sánchez, porque o Goberno da Marea, que agora se asocia co Partido Popular, esquece discutir un tema clave en que todos parece ser que estabamos de acordo. Porque agora parece ser —polo menos no Pleno municipal— que xa non é importante desactivar o protocolo que en abril o presidente Feijóo utilizou para ridiculizar o alcalde da Coruña, e polo tanto para ridiculizar e ningunear a todos os coruñeses e a todas as coruñesas. (*Aplausos.*) Agora non é importante.

Por certo, señor Sánchez, e, por certo, señor Fernández Prado —porque vostede si que estaba onte no pleno municipal—, algún concelleiro de En Marea creo que dixo que era comparable o desmán de Punta Langosteira a pagar a formula 1 e a pagar a Copa América en Valencia. Iso é absolutamente inaceptable. Atenta esa afirmación á necesidade inaprazable que había na Coruña, en toda a área da Coruña, en toda a Costa da Morte e, polo tanto, en toda Galicia de afastar do corazón da cidade os tráfico portuarios de graneis perigosos. ¿Ou é que nos olvidamos do ocorrido co *Urquiola*, do ocorrido co *Mar Egeo* ou do ocorrido co *Prestige*? Esa foi a razón de ser esencial dos convenios asinados en 2004, auspiciados por un goberno socialista coa conformidade dos gobernos de Madrid. Ese foi o obxectivo fundamental, e tamén, por certo, posicionar o porto da Coruña en todo o arco atlántico.

Eses son os obxectivos lexítimos e nobres da cidade, obxectivos perseguidos evidentemente polos socialistas. Pasaron catorce anos e, evidentemente, as circunstancias económicas, urbanísticas e mesmo sociolóxicas, como temos dito, exixen unha revisión a fondo deses convenios de 2004. ¿Por que non facemos, señor Sánchez, señor Fernández Prado, señor Rivas, política con maiúsculas para non quedar na miopía política?

Señor Sánchez, de verdade que nós, cando lemos a iniciativa que presentaron na orde do día deste pleno, cando lemos a proposición non de lei, estabamos en condición de subscribir o noventa por cento do texto desa iniciativa, ¡o noventa por cento! —incluíndo, para melloralala ou para reforzala con compromisos previos anteriores, dous aspectos que incluimos na emenda que temos presentada—.

Claro, neste exercicio non sei se de cinismo, de funambulismo parlamentario ou, polo menos, de falta de cortesía parlamentaria, presentan unha autoemenda que practicamente pouco ten que ver cos termos iniciais que estabamos acordando. Por iso nós, desde o Partido Socialista, presentamos unha emenda que en principio recolle os termos completos da súa propia iniciativa inicial. En primeiro lugar, evidentemente, instar a deixar sen efecto precisamente o protocolo de abril deste ano. En segundo lugar, a revisar os convenios de 2004, cunha matización: constituíndo urxentemente a comisión dos convenios de 2004. Porque esta negociación interinstitucional polo futuro da Coruña e da súa área é a base para iniciar —dicimos nesta emenda— a transformación urbanística dos solos portuarios liberados para a cidade e, ao mesmo tempo, garantir os fondos —non esquezamos— de financiamento sostible e necesario para a viabilidade e competitividade do porto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Vou rematando, presidente.

En terceiro lugar, instamos evidentemente á constitución do consorcio, do que nunha das iniciativas tamén se esquecían. Creo que onte no debate do pleno municipal incluso renunciaban a esta iniciativa.

E, por outra parte, os socialistas na Coruña e o PSdG non se esconden. Incluimos unha iniciativa, un punto na nosa emenda, para dirixirnos ao Goberno central para que impulse os plans de investimento de Portos do Estado en Galicia, así como as necesarias medidas normativas e orzamentarias que garantan á Autoridade Portuaria da Coruña e ás demais autoridades portuarias de Galicia os necesarios mecanismos de investimento e de asunción de cargas financeiras contraídas pola execución de infraestruturas necesarias para a operatividade e competitividade tanto de Punta Langosteira como doutras instalacións portuarias de interese xeral.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Señor Sánchez, espero que rectifiquen, espero que volvan á iniciativa orixinaria por cortesía parlamentaria pero sobre todo por respecto á cidade e ao debate político na Coruña.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Volvemos falar unha vez máis do porto da Coruña, pero eu creo que, sobre todo, volvemos falar dunha demanda de igualdade de trato para todos os españois. Volvemos falar de investimento sen privilexios. Porque este Parlamento, señor Villoslada, non pode quedar caído ante o agravio que o goberno de Pedro Sánchez, o goberno socialista, está a facer cos galegos en relación cos valencianos en temas como o porto da Coruña ou en temas como as peaxes en Cataluña. Teremos ocasión de falar da AP-9 e da AP-7.

Pero, evidentemente, nós demandabamos o mesmo —logo falarei—, demandabamos a mesma igualdade, cando gobernaba o PP. E seguiremos facéndoo gobernando Pedro Sánchez. E unirémonos con todos os que defendan os intereses de Galicia e os intereses da Coruña. Porque nós poñemos eses intereses antes que o partido, que non é o caso dos socialistas.

A PNL orixinal pedía a anulación dun protocolo que propón 160 millóns para a cidade da Coruña, e que garante o máis importante a día de hoxe para o porto, que é o tren, o acceso ferroviario —140 millóns para ese acceso ferroviario ao porto de Punta Langosteira—. Espero, señor Villoslada, que estes 140 millóns non sexan parte dos que levan para Valencia a pagar a fórmula 1. Espéroo sinceramente.

Pero eu creo que é importante recordar que ata o momento a única administración que puxo en firme, que mostrou un compromiso por escrito e que puxo cartos para garantir que os terreos do porto sexan públicos foi a Xunta de Galicia e o seu presidente, Alberto Núñez Feijóo, pero invitando, ademais, a participar a outros que non quixeron.

Creemos que é imprescindible que se manteña o que está nese protocolo —especialmente cos 140 millóns para os accesos ferroviarios—. E creemos, ademais—e por iso o puxemos—, que a Xunta tamén debe solicitarlle ao Estado que cumpra con eses compromisos que estaban asinados, cousa que esperamos que sexa polo menos un punto de partida.

Din que son cousas distintas. ¡Claro que son cousas distintas! Xa o escoitabamos antes. Uns son para pagar a fórmula 1 e o tema da Copa América; e na Coruña é para pagar unha obra de interese xeral do Estado, que é unha garantía para a seguridade dos coruñeses, de todos os galegos e do noso mar.

Miren, falan de que cambiamos de opinión. Onte recordábo, e incluso tiña algo máis de tempo. Lino no pleno da Coruña. O Grupo Popular votou dúas mocións no Pleno, unha do Partido Socialista e outra de En Marea, de 2017, que pedían a quita. E votámolo a favor. Tamén a votou o PSOE e En Marea. ¿Onde? ¿Quen mudou? Mudou o Partido Socialista, que a presentaba. Non só a votaba, presentábaa no 2017 e contou co voto do PP cando gobernaba Mariano Rajoy. Pero agora cambiaron as cousas. Entón nós podemos dicir que aquí o único que mudou foi o criterio do Ministerio de Fomento para primar os valencianos en contra dos coruñeses. Iso foi o único que mudou.

E, señor Sánchez, máis mudar que unha autoemenda que non se parece en nada... ¿Como vai respectala, señor Villoslada, se é de hai catro meses e quedou anticuada despois do que fixo o goberno de Pedro Sánchez en Valencia? ¡Imposible! Fixo ben en autoemendarse, evidentemente. A nova situación, co que fixo o goberno de Pedro Sánchez e os socialistas, mudou totalmente. Pero, ademais, a propia En Marea tiña os cartos para comprar A Solana, postos no orzamento. Ou sexa, que de mudar, mudar..., podemos falar de moitas cousas. Nós podemos dicir que, cando se levou ao Pleno da Coruña, se votou favorablemente esa quita gobernando Mariano Rajoy. E agora seguimos con esas demandas.

Pero, claro, o que xa resulta escandaloso é escoitar un ex-ministro de Fomento socialista galego e que teña esa falta de memoria. Porque no 2011, cando el deixou o ministerio, deixou 283 millóns de débeda, case a totalidade da que ten hoxe. E, ademais, cando lle tocaba a el no 2011 poñer 200 millóns nos orzamentos de Fomento, dixo: Non, non poño os cartos, que pida un crédito a Autoridade Portuaria e eu autorizo ese crédito. E firmouno o señor Blanco. Firmou o crédito en vez de poñer os cartos no orzamento. Pero ademais non só iso, senón que dixo: E que venda todo o patrimonio que ten para garantir ese pago. Incluída A Solana e o Finisterre, que non estivera ata ese momento. ¡Esta é a historia que hai que saber!, no 2011, firmado polo señor Blanco.

Pero, ademais, é que esta historia é a historia do Partido Socialista e do actual delegado do Goberno. No 2004 firmábao un goberno socialista, o segundo convenio de 2004 son os socialistas Magdalena Álvarez e Paco Vázquez. No 2009, un bipartito PSOE-Bloque —señores do Bloque— tramitaron e bendiciron os convenios como convenio urbanístico, para darlles legalidade —no 2009, sendo alcalde o actual delegado do Goberno—. No 2011 outro socialista di: Hai que vender todo o patrimonio para avalar e pagar este crédito que eu autorizo —en vez de poñer os cartos o Ministerio de Fomento—. En 2017 poñen vostedes unha moción, porque gobernaba Mariano Rajoy, para que pagase e fixese esa quita, e votámola a favor o PP e En Marea.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: E agora din que «onde dixeran digo, digo Diego» —dicían antes—. Esa é a verdadeira historia.

Señor Sánchez, onte o Goberno e o Grupo de En Marea no Concello da Coruña quixeron chegar a un acordo. Puxo sensatez, eliminou cousas —que, evidentemente, creo que son positivas para a cidade da Coruña—, mostrou a vontade de chegar a acordo. Nós creo que a demostramos tamén chegando a ese acordo por defender os intereses da Coruña —sexa con quen sexa, señor Villoslada—. Está na nosa man ver se o Grupo Parlamentario de En Marea ten a mesma disposición.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bueno, foi un interesante espectáculo de cambio de traxes, ou de papeis, entre o Partido Socialista e o Partido Popular en menos de dous meses. Cambiou o Goberno e entón cambiamos todas as posicións, tanto as do Partido Socialista como as do Partido Popular.

Señor Villoslada, vostede falaba dunha alianza do PP para tratar de tapar as vergonzas do seu cambio de posición. Nós alegrámonos de que onte no Concello da Coruña o Partido Popular se sumase a unha proposta da Marea Atlántica que defendía o que sempre defendeu o Goberno da Marea Atlántica: non á especulación, participación da cidadanía na toma de decisións e a quita da débeda dunha infraestrutura que ten que pagar o Estado e que en ningún modo se pode pagar a base de vender os terreos portuarios da Coruña. E, se non, acláreme por que vostedes no Concello da Coruña votaron a favor da titularidade pública dos terreos hai menos de dous meses, antes de que chegase Pedro Sánchez ao Goberno, e onte cambiaron a posición e xa non defenden iso. E quero deixarlle claro que na proposta aprobada e na nosa proposta de hoxe, da autoemenda —si, non se escude en cuestións formais para tratar de xustificar unha posición que debe ser de fondo—, fálase das negociacións para a revisión do convenio de 2004 baixo os principios claros da titularidade da xestión pública de espazos dotacionais para o uso produtivo, etc., que deben conducir á elaboración dun novo protocolo que substitúa o de abril de 2018. ¿Non está claro?

E ao que tiña que vir aquí é a dicir o que non lle vale da nosa proposta. ¿Vostede cre que, se a Valencia lle condonan 350 millóns de euros, A Coruña non ten o mesmo dereito a ese tratamento coa súa débeda de 200 millóns de euros, cando aínda encima non foi para pagar fórmula 1 nin Copa América nin fastos? Que, por certo, vir aquí falar da fórmula 1 un representante do Partido Popular ten moita coña despois do que fixeron en Valencia. Pero cando era para un porto de interese xeral e cando a cambio diso a cidade ten que vender catrocentos e pico mil metros cadrados para nin sequera pagar a débeda... Dígame que é o que non lle vale da nosa proposta, señor Villoslada. Díganos que é o que lle valía antes e agora xa non lle vale, se non é simplemente que agora vostedes non son capaces de dicirlle a Pedro Sánchez o que antes lle dicían a Mariano Rajoy. E co Partido Popular, viceversa; é dicir, o que antes calaban agora dino por oportunismo político.

É mentira, porque o agravio, señor Fernández Prado, xa o era antes, o agravio era antes. Porque xa coa situación de débeda que tiña antes o porto da Coruña xa era unha situación de agravio comparativo con outros portos que non tiñan esta mesma situación e foron financiados con fondos estatais. E o protocolo de abril, señor Fernández Prado, avalaba a privatización de San Diego. E aquí, no Parlamento galego, señor Fernández Prado, nunca votaron a favor da quita da débeda. E o Goberno da Xunta de Galicia nada fixo por obter unha solución análoga á que pediu o Goberno valenciano respecto do Consorcio de Valencia de 2007. Cando Rajoy gobernou, vostedes non aportaron ningunha solución á Coruña, ningunha solución aos portos galegos, máis que a privatización e a especulación cos terreos. Aínda que sexa por oportunismo político, está ben que vostedes rectifiquen co porto da Coruña e co resto de portos. Porque tampouco dixo nada do que fixeron vostedes durante nove anos respecto das peticións de infraestruturas de todos os portos galegos, nada de nada.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E agora, como goberna Pedro Sánchez, parece que hai vía libre.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Imos tratar de chegar a un acordo con todos os grupos a pesar da intervención do Partido Socialista. Cremos que é posible, se o Partido Socialista mantén a coherencia con este asunto, chegar a un acordo. Se non se escuda en cuestións formais, chegaremos a un acordo. Se non, o Partido Socialista terá que explicar este cambio de posición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do estudo dunha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: unha autoemenda do Grupo Parlamentario de En Marea, unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 31452

Emenda de adición.

Debese engadir á parte resolutiva da proposta os seguintes puntos:

2. Ante as trabas burocráticas que impiden aos beneficiarios do Bono Social anterior subscribirse ao novo, só o conseguiron o 10% dos beneficiarios, instar ao Goberno do Estado a ampliar o prazo para facer a transición en doce meses.

3. Poñer en marcha de inmediato unha campaña en medios de comunicación públicos e privados para informar das condicións do novo Bono Social e de como tramitalo, así como de accións directas en todas as comarcas de Galicia para axudar e tramitar as solicitudes dos posibles beneficiarios. A acción debería complementarse con asesoramento sobre as tarifas e potencias máis axeitadas para cada fogar, así como de medidas para baixar o consumo.

4. Instar o Instituto Galego de Consumo para que dentro das súas competencias de protección dos consumidores, inicie accións contra a manipulación de prezos que están a desenvolver as empresas eléctricas.)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o estudo dunha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles, tal e como se fai en moitos países europeos; no marco dunha reforma global do sistema fiscal que garanta a suficiencia e a equidade no esforzo tributario, sempre no marco xeral da política fiscal como un elemento central na distribución da renda e da riqueza.”)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 31452.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a:

- 1. Demandar do Goberno Central a inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% actual ao superreducido 4%.*
- 2. Rectificar a súa posición contraria unha tarifa eléctrica galega por ser prexudicial para a cohesión social e o desenvolvemento económico e industrial do país; polo que se insta a demandar do goberno central unha modificación da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de cara a facilitar o seu desenvolvemento, para o que se demanda que a fixación das peaxes e cargos teñan en conta a condición de excedentaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

A finais deste mes de setembro e a principios de outubro vaise producir unha auténtica electrocución dos fogares galegos. Estamos nunha situación de emerxencia, e por iso —pido desculpas ao resto dos grupos— tivemos que completar a nosa proposta mediante unha autoemenda tendo en conta esta situación de emerxencia, xa que concorren dúas circunstancias: por unha banda, a suba do recibo da luz como consecuencia da especulación desaforada do oligopolio eléctrico; e, por outra parte, o remate do prazo para a tramitación do acceso ao novo bono social eléctrico, que se prepara como unha carreira de obstáculos para que a poboación máis vulnerable non poida *de facto* ocuparse de tramitalo a tempo, e, polo tanto, perderao. Por iso en moitos casos a suma da tarifa xeral sumarase á perda do bono social, todo no mesmo mes, todo no mesmo recibo, o que pode supor unha trágica sorpresa para os fogares e que, se non se resolve de maneira urxente, levará á pobreza enerxética centos de miles de

fogares. Isto é totalmente intolerable e este Parlamento ten que poñerse en primeira liña para resolvelo se de verdade queremos defender a cidadanía de Galicia. Temos o inverno á volta da esquina. Por iso é moi urxente dar unha solución, aínda que só sexa, de momento, paliativa.

Dicía que a factura da luz suporá unha retribución económica para miles de fogares galegos. O recibo medio da luz vaise incrementar ao redor dos 16 euros ao mes, cerca de 200 euros ao ano, e, por exemplo, isto come todo o incremento medio das pensións que está nos orzamentos; ou sexa, unha pensionista ou un pensionista cunha pensión media de ao redor dos 800 euros verá que esa suba se evapora só cos recibos da luz.

Socialmente a situación é insostible. En Galicia hai 350.000 fogares en risco de pobreza enerxética que deberían ser potencialmente beneficiarios do bono social eléctrico. Se non damos facilidades a estas familias, o 90 % vai quedar excluído da tarifa, como sucedía co extinguido ticket eléctrico da Xunta, ao que só accedían 2.500 fogares ao ano, menos do 1 %.

A realidade —isto non son elucubracións, esa é a realidade dos datos que aportou o Ministerio hai dúas semanas— é que só o 10 % da xente que tiña o bono social anterior fixo a renovación.

Pero, claro, o presidente da Xunta de Galicia, que non ve a tele pública, non utiliza a sanidade pública, non paga as peaxes das autopistas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), non sei se vivindo en Montepío tampouco sabe o que paga de luz, pois claro, non ten moito coñecemento de cal é a factura dunha familia galega de xente normal.

E imos aos datos, imos xustificar todo o que temos falado ata agora. Este agosto o prezo da electricidade incrementouse nun 35,5 %, o prezo da enerxía, respecto do mes do ano anterior. En agosto de 2017 a enerxía custaba 47,46 euros/megavatio/hora e neste mes de agosto a media foi de 64,30 euros/megavatio/hora. Pero, ademais, o pasado domingo, ou sexa, oito días despois, o prezo do megavatio/hora chegou aos 79 euros, é dicir, un 66,5 % máis que en agosto de 2017.

¿E por que pasa isto? ¿Hai pouca auga? Pois a realidade é que o nivel dos embalses en España está vinte puntos máis que no ano pasado, ou sexa, un 50 % por encima da auga que tiñamos o ano pasado.

¿Incrementouse o prezo por usar as tecnoloxías máis caras, que é o que din algúns expertos e algúns directivos de empresas eléctricas? Pois máis ben todo o contrario. Dentro da produción total de enerxía, en agosto de 2017 o 17,1 % foi producida con gas, que é, como saben, a máis cara. E en agosto de 2018 só foi do 12,8 %, ou sexa, máis de catro puntos menos que o ano pasado. Entón, ¿por que sobe o prezo? Pois fundamentalmente pola especulación masiva, que o conselleiro delegado de Endesa —para máis inri, compañeiro meu de pupitre durante cinco anos na carreira— chamou «custo de oportunidade», unha elegante maneira de denominar unha estafa especulativa.

O argumento é fácil; é dicir, eu teño moitos tomates e, como en decembro os vou poder vender a 4 euros, ¿por que os vou vender agora a 2? Pois non, ou véndoos a 4 agora ou, se non,

gárdoos para decembro. Pero, claro, o tema é que a xente podería dicir: pois se mos queren vender agora a 4, non os compro, pero coa luz non podemos facer iso, porque a temos que comprar de maneira obrigatoria.

Consecuencias de todo isto: as grandes eléctricas españolas duplican e ás veces cuaduplican os beneficios das europeas entre 2013 e 2016. Durante os anos da crise as grandes eléctricas españolas tiveron uns beneficios netos nada menos que de 56.000 millóns de euros, enormes beneficios construídos sobre elevadas facturas que provocan unha situación de pobreza enerxética intolerable, que non corrixe un bono social que deixa fóra centos de miles de familias en España e Galicia.

O anterior ministro de Enerxía e Axenda Dixital, señor Nadal, xa adiantou todo isto e preveu períodos —chamounos el— «de volatilidade» —nós chamámoslos «de estafa masiva»— nas tarifas e dicía que ían ser moito máis frecuentes. Pois é así, esa é a verdade.

Pero esta volatilidade non é ningún fenómeno natural, ten beneficiarios e causas concretas e é o resultado da acción e da inacción dos gobernos, que poden e deben revertirse. A primeira causa é o enorme poder dun grupo de tres empresas: Endesa, Iberdrola e Naturgy —anterior Gas Natural Fenosa—, que conforman un auténtico oligopolio enerxético en España, o que lles dá poder para manipular o mercado.

A segunda causa é o deseño do mercado maiorista de electricidade como un mercado marxinalista obrigatorio *de facto* no que deben participar todos os días os produtores e comercializadores para vender ou adquirir respectivamente a súa enerxía; un deseño que permite a un reducido número de empresas exercer o seu poder de mercado para fixar o prezo marxinal, de forma que tecnoloxías con custos de produción moi inferiores ao marxinal, como a nuclear, a eólica e a hidráulica, obteñan enormes beneficios inxustificados caídos do ceo.

Os beneficios do pasado domingo, co prezo que venderon a enerxía hidráulica, a 79 euros, cando o custo é de 8 —entre 8 e 10, depende de cada central—, chegaron ao 900 %. Isto é intolerable.

O que se chama no mercado competencia na realidade non é máis que un trámite no que empresas comercializadoras e produtoras dos mesmos grupos empresariais intercambian números nas súas follas de cálculo co único obxectivo de maximizar o seu beneficio, e todo isto co beneplácito do organismo teoricamente independente que regula este mercado, o Omel, o Operador do Mercado Eléctrico Ibérico, presidido pola señora Carmen Becerril, ex-presidenta dunha das maiores comercializadoras e ex-directora xeral de Enerxía en varios gobernos do Partido Popular, como se ve, totalmente independente.

Esta falta de competencia real é a razón que explica a enorme diferenza entre España e o resto de países da Unión Europea. En Francia a porcentaxe de enerxía xestionada no mercado diario é do 20 %, no Reino Unido só do 14 %, mentres en España estamos nunha media do 80 %. No resto de países a enerxía hidráulica, a enerxía eólica, a enerxía nuclear négociase a tres ou catro anos vista con prezos fixos e iso evita a volatilidade dos prezos, porque, aínda que o resto —o 14 %, o 15 %, o 20 %— poida oscilar, o impacto sobre o prezo total é moi pequeno.

E a terceira causa —que non me vai dar tempo de desenvolver— é todo o que son as interconexións internacionais. É un tema un pouco máis complexo de explicar e por iso o deixarei para outro día, pero realmente está afectando dunha maneira moi importante. O tema é que, cando o prezo en Francia é máis caro que aquí, se exporta enerxía; alí non afecta moito o prezo, porque o *pool* diario, como digo, está entre o 14 % e o 20 %, pero afecta en España practicamente a totalidade do prezo, e iso fai que os prezos se desmadren totalmente.

Entón, as nosas propostas respecto da subida do prezo é adoptar medidas inmediatas para evitar a especulación coa enerxía hidráulica. E aquí pensamos que, ante este tipo de ataque aos consumidores e á competencia, o Instituto Galego de Consumo debería actuar de oficio, segundo as súas competencias, porque consideramos que isto é unha verdadeira estafa, e, por outra parte, baixar o prezo do IVE nos tramos de consumo de primeira necesidade, para evitar a pobreza enerxética ou a súa exclusión social eléctrica, establecendo un tramo do 4 % para consumo básico para manter un fogar quente e iluminado.

E, por outra parte, fronte aos obstáculos do acceso ao bono social eléctrico —esta é unha situación sobrevida, porque vemos como está a situación de que o 90 % aínda non o conseguiron renovar—, instar o Ministerio a inverter a carga da realización dos trámites; é dicir, manter a todo o mundo no bono social actual e aqueles que tiñan o bono social por ter menos de 3 quilovatios que por motivos de renda non entrarían agora que o faga directamente o Ministerio —pode pedir os datos directamente ao Ministerio de Facenda e facelo dunha maneira totalmente axeitada— e facer unha prórroga de doce meses para poder incorporar toda a xente nova que antes non cumpría e que agora cumpriría e para depurar os posibles erros que se poidan cometer neste proceso de adaptación rápida.

E, por último, unha campaña de información por parte do Instituto Galego de Consumo sobre as condicións de acceso ao novo bono social, axuda administrativa e tramitación aos potenciais beneficiarios, asesoría xeral sobre medidas para asesorar sobre as tarifas máis convenientes e como aforrar no recibo.

Temos que parar esta electrocución dos fogares galegos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Isto é unha estafa que en Galicia suporá un dobre atraco se lle sumamos os 30 millóns de euros que teremos que pagar nos recibos debido á incompetencia da Xunta de Galicia para evitar a reversión do cobrado ás eléctricas polos impostos medioambientais.

Pensamos que todas estas medidas son posibles de desenvolver e pensamos que o Parlamento de Galicia debe ser moi activo para evitar que no mes de outubro a xente teña que apagar a luz ou teña que apagar a calefacción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde de novo.

Sáíron varias cousas neste debate. Eu intentarei apuntar algunha cuestión a respecto do alto prezo da luz e da súa fiscalidade —unha cuestión á que o señor Casal non fixo demasiada mención—, ao bono social e tamén á situación social e á potencialidade que tería o noso país.

No que levamos de mes de setembro, do que aínda non estamos nin sequera no ecuador, xa bateu a luz non un, senón varios récords de prezo históricos, o cal non é nin casualidade nin é a última vez que vai pasar, nin no 2018 nin estou segura, se as cousas seguen así, tamén no 2019, porque é unha escalada histórica que é complexa. Ten unha parte fundamental en como está deseñado o mercado da electricidade do Estado, precisamente por ser concibido como iso, como un mercado, a electricidade como un ben capitalista e non como un ben de servizo público, que era polo que deberíamos estar traballando todas as administracións. Nós desde o BNG entendemos que debера ser así considerado, como un servizo básico, como un servizo imprescindible.

Entón, estamos vendo que a día de hoxe pois hai outros factores que interveñen no prezo da electricidade. Hai un factor indiscutible, que é a forma de fixación dos prezos, á que facía mención o señor Casal. Nalgún momento inflúen os factores climáticos, aínda que agora mesmo non están a ser os determinantes. E hai algo que é constante, que leva moito tempo sen variar e sobre o que nós pensamos que si que habería que prestar atención, que é a absurda e abusiva fiscalidade que ten a electricidade no Estado español, única e exclusivamente por decisións políticas.

Temos, por exemplo, un IVE do 21 %, o IVE no tipo máis alto, e isto fai que sexa un dos máis altos de Europa, por detrás só dos países nórdicos. A isto súmanse outras cargas fiscais absolutamente abusivas, como o propio imposto especial de electricidade e outras cuestións que sería imposible resumir en cinco minutos. Pero a cuestión de fondo é que isto é así única e exclusivamente por decisións políticas, porque o Estado español embólsase a través do IVE máis de 5.000 millóns de euros ao ano, máis de 5.000 millóns de euros ao ano. Non en balde así o señor Montoro tivo no pasado moito interese en elevar o IVE do 18 % ao 21 %, pero vemos que agora, co cambio de goberno, o cambio de Montoro a Montero, tampouco trouxo grandes beneficios e mantemos o mesmo IVE.

E desde o BNG pensamos que isto debería mudarse, non só como propón a iniciativa de En Marea aos consumos máis básicos, senón a todos eles, porque a electricidade é un ben de primeira necesidade. Poñendo o exemplo e comparando cos alimentos, ninguén entendería que para todo o mundo unha barra de pan, algo tan elemental, pois tivera que custar 10, 15, 20, 500 euros, pois moito menos algo que en materia enerxética é homoloxable.

Nós defendemos que o tipo de gravame que debe ter a electricidade debера ser básico, debера reducirse baixo o noso punto de vista ao súper reducido, pero, cando menos, ao 10 %, que é o mesmo que se paga pola auga. ¿Por que non facelo por unha enerxía deste tipo?

Seguramente escoitaremos aquí que isto de facer rebaixas do IVE é pouco de esquerdas, este tipo de argumentos que a veces se escoitan ultimamente, pero, desde logo, nós entendemos que sería algo necesario, non por baixarlles a luz a persoas como Amancio Ortega; nós somos partidarias de que persoas multimillonarias como el paguen os impostos en Galiza, que se lles suban os impostos, etc., etc., que se fiscalicen as súas fortunas e que por esa vía o Estado ingrese, pero non a costa de que unha parte importantísima do noso país teña dificultades serias para pagar a factura da electricidade a fin de mes, porque a redistribución fiscal faise nos impostos e non se fai neste imposto, que é indirecto e que tería que pagar todo o mundo. Nós entendemos que non tería sentido que tivera o mesmo prezo e o mesmo IVE unha botella de whisky ou unha lata de caviar do que ten unha barra de pan, e, polo tanto, non entendemos esta fiscalidade absurda, e a única razón —insisto— é a recadación que fai o Estado deste imposto.

Ao mesmo tempo que se consuma a vergonza desa política contra a pobreza enerxética, absolutamente chapuceira e ineficiente, polas razóns que dicía o señor Casal, tamén engado, porque vai ser seguidamente recorrido tamén polas propias eléctricas, como é tradicional —nalgún momento será tumbado de novo e volverá haber que recuestionalo— porque está pensado desde o absurdo, desde o punto de vista social, porque xa teño posto este exemplo moitas veces nesta Cámara: un futbolista multimillonario por ser familia numerosa tería dereito de por si ao bono social e outras persoas quedan fóra. Pero é que tampouco nin sequera está pensado para os parámetros climáticos deste país. E, polo tanto, pois unha vez máis desde o BNG pensamos que temos que pensar con ambición en como combater a pobreza enerxética, e para iso o bono social é absolutamente inservible para nós.

Deberíamos aspirar a que as forzas centralistas abandonaran o seu sectarismo e que por fin deramos un debate neste país, lonxe de ataduras estatais, para que esa condición de produtores excedentarios que temos fora empregada ao noso favor e non na contra, como ten feito o Partido Popular. Agora imos pagar ese tarifazo, no que a nosa factura aínda por riba vai incrementar eses suplementos autonómicos, e, mentres, vemos como seguen negándose a que este país aproveite a súa riqueza enerxética...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...cunha tarifa eléctrica galega que solucionaría moitísimos problemas máis.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, hai poucos días nunha entrevista o escritor Bernardo Atxaga dicía: «A precisión sempre ten grandeza, porque pincha os globos tontos e retóricos.» A

verdade é que é bastante doado en xeral para este Parlamento, porque ese mesmo día, o día que coincidiu que eu lía esta entrevista nunha revista, o señor Feijóo tamén dixo na inauguración do curso universitario —e creo que algúns dos que están aquí estaban alí— que estamos en tempos de posverdade, e ese mesmo día tamén —é o que ten a serendipia— saíron os datos de paro rexistrado, un tema que ten moita relación co que vou falar agora, porque ten moita relación coa pobreza e coa distribución da renda. Dígoo porque xa fixen referencia nunha comisión neste Parlamento e a quen a presidía parecíalle que este tema non ten nada que ver coa pobreza ou coa distribución da renda.

Ben, pois ese día o número 2 da cadea de mando do Partido Popular de Galicia, nunha desas finas análises que habitualmente fai, dixo textualmente —e cito dun teletipo—: «O paro interanual baixa en Galicia e sobe en España, porque aquí goberna o PP e no conxunto do Estado o PSOE.» O razoamento é bastante frouxo, pero, ademais, é que é falso. En Galicia baixou o paro; en España, tamén.

Polo tanto, neste marco de discusións de carácter económico nas que vale todo, nas que vale absolutamente todo, pois convén ás veces, efectivamente, reflexionar un pouco sobre a distribución da renda, da riqueza, e as políticas que se poden ou que se deben de desenvolver.

É evidente —e así o manifestamos dende o Grupo Socialista— que o modelo económico que ten este país é un modelo profundamente inxusto, é un modelo en que se está incrementando máis o produto interior bruto que o emprego; polo tanto, estase incrementando a produtividade, o cal é bo, pero todos entendemos que iso se ten que trasladar aos salarios. E, lamentablemente, non se traslada aos salarios e, lamentablemente, a distribución da riqueza cada vez é máis asimétrica e cada vez é máis inxusta.

E eu volvo repetir: son datos non de Abel Losada, non do Partido Socialista, son datos do Instituto Nacional de Estatística, e que se van por suposto continuar publicando co novo Goberno, e iremos vendo como evoluciona esta cuestión. Mentres siga evolucionando así, diremos que a evolución é negativa; mentres siga evolucionando que as rendas do traballo cada vez teñen unha porcentaxe decrecente do PIB, este grupo parlamentario dirá que esa evolución é negativa.

E, polo tanto, neste contexto convén falar das dúas cuestións que aparecen na emenda que presentamos. Nós, en todo caso, imos aceptar a iniciativa de En Marea, imos aceptar tamén esa autoemenda. A verdade é que o das autoemendas, que supoño que está recollido no Regulamento, non deixa de ser un elemento tecnicamente complexo, para min polo menos —eu debo de ser un pouco cuadrículado, pero en fin—; dificultame un pouco o razoamento.

E, efectivamente, señor Casal, existe ese problema en termos de pobreza enerxética —dixémolo no seu momento—, existe un problema de acceso, existe un problema de distribución, existe un problema no mercado eléctrico. A voceira do Partido Popular retábanos, ou retábame neste caso a min, a que nunca máis ía falar de beneficios das empresas enerxéticas unha vez que goberna o Partido Socialista en Madrid.

Vou seguir falando de beneficios das empresas enerxéticas mentres sigan medrando como medrou o de Endesa no primeiro semestre do 2018, un 15 %. Vou seguir falando. Señora

Nóvoa, díxome vostede que non ía falar e estou falando. Se quere, poño un cilicio e aperto e sangro (*Risos.*) (*Murmurios.*) Pero, en todo caso, insisto en que estou falando, e recoñezo que os beneficios empresarias das grandes eléctricas son absolutamente inmoraís e que é un mercado absolutamente opaco e oligopolístico, e, polo tanto, hai que ir contra iso. E espero, con moito interese, a comparecencia no Congreso dos Deputados do día 19 da ministra de Transición Ecolóxica.

Porque, dende logo, é verdade que non se pode cambiar o mundo en cen días e que non se pode cambiar o mundo cun goberno en minoría, pero é verdade que se están facendo algunhas cousas, sen ningunha dúbida. Entre outras, estase facendo unha política de apoio ou de loita contra a pobreza infantil, que vai permitir poñer as bases diso que sería no futuro a renda universal. E eu volvo dicilo: creo que é mellor reforzar esas liñas que baixar o IVE do sector da enerxía, porque a propia Unión Europea o di. Sei que hai países que teñen un IVE reducido, e a baixada lineal do IVE non incentiva en absoluto a eficiencia enerxética e o control do consumo. Entón, non vaia ser que baixemos o IVE —e xa sei que soa demagórico— que ilumina as piscinas de Somosaguas. Non quero baixar ese IVE da enerxía eléctrica. Quero que quen ten problemas para pagar a enerxía eléctrica teña unha política social suficientemente solvente e sólida que lle permita solucionar ese problema.

Polo tanto, paréceme ben o de estudalo, sen ningunha dúbida, pero creo que hai moitos máis elementos que a propia fiscalidade, por un lado, e que a propia enerxía, por outro lado. Isto é o que dende logo nós recollemos e recolleremos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...nas nosas iniciativas.

E polo tanto, volvo repetir: hai unha proposta de reforma integral do sistema eléctrico. Eu creo que ten que permitir, efectivamente, que baixen os prezos. Tamén sabe o señor Casal —que de enerxía me consta que sabe— que o prezo das emisións de CO₂ están aumentando e van aumentar; non digo que iso xustifique nin sexa unha coartada para nada, pero é un feito obxectivo que iso está a acontecer.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada. Remate xa.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, polo tanto, señor Casal, volvo repetir: imos apoiar esta iniciativa, tamén a súa autoemenda, e, en todo caso, eu creo que as cuestións fiscais e de redistribución da renda se solucionan fundamentalmente con vías de reforma fiscal global, por dicilo dalgunha maneira. Eu creo que aí é onde hai que actuar.

E, por certo, señora Presas, o de cambiar Montoro por Montero é unha frase do Partido Popular e vostede intelectualmente non necesita copialos en absoluto. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor Casal, traen de novo aquí unha iniciativa sobre o prezo da electricidade que debatemos en múltiples ocasións neste Parlamento, e repito e repetimos: concordamos con todos vostedes en que o prezo da electricidade é inasumible, que é un ben esencial e que dende logo inflúe de maneira moi importante na economías das familias. No que non concordamos para nada é no escenario que nos expón vostede aquí nin na interpretación que fai da situación da enerxía eléctrica no noso país.

Mire, señor Casal, novamente trae vostede unha autoemenda noutra das súas iniciativas, para pedir cousas que xa se fan ou que está previsto facer de inmediato.

Temos un bono social do Estado, axudas da Xunta de Galicia que o complementan e un Instituto Galego de Consumo que si que actúa e que tramita, por suposto, todas as reclamacións en materia enerxética que se producen na nosa comunidade.

O Grupo Parlamentario Popular cre que é necesario baixar o prezo da electricidade. Cremos que necesitamos novas medidas que consigan reducir o prezo, pero, se o facemos da maneira que vostedes piden, non entendemos en que grao prexudicariamos as grandes eléctricas, esas que di vostede que nós defendemos; non entendemos como, se baixamos o IVE, as prexudicariamos; non o vexo, señoría. O único que non conseguiríamos é recadar impostos que van dirixidos ás comunidades autónomas para o seu financiamento, para educación, para sanidade, para servizos sociais. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Non sei se isto á señora Presas lle parece absurdo; dende logo, a nós non nolo parece.

Por outro lado, non vexo a bondade que ten para vostedes baixar o IVE, se doutra forma pretenden crear novos impostos, como, por exemplo, o imposto ao diésel, cualificado de globo sonda pola ministra, ao pouco tempo cualificado polo señor Sánchez de «imprescindible e necesario». Entón, ¿cren vostedes que este imposto ao diésel é moito máis social que o IVE? ¿Cren vostedes que é un imposto moito máis xusto para case dezaoto millóns de usuarios de coche diésel que hai en España? De todos modos, esta mañá xa saíu —aclárollelo por se non viron a noticia— a señora ministra de Facenda dicindo que non permite a nosa economía esa baixada de impostos. A ver como van solucionar isto vostedes dous; ben, rectificarán outra vez.

Miren, señores do Grupo Socialista, este é un exemplo dunha falta de planificación enerxética, esa que tanto pedían, dunha planificación ordenada. Encher de incerteza os usuarios, os empresarios, a inversión privada, miles de traballadores do sector enerxético, como, por exemplo, os das centrais térmicas. Díganme vostedes se esa vai ser a forma de gobernar, enchendo a prensa de titulares. Publicidade e propaganda, señor Losada, esa que tanto lle gustaba a vostede, a verdade é que é todos os días.

O certo é que concordará comigo en que hoxe o prezo da luz é caro, e non goberna o señor Rajoy nin está o ministro Nadal no Goberno, e o prezo da electricidade segue alto.

Entón, entendo que subscribirá as palabras da señora Ribera, a súa ministra de Transición Ecolóxica, de que o prezo da luz seguirá subindo. É que non é tan doado cambialo. Ían chegar ao Goberno e ían cambialo todo, pero resulta que agora os cen días non lles chegan e faránlles falta, ben, vinte anos. *(Murmurios.)*

Mire, o diagnóstico é similar ao que había hai uns meses, cando gobernaba o Partido Popular. O señor Losada naquel momento poñía o grito no ceo e hoxe xa vén explicar aquí os dereitos de emisións de CO₂ que pagan as centrais. Ben, señor Losada, o seu discurso cambiou moitísimo. Mire, nós hoxe non somos excedentarios de enerxía eléctrica, nin en España nin en Galicia. Por iso o discurso do Bloque da tarifa galega xa é un discurso que non se sostén, señora Presas.

Mire, de forma coherente, o Grupo Popular no Parlamento de Galicia, o Goberno da Xunta e o Grupo Popular no Congreso dos Deputados cremos que é necesario baixar o prezo da electricidade, contribuíndo a xerar máis enerxía renovable. Por iso o Goberno do Estado fixo poxas de enerxía renovable, poxas sen primas importantes, sen deixar herdanzas, sen incrementar o déficit tarifario, señores do Partido Socialista, parte importante do custo da factura de electricidade. Ademais, a Xunta soubo adiantarse, e permitirá a rápida instalacións destes parques eólicos na nosa comunidade, señores da oposición.

En canto á atención ás persoas máis vulnerables no tocante á súa factura de electricidade, recordar iso: que se reformulou o bono social, porque o anterior non cumpría a legalidade, e agora mesmo estase vendo que evidentemente hai moitos menos usuarios que o reformularon, e entendo, porque confiamos no que dixo a señora ministra de Transición Ecolóxica, que darán máis prazo ou incluso farán campañas de publicidade.

O que non confía é vostede, señor Casal; no que non confía vostede é no Goberno que mantén, porque a señora ministra dixo que ía facer campañas.

Entón, mire, o que está claro é que o Goberno da Xunta si que actúa, leva anos actuando coas persoas máis desfavorecidas, leva catro anos cun ticket eléctrico social, fixemos unha lei neste Parlamento que vostedes non apoiaron. Entón, dígame, señor Casal: ¿cales son as súas medidas?, ¿cales son?

Eu dígoilas: pechar centrais térmicas, primeira medida. Segunda medida, non deixar que se instale en Galicia ningún parque eólico nin ningunha iniciativa privada, señorías, e nacionalizar as eléctricas, por suposto. Terceira medida —e última—, opoñerse sempre a calquera medida que saque o Goberno da Xunta ou que leve este Grupo Popular para axudar as persoas máis vulnerables. Esa é a súa proposta.

Mire, señor Losada, vostede falou dos cen días de goberno, non me chega o tempo para falar do que dixo, para rectificar. É o partido da rectificación. Saen en todos os titulares rectificando, o Partido Socialista rectifica. Si, un imposto ao diésel, despois é un globo sonda, despois volvémoslo poñer. Señor Losada, non o cremos. Agora pechamos as centrais, logo non, cando todas as comunidades se sublevan, sobre todo as súas, onde gobernan...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...agora non as queremos pechar. Hoxe aprobaron —ou non aprobaron, mellor dito— unha iniciativa do noso Grupo Popular sobre as centrais térmicas. Dígolles que se aclaren, señorías, porque isto non é serio; cero planificación, cero credibilidade. Tómeno en serio e non deixen un buraco como deixaron no Sistema eléctrico español que pagamos e pagaremos todos durante máis de vinte anos, señor Losada.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: A verdade, lamento que non se entendera a motivación desta proposición non de lei e, sobre todo, a xustificación que din de autoemenda, esa situación de emerxencia.

Cando falamos de IVE reducido aos consumos imprescindibles é precisamente para que non haxa que facer unha renovación completa de todo o sistema do IVE. Meter este cambio de IVE puntual, ante unha situación de emerxencia, dentro dun cambio xeral fiscal, levaríanos ao mellor ao ano 2020, e iso non vai solucionar a pobreza enerxética no mes de novembro.

E nós falamos como consumo esencial uns límites de potencia de 4,3 quilovatios e 350 quilovatios/hora mensuais de consumo. Iso non vai afectar ao señor Amancio Ortega nin a moitísimas familias que aínda con dificultades poden seguir pagando o recibo, isto vai afectar á xente máis vulnerable. Por iso dicimos que esta PNL vai dirixida a unha situación de emerxencia, e o custo fiscal xeral —a verdade, non tiven tempo de analízalo— seguro que non é moi alto.

Por ese motivo non podemos aceptar as emendas, tanto do BNG como do PSdeG, porque nos levarían a procesos eternos. Ou sexa, o tema da Lei eléctrica galega é un tema que se podería estudar, pero, sen lugar a dúbidas, implica cambios nas normativas europeas —a señora Presas sábeo perfectamente— que nos podería levar 3, 4 ou 5 anos desenvolver, sempre e cando se xustificara que unha tarifa eléctrica galega fai que se reduzan os prezos, que eu non vin aínda ningún estudo serio que o xustifique. Porque só con dicir que vendemos máis enerxía da que consumimos non se xustifica que os prezos vaian ser menores cun mercado diferenciado do resto do mercado ibérico, con todo o que implica. Non vin ningún estudo serio que o xustifique. En todo caso, eu estaría encantado de que se fixera, pero vai levar moito tempo.

Despois fala a señora Nóvoa do tema de que xa hai un bono social. Un bono social totalmente insuficiente, que deixa fóra ao 90 % da xente, e ademais —é unha realidade constatable por estatísticas—, o 90 % da xente que o tiña non puido renvalo. ¿Imos pasar de todo e que a xente se apañe, e cando chegue o recibo de outubro con 16 euros máis no recibo normal, mais 6 ou 7 euros máis polo rejonazo e tarifazo para devolver ás eléctricas o impacto medioambiental, a xente se encontre con 20, 30 ou 40 euros máis no recibo? ¿Que vai facer no seguinte mes? Apagar a luz e apagar a calefacción. ¡Iso non se pode tolerar!

¿Que pode facer ademais o Instituto Galego de Consumo, que vostede di que fai e non o fai? Pois demandar ás eléctricas por manipulación de prezos e por manipulación de mercados.

E, finalmente, di que xa están a facer campañas informativas. Pódolle dicir, por experiencia propia, que isto non é verdade. Estou percorrendo toda Galicia facendo campañas informativas porque non as fai o Instituto Galego de Consumo. En cada reunión —podíao preguntar hoxe aquí e o resultado sería o mesmo— pregúntolle á xente primeiro, ¿sabe vostede que tarifa ten?, ¿sabe se é a tarifa máis adecuada para o seu fogar?, ¿sabe se ten dereito ao bono social? Seguro que se o pregunto aquí o 95 % dos que estamos aquí non saberíamos nin que tarifa temos nin se é a máis adecuada para o noso nivel de consumo, etc. A ausencia de información é enorme, e non se pode dicir que se está informando.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Efectivamente, a situación da estafa segue igual, e segue igual porque vén desde a Lei do mercado eléctrico de 2013 do Partido Popular, que precisamente é a que permite que todas estas cousas que relatei na exposición de motivos se poidan producir.

Polo tanto, entendan, esta é unha situación de emerxencia: pídesse a baixada do IVE dun grupo moi concreto de abonados, non se pide a baixada do IVE para todo o mundo. A idea é que se estude o tema, e a nosa proposta concreta é que se baixe o IVE ás potencias de ata 4,3 quilovatios...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: ...e ata 350 quilovatios/hora de consumo mensual.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do tratamento que se lles está a dar na CRTVG aos contidos informativos

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Como cuestión previa, houbo unha reformulación do título da iniciativa no proceso de tramitación parlamentaria que non se corresponde co que solicitamos na parte propositiva. E estou certa de que todas as persoas que están aquí a leron. Así que boa tarde de novo.

E, se mo permiten, antes de nada tamén quería saudar en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego as persoas que nos acompañan na bancada de convidadas, representantes do comité de empresa da Corporación da Radio e da Televisión públicas de Galiza, ás que queremos agradecer a súa presenza hoxe aquí no Pleno, e tamén recoñecer desde aquí —como xa o temos feito noutras ocasións— a loita do cadro sa persoal da Radio e da Televisión públicas de Galiza, (*Aplausos.*) que levan 16 semanas (*Aplausos.*) vestindo de negro cada venres na defensa da Galega. (*Aplausos.*) ¡16 semanas, nada máis nin nada menos!

Levan 16 semanas vestindo de negro —digo— na defensa dun servizo público como a Corporación da Radio e da Televisión públicas deste país e dun dereito fundamental —e isto é moi importante— como é o acceso a unha información veraz, a unha información plural, a unha información imparcial e de proximidade nos medios públicos deste país. Unha loita de 16 semanas, pero que o sábado pasado tomou as rúas de Compostela nunha manifestación histórica, porque nunca antes, nos 33 anos desde a fundación da Radio e da Televisión públicas de Galiza, se convocara unha manifestación como a do 8 de setembro. ¡Nunca desde 1985!

Hoxe, desde o BNG, queremos trasladar con esta iniciativa á Cámara, ao Parlamento de Galiza, a valentía e a dignidade que sentimos o sábado na manifestación e que amosan cada día os profesionais da CRTVG, para que este Pleno, no que está depositada —cómpre lembrar— a soberanía —polo menos parcialmente— do pobo galego, reprobe —que é o que pide realmente a iniciativa— o director xeral da corporación, o señor Sánchez Izquierdo, por todo o que leva acontecido nos medios públicos deste país desde que foi nomeado, e especialmente nos últimos meses. Unha reprobación que é de facto unha petición de dimisión ou cesamento inmediato do que é o máximo responsábel dentro da corporación da situación que viven os medios de comunicación públicos deste país, convertidos absolutamente en correa de transmisión do gabinete de prensa do Partido Popular, da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galiza, para gloria do seu presidente.

Defendemos a reprobación do director xeral porque ademais é o exemplo palmario —a súa persoa, o cargo que ostenta e as condicións en que o fai— e máis claro do incumprimento sistemático e intencionado da Lei de medios desde a súa aprobación. O señor Sánchez Izquierdo leva sete anos ocupando de maneira absolutamente irregular a dirección xeral da CRTVG, despois de ser nomeado a dedo polo señor Feijóo e prorrogado *sine die* en contra do disposto na propia lei, ¡sete anos! Os mesmos que levan agardando as traballadoras e traballadores da Radio e da Televisión de Galiza para que se cumpra o que di a lei, algo tan absolutamente revolucionario como que se aprobe ese estatuto profesional e a creación do Consello de Informativos.

Mais se hai algo que motiva a iniciativa que traemos hoxe desde o BNG, e na que se apoia a petición de reprobación, son as denuncias das e dos profesionais, que existen desde hai meses con esa mobilización dos venres negros, e que volveron repetir o sábado na praza de Praterías, o fin da manipulación informativa, das inxerencias e do control político na CRTVG.

Os medios públicos, señorías, non son ferramentas para satisfacer a egolatría do presidente da Xunta. Son un servizo público que financian todas as galegas e os galegos nada máis e nada menos que con máis de cen millóns de euros públicos. Non é o gabinete de propaganda

do Partido Popular nin de ningún partido político, e debe representar, polo tanto, pluralismo ideolóxico, político, mais tamén cultural e social de Galiza. Loitan as traballadoras e traballadores da CRTVG para que se garanta o cumprimento da misión de servizo público que debe rexer sempre na Radio e na Televisión deste país; unha vocación de servizo público asentada na profesionalidade das xornalistas e que nunca, nunca, debe servir os intereses partidarios da Xunta, como está a acontecer da man do Partido Popular.

E foi en rexeitamento desa liña informativa, das inxerencias e a manipulación, polo que dimitiron, como un acto absolutamente valente, digno e histórico, as dúas persoas que conducían até hai ben pouco o Telexornal serán, nun exercicio —insistimos— de dignidade e valentía. (*Aplausos.*) Témololo dito moitas veces neste Pleno e tamén na Comisión de control da CRTVG: valentía, valentía e valentía, aínda que lle renxa á dirección da CRTVG. Porque, ¿saben cal foi a resposta da dirección que encabeza o señor Sánchez Izquierdo ante as críticas dos profesionais, e especificamente as críticas dunha desas persoas que presentara a dimisión? ¿Saben cal foi a resposta? Abrir un expediente con ameaza de despedimento contra unha traballadora, contra unha xornalista. Desde aquí de novo toda a nosa solidariedade con Tati Moyano; (*Aplausos.*) unha represalia contra quen ousou dicir diante do presidente da Xunta nunha gala benéfica contra o cancro que as traballadoras e traballadores da CRTVG visten de negro para exixir algo tan revolucionario como que se cumpra a lei. E cómpre lembrar que é unha lei que ese presidente da Xunta, que é tamén deputado, votou e aprobou nesta Cámara.

Eu non sei se se animan, eu convídoos a facer un exercicio mental comigo agora mesmo. Pensen que estaría a acontecer se isto tivese lugar na televisión pública catalá. Esa ameaza de despedimento é unha represalia (*Murmurios.*), pero tamén un aviso a navegantes: quen se mova non sae na foto. E tamén un intento de asfixiar o exercicio dun dereito fundamental como é a liberdade de expresión.

Só isto é suficiente para que o señor Sánchez Izquierdo dimita. Así llo reclamamos na Comisión de control desde o BNG antes de finalizar o anterior período de sesións e por iso hoxe impulsamos e defendemos nesta Cámara a súa reprobación. E fronte a isto, o Partido Popular di que non entende as protestas das traballadoras e dos traballadores da CRTVG; dicíao onte mesmo en declaracións a outra televisión, a Nós Televisión, a señora Arias. Teño que dicirlles que non sei que me parece máis bochornoso ou máis lamentable, que digan que non entenden as protestas do cadro de persoal porque significa que nin sequera escoitan o que están a dicir, ou que o presidente da Xunta de Galicia —jo presidente da Xunta de Galiza, de todas as galegas e de todos os galegos!— diga publicamente que non ve a Galega, como se nada lle importasen os medios públicos deste país.

Desde o BNG vimos denunciando a manipulación e o control político na CRTVG desde hai anos, mais coido que hoxe quen mellor pode explicar o que está a acontecer son as persoas que traballan nos medios públicos deste país. Din no manifesto ao que deron lectura en Praterías —por se alguén non estaba alí e non entende cales son as demandas do cadro de persoal—: Exiximos que cesen de inmediato as prácticas de manipulación informativa que, ademais de vulnerar varios dereitos esenciais, tanto nos afastan pola perda de credibilidade da sociedade á que debemos servir. A inxerencia governamental e a intromisión dos poderes

políticos e económicos son inadmisibles. Precisamos liberdade e independencia para poder informar como sabemos e como debemos, e esta exigencia non é só persoal e colectiva, laboral e profesional, é unha exigencia legal. É imprescindible profesionalizarse para rachar con esa correa de transmisión. Non somos nin debemos ser o gabinete de comunicación de ningún goberno, sexa da cor que sexa. Non somos nin debemos ser o altofalante das súas mensaxes. Non é a nosa misión nin a nosa responsabilidade cambiar ou prorrogar executivos, mudar ou perpetuar intencións de voto. Non deixedes que vos convenzan do contrario, e se alguén o intenta con esa pregunta tan recorrente: ¿É que non sabes onde traballas? Contestádelle: Eu si sei onde traballo, na casa de todas as galegas e os galegos, de todas.

Queremos desde o BNG que este país recupere os medios públicos porque son de todas as galegas e de todos os galegos, que cese o control político e a manipulación informativa, que se escoiten e atendan as demandas do cadro de persoal, e, sobre todo, que se lle devolvan a quen sostén con medios e recursos económicos, que se lle devolvan ás súas lexítimas propietarias e propietarios, ao conxunto das galegas e dos galegos, os medios públicos deste país. Non son da Xunta de Galiza, non son o gabinete de propaganda do Partido Popular, por iso exiximos de inmediato a saída do señor Sánchez Izquierdo da Dirección da CRTVG e pedímoslles hoxe aquí que con nós reproben esa dirección nesta Cámara.

Pola miña banda, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Quero antes de nada tamén, en nome do Grupo Socialista, dar a benvida aos membros do Comité de Empresa da CRTVG.

Non eliximos quedarnos cos brazos cruzados nin esconder a cabeza, eliximos xogarmos. Esa é a diferenza.

Esta é a letra dunha canción de Mercedes Sosa, unha letra que colgaba o outro día a xornalista Tati Moyano nas redes sociais. Unha xornalista, unha muller, valente, á que por dicir o que está pasando, por contar simplemente —curiosamente, unha xornalista— o que está acontecendo na CRTVG, se lle están aplicando métodos no seu posto de traballo e unha persecución que son propias doutro século, que son propias doutra época política neste país. *(Aplausos.)*

Estas verbas reflicten tamén, dende o noso punto de vista, o que aconteceu o pasado sábado. Profesionais da CRTVG sen medo a loitar, que non se esconden, que son un exemplo de dignidade e de profesionalidade, non soamente polo que acontece no seu ámbito laboral, non podemos esquecer que cando vós vos manifestades non o estades facendo soamente por pro-

fesionalidade, polas vosas condicións laborais —en moitos casos tamén—, estádelo facendo polo dereito de todos os galegos e galegas a ter uns medios públicos independentes, obxectivos e que, dende logo, non estean manipulados. (*Aplausos.*)

Levades, levan, dezaseis venres. Comezaron a facelo a raíz das mobilizacións de Radio-Televisión Española. En Radio-Televisión Española estase producindo un proceso de normalización, de volta... (*Murmurios.*) ...de volta... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, era moito máis plural cando estaba Urdaci, ¡está claro! Si, si, moito máis plural. Estase producindo un proceso de normalización, de pluralismo, de independencia, de obxectividade, que imos seguir vendo nos vindeiros meses. (*Murmurios.*) Vexo que escoce.

O certo é que os venres negros na Televisión Española pararon, e os venres negros na CRTVG continúan. Van por dezaseis e seguen ameazando con seguir porque a situación segue sen resolverse. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

¿Por que se manifestan? Maniféstanse porque este é o peor momento en trinta e tres anos dos medios públicos nesta comunidade autónoma. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O mellor para a manipulación informativa e o peor para o pluralismo, para a independencia e para a obxectividade dunhas canles que tiñan que ser de todos e para todos, cuns informativos da radio e da televisión públicas que parecen o NODO, señorías, ¡que parecen o NODO! E a min non me estraña, a este grupo parlamentario non nos estraña nada que o señor Feijóo non a vexa. Dixera na Cadena Ser que el non ve a Televisión Galega. É normal, ¿para que a vai ver se o seu propio gabinete escribe os guións dos informativos? (*Aplausos.*) Ademais de por iso, será tamén porque hai moitas persoas ás que lle pasa que non lles gusta verse a si mesmas, e claro, vendo os informativos da Televisión Galega, sendo o presidente da Xunta e chamándose Núñez Feijóo, é complexo tamén.

Nin a propia protesta dos medios públicos foi cuberta con obxectividade. Miren, teño aquí a primeira versión da noticia da manifestación. Decía: Convocados polos comités de empresa da Compañía de Radio e Televisión de Galicia e da Compañía de Radio e Televisión Española, comunicadores, xornalistas, persoeiros do mundo da cultura e partidos políticos entre outros manifestáronse na capital galega para reclamar uns medios públicos libres de inxerencias políticas. Despois isto se pasa pola máquina da manipulación política e sae da seguinte forma: Os comités de empresa da CRTVG e da Radio-Televisión Española manifestáronse en Santiago para pedir o cumprimento da Lei dos medios públicos de Galicia. É dicir, todo pasado polo filtro, coma sempre, da Secretaría Xeral de Medios.

Hai tal confusión... —é de Vigo, esta vailles gustar— ...hai tal confusión que resulta que o azul dos micros da Televisión Galega se chega a confundir incluso co azul dos micros do Partido Popular, e os membros do Partido Popular se preguntan e se respostan a si mesmos, nun exercicio que seguramente a vostedes lles parece de pluralismo de político. Parécelles normal que en lugar de estar o micro da Radio-Televisión Pública Galega, da compañía de todos e de todas, sexan vostedes os que se preguntan e se respostan a si mesmos. (*Aplausos.*)

Hai un incumprimento clarísimo, como xa se dixo aquí, da Lei de medios: sen comité de profesional audiovisual, sen consello independente, cunha supresión... Antes escoitábase

aquí a un deputado dicir que volven todas as series e todos os programas. Non, non volven todos, o *Diario Cultural* non volve, despois de moitos anos.

Unha desconexión de informativos locais, ¡oh, casualidade!, a poucos meses das eleccións municipais, tendo en conta que o Partido Popular soamente está gobernando nunha das sete grandes cidades galegas. E un proceso de dixitalización lento e que se está facendo ás bravas, contra o criterio dos propios profesionais que están na CRTVG.

Así que, polo tanto, e non me queda xa tempo, porque necesitaríamos dende o Grupo Socialista polo menos dez ou quince minutos máis para dicir todos os motivos que hai para que hoxe vaíamos votar a favor desta iniciativa, porque nos sobran os motivos para reprobar o director da Televisión Galega.

Máis nada e moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Boa tarde a todos e a todas.

Benvidas e benvidos os representantes dos traballadores e das traballadoras.

Dende En Marea sóbrannos tamén motivos. Dende En Marea imos apoiar a reprobación do director da CRTVG, aínda que soamente teña valor simbólico, porque sabemos que isto non implica nin dimisión nin destitución. Debera implicalo, pero, tal e como están as cousas, non o implica.

Apoiamos a reprobación porque sentimos e compartimos a absoluta indignación e descontento coas actuacións e as decisións que se están tomando, aínda que non teña efecto executivo, porque estamos diante dunha situación convulsa. Antes falouse do Soño dunha noite de verán, de Shakespeare, agora hai que falar da tempestade. E diante dunha tempestade, diante dunha situación tan dura e tan crítica, ¿como é e cal é a reacción? A reacción, tanto da dirección da CRTVG como do Goberno do Partido Popular, é oídos xordos —porque interesa, naturalmente—, e sancións. ¿Sancións de que tipo? Ábrense expedientes sancionadores contra aquelas persoas que son críticas e discrepan da liña informativa da dirección. Iso, obviamente, segundo a Asociación de xornalistas, ten un nome, chámase «represalia». Represaliar significa limitar, represaliar significa pretender sementar medo, e os traballadores e as traballadoras non teñen medo.

O día 8 vivimos e constatamos que non só traballadores e traballadoras que co seu impulso, cos seus acordos, nos levaron tamén á cidadanía, aos sindicatos, á xente dos partidos políticos, á xente da cultura e á xente da sociedade a dicir abonda xa, ¡abonda xa! Os venres negros son unha resposta pola dignidade e pola independencia, pola reclamación de dereitos. Desde logo, este pesadelo do incumprimento da lei é unha obviedade; é unha obviedade que denota a parcialidade e a manipulación. Hai moitísimos exemplos de manipulación.

Para non repetir o que dixeron as compañeiras, creo que toda a oposición está absolutamente de acordo con tomar medidas. E as medidas deberan ser tomadas xa dende que se implantou a lei, xa que o director da CRTVG non está elixido consensuadamente por este Parlamento nin está elixido segundo a lei. ¿Que exigen? Cumprimento da lei.

Analicemos un pouquiño, mañá teremos ocasión, na interpelación que lle faremos ao vicepresidente Rueda, de ampliar e analizar máis polo miúdo o que é a xestión dun medio público, coa importancia crucial que isto ten. Non é un tema menor. ¿Que din, que exigen? Realmente produción propia, impulsar a produción propia. Non o están facendo, están erradicando a produción propia e soamente hai que escoitar como se anuncian os novos proxectos na grella. Todo é maioritariamente produción externa.

Eu onte voluntariamente sintonicei ás dez e media, sentínome como un animal ferida no ventre porque oín a melodía do *Diario cultural*. Si, é a mesma melodía, pero están desnaturando un programa que é un referente, e non é mentira. Falan de 100 minutos máis, diluído, non é o mesmo; mañá terei ocasión.

Consello de informativos. ¿Que resposta dá o señor director? ¡Ah!, que isto non é o Bálamo de Fierabrás. Moi ben, o Bálamo de Fierabrás non é un antídoto contra todo, incluso a Sancho Panza lle daba diarrea. Perdoen o escatolóxico, pero é que é un insulto á intelixencia cando se fala de consellos informativos dicir que non é o remedio de Fierabrás. Teña un pouco de responsabilidade, non insulte nin aos traballadores nin a nós.

Con respecto a que non sexa sexista, nos casos de acoso na televisión non existe un protocolo, só recomendacións. Aquí mesmo, e na comisión da CRTVG, tivemos que oír a grande mentira, e hai que dicilo con altofalante. ¿Cal é a grande mentira? Cando se lle pregunta, ¿existe código ético de autorregulación para a igualdade de oportunidades en medios de comunicación? Isto tamén é algo legal, está no capítulo III do código de boas prácticas que tería que estar funcionando. Tanto o vicepresidente do Goberno como o director da CRTVG dixeron que existía, e non é certo. Isto hai que corrixilo porque está escrito.

Con respecto á identidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...—remato— se un programa que cumpre coa pluralidade, un programa que é un referente, un programa ben producido, un programa polo que pasou toda a creación galega, se chapoda, que reflexionen sobre as consecuencias, despois de 28 anos.

Con respecto —e remato, porque mañá terei tempo— ás desconexións locais, son unha manobra contundentemente establecida para controlar agora todos os mecanismos posibles antes das eleccións. Claro, ¿como vai escoitar o presidente á Televisión Galega? ¿Para que? ¿Non ten tempo? Non, é que xa sabe o que se vai dicir. O director xeral ten que ser independente, coma noutros países. O que está pasando nesta parte coa televisión pública non pasaría en ningún país democrático o primeiro tramo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías. Benvida aos nosos convidados.

«A programación de verán da TVG acadou en Galicia os datos de audiencia máis elevados dos últimos cinco anos.» «[...] e Diario Cultural esténdense á fin de semana.» «A TVG empezará a emitir en alta definición en decembro.» «TVG, a televisión con máis impacto de España en 2017.» «A TVG foi o xoves, día 6 de setembro, líder absoluto de audiencia na prime time.» Son só algúns dos titulares de distintos medios referidos á CRTVG nas últimas semanas.

No mesmo período de tempo, tamén puidemos ler estes outros titulares: «Sánchez forza cun decreto o cambio en RadioTelevisión Española e modifica o acordo do Congreso.» «A renovación de RadioTelevisión Española queda en mans dos independentistas.» «PSOE e Podemos planean controlar RadioTelevisión Española ata as municipais.» «Os informativos de Televisión Española perden o liderado por primeira vez en 22 meses.» E xa para rematar: «A gran purga de RadioTelevisión Española. La lista, sin contar tertulianos, de los 77 desplazados o despedidos por Rosa María Mateo y Fran Llorente.». Estes 77 desprazados non tiveron ninguén vestido de negro que os fora defender, (*Aplausos.*) porque na Televisión Española remataron os venres negros o mesmo día que entrou o decretazo. O mesmo día que entrou o decretazo, remataron os venres negros en Televisión Española. ¡Quen o ía dicir!

Sinceramente, ¿vostedes pensan que a xestión que se está a levar a cabo na Compañía de Radio e Televisión Galega é digna dunha reprobación? ¿Non será máis ben que os traiciona o subconsciente? ¿Non será máis ben que o BNG está, ¡home!, un pouco doído? Eu enténdoo, el non puido participar dese pastel que se está a repartir en Madrid. Pero xa me estraña que os de En Marea, Podemos e os do PSOE teñan a cara dura, a pouca vergonza, de vir aquí pedindo a reprobación, co que está a acontecer en Madrid. (*Protestas.*)

Porque, miren: *indigno, manipulación, antidemocrático e vergoñento* é saltarse o Congreso e cesar por decreto o Consello de Administración da Compañía de RadioTelevisión Española. E nomear por decreto a quen a dirixe. Manipulación é despedir, por supostas razóns ideolóxicas, a máis de 80 traballadores en pouco máis dun mes. Todo ao máis puro estilo *chavista*, señores. Tal como lle gusta a Pablo Iglesias e que o señor Sánchez acata mansamente.

Manipular é o que pasaba no Bipartito. Ata 12 veces lle tiveron que chamar a atención por estar faltando á verdade en época electoral. A Xunta Electoral lle ten que chamar a atención.

Dicio o propio Beiras. Decía que Antón Losada o censuraba na Radio Galega. A min gustaríame saber se hoxe, esta mañá, á señora Pontón a censuraron na Radio Galega. Eu escóitena dicir todo o que quixo dicir, como por suposto ten que ser, ¡faltaría máis!

Pero manipulación e indigno, señora Rodil, é que vostede manipule as miñas declaracións. Faga o favor de escoitalas. Están gravadas, escoíteas. Eu non dixen iso que vostede está a dicir aquí que dixen. Iso si que é indigno, e iso si que é manipulación. *(Aplausos.)*

Manipulación é tamén difundir noticias falsas. É dicir que á Gürtel se lle dedicaron 40 segundos, cando se lle dedicaron 5 minutos e 10 segundos, e o propio medio que o publicou xa rectificou. ¿Cando van rectificar vostedes? ¿Cando van rectificar vostedes de que se suprimiu o *Diario Cultural*? O *Diario Cultural* duplicou o seu tempo de emisión, e agora pódese escoitar todos os días, e tamén todos os días cultura na Televisión Galega a través do proxecto «Cultura 365» ¿Non lles parecen plurais, non lles parecen suficientemente formados, os colaboradores que van estar tanto nos informativos como nos espazos culturais? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Digan que teñen de malo. ¿Non son plurais? Están vostedes en contra dunha televisión que é a máis seguida en Galicia, que é a que máis incrementou no mes de agosto todas as súas audiencias, tendo 8 puntos por enriba nos informativos con respecto á segunda? ¿Vostedes queren dicir que aos galegos lles gusta a manipulación? ¿Por que sempre están en contra do que pensan os galegos? ¿Por que sempre van en contra das galegas e dos galegos? ¡Alá vostedes! Eu non o podo entender. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Nós cumprimos a lei. Nós estamos a favor de cumprir a lei, e a CRTVG está cumprindo a lei, está desenvolvendo esa lei que se aprobou aquí en 2011. Se vostedes entenden por cumprir a lei o que se está a facer en Televisión Española, con nós non contén. Mentres aquí a maioría estea nas bancadas do Partido Popular, aquí non se vai nomear por decreto a ningún director. *(Protestas.)* Non señor, non se vai nomear por decreto. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Lémbrolle a algunha bancada que terá que recordar como están nomeado e os acordos para o nomeamento do actual director da compañía. Algún terá que recordar o acordo que houbo para ese nomeamento. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio. Señor Losada, por favor, ¡silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Debate. Plural debate. Non interrompa vostede.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: E xa para rematar, aquí fíxose alusión, por suposto, a eses venres negros e a esa manifestación. Nós, totalmente respectuosos con esas persoas, respecto total e absoluto. Pero respecto tamén para eses 570.000 galegos que cada día contactan con algún dos informativos da CRTVG. Respecto tamén para eses nove de cada dez galegos que acaban de dicir nunha enquisa que publicou a Forta que a Compañía da Radio e Televisión Galega é a que máis representa a súa cultura e a forma de ser galegos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde de novo.

Vou intentar aproveitar estes minutos para responder algunhas cuestións que se dixeron aquí. Rapidamente agradecer ás forzas da oposición de En Marea e do PSdeG o seu apoio, e varias cuestións.

¿Que aquí non se vai aprobar nada por decreto? O nomeamento da Dirección xeral da CRTVG, señora Raquel Arias, eu creo que sobra nomearllo, pero é que foi nomeado a dedo. (*Aplausos.*) ¡Foi nomeado a dedo! Foi nomeado a dedo, e despois de aprobar unha lei, no ano 2011. (*Murmurios.*) Despois de aprobar unha lei no ano 2011

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Despois de aprobar unha lei, no ano 2011, que dicía que tiña que ser elixida esa persoa, directora ou director xeral da CRTVG, por dous terzos desta Cámara, ese señor foi prorrogado nunha Lei de acompañamento dos orzamentos, (*Aplausos.*) é dicir, nin sequera permitindo que se dese un debate democrático a respecto do que estaba...

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio!

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Eu creo que expresou bastante ben a posición do grupo a señora Arias. Xa que falou ela polo Grupo Parlamentario Popular, respecten agora, polo tanto, a miña quenda de palabra.

Respecto do cumprimento desa lei, que é unha das cuestións centrais das demandas do cadro de persoal dos profesionais, das xornalistas da CRTVG...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...eu voulle citar algúns dos artigos incumpridos, porque logo os prazos xa os pasaron polo arco do triunfo desde que se aprobou, pero artigos incumpridos nesa Lei 9/2011.

Artigo 23.2. Elección por dous terzos desta Cámara do director xeral. Artigo 33. Sinatura dos contratos programa. Nada. Artigo 36. Estatuto profesional e creación do Consello de Informativos. Nada. Disposición derradeira terceira apartado c), fomento da produción propia. Eu non sei se viu vostede a presentación e a escaleta da nova programación para a temporada de outono. Vexa na Televisión de Galicia o que queda de produción propia: os servizos informativos. ¡Nada máis, absolutamente! Disposición derradeira quinta. Creación da autoridade audiovisual. Se iso é desenvolver e dar cumprimento a unha lei, ¡que baixe Deus e o vexa!

A intervención da señora Arias en nome do Grupo Parlamentario Popular: Pablo Iglesias, Pedro Sánchez, o chavismo, a RadioTelevisión Española. Calquera cousa para non falar do que acontece nos medios públicos deste país, e iso é o mesmo que vemos todos os días nos

telexornais da Televisión de Galicia. *(Aplausos.)* ¡Calquera cousa para non falar do que acontece neste país!

Por último, unha cuestión central, porque é a columna vertebral na que nós sustentamos esta solicitude e esta petición de reprobación: a dimisión ou cesamento do señor Sánchez Izquierdo, insisto, como cabeza visíbel desa dirección que ten nas súas mans agora mesmo a CRTVG.

Hai unha cuestión que eu creo que vostedes, aínda dicindo que respectan as demandas e as mobilizacións do cadro de persoal, negan absolutamente. ¿Vostedes pensan que en trinta e tres anos de existencia dos medios públicos deste país, nunca se convocou unha mobilización como os venres negros ou como a manifestación do 8 de setembro, porque a xente ten moito tempo libre? ¿Por que a xente ten vicio de manifestarse? Algo está a acontecer nos medios públicos deste país, leva acontecendo moito tempo e témolo dito moitísimas veces, e é que están absolutamente secuestrados. Están absolutamente secuestrados, por iso seguimos defendendo non só que ten que cesar ese director xeral, que está nunha situación absolutamente irregular, senón que hai que iniciar, e así o traeremos a esta Cámara, un concurso público para sacar das mans de calquera Goberno a dirección dos medios públicos deste país e devolvérllela a quen son as súas lexítimas propietarias, que son as galegas e os galegos, e que deben estar rexidos polos criterios de profesionalidade das xornalistas que neles traballan aínda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.


Remata aquí o pleno con media hora máis sobre o horario previsto. A verdade é que se me está indo isto das mans. Teño que tratar de pór un control e pido a colaboración de todos vostedes, porque é certo que no tempo estamos aí un pouco tal...

Ata mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e tres minutos do serán.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles (P)
4. Arias Rodríguez, Raquel (P)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José (P)
6. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
7. Blanco Paradelo, Moisés (P)
8. Blanco Rodríguez, Noela (S)
9. Burgo López, María de la Concepción (S)
10. Cal Ogando, Marcos (EM)
11. Calvo Pouso, Diego (P)
12. Casal Vidal, Francisco (EM)
13. Castiñeira Broz, Jaime (P)
14. Chao Pérez, Luca (EM)
15. Conde López, Francisco José (P)
16. Cuña Bóveda, María de los Ángeles (EM)
17. Díaz Villoslada, Juan Manuel (S)
18. Egerique Mosquera, Teresa (P)
19. Fernández Fernández, Raúl (S)
20. Fernández Gil, César Manuel (P)
21. Fernández Leiceaga, Xoaquín María (S)
22. Fernández Prado, Martín (P)
23. García Míguez, María Ángeles (P)
24. Gómez Salgado, Carlos (P)
25. González Vázquez, José (P)
26. Lago Peñas, José Manuel (EM)
27. Losada Álvarez, Abel Fermín (S)
28. Mato Otero, Beatriz (P)
29. Miranda Pena, Flora María (EM)
30. Moreira Ferro, Jacobo (P)
31. Mouriño Villar, Antonio (P)
32. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
33. Novo Fariña, María Isabel (P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta (P)
35. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso (P)
36. Núñez Feijóo, Alberto (P)
37. Otero Rodríguez, Patricia (S)
38. Pazos Couñago, José Alberto (P)
39. Pérez Seco, José Manuel (S)
40. Pierres López, María Luisa (S)
41. Pontón Mondelo, Ana Belén (BNG)
42. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
43. Prado del Río, Paula (P)
44. Prado Patiño, Jesús Miguel (P)
45. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
46. Puy Fraga, Pedro (P)
47. Quintana Carballo, Rosa María (P)
48. Quinteiro Araújo, Paula (EM)
49. Rey Varela, José Manuel (P)
50. Rivas Cruz, José Luis (BNG)
51. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
52. Rodríguez Arias, Marta (P)
53. Rodríguez Barreira, María Julia (P)
54. Rodríguez Estévez, David (EM)
55. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
58. Romero Fernández, Cristina Isabel (P)
59. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
60. Salorio Portal, María Soraya (P)
61. Sánchez García, Antón (EM)
62. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
63. Santos Queiruga, Carmen (EM)
64. Solla Fernández, Eva (EM)
65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel (P)
66. Toja Suárez, María Dolores (S)
67. Torrado Quintela, Julio (S)
68. Torregrosa Sañudo (EM)
69. Trenor López, Gonzalo (P)
70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís (P)
71. Vázquez Domínguez, Sandra (P)
72. Vázquez Verao, Paula (EM)
73. Vega Pérez, Daniel (P)
74. Vilán Lorenzo, Patricia (S)
75. Villares Naveira, Luis (EM)



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25